CONSELLO ESCOLAR DE GALICIA

INFORMES

# A PARTICIPACIÓN NAS ESCOLAS GALEGAS

Curso 93•94

XUNTA DE GALICIA

CONSELLO ESCOLAR DE GALICIA

# A PARTICIPACIÓN NAS ESCOLAS GALEGAS

**EDITA:**
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

**I.S.B.N.:** 84-453-1621-4

**Dep. Legal:** C. 178/96

**IMPRIME:**
GRAFINOVA, S. A. - Santiago de Compostela

# PRESENTACIÓN

A *situación e estado do sistema educativo* pode presentarse e avaliarse desde unha dobre perspectiva. Pode facerse a modo de visión panorámica e abranguedora, de modo que o sistema sexa contemplado na totalidade dos seus aspectos e niveis; e pode facerse tamén procurando unha cala en profundidade, cinguíndose para iso a só un ou uns poucos elementos.

Pois ben, así como no *informe* correspondente ó curso pasado o Consello Escolar de Galicia tentou unha estimación integral e panorámica de todo o sistema educativo, no informe que agora presentamos, correspondente ó curso 1993-94, buscouse, en cambio, a visión en profundidade ó fío dun único tema que, sen deixar de afectar transversalmente a tódolos niveis e modalidades da escola, é con todo susceptible dun tratamento monográfico.

O tema escollido polo Consello Escolar de Galicia para este primeiro informe de carácter monográfico é o tema da *participación*. De aí o subtítulo: *A Participación nas Escolas Galegas.*

O tema da participación é de gran importancia. A participación, en efecto, está na base do ordenamento democrático da nosa sociedade, e a escola, que é parte desa sociedade e que pretende ademais educar para a incorporación eficaz á sociedade, non pode manterse allea a unha realización efectiva e mesmo exemplar da participación.

A escola é o resultado dun labor colectivo e de aportacións de varia procedencia: dos pais, dos alumnos, dos mestres, da administración pública, etc. A escola depende, pois, de que tódolos estamentos en principio colaboradores fagan efectiva, ordenada e adecuada a súa participación, en posición respetuosa e colaboradora cos demais participantes.

Os lectores avaliarán o traballo realizado, que agora presentamos. Polo de pronto, o Consello Escolar de Galicia agradece o seu importante labor ó equipo que, presidido polo Director do ICE da Universidade de Santiago, Miguel Ángel Zabalza Beraza, realizou o estudio investigador básico. Os lectores avaliarán tamén, en función da presentación que se fai da panorámica, a situación da participación nas escolas galegas. En todo caso, parece doado concluír que os niveis de participación na nosa escola non son tan precarios como en principio cabía supoñer, sobre todo se se comparan coas cifras medias correspondentes ó resto de España.

Pero, sen descoidarse na procura de que os índices cuantitativos se incrementen, parece necesario esforzarse máis aínda no que respecta ó perfeccionamento cualitativo da participación: que sexa cada vez mellor, é dicir, máis consciente, mellor preparada, máis concordante entre os distintos sectores, mellor tratada por parte do ordenamento e dos poderes, máis responsable por parte de todos e, desde logo, tamén máis entusiasta. A todos nos vai moito no adecuado funcionamento do sistema escolar.

Ángel González Fernández,
Vicepresidente do Consello Escolar de Galicia.

# EQUIPO DE INVESTIGACIÓN

## *DIRECTOR*

***Dr. Miguel Angel Zabalza Beraza (ICE)***
*Catedrático da Universidade de Santiago*

## *INVESTIGAGORES*

***Prof. Agustín Requejo Osorio (Univ. Santiago)***
***Prof. José Antonio Caride Gómez (Univ. Santiago)***
***Prof. Felipe Trillo Alonso (Univ. Santiago)***
***Prof. Alfonso Cid Sabucedo (Univ. Vigo)***
***Prof. Angel Serafín Porto Ucha (Univ. Santiago)***
***Prof. Francisco Silvosa Costa (Univ. Santiago)***
***Prof. Gerino Calvo Maquieira (Univ. Vigo)***
***Prof. Antonio Rial Sánchez (ICE)***
***Prof. Manuel Armas Castro (EPSA Padrón)***

## *COLABORADORAS DE INVESTIGACIÓN*

***Dna. Manuela Raposo Rivas***
***Dna. María del Mar Sanjuán Roca***

# MEMBROS DO CONSELLO ESCOLAR DE GALICIA

## *PRESIDENTE*

***Excno. Sr. D. Juan Piñeiro Permuy***

## *VICEPRESIDENTE*

***D. Angel González Fernández***

## *PROFESORES DE ENSINO PÚBLICO*

***Dna. Ana Mª Liñares Pérez***
***D. Constantino Seoane Pérez***
***D. Pablo Naya Seoane***
***D. Santiago Mayo Ferreiro***
***D. Xesús Ramón Copa Novo***

## *PROFESORES DE ENSINO PRIVADO*

***Dna. Milagros Portabales Vázquez***
***Dna. Mª Jesús Juanatey Málvarez***
***Dna. Obdulia Manso Riveira***
***PAIS DE ALUMNOS***
***D. Francisco Xosé Manuel Silvosa Costa***
***D. José Luis Coladas Calvo***
***D. José Luis Fernández Rodríguez***
***D. Manuel Mora y Pita da Veiga***
***D. Xosé Luis Mañana Varela***

## *ALUMNOS*

***D. David Regades Fernández***
***D. Xosé R. Rico Saavedra***
***Dna. María Rivas López***

## *PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN Y SERVICIOS*

***D. Juan Domínguez Senande***
***Dna. María Pita del Río***

## *TITULARES DE CENTROS DOCENTES*

***D. Basilio Toyos Alonso***
***D.José Antonio Moar Armas***

## *CENTRAIS SINDICAIS*

***D.Xosé Barral Sánchez***
***Dna. Felisa García Castro***
***Dna. Mercedes Reparáz Esnaola***

## *FEDERACIÓNS ENSINO PRIVADO*

***D.Joaquín Nieto Isidro***
***D.Marcelino Fuentes Ramos***

## *ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA*

***D. Angel González Fernández***
***D. Antonio Peleteiro Fernández***
***D. Gerardo Muñoz Sánchez-Brunete***
***D. Jaime García y García***
***D. Juan José Bértolo Cadenas***
***D. Manuel Regueiro Tenreiro***

## *UNIVERSIDADES*

***D. Agustín Requejo Osorio***
***D. Miguel Anxo Santos Rego***

## *PERSONALIDADES DE RECOÑECIDO PRESTIXIO*

*D. José González Ordás*
*D. Juan José Rodríguez-LLauder Riesco*

## *REPRESENTANTES DA ADMINISTRACIÓN LOCAL*

*D. Enrique Fernández González*
*D. Francisco Fernández Santiso*
*D. José Álvarez Cid*
*D. José Luis Méndez Romeu*
*D. José Luis Torres Colomer*
*D. José María Castro Vázquez*
*D. José Toja Parajó*
*D. Xulio Calviño Rodríguez*

## *MOVEMENTOS DE RENOVACIÓN PEDAGÓXICA*

*D. Manuel Domingo Velo Gantes*
*D. Raúl Gómez Farto*
*D. Xosé Ramos Rodríguez*

## *SEMINARIO DE ESTUDIOS GALEGOS*

*D. Antón Costa Rico*

## *CONSELLO DA XUVENTUDE*

*D. Antonio Javier Veiga Bouza*

## *SECRETARIO XERAL*

*D. José Alejo Losada Aldrey*

*COMISIÓN PERMANENTE*

***D. Angel González Fernández - PRESIDENTE***
***D.  Xesús Ramón Copa Novo***
***D. Enrique Fernández González***
***D. José Antonio Moar Armas***
***D. Agustín Requejo Osorio***
***D. Francisco  Xosé Manuel Silvosa Costa***
***D. José Alejo Losada Aldrey - SECRETARIO***

# ÍNDICE

Páx.

I.- Sentido e dinámica xeral da participación. ........................................ 15

I.1.- Significado e alcance da participación na escola ........................................ 17

I.2.- Os dilemas da participación nas escolas ........................................ 21

I.3.- A participación na educación en Europa ........................................ 30

II.- A Participación nos Consellos Escolares ........................................ 45

II.1.- Marco legal da Participación nos Consellos ........................................ 47

II.2.- Problemática xeral da Participación nos Consellos ........................................ 66

II.3.- Situación en Galicia ........................................ 75

III.- A Participación nos Claustros Escolares ........................................ 143

III.1.- Marco legal da Participación nos Claustros Escolares ........................................ 145

III.2.- Problemática xeral da Participación nos Claustros Escolares ........................................ 146

III.3.- Situación en Galicia ........................................ 149

Páx.

IV.- A participación nos Equipos Directivos e nas Estructuras de Coordinación ........ 179
IV.1.- Marco legal da participación nos Equipos Directivos ........ 181
IV.2.- Problemática xeral da participación nos Equipos Directivos ........ 183
IV.3.-Situación en Galicia ........ 191
3.1.- Equipos Directivos ........ 191
3.2.- Órganos de Coordinación ........ 212

V.- As APAs como estructura de participación dos pais/nais ........ 221
V.1.- Marco legal da Participación por parte das APAs ........ 223
V.2.- Problemática principal ........ 225
V.3.- Situación en Galicia ........ 228

VI.- As Asociacións de Alumnos/-as como estructura de participación ........ 245
VI.1.- Marco legal da Participación ........ 247
VI.2.- Problemática principal ........ 251
VI.3.- Situación en Galicia ........ 253

VII.- Recomendacións finais ........ 259

ANEXOS ........ 265
Anexo 0.- Desenvolvemento e metodoloxía da investigación realizada ........ 267
Anexo 1.- Índice de cadros ........ 291
Anexo 2.- Cuestionario ........ 307
Anexo 3.- Guía da entrevista ........ 321
Anexo 4.- Relación de Centros ........ 331
4.1.- Centros que figuran na mostra por provincias ........ 333
4.2.- Centros que remitiron os seus datos fóra de prazo ........ 350
Anexo 5.- Datos sobre elección a Consellos Escolares ........ 357

VOTOS PARTICULARES ........ 361

# CAPÍTULO I

## SENTIDO E DINÁMICA DA PARTICIPACIÓN

# I.-SENTIDO E DINÁMICA XERAL DA PARTICIPACIÓN

## I.1. Significado e alcance da participación na escola.

### 1. A participación na educación

Na Educación, ó igual que noutras actividades e prácticas sociais, a participación pon de relevo o entrecruzamento dunha demanda de dereitos e dunha oferta para satisfacer obrigacións e responsabilidades colectivas. Como expresan Botkin et al.[1] (1979: 55), "o dereito a participar garda unha estreita relación co dereito a aprender. Os individuos aprenden mediante a participación en interacción coa sociedade, e esta aprende gracias á participación dos individuos e grupos na súa actividade".

Como noutras realidades sociais, a acción de participar na educación vén condicionada polo conxunto de crenzas, actitudes, valores, opinións, etc. que os actores pedagóxicos, no plano individual ou en grupos, poñen de manifesto mediante o desenvolvemento dunha certa cultura participativa, estreitamente vinculada á democratización das prácticas educativas. Deste xeito, na escola democrática, a participación devén nun compoñente esencial da socialización.

1. BOTKIN, J.W. et al (1979): Aprender, horizonte sin límites. Santillana, Madrid.

Polo que antecede, pode afirmarse que a participación tamén implica unha determinada concepción da educación e das súas realidades cotiás; isto é, dos sistemas educativos e das institucións escolares; das accións formativas e dos proxectos curriculares; dos procedementos de xestión, das metodoloxías didácticas, etc. Toda vez que contribuír desde a educación á cidadanía require, pedagoxicamente falando, asumir valores e pautas de actuación nos que se privilexie a descentralización, o pacto, o consenso, a negociación, a relación... En conxunto, soportes fundamentais en calquera proxecto de renovación educativa e de formación integral das persoas.

Neste discurso resulta obvio que a participación na educación é algo máis que unha esixencia política, derivada da instauración do proceder democrático. Representa tamén un instrumento para o cambio e a reforma educativa, avalado por coordenadas históricas facilmente recoñecibles. Dunha banda, no contexto da pugna dialéctica que xorde da confrontación entre a "escola tradicional" (métodos dogmáticos) e a "escola nova" (métodos activos); doutra, no marco dunha lectura ideolóxica e política da educación na sociedade, como instancia de poder e conflicto, escenario e instrumento de lóxicas contrapostas (Fernández Enguita[2], 1992) nas que se ten incidido con argumentos antiautoritarios (Pedagoxía Institucional) e sociopolíticos (pensamento marxista, paradigmas socio-críticos, etc.).

O valor educativo da propia participación, en tanto que incita o sentido da responsabilidade e a colaboración, tradúcese en que participar na educación significa establecer relacións básicas coa aprendizaxe dunha cultura política fundamental, coa vontade de mellora-la calidade dos procesos e dos resultados na educación e na necesaria optimización dos recursos que se poñen ó servicio desa finalidade.

Certamente, como destaca Viñao Frago[3] (1985), a análise da participación (máis en concreto, nas relacións que establece coa descentralización) implica en primeiro lugar un enfoque político da cuestión, especificamente atento ás tensións, toma de decisións, enfrontamentos e ocultamentos ideolóxicos, e á loita e redistribución do poder; e, en segundo lugar, un enfoque desde a Socioloxía das organizacións e os grupos formalizados, que escudriñe os conflictos grupais (profesionais, ideolóxicos, etc.) e os cambios producidos, en función deses grupos ou intereses, na estructura interna e organizativa dos sistemas educativos. En síntese, dúas perspectivas de análise -prosegue Viñao-dobremente fructíferas se van acompañadas dunha consideración histórica da cuestión (ausencia ou non de tradición ó respecto) e comparativista (referencia comparativa coas características, problemas e prácticas noutros países ou áreas xeográficas).

2. FERNÁNDEZ ENGUITA, M. (1992): Poder y participación en el sistema educativo. Sobre las contradicciones de la organización escolar en un contexto democrático. Paidós, Barcelona.

3. VIÑAO FRAGO, A. (1985): "Nuevas consideraciones sobre la descentralización y participación educativas". *Educación y Sociedad*, nº 3, pp. 129-150.

Tomando como soporte ámbalas dúas referencias, existe a convicción xeneralizada en termos políticos e organizativos, de que a participación dos diferentes sectores da comunidade escolar (profesores, alumnos, pais, persoal de administración e servicios) e da sociedade (Administracións Públicas, axentes sociais, etc.) é conveniente e, incluso, imprescindible. Como expresa Fernández Enguita (1992: 71), referíndose á situación española, dun modo ou doutro, a participación é aceptada, encontrando expresión nos sucesivos proxectos lexislativos durante e despois da transición a un réxime político democrático, así como en múltiples proxectos e alternativas que quedaron no foxo; aceptada polos profesores e tamén por sectores para os cales a participación significa a incorporación a uns mecanismos de decisión ós que eran alleos, en particular pais e alumnos. Neste logro, que consolida a cultura da participación, en procesos de diferente significado social, os argumentos máis relevantes nos que se substenta aluden ós seguintes aspectos:

- caracterización da escola como un servicio público, garante do dereito á educación, no que é preciso compatibilizar ese dereito, dentro dun sistema escolar concebido como escola para todos, coa calidade do ensino.

- fortalecemento da idea de que as institucións educativas deben achegarse á sociedade, adoptando mecanismos que enfaticen unha adecuada apertura institucional á comunidade, a unha dinámica organizativa interrelacional e a un proceder pedagóxico implicativo.

- adopción do principio dunha xestión descentralizada, articulada no territorio mediante órganos político-administrativos que diversifican o papel decisorio e operativo das Administracións Públicas competentes en educación (do Estado, rexionais ou autonómicas, local), así como das redes institucionais (consellos, asociacións, federacións, etc.).

- consolidación do pensamento e, segundo casos, das prácticas democráticas, tanto no que significa de recoñecemento da democracia como valor, como de fixación do obxectivo de ter unha escola que debe contribuír á formación para a democracia, facendo da democracia un contido e un exercicio activo e consciente de cidadanía; todo iso, mediante a participación dos diferentes actores pedagóxicos, sobre todo da infancia e da xuventude.

En todo caso, como se puxo de manifesto nas *V Jornadas de Consejos Escolares de Comunidades Autónomas y del Estado*, celebradas en Donostia en 1994, baixo o lema "A política educativa europea e a dimensión europea da educación: a participación como factor de calidade educativa" (Pedró[4], F. et al., 1994), unha exigua análise das avantaxes de favorece-la participación nun contexto de cambio e de reforma da educación -como acontece en España e Galicia- debe levar a identificar, polo menos, catro aspectos básicos:

4. PEDRÓ, F. et al (1994): "Participación y calidad de la educación", en VARIOS: *La dimensión educativa europea y la dimensión europea de la Educación: la participación como factor de calidad educativa.* Gobierno Vasco-Consejo Escolar de Euskadi, pp. 251-263.

1. Na esfera do educativo, os cambios desexables non son só estrictamente técnicos. O horizonte final non é o da mellora en termos productivos senón o do cambio educativo e, por ende e a longo prazo, o cambio social.

2. O valor das innovacións educativas e o seu eventual éxito dependen en boa medida da súa capacidade para asociarse a procesos grupais ou, máis concretamente, comunitarios, máis aló dos límites estrictos do edificio escolar.

3. A participación social na educación ten que fomenta-la reconstrucción da cultura escolar, dictada polos curricula, e a súa transformación nunha cultura de centro, específica e adecuada a un contexto dado.

4. En último termo, a participación pode contribuír a que emerxan propostas de cambio que renoven e reorienten a vida do centro escolar, é dicir, a participación pode e debe favorece-la institucionalización do cambio educativo.

Podería engadirse que a participación incorpora contidos relevantes -en termos de avantaxes que xeran os procesos participativos- para optimiza-la transparencia da xestión educativa, de corresponsabilidade, de control e pluralismo social, de mellora da calidade educativa, etc.

Deste xeito, cabe pensar que a participación implica unha concepción do traballo educativo como un proceso de melloramento e de modernización das estructuras e institucións da sociedade, en particular da educación, onde os individuos, os grupos, as comunidades, establecen relacións conscientes e solidarias cara a finalidades que son desexables (pluralismo ideolóxico, cooperación organizada, intervención activa nas dinámicas institucionais, extensión dos recursos e servicios de interese común, etc.).

Como conclúen Pedró et al. (1994: 258), "se a participación se presenta non só como unha esixencia política, derivada da instauración do proceder democrático, senón máis a fondo como un instrumento para o cambio e a reforma educativa, hai que caer na conta que a súa adopción como estratexia de política educativa só terá sentido na medida en que os obxectivos perseguidos pola mencionada reforma sexan coherentes cos valores inherentes á participación social no ensino".

Finalmente, cabe diferenciar, que os procesos de participación na educación admiten, basicamente e de maior a menor ámbito de actuación, seis segmentos de análise e concreción:

1. A comunidade educativa que se expresa no sistema escolar no seu conxunto, o que implica considera-las súas estructuras nos planos territorial e político-administrativo dun xeito amplo (ámbitos estatal e autonómico, preferentemente).

2. A comunidade educativa que se identifica cunha realidade territorial específica (por exemplo, nas comarcas, nos concellos ou nos distritos educativos).

3. A comunidade educativa que se identifica cun centro escolar ou cunha rede de centros institucionalmente integrada (a referencia son os centros escolares e, en relación a eles

os axentes da participación directa na vida das escolas: pais e nais, profesores/-as, estudiantes, persoal de administración e servicios, etc.)

4. A comunidade educativa que se configura nas aulas, e que ten como soportes fundamentais as interaccións de profesores e alumnos e do conxunto destes entre si.

5. A comunidade educativa que configuran grupos específicos de profesores, estudiantes e/ou pais de acordo con pautas de comportamento e interaccións de diferente grao de formalidade: seminarios de traballo, asociacións, equipos ou grupos de actividade (recreativa, artística, deportiva, etc.).

6. A comunidade educativa que articulan, en tempos e circunstancias significadas, colectivos que representan opcións profesionais, laborais, ideolóxicas, veciñais, etc. de diferentes colectivos que desenvolven, habitualmente desde o exterior, prácticas organizativas nos centros docentes: sindicatos de estudiantes e profesores, colexios profesionais, partidos políticos, asociacións veciñais, asociacións culturais, etc.

## I.2.-Os dilemas da participación na escola.

Unha vez precisado o marco conceptual sobre o que se asenta a participación en xeral, cómpre deterse, sequera sexa brevemente, nos clarescuros da participación por parte dos diferentes axentes ós que se pide que participen para mellora-lo traballo educativo que se desenvolve nas escolas.

Nese senso, a primeira cousa a suliñar é que non é suficiente con falar de participación en abstracto, como función sen máis. A participación como filosofía e mesmo como determinación legal constitúe un mundo claro e sen fisuras. Pero tanto o concepto en si mesmo como a súa aplicación adoptan tonalidades moi diferenciadas cando se descende dos principios da filosofía ó artellamento específico da participación en cada un dos sectores implicados. É dicir, a participación concíbese e realízase dun xeito moi diferente segundo se refira ós profesores, ós páis, ós alumnos, ós concellos, ou ó persoal de Administración e Servicios dos Centros escolares.

Como calquera outro proceso, sobre todo educativo, no que interveñen colectivos diferentes, non podemos deixar de lembrar que unha cousa é o *deber ser* (é dici-lo que marcan as normas, o que a teoría sinala ó respecto: cal é o sentido da participación, que axentes ou sectores teñen recoñecido o seu dereito a participar, qué competencias corresponden a cada un deles, cales son os procedementos para exerce-la participación, etc.) é outra ben diferente é o *ser* (é dicir que é o que segundo cada un dos axentes implicados está a acontecer realmente nos Centros escolares no eido da participación).

É xustamente no *ser* da participación onde comezan de seguido a aparece-las contradiccións, as perspectivas diferenciadas, as tradicións e hábitos adquiridos na forma de planificar e desenvolve-las actividades educativas, etc. Precisamente por iso resulta interesante comezar neste primeiro capítulo, por deixar entrever xa, algunha das diferentes perspectivas e valoracións que desde cada un dos colectivos se fai do principio da participación.

Parte das consideracións que se fan aquí a título de simple apunte introductorio volverán aparecer despois nos capítulos dedicados ós diferentes órganos de participación.

## 1. A participación dos profesores

Un dos aspectos básicos a suliñar en relación á participación dos profesores/-as ten que ver coa dimensión colexiada do traballo educativo. Participar supón máis que nada e antes que calquera outra consideración te-la capacidade de traballar xuntos nun propósito común. Só a través dese principio estamos en disposición de poder desenvolver un currículum coherente e contextualizado (que estea pensado e posto en práctica contando coas características da situación e dos alumnos).

Para o colectivo dos profesores/-as participar implica, xa que logo, te-la dispoñibilidade persoal (actitudes, formación, etc.) e os medios necesarios (tempo, condicións organizativas, apoio institucional, etc.) para traballar coordinadamente cos outros colegas (no claustro) e co resto da comunidade educativa (no consello escolar).

Este propósito xeral, atópase de inmediato con algúns problemas importantes:

-no que se refire á participación cos colegas, as dificultades proveñen, sobre todo, dunha tradición individualista no traballo profesional. Ás veces, a cousa complícase aínda máis debido á existencia de grupos enfrontados que fai inviable a creación dese clima de concordia e aceptación mutua preciso para poñer en práctica a colaboración.

-no que se refire á participación coa comunidade educativa, a participación dos profesores/-as cos outros actores sociais desenvólvese viciada polo muro do corporativismo. O feito de que sexan borrosas as fronteiras entre os *dereitos* dos pais/nais e dos alumnos/-as no Consello Escolar, e as *competencias* dos profesores/-as no claustro e no consello, abonda nos atrancos da colaboración e agudiza, ás veces, a dificultade para concialia-los intereses dos profesores/as cos do resto dos sectores da comunidade educativa. Máxime se temos en conta que coa LODE os profesores/-as foron víctimas dun desengano: a autonomía dos Centros escolares con respecto á Administración Educativa non era exclusivamente para eles, aínda que o seu papel sexa fundamental na xestión da mesma, senón que tiñan que compartila á forza cos pais/nais e alumnos/-as e, por riba, poñendo boa cara ante o público (Fernández Enguita, 1993[5]

Así as cousas non é de extrañar que o desencontro estea servido en moitísimos casos, pois: "*toda incursión dos pais/nais ou dos alumnos/-as no terreo do que e como ensinar ou aprender, ou como avaliar, é vista como intrusismo; todo intento de control, como un atentado contra a autonomía profesional; toda crítica, como unha manifestación de hostilidade; toda dúbida, como incomprensión e falta de recoñecemento da labor desenvolvida* " (Fernández Enguita, 1993[6]).

## 2. A participación dos pais

Como se recoñece mesmo na Constitución os pais/nais teñen o dereito de participar na xestión da educación dos seus fillos; dereito que á súa vez supón o deber de facelo xunto cos outros axentes da comunidade educativa (Gento[7], 1994).

A participación, segundo esta idea, é esencialmente un *punto de encontro,* cousa non difícil de asumir desde o punto de vista doutrinal. Pero, por outra banda, algo que, ó non formar parte da nosa tradición sociocultural, está a xerar, como xa diximos diversos conflictos de maior ou menor intensidade e relevancia.

A participación dos pais/nais na xestión educativa pódese exercer a través de asociacións contituídas para o efecto (Asociacións de Pais/nais de Alumnos), ou a título individual. Os ámbitos desta participación son varios: Consello Escolar do Estado, Consellos Escolares correspondentes ás diversas Comunidades Autonómas, Consellos territoriais e Consellos Escolares de Centro. Polo que se refire a este traballo, ímonos referir exclusivamente á participación neste último contexto.

A participación a través das Asociacións de Pais/nais (APAs) asume diversas funcions que podemos resumir nas seguintes catro: representar ós pais, nais ou titores; colaborar co centro escolar no labor educativo; promove-la participación dos seus asociados e, asistir ós seus membros nos problemas de carácter educativo.

A participación dos pais/nais a título individual non difire en absoluto desas mesmas intencións.

Nese marco común, os pais, con independencia de que fosen propostos polas respectivas APAs ou ben se presentasen individualmente, unha vez elixidos nunha votación na que

5. FERNÁNDEZ ENGUITA, M. (1992): *Poder y participación en el sistema educativo. Sobre las contradicciones de la organización escolar en un contexto democrático*. Paidós, Barcelona. P. 28.).

6. Op. cit. p. 38).

7. GENTO PALACIOS, S. (1994): *Participación en la gestión educativa*. Santillana-Aula XXI, Madrid. p.. 207.

poden participar tódolos pais/nais dos alumnos/-as matriculados nun determinado Centro, acceden ós Consellos Escolares nos que, en tanto que, Órganos de xestión dos Centros Educativos, exercitan o seu direito á participación, mediante o desenvolvemento das funcions anteditas.

Funcións que, ó dicir de Gento Palacios (1984), na práctica cotiá dos Centros escolares soen concretarse no xenérico, «defensa dos dereitos dos alumnos»: tanto mediante a elección do director/a do Centro, como mediante as solicitudes de axudas ó estudio, pasando polas oportunas reclamacións nos temas da avaliación e de admisión dos alumnos/-as nos Centros ou as reivindicacións fronte a Administración. Todo iso lévase a cabo sen menoscabo, por suposto, de atender asemade outras cuestións como poden se-la solución de problemas de disciplina, a proposta de actividades extraescolares, etc.. A participación dos pais/nais concrétase tamén, ás veces, na aportación de recursos necesarios para a mellora da actuación educativa do Centro. Tal concreción de funcións resulta na percepción dos membros do colectivo de pais/nais máis concienciados, moi reduccionista e mal reflexo das potencialidades que a normativa lle proporciona á participación dos pais.

Na maioría das funcións sinaladas a colaboración entre pais/nais e profesores/-as resulta imprescindible. Nembargantes a súa concreción práctica está a producirse con moitas dificultades e, con frecuencia, acaba cortocircuitándose. Iso é debido, fundamentalmente, a que nuns casos, os profesores/-as perciben ós pais/nais como intrusos e a súa participación como unha fiscalización do labor profesional que só a eles corresponde: os pais/nais non teñen, na súa opinión, a formación suficiente para facer críticas ou para querer participar no deseño da actividade formativa. Noutras ocasións, son os pais/nais quen pretenden facer unha interpretación abusiva da participación ben a través de críticas xeneralizadas e sen fundamento real, ben a través dunha visión moi casuística e persoal dos feitos educativos (o problema do fillo de cada quen), ou ben exercitando presións excesivamente duras e agresivas (segundo a percepción dos profesores/-as).

Cando as relacións pais/nais - profesores/-as se producen nun contexto de conflicto é frecuente observar unha certa tendencia ó abandono da reivindicación por parte dos pais: temen que o enfrontamento acabe prexudicando ós seus fillos e prefiren desistir.

> *"En conxunto e coas sempre esperanzadoras excepcións, o profesorado busca pais colaboradores, pero non codecisores, pois na súa visión da escola a presunta asimetría do coñecemento debe reflectirse nunha asimetría do poder, e na pugna cotiá por mante-la súa autonomía no traballo decántase maioritariamente polo profesionalismo, vale dicir pola acotación dun campo exclusivo de competencias non pola profesionalización entendida como o desenvolvemento dun coñecemento abstrato ó servicio das necesidades concretas do seu público".*(Fernández Enguita, 1993).

Engádese ó anterior o feito de que os pais/nais teñen comprobado dabondo que calquera reclamación que fagan no seo do Consello Escolar dun Centro dificilmente prospe-

rará pola forza dos votos. Se os profesores/-as, aunan o seu voto (o que habitualmente acontece), os pais/nais carecen de capacidade de influencia.

Todo o anterior orienta e reduce a participación dos pais/nais cara a que temos denominado «defensa dos dereitos dos alumnos» e que, na maioría dos casos, se reduce a apoia-las peticións do Centro identificadas principalmente polos profesores/-as, e a aporta-lo seu esforzo sobre todo para dar ou conquerir máis diñeiro (Fernández Enguita, 1993).

Froito desa percepción asumida das limitacións do marco da participación dos pais, resulta tamén coherente que a colaboración vaia canalizada preferentemente cara a aquelas cuestións menos controvertidas como poden se-las «actividades extraescolares». Nese ámbito pídeselles ós pais/nais que colaboren na procura dos recursos necesarios. E así quedan fóra da súa órbita de participación outros asuntos de maior calado institucional e educativo como poden ser: a mellora da calidade dos procesos de ensino-aprendizaxe (titorias, avaliación, coordinación entre os profesores, etc.) e tamén a mellora dos chamados «servicios complementarios» (horario, transporte, comedor).

O pronóstico en relación á participación dos pais/nais é bastante incerto. Para algúns é, incluso, claramente pesimista. Un dos estudiosos da participación, Fernández Enguita (1993), conclúe que o grao da participación dos pais/nais

> *"é baixo e, o que é peor, descende; as súas competencias son escasas ou, cando menos, dubidosas; a súa efectividade é débil, e na maioria dos casos nula; a súa percepción da experiencia é diversa, con frecuencia pesimista e descorazonadora; a súa aceptación polos demais sectores da «comunidade escolar» é baixa e, a miudo, trócase nun rexeitamento aberto e decidido"* (p.108).

En definitiva, adoptando o mesmo laconismo co que o autor citado titula o seu capítulo dedicado ós pais/nais poderiamos concluír esta pequena revisión das luces e sombras da participación dos pais, que o seu papel atópase "*entre a indiferencia e a impotencia* ".

## 3. A participación dos alumnos/-as

Os alumnos/-as teñen recoñecido o seu dereito a participar na xestión educativa.

Esta participación, como no caso dos pais, pódese exercer a través de asociacións de alumnos/-as constituídas para o efecto, ou a título individual. De igual xeito, os ámbitos para esta participación son os mesmos que para os pais/nais (Consello Escolar do Estado, Consello Escolar das Autonomías, Consellos Escolares territoriais ou de zona e Consellos Escolares de Centro), ós que cabe engadir un novo órgano: a Xunta de Delegados.

O acceso á representación faise a través dunha elección na que poden participar como votantes e/ou candidatos - neste caso a título individual ou no nome dunha determinada asociación-, tódolos alumnos/-as do ensino secundario (desde o antiguo ciclo superior da EXB) matriculados nun determinado centro.

Como no caso anterior, referirémonos neste apartado ós Consellos Escolares, sen por iso esquecer nin á Xunta de Delegados nin a figura do Delegado sen máis.

A participación dos alumnos, efectivamente, asume, sequera nas declaracións oficiais unha amplísima variedade de funcións tanto ó nivel da Xunta de Delegados (R.D. 1543/1988 do 28 de outubro: 11.2) como o nivel do Consello Escolar (L.O. 8/1985 do 3 do xullo: 7.2; R.D. 1532/1986 do 11 de xullo: 4; R.D. 929/1993 do 18 de xuño: 113).

Podemo resumi-las funcións encomendadas á Xunta de Delegados nas seguintes: a) canaliza-las inquietudes dos seus compañeiros/-as traslandándoas ás instancias correspondentes e b) dinfundir entre os alumnos/as a información xerada nos órganos de xestión do propio centro.

Os representantes de alumnos/-as nos Consellos Escolares teñen, á maiores das dúas funcións citadas para a Xunta de Delagados, a de colaborar cos demais axentes da comunidade educativa en orde a mellora-las condicións nas que os alumnos/-as desenvolven a súa actividade.

Agora ben, se a distancia entre o declarado (o *deber ser* ) e a realidade (como as cousas *son*) era notable respecto á participación dos pais, no caso dos alumnos/-as é moito máis ampla. Fernández Enguita (1993) titula de xeito moi expresivo o seu capítulo sobre a participación dos estudiantes: "O alumnado ou o convidado de pedra" (p.129).

En xeral o que acontece coa participación dos alumnos/-as é o mesmo que sucede coa participación dos pais/nais, é dicir: que en moitas ocasións queda valeira de contido (reducida a aprobar cousas praparadas de antemán e sendo *de facto* imposible entrar a considerar asuntos máis relevantes para a situación dos alumnos/-as como poderían se-los temas referidos á avaliación, promoción, coordinación das disciplinas e actividades, etc.). No mellor dos casos a participación dos alumnos/-as redúcese a expoñer «sempre co debido respecto» (agardando para iso intervir ó final das reunions e como "pedindo perdón por molestar") algunhas esixencias interesantes pero de carácter menor (por exemplo, a coordinación das datas dos exames, ou iniciativas para festexar algo ou recadar diñeiro co obxecto de poder facer algunha actividade complementaria ou extraescolar).

Algúns estudiosos da dinámica da participación nos Centros escolares sinalan que non é tampouco estraño que nalgunhas ocasións os alumnos/-as acaben pasándose definitivamente ó lado do poder (encarnado, neste caso, polos profesores/-as) para converterse nos seus colaboradores incondicionais. As asociacións de pais/nais (APAs) queíxanse ás veces de que os alumnos/-as prefiren apoia-las propostas dos profesores/-as e non as dos pais/nais mesmo,

cando esas propostas dos pais/nais teñen por obxectivo mellora-las condicións dos estudiantes. Pero a distribución do poder na comunidade escolar é tan desigual que este fenómeno é doadamente entendible: en definitiva, os alumnos/-as atópanse entre dous fogos cruzados, por un lado están os profesores/-as dos que dependerá a súa avaliación e polo outro están os pais/nais dos que dependen en todo o demais.

Así as cousas, resulta lóxico pensar que non cabe esperar unha intensa actividade de participación por parte dos alumnos.

## 4. A participación do persoal de Administración e Servicios

A continuación referirémonos moi brevemente á participación deste colectivo profesional.

O sentido xeral da participación dos representantes da Admón. e Servicios é dobre:

-resalta-lo feito de que a comunidade educativa no seu conxunto está comprometida co desenvolvemento institucional e coa actividade educativa do Centro.

-supera-la vella distinción entre docencia e xestión. Unha boa docencia é imposible sen unha xestión adecuada. A necesidade de coordinación e colaboración entre profesores/-as e administrativos resulta moi importante para garantir unha boa marcha do Centro no seu conxunto.

As dificultades para facer efectiva esta cooperación intersectorial nacen, en moitas ocasións, das diferentes lóxicas profesionais duns e doutros. A lóxica laboral do persoal da Admón. e Servicios (moi ligada ós seus dereitos sindicais no que se refire ó horario de traballo, competencias e obrigas dentro da institución, etc.) contrasta cunha perspectiva menos consolidada e definida por parte dos profesores/-as (traballo sen horarios ríxidos de entrada e saída, compromisos laborais un tanto indefinidos, un sentido elevado da propia misión institucional, etc.).

O persoal de Admón. e Servicios depende orgánica e funcionalmente do persoal docente. En xeral o seu número e moi reducido en comparación co profesorado na maior parte dos Centros. Esa posición subordinada dificulta a asunción dun papel educativo, por canto carece dun ámbito propio de acción-reflexión.

Esa dificultade para integra-lo status dos membros deste colectivo no marco do educativo téñena tamén, ás veces, os propios profesores/as e equipos directivos. Non sempre é doado entender que os profesionais da Admón. e Servicios non están ó servicio dos profesores/-as senón ó servicio do proxecto formativo que se desenvolve na institución.

Parece obvio que a calidade da intervención, os temas que se aborden nas aportacións de cada sector, etc. vai depender dun xeito significativo da percepción que se teña do propio papel e da función que o sector cumpre na institución.

Este é o grande punto de distorsión no caso dos representantes da Admón. e Servicios.

## 5. A participación dos Concellos

A participación dos Concellos na xestión dos Centros Escolares vén recollida na Lei 7/1985 do 2 de abril. A citada Lei atribúe ós Concellos a capacidade de:

a) participar na programación do ensino no ámbito da súa competencia.

b) cooperar coa Administración educativa na creación, construcción e sostén de Centros docentes públicos.

c) intervir nos seus Órganos de xestión.

d) a participación na vixilancia do cumprimento da escolarización obrigatoria.

O aspecto que nos interesa neste caso refírese á participación dos Concellos nos Consellos Escolares e, polo tanto, a súa colaboración na xestión dos Centros tal como vén recollido no apartado c). De tódolos xeitos é evidente que a participación do representante do Concello na xestión non pode estar desvinculada da súa responsabilidade na construcción e sostén dos Centros: os outros sectores aproveitarán a presencia do Concello nos Órganos de toma de decisión para pedirlle que faga efectiva a súa responsabilidade nos outros ámbitos.

Resulta ocioso insistir, nestas alturas, sobre a importancia dunha colaboración estreita entre os Concellos e os Centros Escolares. Importancia que se xustifica polas necesidades inherente á xestión de todo Centro Escolar pero tamén pola filosofía de *apertura ó contorno* sobre a que se basea a moderna concepción da escola.

As relacións dos Centros Escolares cos Concellos non sempre pasan por momentos positivos. Con frecuencia os atrancos e dificultades son importantes por diversos motivos:

-nalgúns casos, máis frecuentes, por razóns económicas: sendo cada días máis escasos os recursos para todos (tamén para os Concellos) non resulta doado compaxina-las demandas dos diferentes colectivos e servicios activos no municipio. Con frecuencia as prioridades non consideran as necesidades das Escolas ou os Institutos ubicados no propio territorio.

-en ocasións por dificultades estrictamente técnicas e de horario. A asistencia dos representantes dos Concellos nos Consellos Escolares faise difícil (así o confesan eles polo menos) pola escasa coincidencia de horarios e ritmos de vida. Os momentos escollidos para

face-las reunións non sempre son os máis favorables para aquelas persoas que non traballan en educación.

En tódolos casos o que se trasluce é a falta dunha tradición ben asentada neste terreo. Falta tradición e falta esa especie de "cultura da participación" interinstitucional: non sempre se sente como algo propio a educación ("a educación pública é competencia exclusiva da Administración Educativa") nin sempre se está especialmente preocupado pola calidade do traballo dos Centros escolares ubicados no Concello ("a calidade da educación é un problema dos profesores/-as").

Esa falta de tradición vaise superando con titubeos pero aínda quedan moitas zonas de indefinición. A tendencia xeral da educación, é xustamente, a de avanzar no sentido contrario : é preciso que toda a comunidade educativa se integre e participe na vida das escolas. Para iso é mester, por unha banda, que as escolas se abran ó seu contorno e compartan con el a definición e o sostén do Proxecto Educativo a desenvolver, e pola outra, que os responsables da comunidade asuman un compromiso claro e permanente no desenvolvemento e a mellora das tarefas educativas que se van realizar no seo da comunidade. Nesta dirección cada vez máis vense os centros escolares como un recurso máis dos que conta a sociedade local para potencia-lo desenvolvemento cultural e humano das persoas. Tódolos recursos tratan de poñerse ó servicio dese desenvolvemento (desde as escolas ós museos, ás bibliotecas, cines, teatros, salas de diferente tipo, empresas, etc.) e é o Concello (a través dos responsables da educación) quen xoga un papel fundamental na coordinación do esforzo colectivo na mellora da calidade do ensino. O modelo italiano do *"sistema educativo alargato"* é un exemplo axeitado do que acabamos de dicir. Pero outras moitas experiencias españolas, e mesmo galegas, permiten valorar esas iniciativas como oportunas e posibles tamén entre nós.

Programas globais coma os das "*cidades educadoras* " e outros máis sectoriais como os de "*educación medio-ambiental* ", "*programas de saúde* ", "*de arte* ", "*de formación ocupacional* "; "*de orientación vocacional* " etc. desenvolvidos conxuntamente por escolas e Concellos poden marca- lo inicio dunha nova época nas relacións mutuas.

## I.3.- A participación na educación en Europa

### 1.- Contexto sociopolítico da participación.

Recentemente (1993) a Comisión das Comunidades Europeas vén de publica-lo chamado "*Libro Verde da dimensión europea da educación*"[8].

Neste documento indícanse diversas estratexias coa intención de tomar conciencia máis profunda e real da "Europa dos cidadáns". Entre as diversas estratexias e elementos importantes a considerar están os centros educativos concebidos como lugar de regulación dos recursos humanos existentes nos que interactúan un gran número de protagonistas (alumnos, profesores, pais, persoal administrativo, colectivos locais etc...) A participación no desenvolvemento dunha Europa común precisa da reforzamento da cidadanía europea desde a acción educativa institucional. A escola é o principal recurso social para formar ós cidadáns dos Estados da UNIÓN EUROPEA nos valores comúns da solidariedade, da igualdade de oportunidades, do respecto mutuo, da democracia. En consecuencia os sistemas educativos non deben limitarse unicamente a transmitir coñecementos senón que deben formar ós xoves no espírito da democracia, da tolerancia e do respecto á diversidade, da valoración da cultura compartida, etc...

A idea e o obxectivo formativo do desenvolvemento da *democracia* está moi ligado ós propios sistemas de participación que se articulen no seo da escola[9]. Esta preocupación ten un longo percorrido. No ano 1969 os Ministros Europeos de Educación reunidos en Versalles invitaban ós Estados membros a manterse informados sobre "a importancia da participación e da corresponsabilidade dos alumnos/-as nas decisións relativas ás actividades escolares".

O Propio Consello de Europa organizaba en 1973 un Simposio sobre "*A participación en materia de Educación en Europa* "[10]. Neste primeiro documento o conxunto dos países membros naquel momento , referíanse ó termo "participación" como un modelo segundo o cal os representantes democraticamente elixidos (...) discuten os problemas comúns a nivel de decisión (como máximo) ou de consulta (como mínimo). Como posteriormente se manifestaba noutros documentos (por exemplo no *Plan Europa 2000* , de 1978), existe unha relación directa entre as "orientacións do Sistema Educativo e a sociedade que se manifesta particularmente no principio de participación."

En síntese, pódese dicir que o recoñecemento da democracia como organización política non pode expresarse plenamente se non é a través das diversas institucións sociais, entre elas as educativas[11]. Deste xeito unha das preocupacións importantes dos gobernos e dos seus sistemas educativos consiste en considera-la participación como un medio que tenda ó

8. COMISIÓN DE LAS COMUNIDADES EUROPEAS (1993): Libro verde sobre la dimensión europea de la educación. COM.93- 457.

9. REVISTA DE EDUCACIÓN (1980): "Los órganos colegiados de la escuela en Europa". *Revista de Educación* 264 (1980) pp. 81-104.

10. O.E.I- CONSEJO DE EUROPA (1982): *La participación en materia de Educación en Europa.* Madrid. Documento OEI-II-6 (C/13-3).
FERIR,G (1977): *La participacion en matière d' Education en Europe*. Conseil de l'Europe. Strasbourg.

11. HAAG,D.(1981): *"¿ Cual es la gestión adecuada para generalizar el derecho a la educación?".* Unesco. París.

desenvolvemento intelectual e afectivo do educando con miras a súa adhesión á democracia. Debe, polo tanto, existir unha interrelación entre a micropolítica das institucións (Sistema Educativo e Centros Escolares) e a realidade social.

Nesta situación resulta evidente que o enfoque e a práctica da participación educativa en Europa vai depender moito do propio contexto político.

Nunha primeira referencia, o feito tanto normativo como pragmático da participación no Sistema Educativo vai depender dos modelos de administración educativa existentes. Estes, á súa vez, están relacionados e son dependentes dos modelos de organización política dos diferentes países. A organización territorial do estado, unitario o federado, vai determinar distintos graos de centralización ou descentralización no ámbito da realidade socioeducativa.

Tomando como referencia máis inmediata o parámetro da centralización e descentralización, podemos dicir, con carácter xeral, que poden polo menos distinguirse tres situacións distintas no contexto da participación:

a) en primeiro lugar, os países anglosaxóns onde os gobernos centrais limítanse a configura-lo marco xeral da acción participativa e non interveñen directamente na organización e xestión dos centros;

b) en segundo lugar, os países continentais onde os gobernos determinan con máis detalle a concreción da xestión e organización escolar,

c) finalmente, en terceiro lugar, os países federais que ofrecen unha síntese dos grupos anteriores.

En base a esta referencia xeral poderíamos falar dun grupo de países que teñen unha Administración Educativa centralizada pero con tendencia a transferir responsabilidades na toma de decisións ás rexións. Tal é o caso de Francia, de Italia, de España. Fronte a esta situación dase tamén a situación oposta: existencia dunha administración educativa descentralizada pero con tendencia a camiñar cara a propostas máis centralistas. Exemplo de tal situación é o caso inglés sobre todo na última década. Unha forma moi diferente é o caso alemán que pola súa estructura federal recoñece a plena autonomía dos Länders pero marxina as competencias dos municipios. Finalmente, están países que politicamente teñen unha connotación centralista e que para o caso educativo, por diversas razóns (importancia e peso da tradición municipalista en Dinamarca ou potencia do ensino privado en Holanda), delegan e outorgan competencias a outras instancias.

## 2.- Elementos para unha breve análise

Hoxe a denominada Unión Europea está formada por 15 países. Un estudio pormenorizado da situación sobre a participación educativa de cada país merecería un apartado moi amplo que non resulta doado ofrecer nos límites deste informe. As persoas interesadas poden acudir á abundante bibliografía existente sobre o tema[12]. Por outra banda, non se trata de ofrecer modelos específicos de cada un dos países da Unión Europea para que poidan ser mimeticamente copiados desde outros contextos.

As modalidades de participación en cada país non son homoxéneas se non producto da realidade sociopolítica e cultural de cada un deles. Tampouco son estáticas se non que, como a vida do propio Sistema Educativo, van evolucionando de forman constante.

En consecuencia, neste apartado pretendese presentar unha sucinta referencia referida a catro países do noso eido (os que nos resultan máis próximos). Póden servir para constatar tanto as diferencias existentes entre eses Sistemas Educativos e o noso como a aparición de claros elementos de converxencia nas propostas e concrecións da participación educativa.

## 2.1.- ALEMAÑA : a participación descentralizada.

Como Estado cunha organización federal, os diversos Länder teñen competencias exclusivas na ordenación dos seus Sistemas Educativos. A Lei Fundamental prevé, con todo, a cooperación entre a Federación e os Länders naquelas cuestións que sexan de importancia para a totalidade da poboación (planificación do ensino, proxectos de investigación científica de carácter suprarexional, creación de novas institucións de ensino superior...). A Conferencia permanente dos Ministros de Educación é a encargada da coordinación entre os Estados.

Os membros da comunidade educativa teñen recoñecida a participación tanto nos Centro Escolares como nas instancias de máis elevado nivel (Organismos de tipo local, rexional, etc.). Por unha parte os profesores/-as toman parte na elección do Director/-a e dos cargos educativos da súa provincia e a súa participación resulta importante nos diversos claustros : claustros de carácter xeral que discuten os plans de estudios e o rendemento escolar; claustro reducidos sobre diversos problemas dunha etapa escolar; claustro de clase etc.... Nos

12. GAIRÍN,J- ANTÚNEZ, S (1990): "Perspective Europea de la participació i lorganització escolar" *.II. European Conference on School Democratization*. Barcelona. Texto policopiado.
GARCÍA GARRIDO,J.L.(1989): *La educación en Europa: reformas y perspectivas de futuro*. Cincel. Madrid.
REGUZZONI, M (1989): "Esperienze e sperimentazioni sull' autonomia scolastica nei paesi europea". *Ricerca Educativa.* C.E.D.E. nº 1,pp. 2-59.
MAYORDOMO, A. (Cord)(1992): "La participación desde una perspectiva comparada" en *Estudios sobre participación social en la enseñanza*. Diputació de Castelló. Castelló. pp.39-68.

primeiros, xunto coa representación dos profesores/-as, están presentes tamén os pais dos alumnos/-as e os alumnos/-as de Bacharelato.

En canto ós pais está recoñecida e regulada a cooperación entre a escola e a familia existindo diversas asociacións de pais que actúan desde o ámbito de clase ata o nivel do Estado Federal. Está presente unha representación dos mesmos nas Xuntas rexionais e provinciais e participan nas eleccións de cargos provinciais de educación.

Polo que respecta ós alumnos, a participación está determinada segundo a idade podendo exercela tanto individualmente como a través dos representantes elixidos democraticamente.

Outros sectores sociais participan nos órganos representativos da Xunta de Educación Provincial e da Xunta de Educación Rexional:

-a primeira está composta por representantes democraticamente elixidos: profesores, pais de alumnos/-as de Bacharelato de tódolos centros educativos da Provincia así como representantes do Länder a que pertence a rexión, das cidades libres, das asociacións escolares, do concello, dos centros de educación profesional. Está financiada polo Estado Federal. Os servicios de inspección poden asesorar e asistir ás súas reunións pero sen dereito a voto. Ofrece ós centros recomendacións sobre propostas de plans de desenvolvemento escolar, construcción de novas escolas, plans de mellora e colaboración entre centros, axuda ós alumnos/-as etc...

- a segunda ten unha composición máis variada segundo os diversos Länders pero habitualmente está integrada por representantes dos profesores, dos pais e dos alumnos, así como representantes da Rexión, da Provincia, do Distrito, dos Concellos, das diversas Cámaras (Traballo, Industria, Comercio, Artesanía...) e representantes das igrexas (católica, evanxélica....).

Desde o punto de vista da xestión educativa pode observarse unha ampla representación social nas diversas Xuntas de Educación (Provincial, Rexional) xunto cunha variada representación dos estamentos da comunidade educativa (profesores, pais, alumnos). Hai que ter en conta, neste caso, que a formación profesional alemana está fortemente ligada á realidade laboral e empresarial.

En canto á xestión educativa dos Centros Escolares o órgano de dirección por excelencia é o claustro de profesores. A función directiva limítase a favorece-lo clima de entendemento entre profesores/-as e pais, facer cumpri-las normas, segui-la evolución das asignaturas e dos profesores. O director/a ten capacidade decisoria en asuntos disciplinares que afectan ós alumnos/-as e comparte co propio claustro funcións importantes como a elaboración do regulamento do Centro, o proceso de matriculación, o control da asistencia, a organización de tarefas a realizar polos profesores, os sistemas e criterios de avaliación...

Os Directores son nomeados polos Ministros dos Länders e entre os seus requisitos esixidos están a experiencia docente e a formación específica previa .

## 2.2.- INGLATERRA: permanencia e transformación.

A realidade educativa inglesa amosa unha longa tradición de descentralización. A responsabilidade educativa aparece xerarquizada en catro niveis:

- Goberno central
- Autoridades locais de educación (LEAs: Local Education Authority),
- Xuntas de Dirección das institucións educativas e
- Profesorado.

No sistema inglés as LEAs asumen a maior parte das competencias educativas. De feito un axioma que se repite sempre ó falar do Sistema Educativo inglés e que se trata "dun servicio nacional a cargo das autoridades locais". Hoxe nembargantes, a situación xa non parece tan evidente e está sometida a cambio. As escolas poden optar por seguir vinculadas ás autoridades locais ou ben pasa-la dependencia directa da Secretaria de Educación (o Ministerio de Educación do Goberno). Neses casos establécese un convenio entre a Administración Central e o Centro Escolar que garante a financiación deste.

Esta situación administrativa índicanos que non existe unha regulación tan marcada da participación en educación como noutros países (Francia, Italia ou España). Cada LEA estructúrase en diversas comisións que atenden a diferentes temas sociais (saúde, educación, transportes etc...) . Unha das comisións máis importantes é a do ensino composta maioritariamente por membros da autoridade local (previamente elixidos nas urnas) pero tamén por personas competentes en temas educativos. Nalgúns casos figuran como tales profesores/-as dos contratados pola LEA ou por entidades privadas (ás veces tamén profesores/-as de Universidade residentes na zona) . As decisións corresponden a LEA previo informe da Comisión. Algunhas decisións tómanse no propio Centro Educativo onde existe un organismo rector responsable do seu funcionamento (Governing Body) . A súa composición está baseada fundamentalmente nos representantes dos pais (os "Governors') que posúen unha ampla capacidade para o establecimento de plans a medio e longo prazo, para a contratación de profesorado e para a busca de fontes de financiamento complementarias ás recibidas polas LEAs ou a Administración Central.

En canto á representación social, está recoñecida no seo da Comisión de ensino da LEA onde, xunto cos representantes locais elixidos para formar parte da mesma, están os profesores/-as aínda que estes ven reducida a súa participación ós temas pedagóxicos e curriculares. A situación dos alumnos/-as resulta moi precaria no nivel non universitario o que non impide a existencia de eleccións democráticas entre os alumnos.

A partir de 1988 se están operando cambios importantes nas diferentes estructuras de participación[13]. Eses cambios afectan tanto á estructura curricular xeral, coa aparición dun *currículum oficial* (National Curriculum) de obrigado cumprimento (rómpese así coa tradición inglesa de descentralización curricular onde Os Centros Escolares e os profesores/-as eran os competentes para determinar, en cada caso, o currículum) como á posibilidade, xa mencionada antes, de que os Centros que reciban fondos públicos pasen a depender directa-

13. DEPARTMENT OF EDUCATION AND SCIENCE (1988): *Education Reform ACT* (1988). Londres.

mente do Departamento de Educación e Ciencia (D.E.S.) rachando así coa dependencia das LEAs.

No actual desenvolvemento do Sistema Educativo inglés obsérvanse, con estas propostas, dous cambios importantes:

-en primeiro lugar, unha clara tendencia cara a unha maior centralización;

-en segundo lugar, trata de outorgarse ós pais máis representación e capacidade de decisión nos órganos de gobernos dos Centros.

Con esta tendencia a función directiva céntrase máis na organización interna do Centro e nos aspectos disciplinares converténdose sobre todo nun administrador e xestor do currículum nacional. O acceso a esta función realízase mediante convocatoria pública na que se sinalan os criterios de selección que se terán en conta (perfil, currículum, experiencia previa, méritos profesionais..). A decisión última corresponde á L.E.A. tralas entrevistas correspondentes ós candidatos preseleccionados. Deste xeito o candidato é un profesional da dirección escolar.

A reforma educativa emprendida nestes últimos anos parece apostar por unha maior centralización educativa que trata de acumular máis competencias para ó D.E.S (Department of Education and Science) que para as LEAs (Local Educational Authorities).

### 2.3.- FRANCIA: desde o centralismo ás transferencias educativas.

O Sistema Educativo francés caracterizouse sempre tanto por manter unha Administración Educativa fortemente centralizada como por defender como principio básico do ensino público a natureza laica da educación.

No tema da organización centralizada, que é o que nos interesa en relación a este informe, a tendencia cara a unha certa descentralización con transferencia das competencias educativas prodúcese dun xeito máis claro a partir de 1983 se ben tivo os seus inicios xa polo ano 1962.

A lei de descentralización (22 Xullo, 1983) transfire numerosas competencias ás rexións, departamentos e concellos coa intención de adapta-la educación á diversidade de eidos socioeconómicos e culturais, alumnado, etc.... Con todo isto, mantense sempre presente a idea da educación como un " sistema nacional" que mantén unha forte estructura xerárquica e piramidal na Administración Educativa.

A partir da mencionada Lei creanse diversos Consellos: Consellos Departamentais e Consellos Académicos de educación. Hai que destacar neste senso, entre outros, o Consello Municipal e o Consello Rexional.

No caso do primeiro, o Consello Municipal pode decidir sobre a creación e implantación de escolas, clases elementais e maternais, financiamento da construcción, mantenemento, funcionamento e equipamento dos centros. O Consello Rexional pode elabora-lo mapa escolar, os plans de formación e os investimentos. En todo caso, ambos están en estreita relación coas autoridades do Estado que se reservan a competencia de adscribi-los mestres e de fixa-las orientacións xerais do ensino a nivel nacional.

No ámbito da participación escolar, canalízase por medio do Consello Escolar de Centro e do Consello de Clase[14]. No primeiro participan sobre todo os pais e os profesores/-as nos Centros de primaria e tamén os alumnos/-as nos Centros de secundaria. Participan así mesmo representantes da Administración e Servicios, e da comunidade local. É un órgano de concertación e diálogo, encargado fundamentalmente das orientacións da vida do centro, de elabora-los proxectos de tipo pedagóxico e educativo (*Project d'école* ) e deliberar sobre outras cuestións relativas á vida escolar (presuposto...).

O Consello de Clase está formado polos profesores/-as da clase en cuestión, os representantes dos alumnos/-as e dos pais así como polo conselleiro de educación e orientación e, eventualmente, poden asisti-lo médico escolar, asistente social ou enfermeira... Presidido polo Director/-a encárgase fundamentalmente das cuestións que afectan á vida da clase e sobre todo á organización do traballo persoal dos alumnos/-as establecendo propostas de orientación relativas á futura escolaridade dos alumnos.

Xunto a estes dous Consellos máis importantes existe tamén o Consello de profesores/-as constituído polo conxunto de docentes dunha mesma clase que prepara a avaliación do alumno e a súa orientación.

Completan a estructura participativa os Consellos de ensino conformados polos profesores/-as dunha mesma asignatura co fin de coordina-lo seu ensino, métodos e sistemas de avaliación.

Dentro deste marco que permanece estable, están xurdindo cambios derivados da Lei de Orientación sobre a Educación (1989). A liña destes cambios vai na dirección de afianza-la participación dos pais e alumnos/-as con vistas a elabora-lo Proxecto de Centro que define os modos particulares de aplicación dos obxectivos e programas nacionais. Á súa vez, establécese nos "Lyceos" o Consello de Delegados de Alumnos/-as (1990) e trátase de fomenta-la participación dos pais nos diversos consellos ofrecendo formación e axudas para as federacións representadas no Consello Superior de Educación.

---

14. DEROUET, J.L(1988): "Desaccord et arrangement dans les collèges" (1981- 1986) " *Revue Française de Pedagogie* 83(1988) pp. 5-22.

    MONDE DE L' EDUCATION,Le (1990): "Conseils de classe: rien ne va plus" nº 170, pp. 18-33.

Neste contexto merece destacarse o carácter profesional da figura do director. O seu acceso ó cargo faise por concurso-oposición. Entre as esixencias comúns para os diversos niveis educativos están a experiencia previa (3-5 anos) e a obriga dunha formación específica. O Director/-a aparece como o grande animador da vida escolar e o que asegura a relación entre os distintos usuarios da escola.

## 2.4.- ITALIA: a experiencia da "sociedade educadora".

No caso italiano atopámonos cunha visión da participación moi ligada ó concepto de "sociedade educadora", coa intención de entende-lo feito educativo dunha forma moito máis comprensiva e non tan "escolar"[15].

Como na situación francesa, Italia iniciou a principio dos anos setenta unha tendencia á descentralización educativa o que non implica que o estado italiano teña renunciado a manter fortemente normativizado o Sistema Educativo. Deléganse soamente certos mecanismos de control ás Rexións e, en menor medida, ós Concellos. En efecto, a Administración Central resulta responsable da confección dos programas, construcción e equipamento dos centros e de tódalas cuestións de índole xeral que afectan ó ensino nos diversos graos .

A partir de 1973 coa " Lei Delegada", o Sistema Educativo italiano asume de forma máis comprometida o proceso de delegación e de partipación. Establécense os Consellos (*Organi Collegiati* ) mediante os cales os pais, alumnos/-as e representantes sociais atopan un instrumento de participación na xestión escolar.

Os órganos de participación establécense a varios niveis, desde a escola ou instituo ata os órganos nacionais pasando polos órganos colexiais de distrito e de provincias.

No ámbito básico da xestión escolar están presentes os Consellos interclases (escolas elementais), Consellos de clase (en Institutos); Colexio de docentes ou Xunta de Profesores; Consello de disciplina dos alumnos/-as e Comisión de avalición docente. Fundamentalmente nestes órganos participa o persoal da escola e as súas competencias son meramente consultivas.

No nivel intermedio aparece o Consello de Centro (a nivel tanto elemental como de instituto) e o Colexio de Docentes (Claustro) como órganos básicos da vida escolar. O primeiro está composto polo persoal escolar (representantes da dirección, do profesorado, do persoal non docente, dos pais e alumnos/-as a partir de ensino secundario superior). As súas competencias son fundamentalmente administrativas e salvando as competencias dos outros

15. CORRADINI, L.(1977): "Comunidad, democracia, pluralismo y participación: El caso de Italia" . *Revista de Educación* 252 (1977) pp. 92- 197.

Consellos (interclase, de clase, de docentes) ten facultade decisoria no que afecta á vida e actividade dos Centros Escolares múltiples temas (adopción de regulamento interno, renovación de material, calendario escolar, criterios de programación de actividades escolares e extraescolares, promoción e relación con outros centros, actividades culturais e recreativas de interese educativo...). Non ten, pola contra, responsabilidade nos programas educativos e actividades didácticas que desenvolven os profesores/-as nas súas clases, o control da aprendizaxe dos alumnos, os libros de texto que son competencia do Consello docente (Claustro de profesores).

Xunto con esta participación na escola a administración educativa italiana establece outros consellos de educación con diversas competencias territoriais[16]: Consello Escolar de Distrito, Consello Escolar Provincial e Consello Nacional de Instrucción Pública.

No caso do primeiro, a súa autonomía administrativa corresponde ó ámbito territorial inferior á provincia (non supera os cen mil habitantes salvo en zonas de urbanización intensa) . Neste caso a presencia de representantes da comunidade é moito máis importante. En efecto, xunto cos representantes do persoal escolar (dirección, profesores, pais, alumnos/-as de centros estatais ou non) está a representación das administracións locais, dos sindicatos e medios patronais, asociacións e entidades culturais do concello . A súa función máis importante é a da planificación da educación, no senso máis amplo, no seu espacio territorial (programación de actividades e servicios escolares extraescolares, educación de adultos, creación e localización de centros, conexión dos programas escolares coa realidade local, aprobación do regulamento interno, presuposto, funcións de asistencia escolar, informe anual á Delegación provincial, etc.)

O Consello Escolar Provincial ten unhas competencias máis limitadas centrándose fundamentalmente nos traballos de asesoramento, emisión de propostas, dictámenes e informes non vinculantes en determinados aspectos como os relativos ó persoal. Neste consello non existe representación de alumnos/-as e a metade dos postos resérvanse para persoal docente. O resto distribúese entre representantes do mundo da economía e do traballo, para os pais e personas do ámbito escolar que desenvolven tarefas ben de dirección, admistración ou servicios.

A función directiva, ocupada por un Director/-a nomeado polo Ministerio de Instrucción, céntrase basicamente en executa-las decisións tomadas polos órganos de participación e coordina-las actividades dos profesores.

En todo caso, en Italia asístese periodicamente á aparición de voces críticas sobre o funcionamento dos diferentes Órganos de participación. Nalgúns casos a súa actividade foi case nula. A participación dos diferentes sectores é moi irregular: ás veces sinálase o problema

16. FIBBI, R.(1983): "Los distritos escolares en Italia: Un ejemplo de gestión participativa" en *Educación y Sociedad* 1(1983) pp.113- 125.

especialmente no que se refire ós pais/nais; noutros casos, ó que se refire ós representantes dos concellos e doutras axencias vinculadas ó desenvolvemento da educación.

## 3.- CONSIDERACIÓNS FINAIS
## sobre a participación nos Sistemas Educativos Europeos.

Un primeiro aspecto a ter en conta é que nos atopamos ante Administracións Educativas e Sistemas Educativos moi diferentes producto da súa propia tradición político- social.

En efecto, hoxe en Europa mentres se fala " dun mercado único" e dunha posible "moeda única" resulta impensable falar dun único Sistema Educativo igual para todos.

O propio "Libro Verde sobre a dimensión europea da educación" só pensa, de forma xeral, en medidas de cooperación e complementariedade . Distingue entre accións individuais dos Estados membros e as accións complementarias da Comunidade Europea que teñen un carácter subsidario, e que serán levadas a cabo unicamente no caso de que cada Estado as considere adecuadas.

En consecuencia, no contexto da participación atopámonos cunha ampla diversidade de concepcións, de normatividade administrativa e de práctica.

A pesar desta grande diferencia (centralización, descentralización, federalismo... ) as situacións non permanecen estáticas e inmutables. Países anteriormente máis descentralizados no ámbito educativo (como Inglaterra) vanse aproximando cara a opcións máis centralistas, ou cando menos mixtas, no propio contexto da participación. Outros países que mantiveron posturas máis centralistas noutros tempos (Italia, Francia e mesmo España) sen perder tal natureza van entrando tamén en procesos encamiñados a unha maior descentralización administrativa e unha participación social máis ampla nas cuestións educativas. Á súa vez, nin sequera desde as opcións máis claramente federalistas se deixan de lado sistemas de coordinación e de responsabilidade conxunta ante determinados problemas de organización e participación na vida educativa.

En todo caso, os 4 países brevemente analizados aquí consideran a escola coma unha institución que debe favorece-la participación de toda a comunidade educativa. Todos eles comparten o modelo xeral de " Consello Escolar" como o escenario participativo por excelencia. Segundo os diferentes niveis da educación e organización administrativa aparecen tamén outros Consellos diferentes con competencias e representacións moi diversas. En canto ó Consello Escolar de Centro trátase dunha fórmula presente en tódolos países aínda que cunha diversa representación da comunidade escolar (profesores, pais, alumnos...). A representación social amplíase noutros tipos de consellos encargados de relacionar e conecta-lo proceso educativo coa realidade local a nivel económico, profesional, etc.

Unha consideración especial merece a figura do Director. Nos países más centralizados (Francia e Italia) o Consello Escolar non participa na elección do Director/-a mentres nos outros participan algúns dos seus membros nalgún momento do proceso de selección. En tódolos países está presente a atención á formación de directores escolares considerando que a experiencia como docente non resolve por si mesma a preparación necesaria para a xestión educativa dos centros. De tódolos xeitos, a provisión de directores e o perfil esixido en cada caso varía moito duns países a outros. No caso francés o Director/-a é representante do Estado no Centro Escolar, o que supón que se sitúa un tanto desligado do claustro de profesores. No caso italiano, o Director/-a nomeado polo Estado (cada Director/-a atende varias escolas agrupadas nunha especie de distrito escolar) cumple basicamente a función de executa-los acordos dos órganos colexiados e o seu rol é sobre todo exerce-la coordinación do Centro Escolar e distribuí-la información sobre a normativa escolar de cada momento. Noutros contextos as funcións directivas varían moito en relación á división territorial (Länders en Alemaña, e LEAs en Inglaterra). Para ambos países a actividade directiva estaría a medio camiño entre o caso francés (función representativa do Estado ó que ten que dar conta a través da inspección sobre o cumprimento dos programas de estudios) e o caso italiano (función meramente executiva de cumprimento das decisións colexiadas) tendo en conta, por outra parte, que o propio Estado italiano normativiza fortemente o Sistema Educativo.

Desde diferentes perspectivas e tradicións administrativas a participación é hoxe asumida por tódolos sistemas educativos europeos como unha necesidade, como un reto e como un proxecto de adaptación das escolas ós cambios sociais que se van producindo.

I.- O Consello Escolar de Galicia considera que o dereito a participar en educación garantizado na Constitución e recoñecido nas Leis Orgánicas (LODE, LOXSE), debe entenderse non só como unha instancia política da democratización social senón tamén como un compoñente esencial da socialización e do dereito a aprender. Neste senso debe promoverse o propio valor educativo da participación coa vontade de mello-la calidade dos procesos e dos resultados en educación e procura-la necesaria optimización dos recursos que se poñen ó servicio desa finalidade.

II.- O Consello Escolar de Galicia, que dedicaba unhas xornadas específicas á análise da *"Dimensión Europea da Educación"*, manifesta a necesidade de tomar como referencia os cambios e transformacións que neste ámbito se veñen realizando. Se ben na Unión Europea non se ofrece un modelo definido de participación en educación -é competencia de cada estado, segundo a súa tradición e sistema político, establece-los mecanismos propios da participación e xestión educativa- ínstase, sen embargo a tódolos paises para que os sistemas educativos non se limiten unicamente a transmitir coñecementos senón que deben formar os xoves no espírito da democracia, da tolerancia e do respecto á diversidade...

III.- A participación dos diferentes sectores da comunidade escolar é conveniente e imprescindible con vistas a conquerir unha dimensión colexiada do traballo educativo.

Neste senso parece imprenscindible superar diferentes dificultades e formas de actuación da propia comunidade educativa:

.- por parte dos profesores/-as, cambiar unha mentalidade tendente ó individualismo no traballo profesional e ó corporativismo fronte ós intereses doutros sectores da comunidade educativa.

.- por parte dos pais/nais, evita-lo intrusismo en materias e cuestións que non son da súa competencia técnica.

.- no caso dos alumnos/-as resulta necesaria unha maior implicación que permita asumir niveis màis importantes de decisión co simple feito de canalizar inquietudes dos compañeiros ou difundir información dos órganos de xestión dos propios Centros.

.- no contexto da participación educativa o Persoal da Administración e Servicios debe supera-la vella distinción entre docencia e xestión e se ben se parte de situacións profesionais diferentes, parece imprescindible que sinta máis parte da propia comunidade educativa.

IV:- A apertura da escola ó seu contorno a través da representación social e participación dos Consellos supón unha maior interacción entre escola e territorio (autonomía, concello, barrio, centro escolar...). Parece necesario establecer canles de comunicación que superen os simples marcos e funcións estipuladas na Lei de Réxime Local. Os espacios e tempos escolares (en parte reformulados, nalgúns casos, pola aplicación da xornada única) ofrecen maiores ocasións que deben aproveitarse tanto desde o punto das infraestructuras (uso e disfrute polo contorno) como do progreso na colaboración e participación en programas comunitarios que van máis alá do sistema formal de aprendizaxe e poden contribuír a enriquece-la vida cívica.

O Consello Escolar de Galicia insta á Consellería de Educación a crea-lo marco de relacións intitucionais que faga posible a colaboración dos concellos galegos nas tarefas dos centros de ensino co obxectivo común de mellora-la calidade educativa.

Por último, o Consello Escolar de Galicia lamenta que nove anos despois da publicación da Lei de Consellos Escolares de Galicia, que crea os Consellos Territoriais e Municipais non se teñan constituído agás excepcións.

# CAPÍTULO II

## A PARTICIPACIÓN NOS CONSELLOS ESCOLARES DE CENTRO

# II.-A PARTICIPACIÓN NOS CONSELLOS ESCOLARES

## II.1.- Marco legal da participacion nos Consellos Escolares

### 1.- A participación na Constitución

Un dos grandes éxitos da transición política española foi o consenso das forzas políticas en torno á Constitución. Por primeira vez na nosa historia, o partido maioritario non impuxo o seu programa político e a súa concepción ideolóxica na carta fundamental para a convivencia política.

Agora ben, este acordo básico sobre a Constitución non se conseguiu sen un grande esforzo de tódolos partidos políticos, especialmente cando se trataba de regular dereitos cheos dunha grande carga ideolóxica, como é o tema educativo.

O consenso acadado sobre o artigo 27 convérteo no texto fundamental que contén a orientación política do sistema educativo, os grandes principios ideolóxicos que se aceptan por todos como valores básicos a aplicar, aínda cando despois as políticas educativas dos distintos grupos políticos tendan a acentuar máis uns aspectos ideolóxicos ca outros. Este consenso é o que se coñece como "pacto escolar". Como froito deste podemos dicir que o artigo 27 da Constitución é un texto coherente, preciso e sistemático.

Conseguintemente, a Constitución Española de 1978 aportou a solución ó longo debate histórico sobre a educación, que de modo tan frecuente como lamentable, dexenerou en

confrontación. Este pacto constituínte prolongouse no campo da educación. A partir deste pacto, deberíanse despexar incertidumes respecto ó futuro do noso sistema educativo.

Na Constitución Española atópanse as orientacións básicas que presiden toda a lexislación en materia educativa. Podemos sinalar tres aspectos esenciais: en primeiro lugar, o recoñecemento do dereito á educación como un dos dereitos fundamentais que os poderes públicos deben garantir; en segundo lugar, outros dereitos básicos relacionados coa educación; e, por último, a distribución de competencias educativas entre a Administración central e as Comunidades Autónomas.

No concernente á participación na xestión, a constitución tratou de combina-lo mellor que puido elección e participación, liberdade de ensino e liberdade docente, dereito á creación de centros e control dos fondos públicos. O art. 27.5 da Constitución proclamou o dereito á participación dos distintos sectores implicados na xestión do conxunto do sistema educativo nos seguintes termos:

> *"Os poderes públicos garantizan o dereito de todos á educación mediante unha programación xeral do ensino, con participación efectiva de tódolos sectores implicados ".*

Máis importante é o regulamento da participación no ámbito de cada centro, que no apartado 7 do mesmo artigo anticipaba así:

> *"Os profesores, os pais e, no seu caso, os alumnos intervirán no control e xestión de tódolos centros sostidos pola administración con fondos públicos, nos termos que a lei estableza ".*

A primeira norma que desenvolveu o artigo 27.8 da Constitución, referente ó dereito dos pais á participación no control e xestión de tódolos centros escolares sostidos con fondos públicos, foi a LOECE, do 19-6-80, que no seu artigo 18 establecía como canle da participación unha asociación de pais de alumnos en cada centro escolar, cunha determinadas competencias.

A Sentencia do Tribunal Constitucional, do 13-2-81 (BOE do 24), considerou inconstitucional tal precepto, dictaminado que a participación non pode restrinxirse a unha única asociación e mesmo que non se pode esixir a canle asociativa para facer efectiva a participación.

Posteriormente, o novo regulamento desenvolto na LODE, desvencellou o proceso de participación dos pais e nais nas Asociacións propias, da súa participación en eleccións directas ós Consellos Escolares.

Hoxendía a falta de comunicación institucional entre ambas vías,é un atranco á creación dun clima escolar aberto.

## 2. A participación na LODE.

O precepto constitucional tivo o seu primeiro desenvolvemento e concreción na Lei Orgánica do Estatuto de Centros Escolares de 1980, de curta vida ó ser derogada en 1985 pola Lei Orgánica do Dereito á Educación ( LODE).

No preámbulo da LODE sulíñase de maneira moi especial a importancia da participación. En primeiro lugar, como garantía de libertade e de influencia dos actores sociais:

> *"Ademais de constituí-lo medio para o control e xestión dos fondos públicos, a participación é o mecanismo idóneo para atender axeitadamente os dereitos e liberdades dos pais, dos profesores, e en definitiva dos alumnos, respectando sempre os dereitos do titular. A participación amplía, ademais, a liberdade de ensinanza, ó prolonga-lo acto de elixir centro no proceso activo de dar vida a un auténtico proxecto educativo e asegura-la súa permanencia. Finalmente, a opción pola participación contida na constitución é unha opción por un sistema educativo moderno, no que unha comunidade escolar activa e responsable é coprotagonista da súa propia acción educativa".*

Tratábase tamén de asegura-la transparencia e fomenta-la calidade da ensinanza. Segundo o mesmo preámbulo a constitución esixe unha destribución equitativa do gasto público, que debe garanti-la gratuidade da ensinanza; ademais, é necesario:

> *"Optimiza-lo rendemento educativo do gasto e velar pola transparencia da administración e calidade da educación, o que se asegura a través da participación".*

A participación no seo dos centros escolares e do sistema educativo non soamente é un factor de democratización: garantiza unha maior receptividade respecto das necesidades educativas, asegura unha maior calidade das actividades escolares. A educación en España débese enriquecer así cos valores positivos da participación activa dos membros da comunidade escolar en todos e cada un dos centros sostidos con fondos públicos, así como na programación xeral da ensinanza. A participación constitúe o mellor instrumento para salvagada-los dereitos individuais, a mellor vía para asegura-lo respecto, a conciencia e ós propios valores.

A participación, para ser digna de tal nome, implica a intervención na elección de director e na aplicación de criterios obxectivos para seleccionar novos profesores nos centros concertados, entre outros aspectos da sesión e do control das actividades dos centros.

É necesario ter presente que neste punto a constitución establece unha distinción fundamental entre os centros privados sen máis, e os centros privados sostidos con fondos públicos, diferenciando dentro do Art. 27 os apartados 6 e 7. Por outra banda, con respecto ós centros concertados débese ter en conta o Real Decreto 2377/1985[1] que aproba o Regulamento de Normas Básicas sobre Concertos Educativos. No seu artigo 14.3 establece que polo

concerto educativo o titular do centro está obrigado a dar cumprimento ás normas establecidas no Título IV da LODE. Os artigos 56 e 57 deste título refírense ós Consellos Escolares de Centro. O centro concertado debe satisfacer un requisito fundamental: abrirse na súa xestión, á participación dos pais, dos profesores, e en diversos supostos, dos alumnos.

Xunto coa participación nos centros públicos e nos privados concertados a LODE regula a participación de tódolos sectores na programación xeral da ensinanza desenvolvendo o apartado 5º do art. 27 da constitución. Esta participación ten lugar a través do Consello Escolar do Estado. O sistema educativo queda aberto á iniciativa creadora e democrática da comunidade escolar desde os primeiros niveis do sistema educativo, os centros escolares, ata o nivel máis elevado, o Consello Escolar do Estado, pasando polas distintas instancias locais, provinciais ou autonómicas onde poderán completarse anólogos sistemas de participación.

**Así, desenvolvendo o art. 34 da LODE créanse os Consellos Escolares das Comunidades Autónomas para os efectos da programación do ensino e como órganos participativos e de asesoramento.**

Polo que se refire ós Consellos Escolares dos diferentes niveis territoriais, isto é, os Consellos Escolares Provinciais, Municipais ou Comarcais, cabe sinalar que o seu establecemento é potestativo para os poderes públicos en virtude do previsto no art. 35 da LODE. As Comunidades Autónomas con competencias plenas en educación crearon, xunto ós Consellos Escolares da respectiva Comunidade, os Consellos Escolares Provinciais, Municipais e Comarcais ou Territoriais[2]. En Galicia só está constituido o Consello Escolar de Galicia e unha ducía de Municipais. Ó día da elaboración deste Informe non está constituido ningún Consello Escolar Provincial, Comarcal o Territorial. No ámbito do Ministerio de Educación e Ciencia non se procedeu ó regulamento destes Consellos intermedios entre os Consellos Escolares de Centro e o Consello Escolar do Estado.

De tódolos xeitos, de acordo co obxecto da nosa investigación, cincunscribirémonos ós Consellos Escolares de Centro.

## 3. Os Consellos Escolares: composición.

O instrumento principal dos propósitos sinalados anteriormente deberían se-lo Consello Escolar, máxima autoridade colexiada dos centros e organismos de confluencia das

1. REAL DECRETO 2377/1985, de 18 de Decembro, polo que se aproba o Reglamento de Normas Básicas sobre conciertos Educativos (B.O.E. de 27 de Decembro).

2. DECRETO 44/1988, de 11 de Febreiro, polo que se regulan o Consello Escolar de Galicia, os Consellos Escolares Territoriais e Municipais, en desenvolvimento da Lei 3/1986, de 18 de Decembro, dos Consellos Escolares de Galicia (DOG de 11 de Marzo).

representacións de tódolos sectores: profesores, pais e alumnos, e titulares nos centros privados, ademais do persoal de administración e servicios e a través do Concello nos centros públicos, a sociedade circundante.

A composición dos Consellos Escolares regúlase de maneira xeral na LODE nos artigos 41.1, para os centros públicos, e 56 para os centros privados sostidos con fondos públicos, é dicir, concertados.

Así para os centros públicos o artigo 41.1. establece:

"O Consello Escolar dos Centros estará composto polos seguintes membros:

a) O director do centro que será o seu presidente.

b) O xefe de estudios.

c) Un concellal ou representante do concello onde se atopa radicado o centro.

d) Un número determinado de profesores elixidos polo Claustro, que non poderá ser inferior a un tercio do total do compoñentes dos Consello Escolar do Centro.

e) Un número determinado de pais de alumnos e alumnos elexidos respectivamente entre os mesmos que non poderá ser inferior a un tercio dos compoñentes do Consello. A representación dos alumnos establecerase a partir do ciclo superior da E.X.B.

f) O secretario do centro que actuará de secretario do Consello con voz e sen voto.

Polo que respecta ós centros privados, a principal diferencia radica na presencia dos representantes da entidade titular e na ausencia de representantes do Concello. O Art. 56 sinala o seguinte:

O Consello Escolar dos centros concertados estará constituido por :

- O director

- Tres representantes do titular do centro.

- Catro representantes dos profesores.

- Catro representantes dos pais ou titores dos alumnos.

- Dous representantes dos alumnos a partir do ciclo superior da E.X.B.

- Un representante do persoal de Administración e Servicios.

## 4. Competencias dos Consellos Escolares.

A LODE incorpora tamén unha detallada enumeración das competencias dos Consellos, tanto para os centros públicos como para os privados en réxime de concerto. Os artigos 42 e 57 defínenas, respectivamente do seguinte xeito.

Art. 42.1:

O Consello Escolar do Centro terá as seguintes atribucións:

a) Elixi-lo Director/ e designa-lo equipo directivo por el proposto.

b) Propoñe-la revocación do nomeamento do Director, previo acordo dos seus membros, adoptado por maioría de dous tercios.

c) Decidir sobre a admisión de alumnos con subxección estricta ou establecido nesa Lei e disposicións que a desenvolven.

d) Resolve-los conflictos e impoñe-las sancións en materia de disciplina de alumnos, de acordo coas normas que regulen os dereitos e deberes dos mesmos.

e) Aproba-lo proxecto de presupostos do Centro.

f) Aprobar e avalia-la Programación Xeral do Centro que con carácter anual elabore o equipo directivo.

g) Elabora-las directrices para a programación e desenvolvemento das actividades escolares complementarias, visitas e viaxes, comedores e colonias de verán.

h) Establece-los criterios sobre a participación do Centro en actividades culturais, deportivas e recreativas, así como aquelas accións asistenciais ás que o centro puidera presta-la súa colaboración.

i) Establece-las relacións de colaboración con outros centros con fins culturais e educativos.

l) Aproba-lo Regulamento de Réxime Interior do centro.

m) Promove-la renovación das instalacións e equipo escolar, así como vixia-la súa conservación.

n) Supervisa-la actividade xeral do centro nos aspectos administrativos e docentes.

ñ) Calquera outra competencia que lle sexa atribuída nos correspondentes regulamentos orgánicos.

Art. 57:

Corresponde ó Consello Escolar do centro, no marco dos principios establecidos nesta lei:

A) Intervir na designación e cese do director do centro, de acordo co disposto no artigo 59.

B) Intevir na selección e despido do profesorado do centro, conforme co artigo 60.

C) Garanti-lo cumprimento das normas xerais sobre admisión de alumnos.

D) Resolve-los asuntos de carácter grave, propostos no centro en materia de disciplina de alumnos.

E) Aproba-la proposta do titular, no presuposto do centro no que se refire tanto ós fondos provenientes da Administración, como as cantidades autorizadas, así como a rendición anual de contas.

F) Aprobar e avalia-la Programación Xeral do centro, que con carácter anual elabora o equipo directivo.

G) Propoñer no seu caso á Administración, a autorización para establecer percepcións complementarias ós pais dos alumnos con fins educativos extraescolares.

H) Participar na aplicación da liña pedagóxica global do centro e fixa-las directrices para as actividades extraescolares.

I) Elabora-las directrices para a programación e desenvolvemento das actividades complementarias, visitas e viaxes, comedores e colonias de verán.

L) Establece-los criterios sobre a participación do centro en actividades culturais, deportivas e recreativas, así como en aquelas accións asistenciais ás que o centro puidese presta-las súa colaboración.

M) Establecer relacións de colaboración con outros centros, con fins culturais e educativos.

N) Aprobar, a proposta do titular, o Regulamento de Réxime Interior do centro.

Ñ) Supervisa-la marcha xeral do centro nos aspectos administrativos e docentes.

En xeral as competencias fixadas na LODE representan un reforzamento global dos Consellos como órganos soberanos dos centros, comparadas coas competencias que lles atribuía a Lei que derogou, é dicir, A Lei Orgánica do Estatuto de Centros Escolares.

## O novo Proxecto de Lei sobre Participación, Avaliación e Goberno dos Centros docentes (17-III-95).

Non obstante, as anteriores competencias dos Consellos Escolares están suxeitas a modificacións a través do Proxecto de Lei aprobado polo goberno o 17 de Marzo de 1995[3] e remitido ó parlamento para a súa tramitación sobre a participación e avaliación e goberno dos centros docentes. Unha das propostas do novo proxecto fai referencia á participación da comunidade educativa. O proxecto de Lei mantén os niveis de participación establecidos en Leis anteriores. Non obstante, precísanse as funcións de claustro de profesores do Consello Escolar e do director que se amplía cun representante do mundo empresarial ou laboral ó Consello Escolar dos centros que imparten ciclos formativos de Formación Profesional, así como a posibilidade de que un representante de pais poida ser designado e non elixido. Ademais, amplíase o mandato de dous a tres anos.

Así o artigo 10 do proxecto de lei mencionado establece a composición do Consello Escolar dos centros públicos da seguinte forma:

Art. 10:

1- O Consello Escolar dos centros estará composto polos seguintes membros:

a) O director do centro que será o seu presidente.

b) O xefe de estudios.

c) Un concelleiro ou representante do concello onde se atope radicado o centro.

d) Un número determinado de profesores elixidos polo Claustro, que non poderá ser inferior a un tercio do total dos compoñentes do Consello Escolar do Centro.

e) Un número determinado de pais de alumnos e alumnos elixidos respectivamente entre os mesmos que non poderá ser inferior a un tercio dos compoñentes do Consello.

f) O secretario, ou no seu caso o administrador que actuará de secretario do Consello con voz e sen voto.

2- Os centros que impartan as ensinanzas de Formación Profesional específica ou Artes Plásticas e Deseño poderán incorporar ó seu Consello Escolar un repre-

3. MINISTERIO DE EDUCACION Y CIENCIA (1995): Proyecto de ley de la participación, la evaluación y el gobierno de los centros. Madrid. MEC

sentante das organizacións empresariais ou institucións laborais, segundo determinen as administracións educativas.

3- As administracións educativas determinarán o número total de compoñentes do Consello Escolar así como a proporción interna da representación de pais e alumnos, e a distribución dos restantes postos se os houbese, entre os alumnos, alumnos e persoal de administración e servicios.

4- As administracións educativas poderán establecer que un dos representantes dos pais no Consello Escolar sexa designado pola asociación de pais máis representativa do centro.

5- Nos centros específicos de Educ. Infantil, nos incompletos de Educ. Primaria e nos de Educ. Secundaria con menos de 8 unidades, en centros de Educ. Permanente de Adultos e de Educ. Especial nos que impartan ensinanzas de réxime especial, así como naquelas unidades ou centros de características singulares, a Administración educativa competente adoptará o disposto neste artigo e no artigo 9, letra b, segundo a singularidade dos mesmos.

No artigo 11 establécense as competencias do Consello Escolar.

Art. 11:

1- O Consello Escolar do Centro terá as seguintes atribucións:

a) Establece-las directrices para a elaboración do Proxecto Educativo de Centro, aprobalo e avalialo.

b) Elixi-lo director do centro e, no seu caso, e previo acordo dos seus membros adoptado por maioría de dous tercios, propoñe-la revocación do nomeamento do director así elixido.

c) Decidir sobre a admisión de alumnos con suxección estricta ó establecido nesta lei e disposicións que a desevolven.

d) Aproba-lo Regulamento de Réxime Interno do centro.

e) Resolve-los conflictos e impoñe-las correccións que correspondan a aquelas conductas do alumnado que prexudiquen gravemente a convivencia do centro, de acordo coas normas que establezan as administracións educativas.

f) Aproba-lo proxecto de presuposto do centro e a execución do mesmo.

g) Promove-la renovación das instalacións e equipo escolar, e vixia-la súa conservación.

h) Aprobar e avalia-la Programación Xeral do centro e das actividades escolares complementarias.

i) Fixa-las directrices para a colaboración, con fins culturais e educativos con outros centros, entidades e organismos.

l) Analizar e valora-lo funcionamento xeral do centro, a evolución do rendemento escolar e os resultados da avaliación que do centro realice a Administración educativa.

m) Calquera outra competencia que lle sexa atribuída nos correspondentes regulamentos orgánicos.

2- As administracións educativas determinarán a periodicidade das reunións do Consello Escolar, así como o seu réxime de convocatoria.

As principais modificacións das competencias do Consello Escolar que incorpora este Proxecto de Lei concrétanse fundamentalmente na de establece-las directrices para a elaboración do Proxecto Educativo do Centro, aprobalo e avalialo; na aprobación da execución do presuposto e na de analizar e valora-lo funcionamento xeral do centro, a evolución do rendemento escolar e os resultados da avaliación que do centro realice a administración educativa.

Polo que se refire ós centros concertados, as disposicións finais 3, 4, 7, referentes ó Consello Escolar establecen:

Disposición Final nº 3 : Engádase un novo apartado ó artigo 54 da Lei Orgánica 8/1985, do 3 de xullo coa seguinte redacción:

As administraciones educativas poderán dispoñer que os centros concertados con máis dun nivel ou etapa financiados con fondos públicos, teñan un único director, Consello Escolar e Claustro de Profesores para todo o centro.

Disposición Final nº 4- Os apartados 1 e 3 do artigo 56 da Lei Orgánica 8/1985, do 3 de xullo, queden redactados do seguinte xeito:

1. O Consello Escolar dos centros concertados, estará constituído por:

- O director.

- Tres representantes do titular do centro.

- Catro representantes dos profesores.

- Catro representantes dos pais ou titores dos alumnos.

- Dous representantes dos alumnos, a partir do segundo ciclo da Educ. Secundaria Obrigatoria.

- Un representante do persoal da administración e servicios.

Os alumnos de Educación Primaria e de primeiro ciclo de Educ. Secundaria Obrigatoria poderán participar nos termos que as administracións educativas establezan. Así mesmo, os centros concertados que impartan Formación Profesional Específica poderán incorporar no seu Consello Escolar un representante do mundo da empresa, designado polas organizacións empresariais de acordo co procedemento que as administracións educativas establezan.

3. O Consello Escolar do centro renovarase cada tres anos, sen prexuízo de que se cubran ata dito termo as vacantes que se produzan.

Disposición Final nº 7- O artigo 61 da Lei Orgánica 8/1985, do 3 de xullo, queda redactado da seguinte forma:

1. No caso de conflicto entre o titular e o Consello Escolar do Centro no incumprimento das obrigas derivadas do réxime de concerto, constituirase unha Comisión de Conciliación, que poderá acordar por unanimidade a adopción das medidas necesarias, dentro do marco legal, para soluciona-lo conflicto ou corrixi-la infracción cometida polo centro concertado.

2. A Comisión de Conciliación estará composta por un representante da Administración educativa competente, o titular do centro ou persoa en quen delegue, un representante do Consello Escolar, elixido por maioría absoluta dos seus compoñentes entre profesores ou pais de alumnos que teñan a condición de membros do mesmo.

3. As administracións educativas regularán o procedemento ó que se deben somete-las comisións de conciliación.

4. O incumprimento do acordo da Comisión de Conciliación, suporá un imcumprimento grave do concerto educativo.

5. No suposto que a Comisión non chegue ó acordo citado, a Administración educativa, vista a acta en que aquela expoña as razóns da súa discrepancia, decidirá a instrucción do oportuno expediente en orde á determinación das responsabilidades nas que puidesen incorre-las partes en litixio, adoptando, no seu caso, as medidas provisionais que aconselle o normal desenvolvemento da vida do centro.

6. Con ocasión da solicitude de autorización de cese das actividades, as Administracións educativas correspondentes poderán impoñe-lo cese progresivo de actividades ós centros que estean concertados ou que o estivesen nos dous anos inmediata-

mente anteriores á formulación desta solicitude, se se acreditan no expediente correspondente necesidades de escolarización na zona de influencia do centro.

7. A Administración educativa non poderá adoptar en ningún caso, medidas que supoñan a súa subrogación nas facultades respectivas do titular ou do Consello Escolar de centro.

Este proxecto de Lei sobre Participación, Avaliación e Goberno dos centros docentes, está a ter un amplo rexietamento entre o profesorado, como amosa o resultado da consulta celebrada en toda España, na que máis dun 90% do profesorado do ensino público se manifestou de xeito negativo sobre el.

Ademais de non se ter negociado, situación que se tenta solventar agora, paralelamente o trámite parlamentario, é un Proxecto que a xuízo dos sindicatos da marcha atrás na participación democrática nos centros. Fundamentalmente por: Establecemento de criterios restrictivos para poderse presentar ás eleccións a Director, controlados pola propia Administración e, como parecería lóxico, sen constatar que eses requisitos poderían ser obrigados despois de ser elixido, se así o decide face-la Comunidade Educativa que o elixiu. Amplía de xeito esaxerado a duración do mandato, ademais de iguala-lo dos designados coma os dos elixidos. Consolida unha retribución de por vida, independentemente de que se teña rematado ou non o período de permanencia no cargo. Pode deixar fóra da participación nos Consellos Escolares o sector de PAS. Permite unha designación directa polas APAS dun representante, ademais dos que elixa o sector de pais. Non se establecen medidas fomentadoras do asociacionismo entre alumnos e pais.

En fin, que sen entrar nos aspectos de avaliación, non obxecto deste Informe, o Consello Escolar de Galicia, manifesta a súa preocupación polo retroceso que para a participación e xestión democrática dos centros representa o Proxecto de Lei citado, instando ás Administracións Educativas na modificación deses aspectos que vimos de salientar.

## A Normativa legal de Galicia sobre os Consellos Escolares

Na Comunidade Autónoma de Galicia mediante a Lei 3/1986[4], dos Consellos Escolares de Galicia (DOG do 26 de decembro), co obxecto de promover na Comunidade Galega o dereito constitucional á participación na programación xeral do ensino, créase o Consello

4. Lei 3/1986, de 18 de Decembro, dos Consellos Escolares de Galicia (DOG de 26 de Decembro).

Escolar de Galicia, os Consellos Territoriais ou Municipais, regulándose o seu funcionamento mediante o Decreto 44/1988, do 11 de febreiro (DOG do 11 de marzo).

Polo que se refire ós Consellos Escolares dos Centros públicos atópanse regulados polo Decreto 92/1988[5]. Nel regúlanse os distintos órganos de goberno e os procedementos de elección e constitución. Este Decreto foi modificado parcialmente polo Decreto 279/1990[6], dándolle unha nova redacción ó art. 29 no senso de prorroga-lo mandato dos actuais Consellos Escolares Constituidos por un ano máis. No que se refire ós Consellos Escolares podemos destacar:

a) **Composición** :

Artigo 21.º

O Consello Escolar do centro e o órgano a través do cal participan na xestión do mesmo os distintos membros da comunidade escolar.

5. DECRETO 92/1988, de 28 de Abril, polo que se regulan o Órganos de Goberno dos centros públicos de ensino non universitario ( DOG de 29 de Abril).

6. DECRETO 279/1990, de 27 de Abril polo que se modifica o artigo 29 do Decreto 92/1988, polo que se regulan os Órganos de Goberno dos centros públicos de ensino non universitario e se prorroga o mandato dos Consellos Escolares dos citados centros (DOG de 17 de Maio).

Artigo 22.º

Colexios de Educación Xeral Básica.

1. Nos centros de 5 a 7 unidades, así como nos de Educación Permanente de Adultos o Consello Escolar do centro esta integrado por:

a) O director do centro que será o presidente.

b) Un representante do Concello onde estea situado o centro.

c) Tres profesores elixidos polo Claustro.

d) Tres representantes de pais e alumnos distribuidos en función do establecido no punto l do artigo 27.º do presente Regulamento.

e) O secretario do centro, que actuará como secretario do Consello Escolar, con voz e sen voto.

2. Nos centros de 8 a 15 unidades o Consello Escolar do centro está integrado por:

a) O director do centro que será o presidente.

b) O xefe de estudios.

c) Un representante do Concello onde estea situado o centro.

d) Cinco profesores elixidos polo Claustro.

e) Cinco representantes dos pais e dos alumnos distribuídos en función do establecido no punto I do artigo 27.º do presente Regulamento.

f) Un representante do persoal de administración e servicios.

g) O secretario do centro, que actuará como secretario do Consello Escolar con voz e sen voto.

3. Nos centros de 16 ou máis unidades incrementarase o número de profesores, que serán 8, elixidos polo claustro. Os representantes de pais e alumnos sumarán igualmente 8, quedando distribuídos en función do establecido no punto 1 do artigo 27.º deste Regulamento. A composición do Consello Escolar completarase de acordo co establecido no punto I do artigo 27.º deste Regulamento. A composición do Consello Escolar completarase de acordo co establecido no punto anterior.

Artigo 23.º

Os centros con menos de 5 unidades, cando pertenzan ó mesmo Concello, poderán agruparse para constituí-lo Consello Escolar, de acordo coas proporcións establecidas no artigo anterior, actuando como secretario do órgano colexiado un, dos, tres representantes dos profesores, designado polo propio Consello Escolar e que terá voz e voto. De igual modo, o Consello Escolar elixirá de entre os representantes dos profesores o presidente do órgano colexiado.

Artigo 24º

Nos centros de menos de 5 unidades que non efectúen a opción prevista no artigo anterior, a representación dos profesores, por un lado, e dos pais e alumnos, no seu caso, por outro, será paritaria.

Artigo 25.º

Os alumnos terán representación no Consello Escolar do centro a partir do ciclo superior de Educación Xeral Básica, garantíndose a súa participación nas deliberacións e decisións do mesmo. Non obstante, nos centros de E.X.B. non intervirán nos procesos de elección de director, designación do equipo directivo e proposta de revocación do director ou dos membros do equipo directivo e para tal efecto substituirán ós alumnos, en número idéntico ó destes, os pais que obtivesen máis votos entre os non elixidos.

Artigo 26º

Institutos de Bacharelato e Formación Profesional.

1. Centros de 5 a 7 unidades. O Consello Escolar estará integrado por:

a) O director do centro será o presidente.

b) O xefe de estudios.

c) Un representante do concello onde estea situado o centro.

d) Tres profesores elixidos polo Claustro.

e) Tres represententes dos pais e alumnos distribuidos en función do establecido no punto 2 do artigo 27.º do presente Regulamento.

f) Un representante do persoal de administración e servicios.

g) O secretario do centro, que actuará como secretario do Consello Escolar, con voz e sen voto.

2. Nos centros de 8 a 15 unidades, incrementarase o numero de profesores, que serán 6, elixidos polo Claustro, e de representantes de pais e alumnos que, igualmente sumarán 6, completándose a composición do Consello Escolar de acordo co establecido no punto anterior deste artigo. Os representantes dos pais e alumnos distribuiranse en función do establecido no punto 2 do artigo 27.º deste Regulamento.

3. Nos centros de máis de 16 unidades, incrementarase o número de profesores, que serán 12, elixidos polo claustro, e de representantes de pais e alumnos, que igualmente sumarán 12, completándose a composición do Consello Escolar de acordo co establecido no punto 1 deste artigo. Os representantes dos pais e alumnos distribuiranse en función do establecido no punto 2 do artigo 27º deste Regulamento..

Artigo 27.º

O número de representantes dos alumnos no Consello Escolar será o seguinte:

1. Nos Colexios de Educación Xeral Básica.

a) Un nos centros de 5 a 7 unidades.

b) Dous nos centros de 8 a 15 unidades.

c) Tres nos centros de 16 ou máis unidades.

2. Nos Institutos de Bacharelato e Formación Profesional.

a) Dous nos centros de 5 a 7 unidades.

b) Catro nos centros de 8 a 15 unidades.

c) Oito nos centros de 16 ou mais unidades.

3. Nos centros de Educación Permanente de Adultos a representación de pais e alumnos será de un pai e dous alumnos, procédendose á elección de representantes de pais de alumnos menores de idade da acordo co establecido no presente Regulamento. En caso de que non houbese representación dos pais, incrementarase en un a dos alumnos maiores de idade.

Artigo 28º

O vicedirector e o vicesecretario poderán asistir ás reunións do Consello Escolar do centro, con voz e sen voto, cando se traten asuntos que lles fosen encomendados.

Os centros de características singulares teñen regulados os seus órganos de goberno mediante o Decreto 101/1988, do 5 de maio (DOG do 18 de maio). No referente ós Consellos Escolares establece.

## I. Das Escolas Oficiais de Idiomas e das Escolas de Artes Aplicadas e Oficios Artísticos.

Artigo 1º

Nas Escolas Oficiais de Idiomas e nas Escolas de Artes Aplicadas e Oficios Artísticos, o Consello Escolar estará integrado por:

a) O director do centro, que será o seu presidente.

b) O xefe de estudios.

c) Un representante do Concello no que está situado o centro.

d) Seis profesores elixidos polo Claustro.

e) Cinco representantes dos alumnos.

f) Un representante dos pais de alumnos.

g) Un membro do persoal de administración e servicios.

h) O secretario do centro, que actuará como secretario do Consello Escolar, con voz e sen voto

Artigo 2.

No acto de elección cada alumno fará constar na súa papeleta un máximo de tres nomes.

## II. Dos Centros de Ensinanzas Integradas

Artigo 7º

Nos Centros de Ensinanzas Integradas o Consello Escolar do centro estará integrado por:

a) O director do centro, que será o presidente.

h) O xefe de estudios.

c) O xefe de residencias.

d) Un concelleiro ou representante do Concello no que estea situado o centro.

e) Doce docentes elixidos polo Claustro.

f) Catro representantes de pais de alumnos.

g) Oito representantes dos alumnos.

h) Dous representantes do persoal non docente.

i) O secretario do centro, que actuará como secretario do Consello Escolar, con voz e sen voto.

## III. Dos centros de Bacharelato e Formación Profesional con características singulares.

Artigo 8º

Nos centros de Bacharelato e nos centros de Formación Profesional que imparten ensinanzas de doble turno, incorporaranse ó Consello Escolar ámbolos xefes de estudios. Así mesmo se é o caso, incorporaranse os xefes de estudio das extensións e das seccións dos institutos de Formación Profesional.

Por cada un destes xefes de estudios que se incorporen ó Consello Escolar incrementarase en igual número ó dos representantes dos alumnos.

Artigo 9º

Nos centros nos que se impartan ensinanzas de estudios nocturnos, o xefe de estudios no citado réxime incorporarase ó Consello Escolar. Así mesmo, incorporaranse. se e caso. ó citado Consello os xefes de estudios do INGABAD nos centros

colaboradores. Por cada un dos xefes de estudios que se incorporen ó Consello Escolar incrementarase en igual número ó dos representantes dos alumnos.

Artigo 10º

Os profesores das extensións dos institutos de Bacharelato e das seccións dos centros de Formación Profesional serán considerados membros do Claustro do centro do que dependa a sección ou extensión.

Artigo 11º

Os pais dos alumnos e os alumnos das seccións e extensións serán considerados para os efectos de elixibilidade para formar parte do Consello Escolar como pertencentes ós centros dos que dependa a sección ou extensión.

Artigo 12º

Cando en virtude do establecido no artigo 41. a) da LODE, por aplicación dos artigos 8º, 9º e 10º do presente Decreto, o número total de compoñentes do Consello Escolar implique que a representación do profesorado sexa interior ó tercio do número total de membros deste Consello, aumentarase o número desta representación ata alcanza-lo tercio.

b) **Competencias**:

Artigo 56º.- O Consello Escolar do centro terá as competencias seguintes:

a) Elixi-lo director e o equipo directivo por el proposto. b) Propoñe-la revocación do nomeamento do director, logo do acordo dos seus membros adoptado por maioría de dous tercios.

c) Decidir sobre a admisión de alumnos, con suxección estricta ó establecido nas disposicións legais vixentes.

d) Resolve-los confictos e impoñe-las sancións en materia de disciplina de alumnos, de acordo coas normas que regulan os dereitos e deberes dos mesmos.

e) Aproba-lo proxecto de presuposto do centro.

f) Aprobar e avalia-la programación xeral do centro que, con carácter anual elabore o equipo directivo.

g) Elabora-las directrices xerais para a programación e desenvolvemento das actividades escolares complementarias, visitas e viaxes, comedores e colonias escolares.

h) Establece-los criterios sobre a participación do centro en actividades culturais, deportivas e recreativas, así como aquelas accións asistenciais ás que o centro podería presta-la súa colaboración.

i) Establece-las relacións de colaboración con outros centros con fins culturais e educativos.

l) Aproba-lo Regulamento de Réxime Interior do centro, elaborado por unha comisión designada para isto polo propio Consello Escolar, de entre os seus membros, na que se garanta a representación dos distintos sectores da comunidade escolar con presencia no mesmo.

ll) Promove-la renovación das instalacións e equipo escolar, así como vixia-la conservación.

m) Supervisa-la actividade xeral do centro nos aspectos administrativos e docentes.

n) Coñece-la evolución do rendemento escolar do centro a través dos resultados das avaliacións.

ñ) Emitir informe sobre a Memoria Anual das actividades e situación xeral do centro.

o) Propoñerlle á Administración calquera medida que contribúa a un mellor funcionamento do centro.

## II. 2.- Problemática xeral da Participación nos Consellos Escolares

O desenvolvemento e actuación dos Consellos Escolares é algo que ven acontecendo non sen atrancos e dificultades unhas veces derivadas da falta de experiencia institucional nos dispositivos de participación abertos á comunidade, outras polas dificultades de comunicación entre os diferentes sectores que forman parte da comunidade educativa.

Os informes anuais do Consello Escolar do Estado así como os correspondentes ós Consellos Escolares das diferentes Autonomías con competencias en Educación veñen expoñendo ano tras ano proposicións e suxerencias tendentes a mellora-los distintos aspectos relacionados coa constitución e o funcionamento dos Consellos Escolares de Centro.

Tentando se-lo máis escuetos e concretos posible faremos referencia ós problemas máis acuciantes que afectan a este Órgano de participación.

Parece ocioso, polo obvio, pero resulta importante suliñar que algunhas das consideracións que a continuación se presentan constitúen estimacións propias do equipo de investigación e que poderían non ser compartidas por outros analistas. A base dos nosos comentarios están os propios Informes do Consello Escolar do Estado, a literatura que sobre o tema foi publicada nos últimos anos baixo a autoría tanto de estudiosos particulares como de Organismos Oficiais, e no que se refire en concreto a Galicia, o resultado das entrevistas realizadas ó longo desta investigación.

Algúns aspectos salientables da problemática dos Consellos escolares son os seguintes:

## A) A problemática da representación e do equilibrio entre sectores.

Seguindo a Fernández Enguita[7] (1993, 17-20) podemos constatar unha característica particular na composición dos Consellos Escolares dos centros públicos: o *bloque docente* ou institucional conta sempre cunha capacidade de influencia maior que o *bloque social*.

Podemos considerar que os membros natos do Consello, isto é, o equipo directivo (o director e, no seu caso, o xefe de estudios), os representantes dos profesores (e, no seu caso, do persoal psicopedagóxico de apoio) e o desolado representante do persoal de administración e servicios forman, por así decilo, o bloque institucional, ou máis exactamente docente. Por outra banda, os representantes dos pais, os alumnos e o municipio (quen raramente se presenta) forman, digamos, o bloque social ou clientelar.

Pois ben, os docentes teñen garantizada a maioría, xa que constitúen a metade dos seus membros e contan en todo caso, co voto de calidade do presidente, que é o director, e co probable apoio do representante do persoal de administración e servicios. Nos centros de ensino básico teñen segura a metade dos representantes y, por iso, a maioría efectiva co voto de calidade do presidente, é dicir, do director. Nos centros de características singulares (idiomas e artísticos), o bloque docente conta coa metade dos postos, sen necesidade do representante do persoal da administración e servicios, e polo tanto, coa maioría efectiva asegurada tanto gracias a este como ó voto de calidade presidencial. Polo que respecta ós centros de Ensinanzas Integradas (transformados polo Decreto 43/1989, do 2 de marzo, en Institutos de educación Secundaria e Profesional e Centros Residenciales Docentes) o bloque

7. FERNANDEZ ENGUITA, M. (1993): *La profesión docente y la comunidad escolar: crónica de un desencuentro*. Morata, Madrid.

docente está en minoría, se ben, non terá dificultade de contar co apoio do xefe de residencias e do dos representantes do persoal de administración e servicios.

Deste xeito o corpo de profesores (coa axuda dos non docentes, no seu caso) ten máis poder canto máis elevado é o nivel de ensino no que traballan e maiores son as dimensións do centro, mentres o bloque clientelar (coa inclusión do representante municipal, no seu caso) perde posicións xusto no senso contrario. Os profesores, polo tanto, ven aumenta-lo seu peso fronte a tódolos demais a medida que o fai o seu nivel profesional ou a idade dos seus alumnos. Estes, en cambio, ven aumenta-lo seu fronte ós pais coa idade, pero, sumados a estes, veno diminuir ó mesmo tempo fronte ós profesores.

En canto ós centros privados, a LODE ten dúas consecuencias: por unha banda consolida a capacidade de influencia da "comunidade escolar" fronte ó titular ou propietario e, pola outra, reduce ós demais compoñentes a unha posición minoritaria fronte ó profesorado.

A persoa ou entidade titular do centro conta só con dous ou tres representantes directos, pero case tódolos demais son ou poden ser tamén, ata certo punto, os seus representantes indirectos. O director é nomeado polo titular a proposta do consello, co que ten que ser unha persoa da súa confianza. Os profesores, en xeral, son contratados por acordo entre o Consello e o titular, o cal significa tamén unha relación de confianza, ou, se se prefire, de dependencia.

Esta situación refórzase aínda máis se os profesores/-as son membros dalguhna Orde relixiosa: nese caso, a xerarquía desta superponse á estructura democrático-estamental do Consello, co que os representantes dos profesores non serán, en realidade e aínda que se siga o procedemento formal previsto para a súa elección, representantes do colectivo profesional senón o eco da "obediencia debida" ó titular. Os mesmos representantes dos pais, nos centros privados, pertencen con certa frecuencia a algunha Asociación creada ó abeiro da Institución titular do Centro.

Ó mesmo tempo danse casos en que os representantes do titular son profesores, normalmente profesores do Centro (non só porque poida exisitr unha forte identidade de intereses entre propietarios e profesores como porque numerosos membros da familia ou a orde propietaria, como é o caso en moitos centros privados, traballan no Centro como profesores), co cal, si sumámo-lo seu número ó dos representantes dos profesores e o director, atopámonos de novo con que o profesorado ten a maioría asegurada fronte á suma dos pais, alumnos e persoal de Administración e Servicios.

De aí que normalmente nos seus Informes sobre a Situación do Sistema Educativo o Consello Escolar do Estado inste á Administración educativa a que adopte as medidas oportunas a fin de lograr un maior equilibrio entre os distintos estamentos da comunidade educativa dentro dos Consellos Escolares.

## B) A dispersión de datas e situacións nas que se produce a elección

O Ministerio de Educación no territorio da súa competencias e cada unha das Comunidades Autónomas nos seus propios ámbitos veñen organizando pola súa conta os procesos de elección para representantes nos Consellos Escolares de Centros nos diferentes Niveis Educativos. Como queira que as convocatorias fanse dun xeito descoordinado, este feito produce unha grande dispersión de datas, momentos e tipos de elección.

As situacións que dan lugar á convocatoria de eleccións son moi diversas:

-Centros nos que debe renovarse o Consello por ter cumpridos os dous anos de vixencia.

-Centros de recente creación (no último ano) e que teñen aínda sen organiza-lo Consello Escolar.

-Centros nos que existan prazas vacantes no Consello e non exista a posibilidade de face-las sustitucións polo procedemento regulamentario (art. 63 do Regulamento de Órganos dos Centros públicos de nivel non universitario).

A situación provoca un notable cansazo institucional (nalgúns casos as eleccións repítense tódolos anos) e non pouca confusión. Así o recoñece o Servicio de Inspección no seu informe sobre o funcionamento dos Consellos Escolares en 1989 : produciuse unha dispersión de calendarios electorais entre Centros Públicos do Ministerio de Educación e Ciencia, Centros Públicos dependentes de Comunidades Autónomas e Centros Concertados, que non por ser advertido polo Consello Escolar do Estado (en anos anteriores) deixou de producirse co efecto negativo de que tamén se produciu unha dispersión entre os esforzos asumidos polos organismos públicos e privados que potencian a participación".

Nese mesmo senso, en aras a potencia-la participación nas eleccións a Consellos Escolares nos centros docentes públicos e concertados, o Consello Escolar do Estado, ó igual que en informes anteriores, insta ó Ministerio de Educación e Ciencia, no seu Informe de 1990, para que propoña na Conferencia de Conselleiros titulares de educación dos Consellos de Goberno das Comunidades Autónomas, que a celebración destas eleccións se faga nas mesmas datas.

O Consello Escolar de Galicia súmase á apreciación de que se debería establecer unha data en que, salvo excepcións, se celebrarían en tódolos Centros de España as elección para os Consellos Escolares. Esta unificación de data daría moita máis eficacia ás campañas publicitarias, a través dos medios de comunicación, con vistas a estimula-la participación de tódolos sectores da comunidade educativa.

Como consecuencia, ínstase á Administración Educativa a que procure un acordo neste senso.

Por outra banda, tamén se cre que debería acometerse a oportuna reforma normativa con vistas a establecer un maior equilibrio na representación dos distintos sectores dentro do consello escolar dos Centros.

## C) Problemas de funcionamento dos Consellos.

Os problemas de funcionamento dos Consellos Escolares teñen que ver cunha variada gama de asuntos que afectan ó desenvolvemento das funcións propias dese Órgano colexiado. Debido á diversidade de sectores que participan nel e ós diversos ritmos de vida duns e doutros, así como á diferente perspectiva coa que uns e outros perciben o traballo a realizar no seo do Consello, non resulta difícil comprender que as disfuncións resultan, ás veces, inevitables.

Por outra parte, o Consello Escolar do Estado coñece a existencia dalgúns problemas no funcionamento dos Consellos Escolares, polo que considera necesario un debate en profundidade sobre os mesmos, co obxectivo de superalos, cos compoñentes da Comunidade Educativa. Para iso, recoméndase ás Administracións Educativas que dean solucións ou simplemente lembren as normas legais, especialmente no que se refiere á idoneidade dos horarios das súas reunións de xeito tal que se posibilite a participación de tódolos sectores, aportando a cada membro ordes do día, actas das sesións anteriores e toda aquela información e documentos que faciliten e incentiven a participación de tódolos compoñentes do Consello.

**Nesas recomendacións do Consello Escolar aparecen xa parte dos problemas de funcionamento detectados nestes últimos anos. Entre eles conviría sinalar:**

### C.1 O número de reunións

As queixas neste punto son contradictorias. En ocasións algúns dos sectores queixanse de que se fan poucas reunións. Noutros casos, as queixas van no senso contrario : as reunións son excesivas e os representantes non poden dispoñer de tanto tempo pois deben atender tamén ás súas obrigas familiares e profesionais.

No Informe antes citado do Servicio de Inspección (con referencia ó territorio administrado polo Ministerio de Educación e Ciencia) sobre o funcionamento dos Consellos escolares sinálase que "O número medio de reunións celebradas, ó longo do curso, polos Consellos Escolares dos Centros Públicos foi nos Centros de Educación Xeral Básica de 5,6, en Formación Profesional de 8,3, en Bacharelato Unificado e Polivalente e Curso de Orientación Universitaria de 8,8, cunha media global de 6,5; e o de reunións celebradas polos Consellos Escolares nos Centros concertados de 4,9 en Centros de Educación Xeral Básica, de 4,4 en Formación Profesional e de 5,3 en Bacharelato Unificado e Polivalente e Curso de Orientación Universitaria, cunha media global de 4,9".

## C.2 O momento das reunións

O momento de realización das reunións é outro motivo de queixa por parte dalgúns dos sectores participantes no Consello Escolar. Se se dá prioridade ós intereses dos profesores e se convocan as reunións en momentos próximos ás actividades docentes, teñen problemas para asisti-los representantes dos sectores sociais. Se, para facilita-la asistencia de estes, se convocan as reunións ó final da tarde unha vez concluído o horario laboral, é o colectivo docente quen pon dificultades para poder acudir.

## C.3 A preparación das reunións

Outra parte das reivindicacións dos sectores refírense á forma de propoñe-las reunións do Consello e á necesaria preparación das mesmas de xeito que tódolos sectores poidan participar en igualdade de circunstancias (estando igualmente enterados dos temas que se van tratar).

Esa preparación implica varias condicións:

-convocatoria das reunións son suficiente antelación.

-envío da Orde do día cos temas bien específicados.

-envío de documentación suficiente para poder coñecer en profundidade os temas que se van tratar.

## C.4 A formalización dos procesos de toma de decisións

A formalización implica efectividade no desenvolvemento das sesións, claridade na toma de decisións (votacións claras e decisorias) e constancia oficial dos acordos (Actas das sesións).

Non sempre se mantén un nivel adecuado de formalización e iso actúa en detrimento da propia imaxe do Consello como Órgano máximo de toma de decisións institucionais.

## D) O problema da participación dos diferentes sectores na elección dos seus representantes.

Con todo o problema material máis relevante nos últimos anos de funcionamento dos Consellos Escolares ten sido a escasa participación dos pais nos procesos de elección. Tódolos outros sectores manteñen un nivel moi elevado de participación no proceso.

Os sucesivos Informes do Consello Escolar do Estado insisten ano tras ano na recomendación á Administración para que estableza medidas que permitan mellora-lo nivel de votantes nas eleccións ó Consello Escolar.

Algúns datos comparativos no territorio MEC e nas diferentes Autonomías poden servir para ter unha visión panorámica do problema da participación:

Territorio MEC : cadro da porcentaxe de participación por sector e nivel educativo nas dúas últimas eleccións para os Consellos Escolares:

Cadro nº 1

| Nivel | EXB | | BUP/COU | | FP | | TOTAIS | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Sector // Ano | 1990 | 1992 | 1990 | 1992 | 1990 | 1992 | 1990 | 1992 |
| Profesores/as | 94,90 | 92,95 | 84,99 | 89,16 | 88,24 | 89,87 | 91,69 | 91,57 |
| Alumnos/as | 86,35 | 92,88 | 40,22 | 53,19 | 39,21 | 38,43 | 59,48 | 62,16 |
| Persoal Admón e Serv. | 82,12 | 83,07 | 82,80 | 80,60 | 84,55 | 78,19 | 82,09 | 80,40 |
| Pais | 23,48 | 23,94 | 9,46 | 9,24 | 6,39 | 6,82 | 18,56 | 17,85 |

Andalucía:

A última elección foi en Nov. de 1992.

As porcentaxes de participación nas votacións por parte dos distintos sectores con dereito ó voto foi o seguinte: profesores 91,82%; pais/nais 17,36%; alumnos/-as 70,22%; peroal de Admón e Servicios 88,62%.

Canarias:

Nas eleccións de 1992 a participación do profesorado, alumnos e persoal da Admón. e Servicios foi elevada, en ningún caso inferior ó 80% do censo. Pola contra a participación dos pais no proceso electoral oscilou en torno ó 10%.

Cataluña.

No curso 92/93 desenvolveuse a elección de representantes nos Consellos Escolares dos centros cataláns tanto públicos como privados. A participación do profesorado situouse ó redor do 95% en EXB/Primaria e no 85% en Secundaria. A participación do alumnado foi do 91% na EXB/Primaria e o 51% na Secundaria. A participación dos pais foi máis baixa situándose no 16% en EXB/ Primaria e no 4% na Secundaria.

Galicia.

A renovación dos Consellos Escolares de Centros Galegos tivo lugar no primeiro trimestre do curso 92-93.Cómpre suliña-lo feito de que en Galicia soamente posúe dereito ó voto ben o pai ben a nai pero non ámbolos dous á vez.

Os índices de participación nos centros concertados foron os seguintes: profesores 91,5%; pais 33,3%; alumnos 90,2%; persoal da Admón. e Servicios 77,2%.

Nos centros de EXB/Primaria a participación foi a seguinte: profesores 92,1%; pais 25,3%; alumnos 94,6%; persoal de Admón e Servicios 84,1%.

No nivel de BUP a participación ascendeu as seguintes porcentaxes: profesores 82,7%; pais 9,9%; alumnos 59,5%; persoal de Admón. e Servicios 62,7%.

Por último na Formación Profesional a participación foi respectivamente do 77,3%; 5,5%; 43,1% e 71,5%.

Estes datos pódense contrastar cos obtidos na presente investigación na que tamén se ten analizado a participación na elección de 1992.

Valencia.

Nas eleccións de 1992 a participación do profesorado en EXB/Primaria e Secundaria foi do 95,95% e 87,80% respectivamente cun aumento global dun 1,90% con relación ás eleccións celebradas en 1990.

No sector de pais/nais eses índices de participación foron do 28.99% en EXB/ Primaria e do 9,06% en Ensino Medio o que supuxo un 3,66% de aumento.

Polo que se refire ó persoal de Admón. e Servicios a participación foi do 88,18% en EXB/Primaria e do 89,61% no Ensino Medio, cunha diminución do 2,85% en relación ás anteriores eleccións.

O aumento da participación media xeral cifrouse no 3,32% nos centros públicos, namentres que a participación nos centros concertados experimentaron unha diminución do 1,59% dos votantes.

A escasa participación dos pais/nais é pois un feito xeneralizado en todo o territorio nacional. Por esa razón, do mesmo xeito que fixo en informes anteriores, O Consello Escolar do Estado, no seu informe do curso 92-93, pon de manifesto a súa preocupación pola escasa participación do grupo de pais e nais nas eleccións dos membros de Consellos Escolares de Centros públicos e Centros privados concertados, observando que esta escasa participación presenta dúas características especiais. Unha delas, é un descenso progresivo da participación desde 1986, data en que tiveron lugar as primeiras eleccións a Consellos Escolares. Outra, que o menor índice de participación se dá entre os pais e nais con fillos matriculados nos niveis de Ensino Secundario.

O Consello Escolar do Estado insta novamente ás Administracións Educativas a que adopten as medidas oportunas que poidan estimula-lo incremento da participación, tendo en conta, á hora de presentar estas medidas, as observacións anteriores.

# II.3.- Situación en Galicia

Os cuestionarios remitidos a tódolos Centros de Galicia e mailas entrevistas mantidas nos Centros da mostra, estiveron orientadas a coñecer diferentes datos sobre a constitución, os compoñentes e o funcionamento habitual dos Consellos Escolares.

O primeiro bloque de datos refírese ás eleccións de representantes para o Consello Escolar. Recóllense datos sobre a participación dos diferentes sectores da comunidade educativa nas dúas últimas eleccións ós Consellos Escolares que tiveron lugar no ano 92 e a finais do ano 94. A análise que faremos a continuación tentará establecer unha comparación entre unha e outra elección por cada un dos sectores implicados, profesores/as, pais/nais, alumnos/as, representante/s da Administración e Servicios e representante do Concello.

O segundo bloque de datos refírese ó funcionamento habitual do Consello Escolar elixido no ano 1992. Non tería sentido tratar de estudia-los actuais Consellos Escolares pois foron constituídos no pasado mes de decembro e aínda están iniciando o seu percorrido institucional.

## II.3.1.- DATOS SOBRE A ELECCIÓN DE REPRESENTANTES PARA OS CONSELLOS ESCOLARES NAS CONVOCATORIAS DE 1992 E 1994.

### 3.1.1.- A PARTICIPACIÓN DOS PROFESORES/AS

O censo de profesores/-as nos distintos Centros escolares estudiados resulta moi variado como consecuencia dos diferentes tamaños e niveis educativos daqueles. O número total de profesores/-as existente nos Centros escolares condiciona directamente o número de representantes dese sector no Consello Escolar. Cabería supoñer que o número total de profesores/-as nos Centros afecta tamén ó número de candidatos/-as e de votantes en cada unha das eleccións.

Cadro nº 2: Censo de profesores/-as en función do tamaño dos Centros estudiados

| | Ata 8 Unidades | | 8 - 15 Unidades | | 16 - 23 Unidades | | Máis de 23 Unid. | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 1992 n.º Centros | 1994 n.º Centros | 1992 n.º Centros | 1994 n.º Centros | 1992 n.º Centros | 1994 n.º Centros | 1992 n.º Centros | 1994 n.º Centros |
| 1 a 9 Prof. | 7 | 8 | 11 | 12 | 1 | 1 | 0 | 0 |
| 10 a 19 Prof. | 7 | 7 | 104 | 110 | 17 | 20 | 3 | 3 |
| 20 a 29 Prof. | 0 | 1 | 10 | 9 | 68 | 68 | 14 | 17 |
| 30 a 39 Prof. | 1 | 0 | 9 | 10 | 15 | 11 | 25 | 21 |
| 40 a 49 Prof. | 0 | 0 | 0 | 0 | 10 | 17 | 9 | 11 |
| 50 a 59 Prof. | 0 | 0 | 0 | 1 | 5 | 6 | 7 | 11 |
| 60 a 69 Prof. | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 2 | 9 | 11 |
| 70 a 79 Prof. | 0 | 0 | 2 | 1 | 0 | 0 | 10 | 10 |
| 80 a 89 Prof. | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 7 | 5 |
| 90 a 99 Prof. | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 6 | 7 |

Con todo, non é este un tema relevante en relación á participación, máis importante semella constatar cal é o nivel de participación dos profesores/-as no que se refire ás eleccións para o Consello Escolar. Cómpre tomar en consideración que a participación dos profesores/-as é de dous tipos: como **candidatos/-as** e como **votantes**.

Parece pois importante analizar unha serie de cuestións en relación a esa dobre circunstancia:

a) ¿cantos candidatos/-as do sector dos profesores/-as se presentan para formar parte do Consello? ¿Existe algunha relación entre o tamaño do centro, a ubicación do mesmo, o nivel educativo, etc, e o número de candidatos/as?

b) ¿cantos profesores/-as son elixidos?¿que relación existe entre os candidatos/-as presentados e os elixidos?

c) ¿en que porcentaxe exercen os profesores e profesoras o seu dereito a elixir ós seus representantes no Consello Escolar?

d) ¿está cuberto o cupo correspondente ó sector do profesorado no Consello Escolar?

Segundo os datos dos que dispoñemos, a situación en Galicia é a seguinte.

## A) **Profesores/-as candidatos/-as** para o Consello Escolar.

Cadro nº 3: Profesores/-as candidatos/-as para a elección ó Consello Escolar

| | 1992 | | 1994 | |
|---|---|---|---|---|
| | N* Total | % | N Total | % |
| NINGÚN | 41 | 10,3 | 14 | 3,5 |
| 1 - 2 | 3 | 0,8 | 9 | 2,3 |
| 3 - 4 | 60 | 15,1 | 61 | 15,4 |
| 5 - 6 | 67 | 16,9 | 70 | 17,6 |
| 7 - 8 | 51 | 12,8 | 58 | 14,6 |
| 9 - 10 | 44 | 11,1 | 50 | 12,6 |
| 11 - 12 | 47 | 11,8 | 41 | 10,3 |
| 13 - 14 | 23 | 5,8 | 27 | 6,8 |
| 15 - 16 | 30 | 7,6 | 25 | 6,3 |
| 17 - 18 | 8 | 2,0 | 10 | 2,5 |
| 19 - 20 | 7 | 1,8 | 7 | 1,8 |
| 21 - 22 | 2 | 0,5 | 8 | 2 |
| 23 ou máis | 14 | 3,5 | 17 | 4,3 |

*NOTA: As N refírense en tódolos cadros ó número de Centros nos que se produce a circunstancia analizada, neste caso por exemplo refírese ó número de Centros nos que houbo o número de candidatos/-as que se sinala na columna da esquerda.

Como pode verse a situación mellorou con respecto ó número de Centros con candidatos/-as ó Consello Escolar, aínda que as diferencias son moi leves: houbo menos Centros no 94 que non tiveron candidatos/-as do sector do profesorado.

Se cruzamos estes datos polo nivel educativo dos Centros témo-los seguintes resultados:

Cadro nº 4: Número de candidatos/-as segundo o nivel educativo do centro

| | A | | B | | C | | D | | E | | F | | G | | H | | I | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 92 | 94 | 92 | 94 | 92 | 94 | 92 | 94 | 92 | 94 | 92 | 94 | 92 | 94 | 92 | 94 | 92 | 94 |
| NINGÚN | 0 | 0 | 0 | 0 | 5 | 2 | 1 | 0 | 4 | 1 | 0 | 0 | 24 | 8 | 4 | 2 | 2 | 1 |
| 1 - 2 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 1 | 3 | 8 | 0 | 0 | 0 | 0 |
| 3 - 4 | 0 | 0 | 3 | 2 | 0 | 0 | 0 | 0 | 3 | 3 | 1 | 0 | 40 | 43 | 10 | 9 | 3 | 4 |
| 5 - 6 | 0 | 0 | 4 | 5 | 2 | 2 | 0 | 0 | 0 | 1 | 4 | 2 | 48 | 52 | 3 | 5 | 5 | 2 |
| 7 - 8 | 1 | 1 | 3 | 4 | 2 | 1 | 0 | 1 | 0 | 2 | 1 | 1 | 43 | 48 | 0 | 0 | 1 | 0 |
| 9 - 10 | 1 | 0 | 4 | 4 | 2 | 3 | 0 | 0 | 2 | 2 | 0 | 0 | 33 | 38 | 0 | 1 | 2 | 2 |
| 11 - 12 | 0 | 0 | 2 | 1 | 7 | 8 | 0 | 0 | 4 | 3 | 2 | 3 | 29 | 20 | 1 | 1 | 2 | 5 |
| 13 - 14 | 0 | 0 | 0 | 1 | 6 | 6 | 0 | 0 | 4 | 5 | 0 | 0 | 10 | 10 | 0 | 1 | 3 | 4 |
| 15 - 16 | 0 | 0 | 0 | 0 | 8 | 6 | 0 | 0 | 5 | 1 | 1 | 3 | 13 | 13 | 1 | 0 | 2 | 2 |
| 17 - 18 | 0 | 0 | 1 | 0 | 1 | 2 | 0 | 0 | 0 | 3 | 0 | 0 | 5 | 4 | 0 | 0 | 1 | 1 |
| 19 - 20 | 0 | 0 | 1 | 1 | 0 | 1 | 0 | 0 | 0 | 0 | 6 | 0 | 5 | 7 | 0 | 0 | 1 | 1 |
| 21 - 22 | 0 | 1 | 0 | 0 | 0 | 1 | 0 | 0 | 0 | 1 | 0 | 0 | 1 | 4 | 0 | 0 | 1 | 0 |
| 23 ou máis | 0 | 0 | 0 | 0 | 3 | 4 | 0 | 0 | 1 | 1 | 1 | 0 | 7 | 9 | 1 | 1 | 1 | 2 |

A= Infantil
B= Primaria- EXB
C= Bacharelato
D= ESO
E= FP
F= IESP
G= Infantil + Primaria + EXB
H= Infantil + Primaria+ Bacharelato
I= Outros

Os Centros nos que non houbo candidatos/-as no 92 pertencían sobre todo a Bacharelato (13,8% dos Centros estudiados dese nivel), F.P. (17% dos Centros de F.P estudiados) e Primaria (9% dos Centros estudiados). De todas formas os Centros sen candidatos/-as diminuiron significativamente en tódolos casos na elección de 1994. Por outra parte, como podemos observar no cadro anterior, predominan en ámbalas dúas eleccións os Centros cun número de candidatos/-as que oscila entre os tres e os doce, posiblemente como consecuencia da maior presencia na mostra estudiada de Centros de tamaño mediano do nivel de Infantil, Primaria e EXB.

Isto é o que se pode ver no cadro nº 5.

Cadro nº 5: Número de profesores/-as candidatos/-as segundo o tamaño dos Centros

| | Ata 8 Unidades | | 8 - 15 Unidades | | 16 - 23 Unidades | | Máis de 23 Uni. | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 1992 | 1994 | 1992 | 1994 | 1992 | 1994 | 1992 | 1994 |
| 1 - 2 | 2 | 1 | 0 | 2 | 1 | 2 | 0 | 4 |
| 3 - 4 | 2 | 4 | 31 | 31 | 15 | 12 | 11 | 13 |
| 5 - 6 | 6 | 3 | 43 | 46 | 11 | 12 | 6 | 8 |
| 7 - 8 | 2 | 5 | 19 | 23 | 17 | 18 | 13 | 11 |
| 9 - 10 | 1 | 0 | 18 | 18 | 11 | 21 | 13 | 10 |
| 11 - 12 | 0 | 0 | 11 | 12 | 20 | 11 | 15 | 18 |
| 13 - 14 | 0 | 0 | 3 | 2 | 10 | 12 | 10 | 13 |
| 15 - 16 | 0 | 0 | 4 | 5 | 12 | 13 | 14 | 6 |
| 17 - 18 | 0 | 0 | 1 | 0 | 7 | 6 | 0 | 4 |
| 19 - 20 | 0 | 0 | 0 | 0 | 3 | 5 | 4 | 2 |
| 21 - 22 | 0 | 0 | 0 | 0 | 2 | 4 | 0 | 3 |
| 23 ou máis | 1 | 1 | 1 | 0 | 6 | 10 | 5 | 5 |

Se cruzamos esta variable polo criterio de ubicación xeográfica podemos comprobar que non existe unha grande diferencia entre os Centros rurais, urbanos e semiurbanos polo que á presentación de candidatos/-as se refire.

Cadro nº 6: Número de profesores/-as candidatos/-as segundo a ubicación xeográfica dos Centros

| | RURAL | | URBANO | | VILAS | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | 1992 | 1994 | 1992 | 1994 | 1992 | 1994 |
| 1 - 2 | 2 | 4 | 0 | 0 | 1 | 5 |
| 3 - 4 | 12 | 10 | 23 | 24 | 20 | 19 |
| 5 - 6 | 25 | 28 | 15 | 14 | 20 | 23 |
| 7 - 8 | 23 | 22 | 7 | 12 | 17 | 22 |
| 9 - 10 | 12 | 23 | 12 | 12 | 20 | 15 |
| 11 - 12 | 10 | 7 | 16 | 14 | 20 | 18 |
| 13 - 14 | 4 | 2 | 7 | 13 | 12 | 12 |
| 15 - 16 | 7 | 6 | 12 | 10 | 11 | 9 |
| 17 - 18 | 2 | 1 | 2 | 4 | 4 | 4 |
| 19 - 20 | 1 | 1 | 4 | 1 | 1 | 5 |
| 21 - 22 | 0 | 2 | 1 | 2 | 1 | 4 |
| 23 ou máis | 3 | 3 | 8 | 5 | 3 | 9 |

O número de candidatos/-as entre a elección do 92 e a do 94 reflicte a seguinte situación: 113 Centros (28,5 % do total) mantiveron ó mesmo número de candidatos/-as en ámbalas dúas ocasións. En 131 (o 37,1 % do total mostra) Centros diminuiu o número de candidatos/-as nas eleccións 1994 en relación ás anteriores de 1992. En 109 Centros (30, 6% do total da mostra) o número de candidatos/-as aumentou.

## B) Profesores/-as elixidos

Na elección de 1992 en 146 Centros (41,1 % da mostra) tódolos candidatos/-as presentados foron elixidos. Na elección de 1994 o número de Centros nos que se elixiu a tódolos candidatos/-as foi de 160 (41,9 % da mostra). A situación como se ve a continuación é idéntica en ámbalas dúas situacións e a porcentaxe total de Centros nos que o número de candidatos/-as é elixidos coincide (iso significa que non hai elección senón ratificación dos presentados) é moi elevada (case a metade dos Centros estudiados).

Cadro nº 7: Número de profesores/-as elixidos de entre os candidatos/-as presentados.

| | 1992 | | 1994 | |
|---|---|---|---|---|
| | N | % | N | % |
| Ata 25 % | 7 | 2,1 | 5 | 1,3 |
| 25-50 % | 53 | 14,9 | 56 | 14,7 |
| 50-75 % | 118 | 24,8 | 87 | 22,7 |
| 75-99 % | 62 | 16,9 | 68 | 17,8 |
| 100 % | 146 | 41,1 | 160 | 41,9 |

No cadro recóllese a porcentaxe de profesores/-as candidatos/-as que foron elixidos en ámbalas dúas eleccións.

## C) Profesores/-as votantes

Trátase de ve-la relación existente entre o número de profesores/-as do cadro de traballadores dos Centros de acordo co número de votantes para o Consello. É dicir, a cuestión a responder é a seguinte ¿cantos profesores/-as votan para a elección do Consello?

Cadro nº 8: Número de profesores/-as votantes nas eleccións para o Consello Escolar en 1992 e 1994

| | 1992 | | 1994 | |
|---|---|---|---|---|
| | N | % | N | % |
| Ata 25 % | 3 | 0,8 | 0 | 0 |
| 25-50 % | 0 | 0 | 4 | 1 |
| 50-75 % | 17 | 3,4 | 12 | 3,2 |
| 75-90 % | 67 | 19 | 88 | 23,2 |
| 90-99 % | 94 | 26,5 | 105 | 29 |
| 100 % | 175 | 49,4 | 162 | 42,3 |

Á vista do cadro cabe anota-lo grande nivel de participación existente por parte dos profesores/as. En tres de cada catro Centros exercen o dereito de elixi-los seus representantes para o Consello máis do noventa por cento do cadro de persoal dos Centros.

Cadro nº 9: Número de profesores/-as votantes segundo o nivel educativo do centro

| | A | | B | | C | | D | | E | | F | | G | | H | | I | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 92 | 94 | 92 | 94 | 92 | 94 | 92 | 94 | 92 | 94 | 92 | 94 | 92 | 94 | 92 | 94 | 92 | 94 |
| Ata 25% | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 1 | 0 | 0 | 0 | 1 | 0 | 0 | 0 |
| 25-50% | 0 | 0 | 2 | 0 | 3 | 0 | 0 | 0 | 3 | 0 | 0 | 0 | 22 | 0 | 0 | 1 | 2 | 0 |
| 50-75% | 0 | 0 | 7 | 1 | 2 | 0 | 0 | 0 | 1 | 1 | 0 | 1 | 71 | 13 | 2 | 2 | 7 | 1 |
| 75-99% | 2 | 0 | 1 | 2 | 14 | 20 | 0 | 0 | 7 | 12 | 2 | 3 | 38 | 12 | 1 | 4 | 5 | 9 |
| 100% | 0 | 2 | 7 | 16 | 12 | 13 | 0 | 1 | 8 | 10 | 7 | 6 | 105 | 229 | 12 | 10 | 9 | 13 |
| N Total | 2 | 2 | 17 | 18 | 31 | 33 | 0 | 1 | 19 | 23 | 10 | 10 | 237 | 254 | 16 | 17 | 22 | 23 |

| | | |
|---|---|---|
| A= Infantil | D= ESO | G= Infantil + Primaria + EXB |
| B= Primaria- EXB | E= FP | H= Infantil + Primaria+ Bacharelato |
| C= Bacharelato | F= IESP | I= Outros |

Se analizamos estes datos en función do nivel educativo que posúe o centro atopámonos con que as porcetaxes melloran (son máis os Centros nos que votan o 100% dos profesores) de dunha elección a outra. É especialmente chamativa a porcentaxe de votantes nos Centros de Primaria na elección de 1994. No 90% dos Centros de Infantil e Primaria estudiados votou o 100% do profesorado.

## D) ¿Está cuberto o cupo correspondente ó profesorado nos Consellos Escolares?

Para finalizar este apartado debemos suliñar que a meirande parte dos Centros educativos galegos teñen cuberto o cupo que lles corresponde ós profesores/-as no Consello Escolar. Isto acontece, no que se refire á elección de 1992, en 292 Centros dos 397 estudiados (73,6 %) e en 321 (80,9%) na elección de 1994. Tan só 77 Centros en 1992 (19,4%) e 66 Centros (16,6) en 1994, o cupo do profesorado non está cuberto.

Se cruzamos esta situación polos diferentes niveis educativos danos o seguinte cadro de resultados.

Cadro nº 10: Cupo de profesores/-as no Consello Escolar segundo o nivel educativo do centro

| | A | | B | | C | | D | | E | | F | | G | | H | | I | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 92 | 94 | 92 | 94 | 92 | 94 | 92 | 94 | 92 | 94 | 92 | 94 | 92 | 94 | 92 | 94 | 92 | 94 |
| SI | 2 | 2 | 13 | 17 | 29 | 31 | 0 | 1 | 16 | 20 | 6 | 9 | 200 | 206 | 11 | 13 | 13 | 20 |
| NON | 0 | 0 | 5 | 1 | 2 | 3 | 0 | 0 | 4 | 3 | 4 | 1 | 48 | 50 | 5 | 5 | 9 | 3 |
| Total | 2 | 2 | 18 | 18 | 31 | 34 | 0 | 1 | 20 | 23 | 10 | 10 | 248 | 257 | 16 | 18 | 22 | 23 |

A= Infantil
B= Primaria- EXB
C= Bacharelato
D= ESO
E= FP
F= IESP
G= Infantil + Primaria + EXB
H= Infantil + Primaria+ Bacharelato
I= Outros

Cabe resalta-la mellora da situación da elección do 94 con respecto á anterior e a diminución do número de Centros que non tiñan cuberto o seu cupo de profesores/-as no Consello, sobre todo en Bacharelato e ESO. Os Centros que non teñen cuberto o cupo de profesores/-as pertencen sobre todo ó nivel de Primaria, aínda que a porcentaxe destes Centros con respecto ós que si teñen cuberto o cupo é insignificante: o 80% de Centros de Primaria teñen o cupo cuberto fronte ó 19% de Centros que non chegaron a cubri-lo cupo.

Se analizamos este tema en relación á titularidade dos Centros obtémo-lo seguinte cadro de resultados.

Cadro nº 11: Cupo de profesores/-as candidatos/-as segundo a titularidade do centro

| | PÚBLICO | | PRIV. CONC. | | PRIVADO | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | 1992 | 1994 | 1992 | 1994 | 1992 | 1994 |
| Cupo cuberto | 242 | 270 | 10 | 8 | 34 | 37 |
| Cupo incompleto | 62 | 50 | 1 | 2 | 14 | 14 |
| Total | 304 | 320 | 11 | 10 | 48 | 51 |

Segundo os datos da mostra tanto os Centros públicos como os privados concertados manteñen un alto nivel de cobertura do cupo, que mellora da primeira á segunda elección no que se refire ós Centros públicos, mentres que empeora lixeiramente no caso dos Centros privados concertados. A situación nos Centros privados é algo máis negativa no tema da non cobertura de cupo de profesores/-as no Consello Escolar, ó redor de un de cada catro Centros

teñen sen cubri-lo cupo de profesores/as. De tódolos xeitos debemos entende-los Centros privados non concertados están non obrigados por lei a constitui-lo Consello Escolar.

## CONCLUSIÓN PRINCIPAL

*O nivel de participación dos profesores/-as nas eleccións para o Consello Escolar foi elevado. Desde o punto de vista cuantitativo cúmprense os próposito básicos tanto no que se refire a súa participación como candidatos/-as, onde se completan os mínimos, como no que se refire á súa actuación como votantes que resulta especialmente elevada.*

### 3.1.2.- A PARTICIPACIÓN DOS PAIS/NAIS NO CONSELLO ESCOLAR

Con respecto á participación dos pais/nais no Consello Escolar deberemos facer unha análise semellante ó realizado cos profesores/as. Tamén os pais/nais participan na fase de elección do Consello tanto presentándose coma **candidatos/-as** como exercendo o seu dereito ó voto, é dicir, como **votantes**. Para iso temos que considera-lo censo existente.

Cadro nº 12: Censo de pais/nais en función do tamaño dos Centros estudiados

| | Ata 8 Unidades | | 8 - 15 Unidades | | 16 - 23 Unidades | | Máis de 23 Unid. | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 1992 n.º Centros | 1994 n.º Centros | 1992 n.º Centros | 1994 n.º Centros | 1992 n.º Centros | 1994 n.º Centros | 1992 n.º Centros | 1994 n.º Centros |
| 1 a 100 pais | 7 | 8 | 12 | 19 | 1 | 0 | 0 | 0 |
| 101a 200 pais | 3 | 4 | 58 | 60 | 8 | 11 | 1 | 1 |
| 201a 300 pais | 1 | 1 | 40 | 37 | 26 | 40 | 4 | 5 |
| 301 a 400 pais | 1 | 0 | 15 | 14 | 33 | 27 | 11 | 14 |
| 401 a 500 pais | 0 | 0 | 5 | 7 | 17 | 15 | 15 | 13 |
| 501 a 600 pais | 0 | 1 | 3 | 4 | 8 | 16 | 14 | 13 |
| 601 a 700 pais | 0 | 0 | 2 | 0 | 9 | 7 | 6 | 11 |
| 701 a 800 pais | 0 | 0 | 0 | 0 | 5 | 3 | 4 | 7 |
| 801 a 900 pais | 0 | 0 | 0 | 1 | 1 | 2 | 11 | 5 |
| 901 en adiante | 1 | 1 | 2 | 1 | 4 | 6 | 22 | 27 |
| Total | 13 | 15 | 137 | 143 | 112 | 127 | 88 | 96 |
| % | 3,7 | 3,9 | 39,1 | 37,5 | 32,0 | 33,3 | 25,1 | 25,2 |

A primeira cousa que cómpre dicir con respecto ó censo de pais/nais é que sufriu un moi lixeiro incremento na elección de 1994. Un amplo grupo de Centros mantivo un censo similar nos dous momentos de elección. Así aconteceu con 75 Centros dos 397 estudiados.

Por outra banda, 154 Centros diminuiron o seu censo, aínda que en proporcións pouco significativas, mentres que 124 Centros aumentaron o censo de pais/nais, nalgúns casos (seguramente Centros novos e/ou Centros que ampliaron as etapas educativas que atendían) nunha proporción moi importante.

A seguinte cuestión de interese pode ser preguntarse se, polo xeral, se presentan máis candidatos/-as naqueles Centros con maior censo de pais/nais.

## A) Pais/nais candidatos/as

O número de representantes de pais/nais no Consello Escolar vén regulado pola lexislación. En concreto a Orde do 5 de Outubro de 1992 para a elección dos membros dos Consellos Escolares nos Centros docentes públicos determina o número de representantes de pais/nais no antedito órgano poñéndoo en relación co tamaño dos Centros.

Así para os Centros públicos de EXB de cinco a sete unidades os pais/nais teñen dous representantes no Consello Escolar, nos Centros de oito a quince unidades teñen tres e nos de máis de dezaseis unidades teñen cinco representantes. No que se refire a BUP e FP a citada Orde determina que para Centros de cinco a sete unidades o número de representantes será de un en Centros de oito a quince unidades serán dous, e nos Centros de máis de dezaseis unidades serán catro os representantes.

A primeira cousa que nos interesa pois analizar é se o número de candidatos/-as polo sector dos pais/nais garda relación co número de representantes do sector marcado pola lexislación. Se analizamos este dato nas dúas últimas eleccións témo-los seguintes resultados.

Cadro nº 13: Número de pais/nais candidatos/-as segundo o tamaño do centro

| | Ata 8 Unidades | | 8 - 15 Unidades | | 16 - 23 Unidades | | Máis de 23 Uni. | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 1992 N (%) | 1994 N (%) | 1992 N (%) | 1994 N (%) | 1992 N (%) | 1994 N (%) | 1992 N (%) | 1994 N (%) |
| 1-3 | 7 (2,0) | 7 (1,9) | 32 (9,7) | 47 (12,5) | 10 (2,8) | 12 (3,2) | 7 (2,0) | 7 (1,9) |
| 4-6 | 1 (0,3) | 5 (1,3) | 60 (17,0) | 64 (17,1) | 59 (16,8) | 48 (12,8) | 39 (11,1) | 45 (12,0) |
| 7-9 | 1 (0,3) | 1 (0,3) | 30 (8,5) | 23 (6,1) | 30 (8,5) | 47 (12,5) | 29 (8,2) | 32 (8,5) |
| 10-12 | 3 (0,9) | 0 (0,0) | 3 (0,9) | 4 (1,1) | 14 (4,0) | 11 (2,9) | 12 (3,4) | 8 (2,1) |
| 13-15 | 0 (0,0) | 1 (0,3) | 0 (0,0) | 1 (0,3) | 4 (1,1) | 4 (1,1) | 4 (1,1) | 2 (0,5) |
| 16-18 | 0 (0,0) | 0 (0,0) | 2 (0,6) | 0 (0,0) | 0 (0,0) | 0 (0,0) | 0 (0,0) | 1 (0,3) |
| Máis de 18 | 1 (0,3) | 1 (0,3) | 2 (0,6) | 1 (0,3) | 0 (0,0) | 2 (0,5) | 0 (0,0) | 1 (0,3) |
| Total | 13 (3,7) | 15 (4,0) | 131 (37,2) | 140 (37,3) | 117 (33,2) | 124 (33,1) | 91 (25,9) | 96 (25,6) |

Como pode observarse no cadro na maior parte dos Centros preséntanse entre catro e nove candidatos/-as o que bastaría para cubrir case a totalidade do cupo que a este sector lle corresponde. Unicamente aparecen 17 Centros no 92 e 19 Centros no 94 nos que os candidatos/-as presentados (de un a tres) non chegarían a cubri-los postos precisos ó tratarse de Centros de máis de quince unidades.

Cadro nº 14: Proporción de candidatos/-as dos pais/nais nas dúas convocatorias

| | 1992 | | 1994 | |
|---|---|---|---|---|
| | N | % | N | % |
| 1 candidato por cada 10 pais-nais | 5 | 0,5 | 7 | 2,1 |
| 1 cand. por cada 11-25 pais-nais | 47 | 13,6 | 44 | 11,3 |
| 1 cand. por cada 26-50 pais-nais | 106 | 30,5 | 115 | 30,2 |
| 1 cand. por cada 51-100 pais-nais | 97 | 28,0 | 115 | 30,2 |
| 1 cand. por cada 101-200 pais-nais | 62 | 17,9 | 73 | 19,5 |
| 1 cand. por cada 201- 300 pais-nais | 18 | 5,1 | 13 | 3,2 |
| 1 cand. por máis de 300 pais-nais | 12 | 3,5 | 13 | 3,2 |
| Non consta | 50 | 12,6 | 17 | 4,3 |

Dentro da mostra de textos analizados na maior parte deles a porcentaxe de pais/nais que se presentan como candidatos/-as sitúase na banda do 1 ó 2%. A situación mellora lixeiramente na elección do 94 pero sen diferencias significativas.

## B) Pais/nais elixidos.

Cadro nº 15: Número de pais/nais votados/-as para representantes no Consello Escolar

| | 1992 | | 1994 | |
|---|---|---|---|---|
| | N | % | N | % |
| 1-2 | 11 | 3,1 | 8 | 2,1 |
| 3-4 | 38 | 10,6 | 39 | 10,2 |
| 5-6 | 89 | 24,7 | 105 | 27,6 |
| 7-8 | 102 | 28,3 | 113 | 29,7 |
| 9-10 | 115 | 31,9 | 110 | 28,9 |
| Máis de 10 | 5 | 1,4 | 6 | 1,6 |
| Non consta | 37 | — | 16 | — |

Como podemos ver no cadro en moitos Centros resultan votados máis pais/nais dos que son precisos para cubri-lo cupo correspondente a este sector, o que significa que existe unha ampla variedade de criterios e opcións á hora dos pais/nais elixi-los seus representantes para o Consello Escolar.

Nunha boa parte de casos foron elixidos tódolos candidatos/-as que se presentaron. Na elección de 1992 en 118 Centros (33,3 % da mostra) tódolos candidatos/-as presentados foron elixidos. Na elección de 1994 o número de Centros nos que se elixiu a tódolos candidatos/-as foi de 134 (35,4 % da mostra).

Cadro nº 16: Número de pais/nais elixidos nas dúas convocatorias

| | 1992 | | 1994 | |
|---|---|---|---|---|
| | N | % | N | % |
| Ata 25 % | 6 | 1,7 | 5 | 1,3 |
| 25-50 % | 57 | 16,1 | 43 | 11,4 |
| 50-75 % | 127 | 35,9 | 157 | 41,4 |
| 75-99 % | 43 | 12,1 | 38 | 10,0 |
| 100 % | 118 | 33,3 | 134 | 35,4 |
| Non consta | 46 | — | 20 | — |

O cadro explica a porcentaxe de pais/nais candidatos/-as que foron elixidos. Como pode observarse, nunha boa parte dos Centros (o 33,3%) o número de candidatos/-as coincide como número de elixidos (presentaronse tantos candidatos/-as como postos a cubrir). Na metade aproximada dos Centros estudiados os elixidos foron a metade ou incluso menos dos candidatos/-as presentados. Iso implica que, neses casos os pais/nais tiveron a oportunidade de elixir como representantes entre diferentes alternativas.

## C) A participación dos pais/nais como votantes

O primeiro dato que destaca neste apartado é o reducido número de pais/nais que exercen o seu dereito a voto para a elección do seus representantes no Consello Escolar. Os datos referidos ás dúas últimas eleccións preséntanse no cadro seguinte:

Cadro nº 17: Número de pais/nais votantes para a elección dos seus representantes no Consello Escolar

| | 1992 | | 1994 | |
|---|---|---|---|---|
| | N | % | N | % |
| De 1 a 100 | 305 | 76,8 | 347 | 87,4 |
| De 101 a 200 | 41 | 10,3 | 25 | 6,3 |
| De 201 a 300 | 3 | 0,8 | 3 | 0,8 |
| De 301 a 400 | 2 | 0,5 | 2 | 0,5 |
| De 401 a 500 | 2 | 0,5 | 0 | 0,0 |
| De 501 a 600 | 0 | 0,0 | 3 | 0,8 |
| De 601 a 700 | 0 | 0,0 | 1 | 0,3 |
| Non consta | 44 | 11,1 | 16 | 4,0 |
| Total | 397 | 100 | 397 | 100 |

Como pode verse no cadro na meirande parte dos Centros non chegan a votar máis de 100 pais/nais sendo que o número de posibles votantes é moito maior (véxase censo de pais/nais no cadro correspondente).

Cadro nº 18: Porcentaxe de pais/nais votantes para a elección dos seus representantes no Consello Escolar

| | 1992 | | 1994 | |
|---|---|---|---|---|
| | N | % | N | % |
| Menos do 1 % | 8 | 2,3 | 9 | 2,4 |
| Entre o 1 e o 5 % | 54 | 15,5 | 68 | 17,8 |
| Entre o 5 e o 10 % | 50 | 14,4 | 64 | 16,8 |
| Entre o 10 e o 20 % | 102 | 29,3 | 99 | 26,0 |
| Entre o 20 e o 30 % | 63 | 18,1 | 60 | 15,7 |
| Entre o 30 e o 40 % | 35 | 10,1 | 41 | 10,8 |
| Entre o 40 e o 50 % | 13 | 3,7 | 24 | 6,3 |
| Entre o 50 e o 60 % | 12 | 3,4 | 9 | 2,4 |
| Entre o 60 e o 70 % | 3 | 0,9 | 1 | 0,3 |
| 70 % ou máis | 8 | 2,3 | 6 | 1,6 |
| Non consta | 49 | — | 18 | — |

Como pode observarse á vista do cadro a porcentaxe de pais/nais votantes é moi baixa. Nunha terceira parte dos Centros non votan nin o 10% dos pais/nais e non se chega ó 20% de votantes no 61,5% dos Centros.

## D) ¿Está cuberto o CUPO correspondente os pais/nais no Consello Escolar?

A nivel xeral, no conxunto dos Centros galegos estudiados neste informe unha alta porcentaxe dos mesmos ten cuberto o cupo de representantes dos pais/nais no Consello Escolar, mellorando lixeiramente a situación na elección do 94 ó respecto da anterior.

Cadro nº 19: Cupo de pais/nais no Consello Escolar

| | 1992 | | 1994 | |
|---|---|---|---|---|
| | N | % | N | % |
| Cupo cuberto | 282 | 76,4 | 305 | 79,4 |
| Cupo incompleto | 87 | 23,6 | 79 | 20,6 |
| Non consta | 28 | — | 13 | — |
| Total | 397 | 100 | 397 | 100 |

Podemos analizar estes datos na triple perspectiva do nivel educativo dos Centros, do seu tamaño e maila súa titularidade para concretar un pouco máis onde é que se producen máis atrancos na configuración do Consello Escolar polo que se refire ó sector pais/nais.

Segundo o nivel educativo dos Centros témo-los seguintes resultados.

Cadro nº 20: Cupo de pais/nais segundo o nivel educativo do centro

| | A | | B | | C | | D | | E | | F | | G | | H | | I | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 92 | 94 | 92 | 94 | 92 | 94 | 92 | 94 | 92 | 94 | 92 | 94 | 92 | 94 | 92 | 94 | 92 | 94 |
| Cupo cuberto | 2 | 2 | 11 | 13 | 21 | 23 | 0 | 1 | 11 | 10 | 4 | 6 | 210 | 222 | 7 | 9 | 14 | 17 |
| Cupo incompleto | 0 | 0 | 7 | 5 | 11 | 11 | 0 | 0 | 9 | 11 | 6 | 4 | 37 | 34 | 10 | 9 | 7 | 5 |
| Non consta | 0 | 0 | 0 | 0 | 4 | 2 | 1 | 0 | 3 | 2 | 0 | 0 | 14 | 5 | 3 | 2 | 3 | 2 |
| Total | 2 | 2 | 18 | 18 | 36 | 36 | 1 | 1 | 22 | 23 | 10 | 10 | 261 | 261 | 20 | 20 | 24 | 24 |

A= Infantil
B= Primaria- EXB
C= Bacharelato
D= ESO
E= FP
F= IESP
G= Infantil + Primaria + EXB
H= Infantil + Primaria+ Bacharelato
I= Outros

Cadro nº 21: Cupo de pais/nais en función do tamaño do centro

| | Ata 8 Unidades | | 8 - 15 Unidades | | 16 - 23 Unidades | | Máis de 23 Uni. | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 1992 | 1994 | 1992 | 1994 | 1992 | 1994 | 1992 | 1994 |
| Cupo cuberto | 6 | 9 | 111 | 116 | 91 | 97 | 71 | 78 |
| Cupo non cuberto | 9 | 7 | 26 | 26 | 28 | 26 | 21 | 18 |

| | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Non Consta | 17 | 1 | 9 | 4 | 8 | 4 | 7 | 3 |
| Total | 17 | 17 | 146 | 146 | 127 | 127 | 99 | 99 |

Pode observarse como os Centros pequenos, aínda que non son moitos na mostra estudiada, presentan máis problemas polo que se refire á representación pais/nais nos Consellos. Os que mellor teñen resolto este problema son os Centros medianos de oito a quince unidades, máis do 80 % dos mesmos teñen cuberto o cupo. Outro tanto acontece cos Centros grandes, cun 80 % aproximado de Centros co cupo cuberto.

Obsérvase a maiores que as cousas melloraron lixeiramente na elección de 1994.

Se temos en conta a titularidade dos Centros non se observan moitas diferencias entre un tipo de Centros e outros, tanto nos Centros públicos coma nos privados e privados concertados ó redor a un 75 % dos mesmos teñen o cupo cuberto presentando o 25 % restante un cupo incompleto.

Tamén neste caso se observa unha lixeira mellоría na elección de 1994, sobre todo respecto ós Centros públicos.

Cadro nº 22: Cupo de pais/nais en función da titularidade do centro

| | PÚBLICO | | PRIVADO | |
|---|---|---|---|---|
| | 1992 | 1994 | 1992 | 1994 |
| Cupo completo | 232 | 252 | 45 | 48 |
| Cupo incompleto | 71 | 64 | 16 | 14 |
| Total | 303 | 316 | 61 | 61 |

Se cruzamos esta variable polo criterio de ubicación xeográfica podemos comprobar que non existe unha grande diferencia, polo que o cupo de pais/nais no Consello Escolar se refire, entre os Centros situados no eido rural, urbano ou semiurbano.

Cadro nº 23: Cupo de pais/nais en función da ubicación xeográfica do centro

| | RURAL | | URBANO | | VILAS | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | 1992 | 1994 | 1992 | 1994 | 1992 | 1994 |
| Cupo completo | 83 | 90 | 81 | 85 | 101 | 115 |
| Cupo incompleto | 25 | 24 | 27 | 26 | 34 | 26 |
| Total | 108 | 114 | 108 | 111 | 135 | 141 |

Como podemos observar no cadro non existen diferencias no que se refire a representación dos pais/nais en función da ubicación xeográfica do centro. O que si se pode constatar de novo é que a situación mellora de maneira xeneralizada na elección de 1994.

## E) Presencia das APAs nos Consellos Escolares

Cadro nº 24: Pais/nais pertencentes á APA

| | 1992 | | 1994 | |
|---|---|---|---|---|
| | N | % | N | % |
| Tódolos/-as elixidos/-as petencen á APA | 160 | 40,3 | 194 | 48,9 |
| Algún dos/-as elixidos/-as pertence á APA | 78 | 19,6 | 69 | 17,4 |
| Os/-as elixidos/-as non pertencen á APA | 92 | 23,2 | 88 | 22,2 |
| Non consta este dato | 66 | 16,6 | 46 | 11,6 |
| Total | 397 | 100 | 397 | 100 |

Unha porcentaxe significativa dos pais/nais que se integran no Consello Escolar pertencen á ou ás APAs existentes no centro escolar, se ben convén suliñar, de acordo cos datos acadados nas entrevistas que algúns deses elixidos pertencen á APA aínda que non actuaron como candidatos/-as da APA senón como candidatos/-as a título individual.

## CONCLUSIÓN PRINCIPAL

*A participación dos pais/nais como candidatos/-as resulta escasa se a relacionamos co censo pero é suficiente en relación ós postos que teñen reservados no Consello Escolar. De feito nunha alta porcentaxe de casos os pais/nais poden escoller entre candidatos/-as diferentes.*

*A participación dos pais/nais como votantes é ESCASA. Cumpriría poñer en marcha sistemas de estimulación da participación que fixesen posible incrementa-la presencia dos pais/nais no proceso de elección dos seus representantes no Consello Escolar.*

*Aínda que a situación mellorou no 94 con respecto á elección do 92 cómpre tamén ter en consideración que un 20,6% dos Centros estudiados non teñen cuberto, a día de hoxe, o cupo de pais/nais no Consello Escolar.*

Poderíamos avanzar algunhas medidas que na nosa opinión mellorarían a porcentaxe de participación:

1) Celebrar nun só día as elección en tódolos centros escolares da Comunidade Autónoma.

2) Propaganda institucional xenerosa e ampla, chamando á participación.

3) Máis tempo de período electoral. As campañas electorais duran 4/5 días. Deberían estenderse polo menos a vinte días.

4) Duración das votacións, similar ó dunhas Eleccións Xerais (8 horas).

5) Transporte gratuíto no medio rural.

O Consello Escolar de Galicia, en relación coa participación dos pais/nais, reitera ante a Administración Educativa a recomendación que xa se facía no informe correspondente ó curso 1992-93, no senso de que se revise a disposición que recoñece dereito de voto nas eleccións que se realizan nos Centros docentes, ou ben o pai ou ben a nai dos alumnos/-as e non os dous proxenitores ou titores legais. Proponse a este respecto que se lle recoñeza ós dous o devandito dereito.

Con vistas a estimula-la participación dos pais/nais, sería conveniente dotar ós Centros dunha partida presupostaria que permitise compensa-los gastos derivados do traslado para asistencia a reunións do Consello Escolar.

Tamén sería conveniente organizar actividades, tanto específicas para cada sector da comunidade educativa, como comúns ós distintos sectores, que teñan como obxectivo a formación na participación.

Recórdase, por último, o xa tamén recomendado no informe anterior no sentido de facer ver ós Centros que se busquen horas para as reunións que permiten e mesmo faciliten a asistencia dos distintos representantes.

### 3.1.3.- A PARTICIPACIÓN DOS ALUMNOS/-AS NO CONSELLO ESCOLAR

Con respecto ó sector de alumos/-as faremos unha análise similar ó feito en relación ós profesores/-as e pais/nais. Tamén no caso dos alumnos/-as cómpre diferenciar os dous niveis da súa participación no Consello Escolar: a participación en tanto que **votantes**, e a participación en tanto que **candidatos/as**.

Digamos en primeiro lugar que o censo total de alumnos/-as nos Centros escolares estudiados sitúase preferentemente na banda que vai dos 100 ós 200 alumnos por centro, dato coherente co predominio dos Centros de tamaño mediano na mostra estudiada. Cómpre suliñar que soamente os alumnos/-as de segunda etapa, no caso dos Centros de EXB, teñen dereito a participar (como candidatos/-as e como votantes) no Consello Escolar.

En concreto, o censo real dos alumnos/-as nos Centros estudiados pode verse reflexado no seguinte cadro.

Cadro nº 25: Censo de alumnos/-as nos Centros estudiados

| | 1992 | | 1994 | |
|---|---|---|---|---|
| | N | % | N | % |
| 1-100 | 73 | 20,5 | 96 | 25,0 |
| 101-200 | 116 | 32,6 | 127 | 33,1 |
| 201-300 | 61 | 17,1 | 43 | 11,2 |
| 301-400 | 26 | 7,3 | 26 | 6,8 |
| 401-500 | 19 | 5,3 | 15 | 3,9 |
| 501-600 | 10 | 2,5 | 15 | 3,9 |
| 601-700 | 9 | 2,5 | 7 | 1,8 |
| 701-800 | 4 | 1,1 | 10 | 2,6 |
| 801-900 | 6 | 1,7 | 7 | 1,8 |
| Máis de 900 | 32 | 9,0 | 38 | 9,9 |
| N Total | 356 | — | 384 | — |

## A) Alumnos/-as candidatos.

O promedio de candidatos/-as presentados nos Centros estudiados sitúase no intervado de 4 a 12 por centro aínda que obviamente o número de candidatos/-as está en relación co tamaño do centro. A distribución do número de candidatos/-as nos diferentes Centros da mostra nas dúas últimas eleccións repártese segundo se sinala a continuación no cadro seguinte.

Cadro nº 26: Número de alumnos/-as candidatos/-as para o Consello Escolar

| | 1992 | | 1994 | |
|---|---|---|---|---|
| | N | % | N | % |
| 1-3 | 29 | 8,1 | 37 | 9,7 |
| 4-6 | 88 | 24,6 | 73 | 19,1 |
| 7-9 | 72 | 20,2 | 96 | 25,1 |
| 10-12 | 66 | 18,5 | 67 | 17,5 |
| 13-15 | 33 | 9,2 | 34 | 8,9 |
| 16-18 | 27 | 7,6 | 31 | 8,1 |
| 19-21 | 18 | 5,0 | 13 | 3,4 |
| 22-24 | 8 | 2,2 | 7 | 1,8 |
| 25-27 | 3 | 0,8 | 8 | 2,1 |
| Máis de 28 | 13 | 3,6 | 16 | 4,2 |
| N Total | 357 | — | 382 | — |

Se relacionamos estes datos totais cos diferentes niveis educativos dos Centros e mesmo a súa ubicación e titularidade, atopámonos cos seguintes resultados.

Cadro nº 27: Alumnos/-as candidatos/-as en relación cos niveis educativos

| | A | | B | | C | | D | | E | | F | | G | | H | | I | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 92 | 94 | 92 | 94 | 92 | 94 | 92 | 94 | 92 | 94 | 92 | 94 | 92 | 94 | 92 | 94 | 92 | 94 |
| 1-3 | 0 | 1 | 1 | 0 | 2 | 2 | 0 | 0 | 2 | 2 | 1 | 0 | 20 | 31 | 0 | 0 | 3 | 1 |
| 4-6 | 1 | 1 | 8 | 5 | 6 | 3 | 0 | 0 | 4 | 2 | 2 | 3 | 58 | 49 | 3 | 6 | 5 | 3 |
| 7-9 | 1 | 0 | 3 | 3 | 3 | 6 | 0 | 0 | 7 | 7 | 4 | 2 | 43 | 67 | 6 | 3 | 5 | 8 |
| 10-12 | 0 | 0 | 2 | 2 | 10 | 9 | 0 | 0 | 1 | 6 | 3 | 2 | 45 | 41 | 2 | 4 | 3 | 3 |
| 13-15 | 0 | 0 | 1 | 4 | 4 | 6 | 0 | 0 | 2 | 1 | 0 | 0 | 22 | 18 | 1 | 1 | 3 | 4 |
| 16-18 | 0 | 0 | 0 | 0 | 1 | 4 | 0 | 1 | 2 | 3 | 0 | 1 | 21 | 19 | 2 | 2 | 1 | 0 |
| 19-21 | 0 | 0 | 0 | 0 | 2 | 2 | 0 | 0 | 2 | 0 | 0 | 1 | 13 | 9 | 0 | 0 | 1 | 1 |
| 22-24 | 0 | 0 | 0 | 1 | 0 | 1 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 8 | 5 | 0 | 0 | 0 | 0 |
| 25-27 | 0 | 0 | 1 | 0 | 0 | 1 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 2 | 6 | 0 | 0 | 0 | 1 |
| Máis 28 | 0 | 0 | 0 | 1 | 2 | 0 | 0 | 0 | 0 | 1 | 0 | 1 | 9 | 10 | 1 | 1 | 1 | 2 |
| Total | 2 | 2 | 16 | 16 | 30 | 34 | 0 | 1 | 20 | 22 | 10 | 10 | 241 | 255 | 15 | 17 | 22 | 23 |
| % | 0,6 | 0,5 | 4,5 | 4,5 | 8,4 | 8,9 | 0,0 | 0,3 | 5,6 | 5,8 | 2,8 | 2,6 | 67,7 | 67,1 | 4,2 | 4,5 | 6,2 | 6,1 |

A= Infantil
B= Primaria- EXB
C= Bacharelato
D= ESO
E= FP
F= IESP
G= Infantil + Primaria + EXB
H= Infantil + Primaria+ Bacharelato
I= Outros

Non se aprecia unha diferencia susbtancial no número de candidatos/-as en razón dos diferentes niveis do sistema educativo. O que si podemos constatar é un lixeiro aumento de candidatos/-as na elección de 1994 con respecto á anterior.

Se consideramos eses mesmos datos en relación ó tamaño dos Centros témo-la seguinte distribución de datos.

Cadro nº 28: Alumnos/-as candidatos/-as en relación co tamaño do centro

| | Ata 8 Unidades | | 8 - 15 Unidades | | 16 - 23 Unidades | | Máis de 23 Uni. | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 1992 | 1994 | 1992 | 1994 | 1992 | 1994 | 1992 | 1994 |
| 1-3 | 2 | 3 | 15 | 18 | 5 | 11 | 6 | 5 |
| 4-6 | 6 | 3 | 44 | 30 | 27 | 21 | 11 | 16 |
| 7-9 | 0 | 3 | 25 | 38 | 20 | 30 | 27 | 25 |
| 10-12 | 1 | 2 | 22 | 23 | 28 | 25 | 14 | 14 |
| 13-15 | 0 | 0 | 10 | 11 | 12 | 14 | 10 | 9 |
| 16-18 | 0 | 0 | 11 | 7 | 10 | 5 | 5 | 18 |
| 19-21 | 7 | 0 | 3 | 5 | 6 | 6 | 8 | 2 |
| 22-24 | 0 | 0 | 2 | 3 | 3 | 2 | 3 | 2 |
| 25-27 | 0 | 0 | 0 | 2 | 1 | 5 | 2 | 1 |
| Máis de 28 | 1 | 1 | 3 | 4 | 5 | 7 | 4 | 4 |
| N Total | 10 | 12 | 135 | 141 | 117 | 126 | 90 | 96 |
| % | 2,8 | 3,2 | 38,4 | 37,6 | 33,2 | 33,6 | 25,6 | 25,6 |

Total N 92 = 352 Centros
Total N 94 = 375 Centros

A mesma consideración que no caso anterior cabe realizar en relación do tamaño dos Centros: non hai máis candidatos/-as nos Centros grandes que nos medianos.

O número de candidatos/-as no sector do alumnado non se ve tampouco influído pola titularidade dos Centros, tanto nos Centros públicos como nos privados e privados concertados na maior parte dos Centros preséntanse entre catro e nove candidatos/-as para ocupa-las prazas dos alumnos/-as no Consello Escolar.

Cadro nº 29: Alumnos/-as candidatos/-as en relación coa titularidade do centro educativo

| | PÚBLICO | | PRIVADO | |
|---|---|---|---|---|
| | 1992 | 1994 | 1992 | 1994 |
| 1-3 | 24 | 28 | 5 | 7 |
| 4-6 | 65 | 58 | 21 | 15 |
| 7-9 | 64 | 75 | 7 | 19 |
| 10-12 | 51 | 58 | 9 | 8 |
| 13-15 | 32 | 33 | 1 | 1 |
| 16-18 | 19 | 28 | 8 | 2 |
| 19-21 | 16 | 9 | 2 | 4 |
| 22-24 | 7 | 6 | 1 | 1 |
| 25-27 | 3 | 8 | 0 | 0 |
| Máis de 28 | 9 | 12 | 4 | 4 |
| N Total | 294 | 315 | 58 | 61 |
| % | 83,3 | 83,6 | 16,4 | 16,2 |

N Total 92= 352 Centros
N Total 94= 376 Centros

O que si se pode dicir á vista dos datos ofrecidos é que houbo variacións significativas no número de candidatos/-as presentados/-as nos diferentes Centros dunha a outra das eleccións estudiadas. Así podemos afirmar que en 52 Centros (14,6 % do total da mostra estudiada) o número de presentados/-as na elección do 92 reduciuse á metade na seguinte elección. Noutros 103 Centros (29,3 % do total) o número de alumnos/-as presentados na elección de 1994 foi tamén menor que na elección do 92. En 45 Centros (o 12,7 %) o número de candidatos/-as foi igual nas dúas eleccións. Pola contra en 154 Centros (43,4 % do total) o número de candidatos/-as para a elección do 94 aumentou. En bastantes casos (55 Centros, isto é, o 15,5 % do total) este aumento foi moi significativo, sendo o número de candidatos/-as máis do dobre da elección anterior.

## B) Alumnos/-as elixidos/as

Cadro nº 30: Alumnos/-as elixidos/-as en relación ós candidatos/-as presentados.

| | 1992 | | 1994 | |
|---|---|---|---|---|
| | N | % | N | % |
| Ata 25 % | 113 | 31,8 | 126 | 33,3 |
| 25-50 % | 120 | 33,8 | 114 | 30,2 |
| 50-75 % | 64 | 18,1 | 68 | 18,0 |
| 75-99 % | 17 | 4,8 | 24 | 6,6 |
| 100 % | 41 | 11,5 | 45 | 11,9 |
| Non consta | 42 | — | 19 | — |

A primeira conclusión que se podería extraer deste cadro, sobre todo se o comparamos co cadro correlativo referido a profesores/-as e pais/nais, é que os alumnos/-as son efectivamente elixidos/-as pois normalmente existen máis candidatos/-as que postos posibles no Consello Escolar, isto quere dicir que a democracia se exerce dun xeito máis pleno en relación a este sector. Cáseque non existen casos nos que se elixa a tódolos candidatos/-as presentados/-as (o que, en definitiva, significa que o número de candidatos/-as non supera ó número de postos a cubrir). No caso dos alumnos/-as ó máis frecuente é que ó final resulte elixido un de cada catro candidatos/-as ou como moito a metade dos candidatos/-as presentados/as.

## C) Alumnos/-as votantes

Cadro nº 31: Porcentaxe de alumnos/-as votantes

| | 1992 | | 1994 | |
|---|---|---|---|---|
| | N | % | N | % |
| Entre o 1 e o 9 % | 5 | 1,4 | 8 | 2,1 |
| Entre o 10 e o 19 % | 6 | 1,7 | 13 | 3,4 |
| Entre o 20 e o 29 % | 9 | 2,6 | 9 | 2,4 |
| Entre o 30 e o 39 % | 15 | 4,3 | 13 | 3,4 |
| Entre o 40 e o 49 % | 12 | 3,4 | 13 | 3,4 |
| Entre o 50 e o 59 % | 13 | 3,7 | 13 | 3,4 |
| Entre o 60 e o 69 % | 10 | 2,9 | 10 | 2,6 |
| Entre o 70 e o 79 % | 13 | 3,7 | 9 | 2,4 |
| Entre o 80 e o 89 % | 30 | 8,6 | 33 | 8,6 |
| Entre o 90 e o 99 % | 171 | 48,8 | 199 | 52,4 |
| O 100 % | 66 | 18,9 | 60 | 15,8 |
| Non consta | 47 | — | 17 | — |

Como pode verse o nivel de participación dos alumnos/-as como votantes á hora de elixi-los representantes do sector para o Consello Escolar é moi elevado. En case o 70% dos Centros escolares estudiados vota máis do 90% dos estudiantes.

## D) ¿Está cuberto o cupo do alumnado no Consello Escolar?

Cadro nº 32: Cupo de alumnos/-as no Consello Escolar

| | 1992 | | 1994 | |
|---|---|---|---|---|
| | N | % | N | % |
| Cupo cuberto | 313 | 78,8 | 328 | 82,6 |
| Cupo incompleto | 53 | 13,4 | 46 | 11,6 |
| Non consta | 31 | — | 23 | — |
| Total | 397 | 100 | 397 | 100 |

Como pode observarse a representación de alumnos/-as no Consello Escolar está cuberta na práctica totalidade dos Centros estudiados. Se quixéramos coñecer máis en profundidade as características deses Centros onde non está cuberto o cupo de alumnos/-as (53 no ano 92 e 46 no caso da elección do 94) cumpriría sinalar que a maior parte deles corresponde a Centros de Infantil-Primaria (17 casos en ámbolos dous anos) e Centros de Bacharelato (11 no ano 92 e 8 no ano 94).

Polo que se refire á titularidade, podemos sinalar que o 13,4 % dos Centros públicos estudiados (iso significa 40 Centros da mostra) deixaron sen cubri-lo cupo de alumnos/-as nas eleccións do 92, porcentaxe que quedou reducido ó 9,9 % (32 Centros) nas eleccións do 94. No caso dos privados a porcentaxe foi do 24,0 % no ano 92 e do 21,4 % na elección do 94 (12 Centros en ámbolos dous casos).

Considerando agora o tamaño, estes Centros que non cubren o cupo pertencen na súa meirande parte á categoría de Centros de máis de dezaseis unidades: Centros de dezaseis a vintetrés unidades (20 casos en ámbalas dúas ocasións), e de máis de vintetrés unidades (22 Centros no 92 e 18 no 94).

Respecto á ubicación xeográfica dos Centros estudiados é curioso observar cómo os Centros das zonas rurais teñen menos problemas á hora de cubri-lo cupo de representantes de alumnos/-as no Consello Escolar. No cadro seguinte recóllense datos sobre a devandita circunstancia.

Cadro nº 33: Cupo de alumnos/-as no Consello Escolar en función da ubicación xeográfica

| CUPO | RURAL | | URBANO | | VILAS | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | 1992 | 1994 | 1992 | 1994 | 1992 | 1994 |
| Cupo cuberto | 99 | 101 | 81 | 87 | 115 | 123 |
| Cupo non cuberto | 8 | 8 | 25 | 20 | 20 | 18 |
| N Total | 107 | 109 | 106 | 107 | 135 | 141 |
| % | 30,7 | 30,5 | 30,5 | 29,9 | 38,8 | 39,4 |

**E) ¿Os candidatos/-as elixidos pertencen a asociacións?**

Na súa meirande parte os alumnos/-as elixidos/-as para formar parte do Consello Escolar non pertencen a asociacións formalmente constituídas dentro do centro. Ben podería acontecer que tales asociacións non existisen e que polo tanto a devandita pertenza carecese de senso. Os datos relativos a esta cuestión aparecen reflexados no cadro seguinte.

Cadro nº 34: Alumnos/-as representantes no Consello Escolar que pertencen a asociacións

| | 1992 | | 1994 | |
|---|---|---|---|---|
| | N | % | N | % |
| Tódolos elixidos petencen a asociacións | 31 | 7,8 | 39 | 9,8 |
| Algún dos elixidos pertence a asociacións | 19 | 4,8 | 16 | 4,0 |
| Os elixidos non pertencen a asociacións | 245 | 61,7 | 262 | 66,0 |
| Non consta este dato | 102 | 25,7 | 80 | 20,2 |
| Total | 397 | 100 | 397 | 100 |

É importante destacar neste punto que as asociacións, polo menos formalmente constituídas, teñen cabida unicamente no caso dos Centros de Secundaria. Se relacionamos polo tanto, estes datos coas características do centro obterémo-lo seguinte cadro de distribución.

Cadro nº 35: Alumnos/-as que pertencen a asociacións en función do nivel educativo do centro

| | A | | B | | C | | D | | E | | F | | G | | H | | I | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 92 | 94 | 92 | 94 | 92 | 94 | 92 | 94 | 92 | 94 | 92 | 94 | 92 | 94 | 92 | 94 | 92 | 94 |
| SI todos | 0 | 0 | 2 | 2 | 1 | 3 | 0 | 0 | 1 | 3 | 0 | 0 | 17 | 25 | 4 | 1 | 5 | 4 |
| SI algúns | 0 | 0 | 0 | 0 | 2 | 2 | 0 | 0 | 4 | 2 | 1 | 3 | 9 | 6 | 0 | 1 | 3 | 2 |
| NON | 2 | 2 | 10 | 9 | 23 | 24 | 0 | 1 | 13 | 15 | 9 | 7 | 166 | 178 | 9 | 10 | 12 | 16 |
| N Total | 2 | 0 | 12 | 11 | 26 | 29 | 0 | 1 | 19 | 20 | 10 | 10 | 193 | 209 | 13 | 12 | 20 | 22 |
| % | 0,7 | 0,6 | 4,1 | 3,4 | 8,8 | 9,1 | 0,0 | 0,3 | 6,4 | 6,3 | 3,4 | 3,1 | 65,4 | 66,1 | 4,4 | 3,7 | 6,8 | 6,9 |

A= Infantil
B= Primaria- EXB
C= Bacharelato
D= ESO
E= FP
F= IESP
G= Infantil + Primaria + EXB
H= Infantil + Primaria+ Bacharelato
I= Outros

Non parece que exista unha clara diferencia polo nivel educativo no que se refire á pertenza dos elixidos a asociacións. Máis clara parece, sen embargo, a influencia da titularidade sobre o feito de estar ou non asociados os representantes de alumnos/-as no Consello Escolar.

Cadro nº 36: Alumnos/-as que pertencen a asociacións en función da titularidade do centro

| | PÚBLICO | | PRIVADO | |
|---|---|---|---|---|
| | 1992 | 1994 | 1992 | 1994 |
| SI todos | 16 | 23 | 15 | 16 |
| SI algúns | 16 | 14 | 3 | 2 |
| NON | 210 | 223 | 29 | 35 |
| N Total | 242 | 260 | 47 | 53 |
| % | 83,2 | 83,0 | 16,4 | 16,8 |

Pode observarse nos colexios privados estudiados que o 32,0 % dos representantes dos alumnos/-as na elección do 92, e o 30,0 % na elección do 94 pertencen a asociacións, namentres que esta porcentaxe descende ata o 6,6% e 8,0 % respectivamente nos Centros públicos.

## CONCLUSIÓN PRINCIPAL

*No que se refire á participación dos alumnos/-as nas eleccións de representantes no seu sector no Consello Escolar cabe sinalar que a situación é moi satisfactoria.*

*A participación dos alumnos/-as é suficiente no que se refire á presentación de candidaturas e o seu nivel de participación nas votacións é moi elevado.*

*Cómpre, non obstante, facer un maior esforzo por mellora-lo nivel asociativo dos alumnos/-as nos diferentes niveis educativos entendendo que o movemento asociativo crea redes intermedias de aglutinación e defensa dos intereses dos alumnos/-as e garante unha maior representatividade e capacidade de influencia dos representantes dos alumnos/-as diante do Consello.*

O Consello Escolar de Galicia considera que se debería instar ós Centros para que fomenten o asociacionismo estudiantil e a cultura da participación, tendo en conta que eses dous factores son realmente elementos que forman ós alumnos/-as capacitándoos para a súa plena integración nunha sociedade democrática.

Con vistas a favorece-la participación dos alumnos/-as debería coidarse especialmente que as reunións do Consello Escolar non se programen en datas en que os alumnos/-as están especialmente pendentes de preparar normas e exames.

### 3.1.4.- A PARTICIPACIÓN DO PERSOAL DE ADMÓN. E SERVICIOS NO CONSELLO ESCOLAR

No Consello Escolar está tamén integrado o representante dos traballadores non docentes, é dicir, o persoal da Administración e Servicios. A normativa establece que haberá un representante destes traballadores no Consello Escolar.

O Censo de persoal da Admón. e Servicios non é moi amplo non Centros galegos como pode verse no cadro seguinte.

Cadro nº 37: Censo do persoal de Admón. e Servicios nos Centros estudiados

| | 1992 | | 1994 | |
|---|---|---|---|---|
| | N | % | N | % |
| 1 | 66 | 16,6 | 65 | 16,4 |
| 2-3 | 90 | 22,7 | 90 | 22,7 |
| 4-5 | 73 | 18,3 | 78 | 19,6 |
| 6-7 | 41 | 10,3 | 48 | 12,1 |
| 8-9 | 17 | 4,3 | 26 | 6,6 |
| 10-11-12 | 26 | 6,5 | 28 | 7,1 |
| Máis de 12 | 14 | 4,2 | 18 | 3,0 |
| Non consta | 69 | 17,4 | 51 | 12,8 |

Cabe sinalar con respecto a este cadro que os cadros do persoal da Admón. e Servicios son, en xeral, reducidas observándose lixeiras melloras no 94. Podemos pensar, por outra banda, que unha parte elevada da porcentaxe de Centros que non responden a esta cuestión se corresponde con Centros pequenos o con aqueloutros que por calquera circunstancia non dispoñen de persoal de Admón. e Servicios.

Cadro 38: Censo do persoal de Admón. e Servicios en función do tamaño dos Centros.

| | Ata 8 Unidades | | 8 - 15 Unidades | | 16 - 23 Unidades | | Máis de 23 Uni. | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 1992 | 1994 | 1992 | 1994 | 1992 | 1994 | 1992 | 1994 |
| 1 | 4 | 3 | 31 | 30 | 23 | 25 | 7 | 6 |
| 2-3 | 2 | 2 | 57 | 55 | 15 | 17 | 15 | 15 |
| 4-5 | 1 | 2 | 19 | 23 | 35 | 35 | 17 | 17 |
| 6-7 | 0 | 0 | 8 | 11 | 19 | 24 | 13 | 12 |
| 8-9 | 0 | 0 | 1 | 0 | 6 | 7 | 9 | 16 |
| 10-11-12 | 0 | 0 | 1 | 3 | 4 | 3 | 21 | 21 |
| Máis de 12 | 1 | 1 | 1 | 1 | 5 | 3 | 8 | 6 |
| Non Consta | 9 | 9 | 28 | 23 | 20 | 13 | 9 | 5 |
| N Total | 17 | 17 | 146 | 146 | 127 | 127 | 99 | 99 |
| % | 4,3 | 4,3 | 36,8 | 36,8 | 32,0 | 32,0 | 24,0 | 24,0 |

Cadro nª 39: Censo do persoal de Admón. e Servicios en función da titularidade dos Centros.

| | PÚBLICO | | PRIVADO | |
|---|---|---|---|---|
| | 1992 | 1994 | 1992 | 1994 |
| 1 | 59 | 58 | 7 | 7 |
| 2-3 | 74 | 72 | 15 | 17 |
| 4-5 | 56 | 64 | 16 | 13 |
| 6-7 | 33 | 39 | 7 | 8 |
| 8-9 | 13 | 19 | 3 | 5 |
| 10-11-12 | 24 | 25 | 2 | 3 |
| Máis de 12 | 9 | 7 | 5 | 3 |
| Non Consta | 54 | 38 | 14 | 13 |
| N Total | 322 | 322 | 69 | 69 |

Cabe sinalar, como por outra parte parecía lóxico esperar, que o cadro de persoal da Admón. e Servicios é maior nos Centros máis grandes. Constátase tamén que os cadros de persoal son maiores nos Centros públicos ca nos privados.

## A) Candidatos/-as do persoal de Admón. e Servicios

Polo xeral o número de candidatos/-as do persoal da Admón. e Servicios non é moi elevado o que é lóxico se consideramos, como acabamos de ver no cadro anterior, que os cadros de persoal destes traballadores son tamén moi escasos e que lles corresponde ter un só representante no Consello.

Cadro nº 40: Candidatos/-as do persoal de Admón. e Servicios nos Centros estudiados

| | 1992 | | 1994 | |
|---|---|---|---|---|
| | N | % | N | % |
| 1 | 244 | 61,5 | 269 | 67,8 |
| 2 | 30 | 7,6 | 30 | 7,6 |
| 3 | 15 | 3,8 | 14 | 3,5 |
| Máis de 3 | 7 | 1,9 | 8 | 2,0 |
| Non consta | 101 | 25,4 | 76 | 19,1 |

De feito en bastantes Centros o número de candidatos/-as correspóndese co número de traballadores existentes no centro. Como pode verse no cadro na meirande parte dos casos soamente hai un candidato/a.

## B) Persoal da Admón. e Servicios votante

Cadro nº 41: Votantes do Admón. e Servicios nos Centros estudiados

| | 1992 | | 1994 | |
|---|---|---|---|---|
| | N | % | N | % |
| 1 | 41 | 10,3 | 41 | 10,3 |
| 2-3 | 97 | 24,4 | 103 | 25,9 |
| 4-5 | 64 | 16,1 | 77 | 19,4 |
| 6-7 | 36 | 9,1 | 44 | 11,1 |
| 8-9 | 22 | 5,6 | 23 | 5,8 |
| 10-11-12 | 9 | 2,3 | 13 | 3,3 |
| Máis de 12 | 14 | 4,0 | 8 | 2,2 |
| Non consta | 114 | 28,7 | 88 | 22,2 |

A participación do persoal da Admón. e Servicios como **votantes** para a elección do seu representante no Consello Escolar foi en ámbalas dúas eleccións estudiadas moi elevada. Tanto no 92 coma no 94 na meirande parte dos casos votou ó 100 % do cadro de persoal: eso aconteceu en 211 Centros (74,8 %) na primeira elección e en 216 Centros (70,1% ) na segunda elección.

### C) ¿Está cuberto o cupo do persoal da Admón. e Servicios do Consello Escolar?

O resultado do mencionado anteriormente é que a práctica totalidade dos Centros teñen cuberto o cupo do representante da Administración e Servicios no Consello Escolar.

Cadro nº 42: Cupo do persoal de Admón. e Servicios nos Centros estudiados

| | 1992 | | 1994 | |
|---|---|---|---|---|
| CUPON | % | N | % | N |
| Cupo cuberto | 290 | 73,0 | 318 | 80,1 |
| Cupo incompleto | 57 | 14,4 | 47 | 11,8 |
| Non consta | 50 | 12,6 | 32 | 8,1 |
| Total | 397 | 100 | 397 | 100 |

Como pode verse o cupo está cuberto nunha alta porcentaxe de Centros, máis na elección de 1994 ca na anterior.

Os Centros que non teñen cuberto o cupo distribúense do seguinte xeito:

Cadro nº 43: Cupo incompleto do persoal da Admón e Servicios segundo os niveis educativos

| | A | | B | | C | | D | | E | | F | | G | | H | | I | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 92 | 94 | 92 | 94 | 92 | 94 | 92 | 94 | 92 | 94 | 92 | 94 | 92 | 94 | 92 | 94 | 92 | 94 |
| Cupo incompleto | 0 | 0 | 2 | 2 | 2 | 2 | 0 | 0 | 1 | 0 | 2 | 1 | 48 | 41 | 1 | 1 | 1 | 0 |

A= Infantil
B= Primaria- EXB
C= Bacharelato
D= ESO
E= FP
F= IESP
G= Infantil + Primaria + EXB
H= Infantil + Primaria+ Bacharelato
I= Outros

Cadro nº 44: Cupo incompleto do persoal da Admón. e Servicios segundo a titularidade do centro

| CUPO | PÚBLICO | | PRIVADO | |
|---|---|---|---|---|
| | 1992 | 1994 | 1992 | 1994 |
| Cupo incompleto | 49 | 40 | 7 | 6 |

Cadro nº 45: Cupo incompleto do persoal da Admón. e Servicios en canto ó tamaño do centro

| | Ata 8 Unidades | | 8 - 15 Unidades | | 16 - 23 Unidades | | Máis de 23 Uni. | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 1992 | 1994 | 1992 | 1994 | 1992 | 1994 | 1992 | 1994 |
| Cupo incompleto | 2 | 1 | 27 | 26 | 16 | 11 | 11 | 8 |

Cadro nº 46: Cupo incompleto do persoal da Admón. e Servicios respecto á ubicación xeográfica

| | RURAL | | URBANO | | VILAS | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | 1992 | 1994 | 1992 | 1994 | 1992 | 1994 |
| Cupo incompleto | 19 | 16 | 15 | 12 | 19 | 14 |

Polo que corresponde a eses 57 Centros que non teñen cuberto o cupo na elección de 1992 e os 47 que non o cubriron na elección do 94, podemos dicir que se trata sobre todo de Centros de Infantil-Primaria (48 Centros en 1992 e 41 en 1994), principalmente públicos (49 Centros no 92 e 40 Centros no 94). Por contra nin o tamaño do centro (se exceptuámo-los Centros pequenos onde non se produce este fenómeno) nin a súa ubicación xeográfica parecen exercer influencias claras sobre a ausencia do persoal de Admón. e Servicios no Consello Escolar.

## CONCLUSIÓN PRINCIPAL

*O nivel de participación do persoal de Admón. e Servicios no Consello Escolar é satisfactorio. Tendo en conta que a súa participación nese Órgano é escasa (un representante) como compete, por outro lado, a un colectivo escasamente presente nos Centros, o número de candidatos/-as existentes foi suficiente e o número de votantes moi elevado (en máis do 70% dos Centros votou o 100% do cadro de persoal).*

*O cupo deste sector está cuberto nunha moi alta porcentaxe de Centros mellorando sensiblemente a situación da elección do 92 á do 94.*

### 3.1.5.- A PARTICIPACIÓN DOS CONCELLOS NO CONSELLO ESCOLAR

A normativa vixente como temos recollido noutro punto deste informe recoñece o deber e o dereito dos Concellos a participar nas tarefas educativas dos Centros escolares mediante un representante que participa no Consello Escolar. Obviamente este representante é designado polo propio Concello.

Dous tipos de circunstancias son analizadas neste apartado: a) Centros escolares nos que está cuberta a praza de representante do Concello no Consello Escolar e b) Centros escolares nos que o representante do Concello asiste efectivamente ás reunións do Consello Escolar.

Polos resultados obtidos nesta investigación cabe constatar que a meirande parte dos Concellos galegos teñen nomeado un representante no Consello Escolar.

Cadro nº 47: Existe representante do Concello

| | 1992 | | 1994 | |
|---|---|---|---|---|
| | N | % | N | % |
| Existe representante | 304 | 76,6 | 314 | 79,1 |
| Non existe representante | 30 | 7,6 | 31 | 7,8 |
| Non consta | 63 | 15,9 | 52 | 13,1 |
| Total | 397 | 100 | 397 | 100 |

Vemos pois que case nun 80% dos Centros estudiados **existe** o representante do Concello. Non existe nun número insignificante de Centros. Por outra banda, parte dos casos nos que non consta se existe ou non pode tratarse de Centros privados.

Se analizamos estes datos tomando en consideración as diversas circunstancias dos Centros podemos obte-los seguintes datos:

Cadro nº 48: Existencia do representante do Concello considerando o nivel educativo do centro

| | A | | B | | C | | D | | E | | F | | G | | H | | I | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 92 | 94 | 92 | 94 | 92 | 94 | 92 | 94 | 92 | 94 | 92 | 94 | 92 | 94 | 92 | 94 | 92 | 94 |
| SI | 2 | 2 | 16 | 16 | 29 | 31 | 0 | 1 | 18 | 19 | 10 | 10 | 205 | 210 | 7 | 6 | 15 | 17 |
| NON | 0 | 0 | 0 | 0 | 2 | 1 | 0 | 0 | 2 | 2 | 0 | 0 | 23 | 25 | 2 | 2 | 1 | 1 |
| N/S | 0 | 0 | 2 | 2 | 5 | 4 | 1 | 0 | 3 | 2 | 0 | 0 | 32 | 24 | 11 | 12 | 8 | 6 |

A= Infantil
B= Primaria- EXB
C= Bacharelato
D= ESO
E= FP
F= IESP
G= Infantil + Primaria + EXB
H= Infantil + Primaria+ Bacharelato
I= Outros

Cadro nº 49: Existencia do representante do Concello segundo a ubicación xeográfica

| | RURAL | | URBANO | | VILAS | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | 1992 | 1994 | 1992 | 1994 | 1992 | 1994 |
| SI | 101 | 101 | 76 | 77 | 114 | 123 |
| NON | 6 | 8 | 9 | 8 | 12 | 12 |
| Non Consta | 7 | 4 | 32 | 32 | 22 | 13 |

En conclusión, poderíamos sinalar que polo xeral existe o representante do Concello nos Consellos Escolares na maior parte dos Centros (75%). No escaso número de Centros onde non está ocupada a praza de representante do Concello podemos dicir que na súa maior parte trátase de Centros de Primaria e Infantil, pertencentes a vilas. Cómpre lembrar que nesa situación están incluídos os Centros privados que nin todos teñen Consello Escolar nin os que o teñen inclúen o representante do Consello.

En calquera caso a existencia do representante do Concello non é suficiente, é importante tamén saber se o representante do Concello **asiste** realmente ás sesións do Concello. O tratarse de persoas alleas ó propio centro escolar, con ritmos de vida e de dedicación profesional moi diferentes ós habituais naqueles faise, por veces, problemática a súa asistencia ás reunións do Consello Escolar.

Cadro nº 50: Nivel de asistencia dos representantes do Concello ás reunións do Consello Escolar.

| | 1992 | | 1994 | |
|---|---|---|---|---|
| | N | % | N | % |
| Asiste sempre | 144 | 36,3 | 157 | 39,5 |
| Non asiste | 63 | 15,9 | 66 | 16,6 |
| Só ás veces | 118 | 29,7 | 114 | 28,7 |
| Non consta | 72 | 18,2 | 60 | 15,2 |

En conclusión poderíamos dicir que o nivel de asistencia é medio e irregular. Aínda que predominan os que asisten sobre os que non o fan, o nivel de asistencia é bastante irregular e intermitente.

## CONCLUSIÓN PRINCIPAL

*A presencia dos concellos no Consellos Escolares é elevada. A práctica totalidade dos Centros (nunha porcentaxe superior o 75%) contan con representante do concello.*

*Máis problemática parece resulta-la asistencia e, polo tanto, a participación efectiva dese representante nos traballos do Consello Escolar, polo que cumpriría recomendar ós concellos unha maior atención a este compromiso.*

O Consello Escolar de Galicia considera que se debería instar á Administración Local a cumprir escrupulosamente a obriga de facer efectiva a participación dos seus representantes nas sesións dos Consellos Escolares dos Centros, onde realmente se debaten asuntos que afectan de forma importante á comunidade municipal.

Tamén se pensa, por último que se sería necesaria a constitución e funcionamento de Consellos Escolares Municipales.

## II.3.2.- DATOS SOBRE O FUNCIONAMENTO DO CONSELLO ESCOLAR (Durante o período 92-94)

Nesta segunda parte do estudio dos Consellos Escolares queremos entrar na análise de datos relativos ó funcionamento e dinámica deste órgano de participación nos Centros escolares. Parece obvio que a participación non se completa unicamente coas cuestións de tipo formal nin remata coa elección dos representantes de cada sector.

Unha vez constituído o Consello este comeza a exerce-las súas funcións e a xoga-lo seu papel institucional. Convértese así no escenario onde efectivamente se desenvolve a participación real dos diferentes sectores da comundidade educativa a través do seus representantes. A participación é xaquelogo a implicación na discusión e toma de decisións que afectarán ó conxunto do centro escolar.

Cómpre lembrar que os datos que a continuación irán aparecendo refírense ó Consello Escolar elixido en 1992 e que foi efectivo entre ese ano e decembro do 94. É dicir, os datos refírense ó funcionamento do Consello ó longo de dous anos académicos: 92-93 e o 93-94.

### 3.2.1.- Número, tipo e características das convocatorias do Consello Escolar.

A) Número de reunións e periodicidade das mesmas.

Normalmente os Consellos Escolares convócanse cada dous ou tres meses. Esta situación é coherente coa normativa vixente que establece un número mínimo de tres reunións do Consello ó longo do ano académico.

Cadro nº 51: Número de reunións do Consello Escolar

| | N | % |
|---|---|---|
| Menos de seis reunións | 31 | 7,8 |
| Seis reunións | 19 | 4,8 |
| Sete reunións | 19 | 4,8 |
| Oito reunións | 41 | 10,3 |
| Nove reunións | 31 | 7,8 |
| Dez reunións | 38 | 9,6 |
| Máis de dez reunións | 204 | 51,4 |
| Non consta | 14 | 3,5 |
| Total | 397 | 100 |

Cadro nº 52: Periodicidade con que teñen lugar as reunións

| | N | % |
|---|---|---|
| Bimensual | 175 | 44,1 |
| Trimestral | 156 | 39,3 |
| Semestral | 9 | 2,3 |
| Anual | 1 | 0,3 |
| Non consta | 54 | 13,6 |

Cadro nº 53: Periodicidade das reunións segundo os niveis educativos que posúe o centro

| | A | B | C | D | E | F | G | H | I |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Bimensual | 1 | 10 | 24 | 1 | 13 | 5 | 105 | 5 | 11 |
| Trimestral | 1 | 6 | 7 | 0 | 5 | 4 | 118 | 6 | 8 |
| Semestral | 0 | 1 | 0 | 0 | 0 | 1 | 2 | 4 | 1 |
| Anual | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 1 | 0 | 0 |
| Non consta | 0 | 1 | 5 | 0 | 5 | 0 | 35 | 5 | 4 |
| N Total | 2 | 18 | 36 | 1 | 23 | 10 | 261 | 20 | 24 |
| % | 0,5 | 4,5 | 9,1 | 0,3 | 5,8 | 2,5 | 65,7 | 5,0 | 6,0 |

| | | |
|---|---|---|
| A= Infantil | D= ESO | G= Infantil + Primaria + EXB |
| B= Primaria- EXB | E= FP | H= Infantil + Primaria+ Bacharelato |
| C= Bacharelato | F= IESP | I= Outros |

Cadro nº 54: Periodicidade de reunións segundo a titularidade

| | PÚBLICO | PRIVADO |
|---|---|---|

| | | |
|---|---|---|
| Bimensual | 164 | 8 |
| Trimestral | 112 | 42 |
| Semestral | 3 | 6 |
| Anual | 1 | 0 |
| Non consta | 42 | 13 |
| N Total | 322 | 69 |
| % | 81,1 | 17,4 |

B) Tipo de convocatoria

Polo que se refire ó **tipo de convocatoria** predominan, como era de esperar, as convocatorias de tipo ordinario sobre as extraordinarias.

Cadro nº 55: Número de convocatorias ordinarias e extraordinarias do Consello Escolar

| | ORDINARIAS | | EXTRAORDINARIAS | |
|---|---|---|---|---|
| | N | % | N | % |
| Menos de seis | 58 | 14,6 | 245 | 61,7 |
| Seis | 62 | 15,6 | 13 | 3,3 |
| Sete | 28 | 7,1 | 16 | 4,0 |
| Oito | 53 | 13,4 | 7 | 1,8 |
| Nove | 39 | 9,8 | 9 | 2,3 |
| Dez | 31 | 7,8 | 1 | 0,3 |
| Máis de dez | 105 | 26,4 | 9 | 2,3 |
| Non consta | 20 | 5,0 | 97 | 24,4 |

A normativa sinala que o Consello deberá reunirse polomenos trimestralmente. Isto vén significar que nos dous anos de existencia do Consello o número mínimo de reunións debería ser seis. Á vista dos datos o que máis chama a atención é que a meirande parte dos Centros educativos galegos fan máis reunións que as obrigatorias. Algúns incluso moitas máis.

Convén tomar en consideración nembargantes que tamén hai algúns Centros, ben é certo que son poucos, que están por baixo da cifra mínima de reunións (menos de 6 nos dous anos).

De tódolos xeitos, os datos recollidos permiten constatar como primeira conclusión que o Consello Escolar constitúe un órgano institucional que funciona, non é algo esquecido ou relegado ó cumprimento estricto da normativa.

As **convocatorias extraordinarias** son moitas menos que as ordinarias, unha ou dúas de promedio ó ano, e son convocadas para tratar temáticas moi diversas. Como pode verse no cadro o motivo principal para convocar reunións extraordinarias do Consello é o que temos codificado no capítulo de "outros", unha especie de caixón de xastre onde figuran cuestións de todo tipo.

Pero, en xeral, os temas centrais das reunións extraordinarias (lémbrese que unha convocatoria extraordinaria ten que facerse para o estudio dun só tema monográfico) correspóndense con aspectos vencellados ás competencias oficiais do Consello Escolar: elección do director/a, aspectos relacionados co funcionamento do centro (disciplina, conflictos, reclamacións...), e actividades extraescolares.

Cadro nº 56: Motivo das convocatorias extraordinarias

| | N | % |
|---|---|---|
| Eleccións | 55 | 13,9 |
| Disciplina | 35 | 8,8 |
| Actividades extraescolares | 14 | 3,5 |
| Asuntos económicos | 4 | 1,0 |
| Reclamacións á Admón. | 2 | 0,5 |
| Conflictos internos | 14 | 3,5 |
| Aspectos organizativos | 25 | 6,3 |
| Outros | 140 | 35,5 |

Se cruzamos estes datos xerais pola titularidade do centro támo-la seguinte distribución de resultados.

Cadro nº 57: Motivo das convocatorias extraordinarias en función da titularidade do centro

| | PÚBLICO | PRIVADO |
|---|---|---|
| Eleccións | 50 | 4 |
| Disciplina | 30 | 5 |
| Actividades extraescolares | 11 | 1 |
| Asuntos económicos | 3 | 1 |
| Reclamacións Admón. | 2 | 0 |
| Conflictos internos | 10 | 4 |
| Aspectos organizativos | 20 | 2 |
| Outros | 122 | 16 |
| Non consta | 74 | 34 |
| N Total | 322 | 69 |
| % | 81,1 | 17,4 |

É lóxico pensar que algúns dos temas tratados nas convocatorias extraordinarias teñen diferente senso segundo cal sexa a titularidade dos Centros. Os Centros privados, por exemplo, non elixen director nin teñen o Consello como esa estructura intermedia entre o propio centro e a Administración a través do cal vehiculiza-las reclamacións. Dentro da categoría outros están incluídos aqueles casos nos que se trataban temas difíciles de codificar e tamén aqueles outros nos que se presentaban temas que integraban varias das categorías sinaladas no cadro. De aí que o seu número sexa tan elevado.

C) Día da semana

Polo que se refire ó **día da semana** no que se fan as reunións parece ser que son os días centrais: Martes, Mércores e sobre todo Xoves, os preferidos para convoca-lo Consello.

Cadro nº 58: Día de reunión do Consello Escolar

| | N | % |
|---|---|---|
| Luns | 38 | 9,6 |
| Martes | 53 | 13,4 |
| Mércores | 62 | 15,6 |
| Xoves | 86 | 21,7 |
| Venres | 15 | 3,8 |
| Días variables | 97 | 24,4 |
| Non consta | 44 | 11,1 |

O Venres é certamente pouco empregado aínda que algo máis nos Centros privados.

Cadro nº 59: Día de reunión do Consello Escolar segundo a titularidade dos Centros educativos

| | PÚBLICO | PRIVADO |
|---|---|---|
| Luns | 33 | 5 |
| Martes | 48 | 5 |
| Mércores | 56 | 6 |
| Xoves | 63 | 21 |
| Venres | 8 | 6 |
| Días variables | 82 | 13 |
| Non consta | 4 | 13 |
| N Total | 322 | 69 |
| % | 81,1 | 17,4 |

D) Momento do día.

Polo que se refire ó **momento** preferido para a reunión os datos sinalan que o máis frecuente é que os Consellos se reunan ó final da tarde.

Cadro nº 60: Momento habitual de reunión

| | N | % |
|---|---|---|
| Comezo da mañá | 6 | 1,5 |
| Final da mañá | 20 | 5,0 |
| Comezo da tarde | 84 | 21,2 |
| Final da tarde | 264 | 66,5 |
| Non consta | 14 | 3,5 |
| Total | 397 | 100 |

Cadro nº 61: Momento da reunión segundo os niveis educativos que posúe o centro.

| | A | B | C | D | E | F | G | H | I |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Comezo da mañá | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 6 | 0 | 0 |
| Final da mañá | 0 | 2 | 0 | 0 | 2 | 1 | 14 | 0 | 1 |
| Comezo da tarde | 0 | 5 | 4 | 0 | 3 | 2 | 67 | 1 | 2 |
| Final da tarde | 2 | 10 | 27 | 1 | 17 | 7 | 165 | 16 | 17 |
| Variable | 0 | 1 | 1 | 0 | 0 | 0 | 4 | 1 | 2 |
| Non consta | 0 | 0 | 4 | 0 | 1 | 0 | 5 | 2 | 2 |
| N Total | 2 | 18 | 36 | 1 | 23 | 10 | 261 | 20 | 24 |
| % | 0,5 | 4,5 | 9,1 | 0,3 | 5,8 | 2,5 | 65,7 | 5,0 | 6,0 |

A= Infantil
B= Primaria- EXB
C= Bacharelato
D= ESO
E= FP
F= IESP
G= Infantil + Primaria + EXB
H= Infantil + Primaria+ Bacharelato
I= Outros

Cadro nº 62: Momento da reunión segundo a ubicación xeográfica.

| | RURAL | URBANO | VILAS |
|---|---|---|---|
| Comezo da mañá | 1 | 2 | 1 |
| Final da mañá | 12 | 0 | 7 |
| Comezo da tarde | 13 | 18 | 25 |
| Final da tarde | 61 | 87 | 108 |
| Variable | 3 | 2 | 4 |
| Non consta | 3 | 8 | 3 |
| N Total | 114 | 117 | 148 |
| % | 28,7 | 29,5 | 37,3 |

Cabe sinalar que ningún tipo de centro utiliza as primeiras horas da mañá para as reunións do Consello. Todos eles prefiren o final da tarde. Nos Centros rurais o horario está máis distribuído ó longo do día, nalgunha ocasión fanse as reunións ó final da mañá noutros casos a primeira hora da tarde. Os Centros urbanos e semiurbanos concentran a práctica totalidade das convocatorias do Consello para o final da tarde.

En relación ó tamaño dos Centros os datos resultan bastante coincidentes coa situación xeral, canto máis grandes son os Centros máis tenden a concentra-las reunións ó final da tarde.

E) Lugar.

Cadro nº 63: Lugar habitual de reunión

| | N | % |
|---|---|---|
| Sala de profesores, sala de xuntas | 233 | 58,7 |
| Aula | 9 | 2,3 |
| Outros | 105 | 26,4 |
| Non consta | 43 | 10,8 |

O **lugar** preferido para realiza-las reunións do Consello Escolar é a sala de profesores, aínda que tamén se utilizan "outros" escenarios (biblioteca, salón de actos...). Onde case nunca se celebran os Consellos é nas clases.

F) Nivel de asistencia as reunións.

Cadro nº 64: Nº de asistentes ás reunións do Consello Escolar

| | N | % |
|---|---|---|
| Menos do 30 % | 6 | 1,5 |
| Do 31 ó 50 % | 4 | 1,0 |
| Do 51 ó 75 % | 34 | 8,6 |
| Do 76 ó 95 % | 178 | 44,8 |
| Do 96 ó 100 % | 152 | 38,3 |
| Non consta | 23 | 5,8 |
| Total | 397 | 100 |

Analizando a asistencia en función do nivel educativo dos Centros témo-los seguintes datos.

Cadro nº 65: Asistencia ás reunións do Consello Escolar

| | A | B | C | D | E | F | G | H | I |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Menos do 30 % | 0 | 0 | 0 | 0 | 1 | 0 | 4 | 0 | 1 |
| 31-50 % | 0 | 1 | 0 | 0 | 1 | 0 | 2 | 0 | 0 |
| 51-75 % | 0 | 0 | 8 | 0 | 3 | 2 | 14 | 2 | 5 |
| 76-95 % | 1 | 10 | 16 | 0 | 14 | 6 | 115 | 4 | 11 |
| 96-100 % | 1 | 7 | 6 | 1 | 3 | 2 | 116 | 9 | 6 |
| Non consta | 0 | 0 | 6 | 0 | 1 | 0 | 10 | 5 | 1 |
| N Total | 2 | 18 | 36 | 1 | 23 | 10 | 261 | 20 | 24 |
| % | 0,5 | 4,5 | 9,1 | 0,3 | 5,8 | 2,5 | 65,7 | 5,0 | 6,0 |

A= Infantil
B= Primaria- EXB
C= Bacharelato
D= ESO
E= FP
F= IESP
G= Infantil + Primaria + EXB
H= Infantil + Primaria+ Bacharelato
I= Outros

Cadro nº 66: Asistencia ás reunións en función do tamaño do centro:

| | Ata 8 Unid. | 8 - 15 Unid. | 16 - 23 Unid. | Máis de 23 Uni. |
|---|---|---|---|---|
| Menos do 30 % | 0 | 3 | 2 | 1 |
| 31-50 % | 1 | 2 | 0 | 1 |
| 51-75 % | 0 | 7 | 12 | 15 |
| 76-95 % | 7 | 59 | 62 | 46 |
| 96-100 % | 7 | 68 | 46 | 28 |
| Non consta | 2 | 7 | 5 | 8 |
| N Total | 17 | 146 | 127 | 99 |
| % | 4,3 | 36,8 | 32,0 | 24,9 |

Cadro nº 67: Asistencia ás reunións segundo a ubicación xeográfica.

| | RURAL | URBANO | VILAS |
|---|---|---|---|
| Menos do 30 % | 1 | 2 | 1 |
| 31-50 % | 1 | 2 | 0 |
| 51-75 % | 4 | 10 | 19 |
| 76-95 % | 63 | 36 | 74 |
| 96-100 % | 41 | 57 | 45 |
| Non consta | 4 | 10 | 9 |
| N Total | 114 | 117 | 148 |
| % | 28,7 | 29,5 | 37,3 |

Cadro nº 68: Asistencia ás reunións do Consello segundo a titularidade do centro

| | PÚBLICO | PRIVADO |
|---|---|---|
| Menos do 30 % | 5 | 1 |
| 31-50 % | 2 | 2 |
| 51-75 % | 29 | 5 |
| 76-95 % | 161 | 11 |
| 96-100 % | 112 | 40 |
| Non consta | 13 | 10 |
| N Total | 322 | 69 |
| % | 81,1 | 17,4 |

A **asistencia** ós Consellos Escolares é moi elevada. Máis do 75 % dos membros do Consello asisten ás reunións na práctica totalidade dos Centros. Baixa un pouco o nivel de participación nos Centros de Bacharelato, nos Centros de maior tamaño e nas vilas. A participación é lixeiramente superior nos Centros privados.

Se analizamos a asistencia en función dos diferentes sectores témo-los seguintes datos:

Cadro nº 69: Asistencia do director/a ás sesións do Consello Escolar

| | N | % |
|---|---|---|
| Sempre | 379 | 95,4 |
| Moito | 5 | 1,3 |
| Frecuentemente | 1 | 0,3 |
| Non consta | 12 | 3,0 |
| Total | 397 | 100 |

Cadro nº 70: Asistencia doutros membros do equipo directivo ás sesións do Consello Escolar

| | N | % |
|---|---|---|
| Sempre | 344 | 86,7 |
| Moito | 31 | 7,8 |
| Frecuentemente | 4 | 1,0 |
| Non consta | 18 | 4,5 |
| Total | 397 | 100 |

Cadro nº 71: Asistencia dos profesores/-as ás sesións do Consello Escolar

| | N | % |
|---|---|---|
| Sempre | 201 | 50,6 |
| Moito | 169 | 42,6 |
| Frecuentemente | 11 | 2,8 |
| Non consta | 16 | 4,0 |
| Total | 397 | 100 |

Cadro nº 72: Asistencia dos pais/nais ás sesións do Consello Escolar

| | N | % |
|---|---|---|
| Sempre | 94 | 23,7 |
| Moito | 218 | 54,9 |
| Frecuentemente | 54 | 13,6 |
| Ás veces | 12 | 3,0 |
| Non consta | 19 | 4,8 |
| Total | 397 | 100 |

Cadro nº 73: Asistencia dos alumnos/-as ás sesións do Consello Escolar

| | N | % |
|---|---|---|
| Sempre | 133 | 33,5 |
| Moito | 161 | 40,6 |
| Frecuentemente | 60 | 15,1 |
| Ás veces | 25 | 6,3 |
| Non consta | 18 | 4,5 |
| Total | 397 | 100 |

Cadro nº 74: Asistencia do representante da Admón. e Servicios ás sesións do Consello escolar

| | N | % |
|---|---|---|
| Sempre | 207 | 52,1 |
| Moito | 77 | 19,4 |
| Frecuentemente | 23 | 5,8 |
| Ás veces | 20 | 5,0 |
| Nunca | 11 | 2,8 |
| Non consta | 59 | 14,9 |
| Total | 397 | 100 |

Cadro nº 75: Asistencia do representante do Concello ás sesións do Consello escolar

| | N | % |
|---|---|---|
| Sempre | 37 | 9,3 |
| Moito | 66 | 16,6 |
| Frecuentemente | 53 | 13,4 |
| Ás veces | 114 | 28,7 |
| Nunca | 61 | 15,4 |
| Non consta | 66 | 16,6 |
| Total | 397 | 100 |

Como podemos observar o nivel máis alto de asistencia se corresponde co Director/-a e os outros membros do Equipo Directivo. Nun segundo rango, partindo sempre de que a asistencia é elevada, están os profesores/-as e o representante da Admón. e Servicios. Máis irregular é a asistencia dos alumnos/-as e do representante do Concello. No caso do representante do Concello a súa asistencia resulta escasa e cando menos irregular.

G) Temática tratada nos Consellos Escolares.

Neste apartado analizámo-los diferentes temas que foron abordados polos Consellos Escolares.

A estratexia para recolle-la información sobre este punto consistiu en sinalar un amplo catálogo de temas posibles (21 en total) e constatar se os Consellos os trataron ou non ó longo do período estudiado. Parte deses temas correspóndense coas atribucións que a Normativa concede ós Consellos. Outros foron incorporados polo equipo de investigación a partir da súa experiencia e tendo en conta os propósitos deste informe.

Os resultados son os cadros seguintes nos que podemos identificar, non só que temas se trataron nas reunións dos Consellos e cales non, senón tamén con que frecuencia foron tratados aqueles.

Os cadros iniciais refírense a cada un dos temas. Posteriormente haberá varios cadros-resumo nos que se pode establecer unha comparación sobre a frecuencia con que os temas formaron parte das sesións dos Consellos Escolares. Posiblemente, aínda que sexa coa prudencia esixida ás interpretacións que van máis aló da constatación dos datos obxectivos, da maior ou menor presencia dos diferentes temas poidamos deriva-las cousas que se lles concedeu maior importancia.

Considerando individualmente cada tema abordado nas reunións dos Consellos Escolares dos Centros que forman parte da mostra, en función do número de veces que aproximadamente é obxecto de atención nas súas xuntanzas, obtémo-los seguintes cadros de resultados (do cadro nº 76 ó nº 97)

Cadro nº 76: Temática abordada nas reunións: **O Proxecto Educativo**

| | N | % |
|---|---|---|
| Unha ou dúas veces | 202 | 50,9 |
| Tres a cinco veces | 58 | 14,6 |
| Máis de cinco veces | 11 | 2,8 |
| Non consta | 124 | 31,2 |

Cadro nº 77: Temática abordada nas reunións: **A Programación Xeral Anual**

| | N | % |
|---|---|---|
| Unha ou dúas veces | 285 | 71,8 |
| Tres a cinco veces | 70 | 17,6 |
| Máis de cinco veces | 12 | 3,0 |
| Non consta | 30 | 7,6 |
| Total | 397 | 100 |

Cadro nº 78: Temática abordada nas reunións: **O Regulamento de Réxime Interior**

| | N | % |
|---|---|---|
| Unha ou dúas veces | 189 | 47,6 |
| Tres a cinco veces | 44 | 11,1 |
| Máis de cinco veces | 11 | 2,8 |
| Non consta | 153 | 38,5 |
| Total | 397 | 100 |

Cadro nº 79: Temática abordada nas reunións: **O Presuposto do Centro**

| | N | % |
|---|---|---|
| Unha ou dúas veces | 255 | 64,2 |
| Tres a cinco veces | 86 | 21,7 |
| Máis de cinco veces | 29 | 7,3 |
| Non consta | 27 | 6,8 |
| Total | 397 | 100 |

Cadro nº 80: Temática abordada nas reunións: **A Elección do director**

| | N | % |
|---|---|---|
| Unha ou dúas veces | 258 | 65,0 |
| Tres a cinco veces | 11 | 2,8 |
| Máis de cinco veces | 2 | 0,5 |
| Non consta | 126 | 31,7 |
| Total | 397 | 100 |

Cadro nº 81: Temática abordada nas reunións: **O Equipamento e as instalacións**

| | N | % |
|---|---|---|
| Unha ou dúas veces | 137 | 34,5 |
| Tres a cinco veces | 108 | 27,2 |
| Máis de cinco veces | 68 | 17,1 |
| Non consta | 84 | 21,2 |
| Total | 397 | 100 |

Cadro nº 82: Temática abordada nas reunións: **O Seguimento da actividade do centro**

| | N | % |
|---|---|---|
| Unha ou dúas veces | 92 | 23,2 |
| Tres a cinco veces | 91 | 22,9 |
| Máis de cinco veces | 105 | 26,4 |
| Non consta | 109 | 27,5 |
| Total | 397 | 100 |

Cadro nº 83: Temática abordada nas reunións: **A Memoria Anual**

| | N | % |
|---|---|---|
| Unha ou dúas veces | 323 | 81,4 |
| Tres a cinco veces | 20 | 5,0 |
| Máis de cinco veces | 1 | 0,3 |
| Non consta | 53 | 13,4 |

Cadro nº 84: Temática abordada nas reunións: **Relacións con outros Centros**

| | N | % |
|---|---|---|
| Unha ou dúas veces | 121 | 30,5 |
| Tres a cinco veces | 31 | 7,8 |
| Máis de cinco veces | 4 | 1,0 |
| Non consta | 241 | 60,7 |

Cadro nº 85: Temática abordada nas reunións: **Proxectos de Innovación**

| | N | % |
|---|---|---|
| Unha ou dúas veces | 130 | 32,7 |
| Tres a cinco veces | 34 | 8,6 |
| Máis de cinco veces | 7 | 1,8 |
| Non consta | 226 | 56,9 |

Cadro nº 86: Temática abordada nas reunións: **Admisión de alumnos**

| | N | % |
|---|---|---|
| Unha ou dúas veces | 197 | 49,6 |
| Tres a cinco veces | 36 | 9,1 |
| Máis de cinco veces | 6 | 1,5 |
| Non consta | 158 | 39,8 |

Cadro nº 87: Temática abordada nas reunións: **Horarios**

| | N | % |
|---|---|---|
| Unha ou dúas veces | 200 | 50,4 |
| Tres a cinco veces | 34 | 8,6 |
| Máis de cinco veces | 4 | 1,0 |
| Non consta | 159 | 40,1 |

Cadro nº 88: Temática abordada nas reunións: **Xornada Escolar**

| | N | % |
|---|---|---|
| Unha ou dúas veces | 203 | 51,1 |
| Tres a cinco veces | 46 | 11,6 |
| Máis de cinco veces | 9 | 2,3 |
| Non consta | 139 | 35,0 |

Cadro nº 89: Temática abordada nas reunións: **Actividades Especiais**

| | N | % |
|---|---|---|
| Unha ou dúas veces | 132 | 33,2 |
| Tres a cinco veces | 60 | 15,1 |
| Máis de cinco veces | 19 | 4,8 |
| Non consta | 186 | 46,9 |

Cadro nº 90: Temática abordada nas reunións: **Actividades Extraescolares**

| | N | % |
|---|---|---|
| Unha ou dúas veces | 165 | 41,6 |
| Tres a cinco veces | 130 | 32,7 |
| Máis de cinco veces | 48 | 12,1 |
| Non consta | 54 | 13,6 |

Cadro nº 91: Temática abordada nas reunións: **Transporte**

| | N | % |
|---|---|---|
| Unha ou dúas veces | 136 | 34,3 |
| Tres a cinco veces | 41 | 10,3 |
| Máis de cinco veces | 13 | 3,3 |
| Non consta | 207 | 52,1 |

Cadro nº 92: Temática abordada nas reunións: **Comedor**

| | N | % |
|---|---|---|
| Unha ou dúas veces | 67 | 16,9 |
| Tres a cinco veces | 46 | 11,6 |
| Máis de cinco veces | 18 | 4,5 |
| Non consta | 266 | 67,0 |
| Total | 397 | 100 |

Cadro nº 93: Temática abordada nas reunións: **Conflictos de disciplina**

| | N | % |
|---|---|---|
| Unha ou dúas veces | 131 | 33,0 |
| Tres a cinco veces | 72 | 18,1 |
| Máis de cinco veces | 26 | 6,5 |
| Non consta | 168 | 42,3 |
| Total | 397 | 100 |

Cadro nº 94: Temática abordada nas reunións: **Conflictos en xeral**

| | N | % |
|---|---|---|
| Unha ou dúas veces | 82 | 20,7 |
| Tres a cinco veces | 34 | 8,6 |
| Máis de cinco veces | 14 | 3,5 |
| Non consta | 267 | 67,3 |
| Total | 397 | 100 |

Cadro nº 95: Temática abordada nas reunións: **Selección de profesorado**

| | N | % |
|---|---|---|
| Unha ou dúas veces | 46 | 11,6 |
| Tres a cinco veces | 4 | 1,0 |
| Non consta | 347 | 87,4 |
| Total | 397 | 100 |

Cadro nº 96: Temática abordada nas reunións: **Baixas do profesorado**

| | N | % |
|---|---|---|
| Unha ou dúas veces | 68 | 17,1 |
| Tres a cinco veces | 13 | 3,3 |
| Máis de cinco veces | 3 | 0,8 |
| Non consta | 313 | 78,8 |
| Total | 397 | 100 |

Cadro nº 97: Outros temas abordados nas reunións do Consello Escolar

| | N | % |
|---|---|---|
| SI | 96 | 24,2 |
| NON | 139 | 35,0 |
| Non consta | 162 | 40,8 |
| Total | 397 | 100 |

Cadro nº 98: Resumo da temática abordada nas reunións do Consello Escolar

| TEMA | N | % | i | TEMA | N | % | i |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Proxecto Educativo | 271 | 68,3 | 1,29 | Horarios | 238 | 60,0 | 1,14 |
| Programación Xeral Anual | 367 | 92,4 | 1,25 | Xornada Escolar | 258 | 65,0 | 1,24 |
| Regulamento de Réxime Interior | 244 | 61,5 | 1,27 | Actividades Especiais | 211 | 53,1 | 1,46 |
| Presuposto do centro | 370 | 93,2 | 1,31 | Actividades Extraescolares | 343 | 86,4 | 1,65 |
| Elección de director | 271 | 68,3 | 1,05 | Transporte | 190 | 47,9 | 1,35 |
| Equipamento e instalacións | 313 | 78,8 | 1,77 | Comedor | 131 | 33,0 | 1,62 |
| Seguemento actividades do centro | 288 | 72,5 | 2,04 | Conflictos de disciplina | 229 | 57,6 | 1,54 |
| Memoria Anual | 344 | 86,7 | 1,06 | Conflictos en xeral | 130 | 32,5 | 1,47 |
| Relacións con outros Centros | 156 | 39,3 | 1,25 | Selección profesorado | 50 | 12,6 | 1,08 |
| Proxectos Innovación | 171 | 43,1 | 1,28 | Baixas profesorado | 84 | 21,0 | 1,22 |
| Admisión de alumnos | 239 | 60,2 | 1,2 | Outros temas | 96 | 24,2 | — |

i = índice de frecuencia con que se trata ese tema [8].
Adquire os valores **1**=unha ou dúas veces, **2**=tres a cinco veces, **3**= máis de cinco veces.

Se ordenámo-los temas polo maior número de Centros que os trataron nos seus Consellos Escolares témo-la seguinte lista dos temas máis tratados (¿son tamén os máis importantes?) e os temas menos tratados.

Cadro nº 99: Temas máis tratados nos Consellos Escolares estudiados.

| Temas máis tratados | Centros que o trataron no Claustro |
|---|---|
| Presuposto do centro | 370 (93,2%) |
| Programación xeral anual | 367 (92,4%) |
| Memoria Anual | 344 (86,7%) |
| Actividades extraescolares | 343 (86,4%) |
| Equipamento e instalacións | 313 (78,8%) |

8. Para calcular este índice outórgase ás frecuencias ó valor correspondente ó rango ó que pertencen: as frecuencias situadas no primeiro nivel (unha-dúas veces) teñen valor de 1; as situadas no segundo nivel (tres-cinco veces) teñen valor de 2; as situadas no terceiro nivel (máis de 5 veces) reciben un valor de 3. Divídese a suma dos valores dos tres niveis polo total de centros que trataron ese tema. Posto que en tódolos temas hai moitos máis centros que trataron ese tema unha o dúas veces acaba predominando os índices dentro do valor 1. Nembargantes poden verse claras diferencias entre eles segundo a posición que ocupen dentro dese nivel (valor das fraccións).

Cadro nº 100: Temas menos tratados no Consellos Escolares estudiados.

| Temas menos tratados | Centros que o trataron no Claustro |
|---|---|
| Selección profesorado | 50 (12,6%) |
| Baixas profesorado | 84 (21,0%) |
| Conflictos en xeral | 130 (32,5%) |
| Comedor | 131 (33,0%) |
| Relación con outros Centros | 156 (39,3%) |
| Programas de innovación | 171 (43,1%) |

O que se pode constatar nos cadros é que os temas máis presentes nas actuacións dos Consellos son aqueles que se corresponden con competencias específicas dos mesmos (é dicir, que non poderían non ser tratados). As decisións formais sobre eses asuntos recaen de forma obrigatoria sobre o Consello Escolar. Nese senso, parece lóxico, e coherente coa normativa, o feito de que sexan xustamente eses os temas máis abordados.

Entre os temas menos considerados están aqueles que se corresponden con asuntos concretos sobre os que os Consellos non sempre posúen competencias: iso acontece por exemplo coa selección de profesores/-as (que só ten cabida nos Centros privados) ou con temas tan específicos como é o do comedor.

Nembargantes hai outros temas na lista dos menos tratados que merecen especial atención polo que significan para a mellora da calidade dos Centros educativos: así por exemplo o tema dos "programas de innovación", as "relación con outros Centros" os "conflictos", etc.

Polo que se refire á frecuencia con que eses temas son tratados nos Consellos Escolares (o que vén indicado no "índice i") cómpre destacar que aqueles máis reiterativos se corresponden xustamente cos temas máis próximos á vida cotidiá dos Centros:

- seguimento das actividades do centro: i = 2,047
- equipamento e instalacións: i = 1,77
- actividades extraescolares: i = 1,65

Os temas menos reiterativos son os que se corresponden con actividades puntuais (aquelas que se revisan ou deciden dunha vez e xa é suficiente): por exemplo horarios (i = 1,14), Memoria Anual (i = 1,06), elección do director (i = 1,05).

Chama a atención como certos temas que desde un punto de vista cualitativo deberían constituír procesos máis que actos puntuais ou formais (se precisaría estar sobre eles dun xeito constante que dera pé a revisión e reaxustes permanentes) son, nembargantes tratados dun

xeito máis formal (aprobalos ou da-lo visto bo e basta): así, por exemplo o Proxecto Educativo (i = 1,29) e a Programación Xeral Anual (i = 1,25).

### H) Intervencións por sectores

Pasamos a continuación a aborda-lo tema das intervencións dos distintos representantes dos sectores implicados no Consello Escolar durante o desenvolvemento das xuntanzas. Os cadros recollen a porcentaxe de tempo total de reunión que ocupa cada un dos sectores do Consello ó final de cada cadro sinálase tamén o nivel medio de intervencións de cada un dos sectores estudiados.

Cadro nº 101: Intervencións do director/a durante as sesións do Consello Escolar

| | N | % |
|---|---|---|
| Menos do 10 % | 10 | 2,5 |
| Do 11 ó 20 % | 40 | 10,1 |
| Do 21 ó 30 % | 82 | 20,7 |
| Do 31 ó 40 % | 58 | 14,6 |
| Do 41 ó 50 % | 68 | 17,1 |
| Do 51 ó 60 % | 26 | 6,5 |
| Do 61 ó 70 % | 20 | 5,0 |
| Do 71 ó 80 % | 18 | 4,5 |
| Máis do 81 % | 24 | 6,0 |
| Non consta | 51 | 12,8 |
| Total | 397 | 100 |

O promedio de intervencións[9] do director/-a é de 4,11% o que quere dicir que usan ó redor do 40% do tempo total do Consello.

Cadro nº 102: Intervencións doutros membros do equipo directivo durante as sesións do Consello Escolar

| | N | % |
|---|---|---|

9. Para calcular este promedio outorgamos un valor correlativo a cada un dos intervalos das porcentaxes recollidas no cadro. Así menos de 10% valería 1, de 11 a 20% valería 2 e así sucesivamente ata o intervalo "máis de 81" que valería 9. A frecuencia existente en cada intervalo multiplícase polo valor do intervalo e a suma total divídese entre a suma das frecuencias. O resultado final é o promedio de intervencións, é dicir en que intervalo se situaría a media das intervencións recollidas no cadro.

| | | |
|---|---|---|
| Menos do 10 % | 112 | 28,2 |
| Do 11 ó 20 % | 140 | 35,3 |
| Do 21 ó 30 % | 41 | 10,3 |
| Do 31 ó 40 % | 7 | 1,8 |
| Do 41 ó 50 % | 5 | 1,3 |
| Do 51 ó 60 % | 3 | 0,8 |
| Do 61 ó 70 % | 4 | 1,0 |
| Do 71 ó 80 % | 6 | 1,5 |
| Máis do 81 % | 9 | 2,3 |
| Non consta | 70 | 17,6 |
| Total | 397 | 100 |

O nivel promedio de intervencións doutros membros do equipo directivo é de 2,27 o que significa que na maior parte dos casos estudiados as súas intervencións ocupan o 15 ou 20% das sesións do Consello.

Cadro nº 103: Intervencións dos profesores/-as durante as sesións do Consello Escolar

| | N | % |
|---|---|---|
| Menos do 10 % | 96 | 24,2 |
| Do 11 ó 20 % | 149 | 37,5 |
| Do 21 ó 30 % | 54 | 13,6 |
| Do 31 ó 40 % | 10 | 2,5 |
| Do 41 ó 50 % | 6 | 1,5 |
| Do 51 ó 60 % | 9 | 2,3 |
| Do 61 ó 70 % | 4 | 1,0 |
| Do 71 ó 80 % | 3 | 0,8 |
| Máis do 81 % | 11 | 2,8 |
| Non consta | 55 | 13,9 |
| Total | 397 | 100 |

O promedio de intervencións de profesores/-as é de 2,42 o que significa que as súas intervencións veñen a ocupar entre o 20 e o 25% do tempo.

Cadro nº 104: Intervencións dos pais/nais durante as sesións do Consello Escolar

| | N | % |
|---|---|---|
| Menos do 10 % | 139 | 35,0 |
| Do 11 ó 20 % | 126 | 31,7 |
| Do 21 ó 30 % | 41 | 10,3 |
| Do 31 ó 40 % | 7 | 1,8 |
| Do 41 ó 50 % | 3 | 0,8 |
| Do 51 ó 60 % | 3 | 0,8 |
| Do 61 ó 70 % | 4 | 1,0 |
| Do 71 ó 80 % | 5 | 1,3 |
| Máis do 81 % | 8 | 2,0 |
| Non consta | 61 | 15,4 |
| Total | 397 | 100 |

O promedio de intervencións dos pais/nais nos Consellos é de 2,12 o que significa que as súas intervencións veñen a ocupar ó redor do 15% das sesións do Consello.

Cadro nº 105: Intervencións dos alumnos/-as durante as sesións do Consello Escolar

| | N | % |
|---|---|---|
| Menos do 10 % | 254 | 64,0 |
| Do 11 ó 20 % | 46 | 11,6 |
| Do 21 ó 30 % | 10 | 2,5 |
| Do 31 ó 40 % | 0 | 0 |
| Do 41 ó 50 % | 7 | 1,8 |
| Do 51 ó 60 % | 2 | 0,5 |
| Do 61 ó 70 % | 0 | 0 |
| Do 71 ó 80 % | 2 | 0,5 |
| Máis do 81 % | 3 | 0,8 |
| Non consta | 73 | 18,4 |
| Total | 397 | 100 |

Cadro nº 106: Intervencións do representante da Admón. e Servicios durante as sesións do Consello Escolar

| | N | % |
|---|---|---|
| Menos do 10 % | 220 | 55,4 |
| Do 11 ó 20 % | 15 | 3,8 |
| Do 21 ó 30 % | 2 | 0,5 |
| Do 31 ó 40 % | 0 | 0 |
| Do 41 ó 50 % | 2 | 0,5 |
| Do 51 ó 60 % | 2 | 0,5 |
| Do 61 ó 70 % | 0 | 0 |
| Do 71 ó 80 % | 2 | 0,5 |
| Máis do 81 % | 4 | 1,0 |
| Non consta | 150 | 37,8 |
| Total | 397 | 100 |

Cadro nº 107: Intervencións do representante do Concello durante as sesións do Consello Escolar

| | N | % |
|---|---|---|
| Menos do 10 % | 200 | 50,4 |
| Do 11 ó 20 % | 17 | 4,3 |
| Do 21 ó 30 % | 6 | 1,5 |
| Do 31 ó 40 % | 1 | 0,3 |
| Do 41 ó 50 % | 4 | 1,0 |
| Do 51 ó 60 % | 1 | 0,3 |
| Do 61 ó 70 % | 1 | 0,3 |
| Do 71 ó 80 % | 1 | 0,3 |
| Máis do 81 % | 3 | 0,8 |
| Non consta | 163 | 41,1 |
| Total | 397 | 100 |

O promedio de intervencións destes tres últimos sectores é máis baixo. Ós alumnos/-as correspóndelles o 1,33, o mesmo que ós representantes da Admón e Servicios, sendo lixeiramente superior no caso dos representantes do Concello (1,38%). Nos tres casos o tempo medio que ocupan as súas intervencións no Concello está situado no intervalo de 10 ó 15%.

En consecuencia a imaxe que estes datos nos dan das sesións do Consello é que se trata de reunións nas que se poderían distinguir tres grandes grupos en función do nivel da súa participación (considerada unicamente desde o punto de vista do tempo ocupado): a) en primeiro lugar o director/-a que sería quen levaría a voz cantante, ocupando ó redor 30% do tempo total da reunión; b) virían despois o grupo constituído polos outros membros do equipo directivo, os profesores/-as e os pais/nais que ocuparían cada un deles sobre o 10 ó 15% cada un; c) e finalmente un tercer grupo de membros con menor nivel de intervencións que virían a ocupar máis ou menos o 10% cada un.

I) Duración media das sesións.

Cadro nº 108: Duración media das sesións do Consello Escolar

| | N | % |
|---|---|---|
| Menos dunha hora | 35 | 8,8 |
| De unha a dúas horas | 314 | 79,1 |
| Máis de dúas horas | 33 | 8,3 |
| Non consta | 15 | 3,8 |
| Total | 397 | 100 |

Como podemos comproba-las sesións do Consello Escolar veñen a durar un promedio de 1 a 2 horas.

L) Modo de acada-los acordos.

Cadro nº 109: Acordos acadados en xeral

| | N | % |
|---|---|---|
| Por unanimidade todos | 221 | 55,7 |
| Por maioría todos | 33 | 8,3 |
| Por unanimidade ou por maioría | 92 | 23,2 |
| Non consta | 51 | 12,8 |
| Total | 397 | 100 |

Os datos reflexan a preponderancia de acordos acadados por unanimidade. A primeira conclusión que cabería extraer destes datos é que son moi poucos os Centros que toman os acordos do Consello por maioría. Non parece existir, xa que logo unha grande confrontación de posicións no seo do Consello.

## M) Comisións delegadas do Consello Escolar.

En ocasións os Consellos Escolares deciden constituír comisións, ben permanentes ben "ad hoc" para facilita-los traballos que teñen que desenvolver. O cadro seguinte recolle o número de Centros nos que existen comisións do Consello Escolar.

Cadro nº 110: Existen comisións no Consello Escolar

| | N | % |
|---|---|---|
| NON | 105 | 26,4 |
| Ocasionalmente | 9 | 2,3 |
| Unha comisión fixa | 137 | 34,5 |
| Varias comisións fixas | 65 | 16,4 |
| Non consta | 81 | 20,4 |
| Total | 397 | 100 |

Como podemos observar no cadro son moitos os Consellos Escolares que teñen establecidas Comisións, preferentemente fixas. Entre as Comisións máis frecuentes nos Centros estudiados podemos identifica-las seguintes:

- Comisión económica (existe en 178, que supón o 44,8% do total dos Centros estudiados).

- Comisión de disciplina (que existe en 44 Centros, o 11% dos Centros estudiados).

- Comisión de réxime interno (que existe en 10 Centros, o 2,5% dos Centros estudiados).

- Comisión de actividades complementarias e extraescolares (10 Centros).

- Comisión permanente (8 Centros).

Existen, por outra banda comisións que son propias das competencias que os Consellos Escolares asumen nos Centros privados, por exemplo: Comisión de admisión de alumnos, Comisión de selección de profesores, Comisión de convivencias, etc.

Polo que se refire ás comisións "ad hoc" estas son establecidas para resolver algún aspecto puntual ou problema: así por exemplo a Comisión de biblioteca, Comisión de seguridade, Comisión "de pais para arregla-lo patio", Comisión cultural, Comisión ecolóxica e de medio ambiente, Comisión de festas, etc.

## CONCLUSIÓNS PRINCIPAIS.

*A análise feita sobre o funcionamento dos Consellos Escolares permite resalta-los seguintes aspectos:*

*1.- A nivel xeral os Centros estudiados cumpren sobradamente a normativa no que se refire ó número de reunións.*

*Só un pequeno número de Centros (que non pasarían de 10, sendo 6 do sector privado) estarían fóra das esixencias de facer reunións cando menos trimestralmente.*

*2.- Na súa meirande parte as reunións do Consello son ordinarias. As reunións extraordinarias fanse nun promedio de 1 ou 2 ó ano para tratar temas puntuais entre os que cabe suliñar: eleccións, disciplina, aspectos organizativos, actividades extra-escolares, etc.*

*3.- Os Centros tenden a escoller-los días centrais da semana para celebra-los Consellos. Os venres son sistematicamente excluídos. O momento preferido é pola tarde, especialmente ó final da tarde. O lugar preferido son as salas de profesores/-as ou salas de xuntas. Só aqueles Centros que non dispoñen deses espacios utilizan outros como bibliotecas, salón de actos, etc.. As aulas son rexeitadas de forma xeral como espacio inadecuado para reunir nel ó Consello.*

*4.- O nivel de asistencia ós Consellos é, en xeral, moi elevado: asisten máis do 75% dos seus compoñentes na práctica totalidade dos Centros. Ó nivel de asistencia baixa lixeiramente, aínda que manténdose sempre a tónica xeral elevada, nos Centros de Bacharelato e nos Centros de maior tamaño.*

*Por sectores, tanto os directores/-as como os outros membros do equipo directivo asisten practicamente sempre ós Consellos. A asistencia é moi elevada tamén no sector de Admón. e Servicios, mentres cae un pouco en relación ós profesores/-as e*

*algo máis no que se refire a pais/nais e alumnos/-as. A asistencia do representante do Concello é bastante irregular.*

*5.- Os temas tratados nos Consellos Escolares son moi variados é están referidos principalmente ós asuntos que a normativa atribúe á competencia do Consello.*

*Os temas tratados por maior número de Centros correspóndense con aqueles asuntos que requiren a aprobación formal do Consello: presuposto, programación anual, memoria anual, equipamento e instalacións, etc. Os temas que aparecen máis veces nas axendas dos Consellos son aqueles que teñen que ver coa vida ordinaria dos Centros: seguimento das actividades, equipamento e instalacións, actividades extra-escolares.*

*Convén chama-la atención neste apartado no que se refire a que asuntos importantes para a mellora cualitativa dos Centros escolares reciben unha menor atención dos Consellos: programas de innovación, avaliación do centro, actividades especiais, etc. Así mesmo conviría insistir en que o exercicio efectivo das competencias do Consello debería transcende-la mera formalidade burocrática para entrar nun seguimento máis cualitativo dos asuntos que son propios deste Órgano. Non se trata, xa que logo , de que o Consello aprobe ou dea o seu visto bo a eses temas (é dicir que os trate unha soa vez) senón de manter unha atención permanente sobre os procesos educativos desenvolvidos no centro con vistas a incorporar cantos reaxustes e melloras parezan aconsellables. Así debería acontecer con asuntos como por exemplo o Proxecto Educativo, a Programación Xeral Anual, os Programas de Innovación, etc.*

*6.- Tódolos sectores participan e interveñen nas sesións do Consello aínda que non de forma equilibrada. Os directores/-as e restantes membros do equipo directivo teñen un alto nivel de intervencións e ocupan unha boa parte do tempo nas reunións dos Consellos. O nivel de intervencións dos profesores/-as e pais/nais é menor aínda que se mantén nun nivel significativo . O nivel de participación disminúe moito no que se refire ós alumnos/-as, persoal da Admón.e Servicios e representante do Concello.*

*7.- A duración media das sesións é de 1 a 2 horas o que parece tempo suficiente para discutir lixeiramente os temas e aprobalos , se procedese, aínda que un pouco escaso para entrar a debater en profundidade asuntos de importancia para a marcha do centro.*

*Por outra banda , a meirande parte das veces os acordos adóptanse por unanimidade o que deixaría entrever que ou ben existe pouco debate ou ben se produce escasa confrontación entre posicións diferentes en relación ós temas tratados. Neste senso a unanimidade pode ser un novo indicador sobre un certo deslizamento dos Consellos cara ó formalismo, isto é, a cubri-lo trámite aprobando os asuntos que xa chegan ó Consello máis o menos decididos de antemán.*

*8.- Moitos Consellos teñen organizadas Comisións para desenvolver traballos en asuntos concretos. A meirande parte desas Comisións son estables (aínda que tamén existen outras moitas creadas "ad hoc" para asuntos puntuais) e entre elas cabería destacar a Comisión Económica, a de Disciplina, a de Réxime Interno, a de Actividades Extraescolares e a Comisión Permanente.*

O Consello Escolar de Galicia manifesta a súa preocupación polo feito de que haxa Centros onde non se celebran as sesión legalmente obrigatorias dos Consellos Escolares. Neste sentido insta á Administración educativa a que se indaguen as causas dese irregular comportamento e se procure poñer remedio á situación.

# CAPÍTULO III

# A PARTICIPACIÓN NOS CLAUSTROS ESCOLARES

# III.- A PARTICIPACIÓN NOS CLAUSTROS ESCOLARES

## III.1.- O marco legal da participacion nos Claustros

O marco legal da estructura, elección e funcionamento do Claustro vén marcada pola LODE.

A LODE no seu artigo 45 dispón:

1.- O Claustro de profesores é o Órgano propio de participación destes no Centro. Estará integrado poloa totalidade dos profesores que presten servicio no mesmo e será presidido polo Director do Centro.

2.- Son competencias do Claustro:

a) Programa-las actividades docentes no Centro.

b) Elixi-los seus representantes no Consello Escolar do Centro.

c) Fixar e coordinar criterios sobre o labor de avaliación e recuperación dos alumnos.

d) Coordina-las funciones de orientación e titoría dos alumnos.

e) Promover iniciativas no ámbito da experimentación e investigación pedagóxica.

f) Calquera outra que lle sexa encomendada polos respectivos regulamentos órganicos.

3.- O Claustro reunirase preceptivamente unha vez ó trimestre e sempre que o solicite un tercio polo menos dos seus membros.

O Decreto 92/1988 do 22 de abril, citado, polo que se regulan os Órganos de Goberno dos Centros públicos do ensino non universitario completa as anteriores competencias engadindo a seguinte:

> f- Elevar ó Equipo Directivo propostos para a elaboración da Programación Xeral do Centro, e informar sobre a devandita programación previamente á súa presentación ó Consello Escolar do Centro.
>
> g- Elevar propostas ó Equipo Directivo para o desenvolvemento das actividades complementarias, visitas e viaxes, comedores e colonias de verán.

## III.2.- Problemática xeral da Participación nos Claustros Escolares.

O Claustro de profesores/-as como Órgano colexiado de Goberno do Centro é, sen dúbida, o elemento máis importante de cara ó logro da dinamización e bo facer da vida académica dun Centro. Del forma parte o colectivo total de profesores/-as independentemente da súa adscrición, función, materia ou da escala á que pertenzan dentro desa unidade escolar.

A problemática principal que afecta a este Órgano colexiado de participación dos profesores/-as son, xa que logo, todo aquel tipo de circunstancias que poden afectar ó cumprimento da súa misión fundamental como tal. Iso acontece, por exemplo cando:

-a participación dos profesores/-as é escasa porque na "cultura institucional" prevalece o individualismo sobre a dinámica da colaboración e do traballo coordinado.

-a participación dos profesores/-as está centrada naquel tipo de cuestións que lles afectan persoalmente (horarios, condicións de traballo, conflictos persoais) pero desaparece ou queda moi diluída cando xorden temas que afectan ó funcionamento da institución.

-acaba predominando o formalismo o burocratismo sobre o tratamento en profundidade dos temas que afectan á acción educativa que se espera dos Centros escolares.

-non só non se convirte nun recurso de colaboración entre os profesores/-as e de coordinación do seu traballo senón que acaba sendo o escenario da confrontación permanente entre intereses persoais ou de grupo.

-non se establece unha especie de diálogo e *feedback* permanente entre o Claustro e a vida ordinaria do Centro. Os problemas cotiás, a marcha das cousas, a problemática do traballo diario de profesores e alumnos resultan alleos ás discusións e decisións do Claustro. Non hai avaliación dos procesos, non se fai o seguimento das

decisións previas, non se introducen os reaxustes precisos na organización das actividades e programas. É como se os Claustros tomasen vida propia e se independizasen da vida educativa dos Centros ós que pertencen.

O Claustro de profesores é o grande recurso institucional para a planificación da actividade educativa a desenvolver no Centro. Do grao de participación e implicación do colectivo dos profesores /-as nas tarefas de planificación pedagóxica docente, da súa posta en práctica e do seguimento e avaliación do seu logro depende a identidade educativa e o estilo de traballo institucional do Centro. Máis que cousa outra algunha é o funcionamento dos Claustros o que acaba diferenciando uns Centros escolares doutros, polo menos, no que se refire á vida cotiá da institución..

Os profesores/-as , membros natos do Claustro, constitúense así no compoñente persoal básico do funcionamento ordinario da institución. Cada profesor/-a, na medida en que desenvolva un certo nivel de relación humana que lle permita interactuar con outras persoas sen facer uso da xerarquización ou do administrativismo, é dicir, na medida en que estea disposto/-a a colaborar cos compañeiros/-as por convencemento propio, sentíndose implicado nun proceso colectivo de desenvolvemento institucional e de mellora profesional, convertirá o Claustro no máis principal recurso con que contan os Centros escolares para desenvolve-la súa función educativa con efectividade.

A LOGSE e as disposicións que ata o de agora a levan a práctica significaron un novo fito no sentido e funcións a desenvolver polos Clastros. O novo marco legal pon instrumentos ó servicio dos Claustros de profesores/-as que permiten, a expensas da implicación individual ou colectiva, logra-lo anhelado funcionamento democrático. A nova situación é, máis que outra cousa, un reto importante á capacidade das actuais estructuras claustrais para desenvolver efectivamente a súa función de planificación e coordinación institucional.

Estes novos instrumentos en mans dos Claustros son fundamentalmente os *Proxectos Curriculares de Centro* . O PCC está conectado, por unha banda, ó Proxecto Educativo onde se recollen as especificidades ideolóxico-educativas do Centro, as características do contexto e as notas de identidade institucional, e pola outra, ó currículum oficial no que se sinalan os compromisos de formación que asumen os Centros en relación a cada un dos niveis educativos. Os Claustros teñen encomendada a competencia oficial de establece-lo marco técnico dos obxectivos e estratexias formativas que caracterizarán a ese Centro educativo nos eidos da docencia, orientación, participación e investigación.

O Proxecto Curricular de Centro (PCC) é, xa que logo, o instrumento que o Claustro de profesores/-as ten ó seu servicio para plasma-lo deseño operativo de actuación didáctica, o que vai posibilitar que o Centro teña unha actuación coherente e acorde coas súas peculiariedades definidas no Proxecto Educativo, e recollendo as directrices dos respectivos Deseños Curriculares Base (DCB), dándolle o carácter aberto e flexible que cada Centro demande.

En base a este operativo didáctico-educativo, deséñanse as programacións anuais para cada ciclo, área ou disciplina, tendo sempre como marco de referencia a xa mencionada condición de que o Claustro é máis que nada unha estructura comunitaria destinada a potencia-las accións colectivas e coordinadas sobre as accións individuais e illadas. Nesa dirección os Claustros organizan o seu traballo a través da utilización de comisións, grupos de traballo, especializacións, etc., que terán ese propósito da actuación global como permanente punto de mira.

O Claustro é, así mesmo, o escenario institucional adecuado para a definición do Regulamento de Réxime Interior ou dos outros Documentos institucionais que se consideren necesarios de cara ó desenvolvemento democrático do Centro e da súa autonomía.

O Claustro de profesores ten, ademais destas funcións didáctico-pedagóxicas e de planificación, outras que son froito do desenvolvemento do marco legal, e que presentan tamén unha grande importancia para o funcionamento daquelas e, nun nivel máis xeral, para o funcionamento democrático do Centro. Son as seguintes:

- A elección dos representantes no Consello Escolar e os do consello dos Centros de Formación Continuada do Profesorado

- A demanda de planificación da formación dos profesores a desenvolver dentro do propio Centro.

- A busca de relacións con outros Centros do contorno e cos Centros de traballo.

- A aprobación do propio proxecto curricular e da súa avaliación.

- A aprobación de criterios para a elaboración de horarios para alumnos/-as e profesores/-as , seguindo as normativas ó respecto e as indicacións do PCC.

- A análise e avaliación do funcionamento do propio Centro.

- Ser informado/-a dos/-as candidatos/-as á dirección do Centro e dos seus programas
.

- Participar e promocionar iniciativas de cara á investigación pedagóxica e á mellora da calidade do ensino.

Podemos concluír que o claustro de profesores/-as é o órgano de quen depende en boa parte o funcionamento dun Centro educativo, e por iso consideramos que, á marxe da participación "obrigatoria" do profesor/-a fixada pola lexislación, débese consegui-la participación **real**, efectiva de todo o profesorado en base á busca dunha profesionalización, democratización e autonomía dos Centros, acorde coas demandas formativas e de calidade do ensino presentes na sociedade actual.

## III.3.- Situación en Galicia

Comezamos aquí o estudio do Claustro que constitúe outra das instancias institucionais de participación nos Centros escolares. Os Claustros non presentan unha problemática específica no que se refire á elección dos seus membros. Por iso non dedicamos un apartado a ese proceso. Entraremos directamente a recoller e analiza-los datos referidos ó funcionamento do Claustro como Órgano de participación. Imos seguir un esquema similar ó utilizado en relación ó Consello Escolar.

### A) Número de reunións e periodicidade das mesmas.

A normativa vixente (art. 60 do Decreto 92/1988) establece que o Claustro se reunirá preceptivamente unha vez por trimestre, ou sempre que o seu Presidente o considere conveniente ou cando o solicite un tercio dos membros.

Os datos recollidos na nosa enquisa son coherentes coa normativa e, de feito, a meirande parte dos Centros estudiados fixeron máis de dez reunións nos dous últimos anos. Os datos son os que se presentan a continuación.

Cadro nº 111: Nº de reunións do Claustro

| | N | % |
|---|---|---|
| Menos de seis reunións | 17 | 4,3 |
| Seis reunións | 16 | 4,0 |
| Sete reunións | 13 | 3,3 |
| Oito reunións | 26 | 6,5 |
| Nove reunións | 20 | 5,0 |
| Dez reunións | 37 | 9,3 |
| Máis de dez reunións | 254 | 64,0 |
| Non consta | 14 | 3,5 |
| Total | 397 | 100 |

A periodicidade con que teñen lugar as reunións vén reflexada no seguinte cadro.

Cadro nº 112: Periodicidade das reunións do Claustro

| | N | % |
|---|---|---|
| Semanal | 17 | 4,3 |
| Quincenal | 7 | 1,8 |
| Mensual | 108 | 27,2 |
| Bimensual | 107 | 27,0 |
| Trimestral | 97 | 24,0 |
| Semestral | 5 | 1,3 |
| Anual | 3 | 0,8 |
| Non Consta | 53 | 13,4 |

Cadro nº 113: Periodicidade das reunións do Claustro segundo os niveis educativos que posúe o centro

| | A | B | C | D | E | F | G | H | I |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Semanal | 0 | 0 | 0 | 0 | 1 | 0 | 14 | 2 | 0 |
| Quincenal | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 1 | 4 | 2 | 1 |
| Mensual | 0 | 7 | 8 | 0 | 5 | 1 | 70 | 6 | 10 |
| Bimensual | 1 | 3 | 15 | 0 | 8 | 4 | 68 | 2 | 6 |
| Trimestral | 1 | 6 | 9 | 0 | 3 | 4 | 64 | 2 | 8 |
| Semestral | 0 | 0 | 0 | 0 | 1 | 0 | 2 | 2 | 0 |
| Anual | 0 | 0 | 1 | 0 | 0 | 0 | 2 | 0 | 0 |
| Non Consta | 0 | 2 | 3 | 1 | 5 | 0 | 36 | 4 | 0 |
| N total | 2 | 18 | 36 | 1 | 23 | 10 | 261 | 20 | 24 |
| % | 0,5 | 4,5 | 9,1 | 0,3 | 5,8 | 2,5 | 65,7 | 5,0 | 6,0 |

A= Infantil
B= Primaria- EXB
C= Bacharelato
D= ESO
E= FP
F= IESP
G= Infantil + Primaria + EXB
H= Infantil + Primaria+ Bacharelato
I= Outros

Cadro nº 114: Periodicidade das reunións do Claustro segundo a titularidade do centro

| | PUBLICO | PRIVADO |
|---|---|---|
| Semanal | 8 | 9 |
| Quincenal | 5 | 2 |
| Mensual | 84 | 22 |
| Bimensual | 98 | 7 |
| Trimestral | 76 | 21 |
| Semestral | 3 | 2 |
| Anual | 3 | 0 |
| Non Consta | 45 | 5 |
| N Total | 322 | 69 |
| % | 81,1 | 17,4 |

A nivel xeral parece pois claro que as reunións do claustro son sobre todo mensuais ou bimensuais. En menor medida algúns Centros manteñen tamén xuntanzas trimestrais, dato que corresponde sobre todo a Centros de Bacharelato. En calquera caso todos eles cumpren coa normativa excepto eses poucos que manteñen reunións semestrais ou anuais.

B) Tipo de convocatoria.

Polo que se refire ó **tipo de convocatoria** predominan as convocatorias de tipo ordinario sobre as extraordinarias.

Cadro nº 115: Número de convocatorias ordinarias e extraordinarias do Claustro

| | ORDINARIAS | | EXTRAORDINARIAS | |
|---|---|---|---|---|
| | N | % | N | % |
| Menos de seis | 45 | 11,3 | 243 | 61,2 |
| Seis | 43 | 10,8 | 11 | 2,8 |
| Sete | 17 | 4,3 | 9 | 2,3 |
| Oito | 42 | 10,6 | 12 | 3,0 |
| Nove | 30 | 7,6 | 6 | 1,5 |
| Dez | 36 | 9,1 | 3 | 0,8 |
| Máis de dez | 148 | 37,3 | 13 | 3,3 |
| Non consta | 36 | 9,1 | 100 | 25,2 |

O número de convocatorias ordinarias é bastante elevado. Tódolos Centros excepto os 45 que fixeron menos de 6 reunións, están por riba dos mínimos que marca a normativa (unha reunión trimestral). En moitos casos o número de reunións é moi superior ó mínimo establecido.

Cadro nº 116: Motivo das convocatorias extraordinarias

| | N | % |
|---|---|---|
| Eleccións | 123 | 31,0 |
| Aspectos organizativos | 17 | 4,3 |
| Aspectos económicos | 2 | 0,5 |
| Profesorado | 11 | 2,8 |
| Alumnos/-as | 3 | 0,8 |
| Aspectos curriculares | 12 | 3,0 |
| Recursos didácticos | 1 | 0,3 |
| Actividades extraescolares | 17 | 4,3 |
| Outros | 104 | 26,2 |

Se cruzamos estes datos xerais pola titularidade do centro témo-la seguinte distribución de resultados.

Cadro nº 117: Motivo das convocatorias extraordinarias segundo a titularidade do centro.

| | PÚBLICO | PRIVADO |
|---|---|---|
| Eleccións | 116 | 5 |
| Aspectos organizativos | 14 | 3 |
| Aspectos económicos | 1 | 1 |
| Profesorado | 11 | 0 |
| Alumnos/-as | 3 | 0 |
| Aspectos curriculares | 11 | 1 |
| Recursos didácticos | 0 | 0 |
| Actividades Extraescolares | 14 | 3 |
| Outros | 87 | 15 |
| Non Consta | 65 | 41 |
| N total | 322 | 69 |
| % | 81,1 | 17,4 |

Os asuntos que xustificaron a convocatoria de sesións extraordinarias do Claustro son variados. Predomina, con todo, o tema electoral. No resto dos casos, moi escasos, trátase de asuntos, polo xeral de tipo académico: Proxecto Curricular, temas organizativos (horarios, etc,), actividades extraescolares.

C) Día da semana.

Cadro nº 118: Día de reunión do Claustro

| | N | % |
|---|---|---|
| Luns | 54 | 13,6 |
| Martes | 77 | 19,4 |
| Mércores | 77 | 19,4 |
| Xoves | 47 | 11,8 |
| Venres | 15 | 3,8 |
| Días variables | 87 | 21,9 |
| Non consta | 40 | 10,1 |

Polo que se refire o **día da semana** no que se celebra o Claustro aparece unha lixeira preferencia polos días centrais da semana. O venres queda claramente excluído.

Cadro nº 119: Día de reunión do Claustro en función da titularidade do centro

| | PÚBLICO | PRIVADO |
|---|---|---|
| Luns | 49 | 5 |
| Martes | 62 | 15 |
| Mércores | 65 | 12 |
| Xoves | 30 | 15 |
| Venres | 8 | 6 |
| Días variables | 75 | 11 |
| Non consta | 31 | 5 |
| N Total | 322 | 69 |
| % | 81,1 | 17,4 |

Como pode verse non hai diferencia significativa entre Centros públicos e privados polo que se refire ó día da semana.

D) Momento do día.

Cadro nº 120: Hora habitual de reunión do Claustro

| | N | % |
|---|---|---|
| Comezo da mañá | 15 | 3,8 |
| Final da mañá | 25 | 6,3 |
| Comezo da tarde | 122 | 30,7 |
| Final da tarde | 200 | 50,4 |
| Hora variable | 17 | 4,3 |
| Non consta | 18 | 4,5 |
| N Total | 397 | 100 |

Polo que se refire ó **momento** preferido para a reunión os datos sinalan que o máis frecuente é que os Claustros se reúnan ó comezo ou, preferentemente, ó final da tarde.

Cadro nº 121: Momento de reunión do Claustro segundo os niveis educativos ós que pertencen os Centros

| | A | B | C | D | E | F | G | H | I |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Comezo da mañá | 0 | 1 | 0 | 0 | 0 | 0 | 13 | 0 | 1 |
| Final da mañá | 0 | 3 | 1 | 0 | 2 | 1 | 18 | 0 | 0 |
| Comezo da tarde | 1 | 7 | 11 | 0 | 5 | 1 | 85 | 3 | 8 |
| Final da tarde | 1 | 7 | 19 | 1 | 11 | 7 | 129 | 13 | 11 |
| Variable | 0 | 0 | 2 | 0 | 3 | 1 | 7 | 1 | 3 |
| Non consta | 0 | 0 | 3 | 0 | 2 | 0 | 7 | 2 | 1 |
| N Total | 2 | 18 | 36 | 1 | 23 | 10 | 261 | 20 | 24 |
| % | 0,5 | 4,5 | 9,1 | 0,3 | 5,8 | 2,5 | 65,7 | 5,0 | 6,0 |

A= Infantil
B= Primaria- EXB
C= Bacharelato
D= ESO
E= FP
F= IESP
G= Infantil + Primaria + EXB
H= Infantil + Primaria+ Bacharelato
I= Outros

Non hai diferencias en razón dos niveis dos Centros polo que se refire ó momento de reunión do Claustro. En torno ó 30% de tódolos niveis educativos utilizan o comezo da tarde, mentres que aproximadamente o 50% prefiren o final da tarde

Cadro nº 122: Momento de reunión do Claustro segundo a ubicación xeográfica.

| | RURAL | URBANO | VILAS |
|---|---|---|---|
| Comezo da mañá | 5 | 4 | 4 |
| Final da mañá | 16 | 0 | 9 |
| Comezo da tarde | 42 | 37 | 36 |
| Final da tarde | 46 | 63 | 82 |
| Variable | 3 | 4 | 10 |
| Non consta | 1 | 9 | 5 |
| N Total | 114 | 117 | 148 |
| % | 28,7 | 29,5 | 37,3 |

No rural aparece máis diversificado o momento de realización das sesións do Claustro. Nalgúns Centros rurais (o 14%) utilizan tamén o final da mañá para face-las reunións.

E) Lugar .

Cadro nº 123: Lugar habitual de reunión do Claustro.

| | N | % |
|---|---|---|
| Sala de profesores | 277 | 69,8 |
| Aula | 14 | 3,5 |
| Outros | 73 | 18,4 |
| Non consta | 38 | 8,3 |

O **lugar** preferido para realiza-las reunións do Claustro é a sala de profesores, aínda que tamén se utilizan "outros" escenarios (biblioteca, salón de actos...). Onde practicamente nunca se celebran os Claustros é nas aulas.

F) Nivel de asistencia.

Cadro nº 124: Asistencia ó Claustro

| | N | % |
|---|---|---|
| Menos do 30 % | 7 | 1,8 |

| | | |
|---|---|---|
| 31-50 % | 0 | 0 |
| 51-75 % | 10 | 2,5 |
| 76-95 % | 104 | 26,2 |
| 96-100 % | 257 | 64,7 |
| Non consta | 19 | 4,8 |
| N Total | 397 | 100 |

A **asistencia** ós Claustros é moi elevada. Na práctica totalidade dos Centros, máis do 75% dos membros do Claustro participan nas reunións deste órgano colexiado.

Analizando a asistencia en función do nivel educativo dos Centros témo-los seguintes datos.

Cadro nº 125: Asistencia ó Claustro considerando o nivel educativo dos Centros

| | A | B | C | D | E | F | G | H | I |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Menos do 30 % | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 7 | 0 | 0 |
| 31-50 % | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 |
| 51-75 % | 0 | 0 | 2 | 0 | 6 | 1 | 1 | 0 | 0 |
| 76-95 % | 1 | 4 | 20 | 0 | 11 | 6 | 43 | 5 | 14 |
| 96-100 % | 1 | 14 | 12 | 1 | 5 | 3 | 198 | 11 | 10 |
| Non consta | 0 | 0 | 2 | 0 | 1 | 0 | 12 | 4 | 0 |
| N Total | 2 | 18 | 36 | 1 | 23 | 10 | 261 | 20 | 24 |
| % | 0,5 | 4,5 | 9,1 | 0,3 | 5,8 | 2,5 | 65,7 | 5,0 | 6,0 |

A= Infantil
B= Primaria- EXB
C= Bacharelato
D= ESO
E= FP
F= IESP
G= Infantil + Primaria + EXB
H= Infantil + Primaria+ Bacharelato
I= Outros

Cadro nº 126: Asistencia ó Claustro en función do tamaño do centro:

| | Ata 8 Unid. | 8 - 15 Unid. | 16 - 23 Unid. | Máis de 23 Uni. |
|---|---|---|---|---|
| Menos do 30 % | 0 | 4 | 1 | 2 |
| 31-50 % | 0 | 0 | 0 | 0 |
| 51-75 % | 0 | 2 | 3 | 5 |
| 76-95 % | 1 | 24 | 35 | 43 |
| 96-100 % | 16 | 111 | 83 | 41 |
| Non consta | 0 | 5 | 5 | 8 |
| N Total | 17 | 146 | 127 | 99 |
| % | 4,3 | 36,8 | 32,0 | 24,9 |

Cadro nº 127: Asistencia ó Claustro segundo a ubicación xeográfica.

| | RURAL | URBANO | VILAS |
|---|---|---|---|
| Menos do 30 % | 3 | 1 | 2 |
| 31-50 % | 0 | 0 | 0 |
| 51-75 % | 0 | 3 | 7 |
| 76-95 % | 27 | 39 | 38 |
| 96-100 % | 80 | 66 | 94 |
| Non consta | 4 | 8 | 7 |
| N Total | 114 | 117 | 148 |
| % | 28,7 | 29,5 | 37,3 |

Cadro nº 128: Asistencia ó Claustro considerando a titularidade do centro

| | PUBLICO | PRIVADO |
|---|---|---|
| Menos do 30 % | 5 | 2 |
| 31-50 % | 0 | 0 |
| 51-75 % | 10 | 0 |
| 76-95 % | 94 | 9 |
| 96-100 % | 200 | 53 |
| Non consta | 13 | 5 |
| N Total | 322 | 69 |
| % | 81,1 | 17,4 |

Como podemos observar nos cadros a asistencia ós Claustros é maior nos Centros de Primaria que nos Centros de Secundaria e nos Centros medianos e pequenos ca nos Centros maiores.

O nivel de asistencia é maior nos Centros situados en zonas rurais ca nos situados nas cidades e vilas. Tamén é maior a asistencia nos Centros privados ca nos públicos.

G) Temas tratados.

Os temas tratados no Claustro son moi variados como corresponde a un Órgano de participación proxectado sobre a vida diaria das institucións educativas: trátase do "espacio institucional" no que se toman as decisións e se poñen en marcha as iniciativas relacionadas coa dinámica cotiá dos Centros escolares. É por iso que hai un pouco de todo.

O equipo de investigación incluíu nos cuestionarios todo un abano de posibles temas. Partimos para iso do que sinala a normativa como funcións do Claustro e da nosa propia experiencia no que se refire ós temas que habitualmente forman parte da orde do día dos Claustros. Incluímos tamén algúns contidos que, desde un punto de vista xeral, constitúen temas de grande relevo na dinámica dun centro escolar. Quedou así establecido un listado de 23 posibles temas, ademais presentouse a alternativa de poder engadir outros nun apartado incluído para tal efecto.

O listado dos temas abordados nos dous anos de funcionamento do Claustro, figuran nos cadros seguintes:

Cadro nº 129: Temática abordada nas reunións: **O Proxecto Curricular**

| | N | % |
|---|---|---|
| Unha ou dúas veces | 118 | 29,7 |
| Tres a cinco veces | 105 | 26,4 |
| Máis de cinco veces | 79 | 19,9 |
| Non consta | 95 | 24,0 |
| Total | 397 | 100 |

Cadro nº 130: Temática abordada nas reunións: **Eleccións para o Consello**

| | N | % |
|---|---|---|
| Unha ou dúas veces | 308 | 77,6 |
| Tres a cinco veces | 40 | 10,1 |
| Máis de cinco veces | 5 | 1,3 |
| Non consta | 44 | 11,0 |
| Total | 397 | 100 |

Cadro nº 131: Temática abordada nas reunións: **O Regulamento de Réxime Interior**

| | N | % |
|---|---|---|
| Unha ou dúas veces | 190 | 47,9 |
| Tres a cinco veces | 58 | 14,6 |
| Máis de cinco veces | 12 | 3,0 |
| Non consta | 137 | 34,5 |
| Total | 397 | 100 |

Cadro nº 132: Temática abordada nas reunións: **O Presuposto do Centro**

| | N | % |
|---|---|---|
| Unha ou dúas veces | 219 | 55,2 |
| Tres a cinco veces | 70 | 17,6 |
| Máis de cinco veces | 29 | 7,3 |
| Non consta | 79 | 19,9 |
| Total | 397 | 100 |

Cadro nº 133: Temática abordada nas reunións: **O Equipamento e as instalacións**

| | N | % |
|---|---|---|
| Unha ou dúas veces | 169 | 42,6 |
| Tres a cinco veces | 105 | 26,4 |
| Máis de cinco veces | 69 | 17,4 |
| Non consta | 54 | 13,6 |
| Total | 397 | 100 |

Cadro nº 134: Temática abordada nas reunións: **A organización do curso**

| | N | % |
|---|---|---|

| | | |
|---|---|---|
| Unha ou dúas veces | 180 | 45,3 |
| Tres a cinco veces | 110 | 27,7 |
| Máis de cinco veces | 48 | 12,1 |
| Non consta | 59 | 14,9 |
| Total | 397 | 100 |

Cadro nº 135: Temática abordada nas reunións: **Coordinación de ciclos e seminarios**

| | N | % |
|---|---|---|
| Unha ou dúas veces | 178 | 44,8 |
| Tres a cinco veces | 73 | 18,4 |
| Máis de cinco veces | 48 | 12,1 |
| Non consta | 98 | 24,7 |
| Total | 397 | 100 |

Cadro nº 136: Temática abordada nas reunións: **A Memoria Anual**

| | N | % |
|---|---|---|
| Unha ou dúas veces | 307 | 77,3 |
| Tres a cinco veces | 35 | 8,8 |
| Máis de cinco veces | 4 | 1,0 |
| Non consta | 51 | 12,8 |
| Total | 397 | 100 |

Cadro nº 137: Temática abordada nas reunións: **Relacións con outros Centros**

| | N | % |
|---|---|---|
| Unha ou dúas veces | 133 | 33,5 |
| Tres a cinco veces | 35 | 8,8 |
| Máis de cinco veces | 5 | 1,3 |
| Non consta | 224 | 56,4 |
| Total | 397 | 100 |

Cadro nº 138: Temática abordada nas reunións: **Supresión de unidades**

| | N | % |
|---|---|---|
| Unha ou dúas veces | 76 | 19,1 |
| Tres a cinco veces | 8 | 2,0 |

| | | |
|---|---|---|
| Máis de cinco veces | 2 | 0,5 |
| Non consta | 311 | 78,3 |
| Total | 397 | 100 |

Cadro nº 139: Temática abordada nas reunións: **Programas de innovación**

| | N | % |
|---|---|---|
| Unha ou dúas veces | 126 | 31,7 |
| Tres a cinco veces | 42 | 10,6 |
| Máis de cinco veces | 11 | 2,8 |
| Non consta | 218 | 54,9 |
| Total | 397 | 100 |

Cadro nº 140: Temática abordada nas reunións: **Titorías**

| | N | % |
|---|---|---|
| Unha ou dúas veces | 194 | 48,9 |
| Tres a cinco veces | 81 | 20,4 |
| Máis de cinco veces | 42 | 10,6 |
| Non consta | 80 | 20,1 |
| Total | 397 | 100 |

Cadro nº 141: Temática abordada nas reunións: **Horarios**

| | N | % |
|---|---|---|
| Unha ou dúas veces | 250 | 63,0 |
| Tres a cinco veces | 83 | 20,9 |
| Máis de cinco veces | 11 | 2,8 |
| Non consta | 53 | 13,4 |
| Total | 397 | 100 |

Cadro nº 142: Temática abordada nas reunións: **Xornada escolar**

| | N | % |
|---|---|---|
| Unha ou dúas veces | 218 | 54,9 |
| Tres a cinco veces | 44 | 11,1 |
| Máis de cinco veces | 9 | 2,3 |

| | | |
|---|---|---|
| Non consta | 126 | 31,7 |
| Total | 397 | 100 |

Cadro nº 143: Temática abordada nas reunións: **Actividades Especiais**

| | N | % |
|---|---|---|
| Unha ou dúas veces | 124 | 31,2 |
| Tres a cinco veces | 60 | 15,1 |
| Máis de cinco veces | 27 | 6,8 |
| Non consta | 186 | 46,9 |
| Total | 397 | 100 |

Cadro nº 144: Temática abordada nas reunións: **Actividades Extraescolares**

| | N | % |
|---|---|---|
| Unha ou dúas veces | 149 | 37,5 |
| Tres a cinco veces | 116 | 29,2 |
| Máis de cinco veces | 60 | 15,1 |
| Non consta | 72 | 18,1 |
| Total | 397 | 100 |

Cadro nº 145: Temática abordada nas reunións:**Actividades complementarias**

| | N | % |
|---|---|---|
| Unha ou dúas veces | 132 | 33,2 |
| Tres a cinco veces | 75 | 18,9 |
| Máis de cinco veces | 26 | 6,5 |
| Non consta | 164 | 41,3 |
| Total | 397 | 100 |

Cadro nº 146: Temática abordada nas reunións: **Avaliación de alumnos/-as**

| | N | % |
|---|---|---|
| Unha ou dúas veces | 118 | 29,7 |
| Tres a cinco veces | 104 | 26,2 |
| Máis de cinco veces | 102 | 25,7 |
| Non consta | 73 | 18,4 |

| | | |
|---|---|---|
| Total | 397 | 100 |

Cadro nº 147: Temática abordada nas reunións:**Avaliación do centro**

| | N | % |
|---|---|---|
| Unha ou dúas veces | 146 | 36,8 |
| Tres a cinco veces | 49 | 12,3 |
| Máis de cinco veces | 22 | 5,5 |
| Non consta | 180 | 45,3 |
| Total | 397 | 100 |

Cadro nº 148: Temática abordada nas reunións: **Comedor**

| | N | % |
|---|---|---|
| Unha ou dúas veces | 74 | 18,6 |
| Tres a cinco veces | 27 | 6,8 |
| Máis de cinco veces | 12 | 3,0 |
| Non consta | 284 | 71,5 |
| Total | 397 | 100 |

Cadro nº 149: Temática abordada nas reunións: **Transporte**

| | N | % |
|---|---|---|
| Unha ou dúas veces | 104 | 26,2 |
| Tres a cinco veces | 27 | 6,8 |
| Máis de cinco veces | 12 | 3,0 |
| Non consta | 254 | 64,0 |
| Total | 397 | 100 |

Cadro nº 150: Temática abordada nas reunións: **Conflictos de disciplina**

| | N | % |
|---|---|---|
| Unha ou dúas veces | 128 | 32,2 |
| Tres a cinco veces | 68 | 17,1 |
| Máis de cinco veces | 16 | 4,0 |
| Non consta | 185 | 46,7 |

| | | |
|---|---|---|
| Total | 397 | 100 |

Cadro nº 151: Temática abordada nas reunións: **Conflictos en xeral**

| | N | % |
|---|---|---|
| Unha ou dúas veces | 88 | 22,2 |
| Tres a cinco veces | 43 | 10,8 |
| Máis de cinco veces | 24 | 6,5 |
| Non consta | 242 | 61,0 |
| Total | 397 | 100 |

Cadro nº 152: Outros temas abordados nas reunións do Claustro

| | N | % |
|---|---|---|
| SI | 82 | 20,7 |
| NON | 133 | 33,5 |
| Non consta | 182 | 45,8 |
| Total | 397 | 100 |

Se agrupamos todos estes temas nun mesmo cadro témo-los seguintes datos:

Cadro nº 153: Tratamento dos distintos temas por parte do Claustro

| TEMA | N | % | i | TEMA | N | % | i |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Proxecto Curricular | 302 | 76 | 1,87 | Eleccións para Consello | 353 | 89 | 1,14 |
| Regulamento de Réxime Interior | 260 | 65,5 | 1,31 | Presuposto do centro | 318 | 80,1 | 1,40 |
| Organización do curso | 338 | 85,1 | 1,60 | Equipamento e instalacións | 343 | 86,4 | 1,70 |
| Coordinación de ciclos e seminar. | 299 | 75,3 | 1,56 | Memoria anual | 346 | 87,1 | 1,12 |
| Relación con outros Centros | 173 | 43,6 | 1,26 | Supresión de unidades | 86 | 21,6 | 1,13 |
| Programas de innovacións | 179 | 45,1 | 1,35 | Titorías | 317 | 79,9 | 1,52 |
| Horarios | 344 | 86,8 | 1,30 | Xornada escolar | 271 | 68,3 | 1,22 |
| Actividades especiais | 211 | 53,1 | 1,54 | Actividades extraescolares | 325 | 81,8 | 1,72 |
| Actividades complementarias | 233 | 56,8 | 1,54 | Avaliación de alumnos/-as | 324 | 81,6 | 1,95 |
| Avaliación do Centro | 217 | 54,6 | 1,42 | Comedor | 113 | 28,4 | 1,45 |
| Transporte | 143 | 36 | 1,35 | Conflictos de disciplina | 212 | 53,3 | 1,47 |
| Conflictos en xeral | 155 | 39 | 1,58 | Outros temas | 82 | 20,7 | — |

i = índice de frecuencia con que se trata ese tema[1]. Adquire os valores **1**=unha ou dúas veces, **2**=tres a cinco veces, **3**= máis de cinco veces. Con este índice preténdese sinala-la cantidade de veces que se presentou este tema nos Centros que o trataron.

É importante considerar que non tódolos temas afectan por igual a tódolos Centros escolares. Non ten senso que falen do tema "comedor" ou "transporte" se non existen no centro.

Se ordenámo-los temas polo número de Centros que os trataron nos seus Claustros podemos chegar ó seguinte listado dos temas máis tratados nos Claustros escolares galegos:

1. Para calcular este índice outórgase ás frecuencias ó valor correspondente ó rango ó que pertencen: as frecuencias situadas no primeiro nivel (unha-dúas veces) teñen valor de 1; as situadas no segundo nivel (tres-cinco veces) teñen valor de 2; as situadas no terceiro nivel (máis de 5 veces) reciben un valor de 3. Divídese a suma dos valores dos tres niveis polo total de Centros que trataron ese tema. Posto que en tódolos temas hai moitos máis centros que trataron ese tema unha ou dúas veces acaba predominando os índices dentro do valor 1. Nembargantes poden verse claras diferencias entre eles segundo a posición que ocupen dentro dese nivel (valor das fraccións).

Cadro nº 154: Temas máis tratados no Claustro

| Temas máis tratados | N (%) Centros que o trataron no Claustro |
|---|---|
| Eleccións para ó Consello | 353 (89,0%) |
| Memoria Anual | 346 (87,1%) |
| Horarios | 344 (86,8%) |
| Equipamento e Instalacións | 343 (86,4%) |
| Organización do curso | 338 (85,1%) |
| Actividades extraescolares | 325 (81,8%) |
| Avaliación de Alumnos/-as | 324 (81,6%) |

Cadro nº 155: Temas menos tratados no Claustro

| Temas menos tratados | N (%) Centros que o trataron no Claustro |
|---|---|
| Supresión de Unidades | 86 (21,6%) |
| Comedor | 113 (28,4%) |
| Transporte | 143 (36,0%) |
| Conflictos en xeral | 155 (39,0%) |
| Relación con outros Centros | 173 (43,6%) |
| Programas de innovación | 179 (45,1%) |

Os temas máis tratados, con todo, son aqueles que se corresponden cos aspectos formais (cumprimento das normativas como sancionar candidatos, presentar documentos, etc.; establecemento do marco xeral de funcionamento como os horarios, regulamentos, equipamentos, etc.). Tamén a avaliación dos estudiantes (na que conflúen tanto aspectos

formais e legais como aspectos didácticos) está fortemente presente nos temas traballados nos Claustros.

Entre os temas menos abordados destacan aqueles que pola súa particularidade pertencen só á órbita de certo tipo de Centros. Están presentes tamén nesta parte baixa da lista de temas sinalados outros que se refiren a aspectos máis cualitativos da dinámica institucional: a innovación educativa, a convivencia, as relacións con outros Centros que faga posible un nivel maior de continuidade nos programas.

Na zona intermedia da táboa quedan outros temas de grande interese institucional como son as "Titorías" (con 317 Centros que o trataron, un 79,9 % do total de Centros estudiados); o "Proxecto Curricular" (302 Centros, o 76%); a "Coordinación de ciclos e seminarios" (con 299 Centros, o 75,3 do total) e a "avaliación do centro" (con 217 Centros, o 54,6 do total)

O índice de repetición ("i") resulta interesante para ver qué tipo de aproximación teñen os valores centrais ós temas tratados.

Hai certos temas, sobre todo ese que antes denominamos "formais" que son tratados polos Claustros de moitos Centros pero nada máis que unha vez. Iso acontece nos temas como Memoria Anual (i=1,12), Eleccións para o Consello (i=1,14), Horarios (i= 1,30), Regulamento R.I. (i=1,31), etc. Sucede algo parecido cos temas que son propios só dalgúns Centros: Supresión de Unidades (i=1,13), Xornada Escolar (i=1,22), etc.

Pola contra os temas máis vencellados á dinámica de funcionamento habitual dos Centros son tratados en menor medida, pero cando o fan é maior o número de veces en que se levan ó Claustro. Isto acontece, por exemplo, con temas como O Proxecto Curricular (i=1,87), Avaliación de Alumnos (i=1,95), Equipamento e Instalacións (i=1,70), Organización do curso (i=1,60), Coordinación ciclos e seminarios (i=1,56), etc.

Cadro nº 156: Temas tratados no Claustro segundo o nivel educativo do centro

| | A | B | C | D | E | F | G | H | I |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Proxecto Curricular | 2 | 4 | 11 | 0 | 5 | 1 | 78 | 7 | 10 |
| Elección para o Consello | 2 | 15 | 29 | 1 | 17 | 4 | 205 | 13 | 23 |
| Regulamento de Réx.Int. | 0 | 6 | 14 | 0 | 9 | 4 | 136 | 8 | 12 |
| Presuposto do centro | 2 | 12 | 20 | 0 | 12 | 3 | 149 | 9 | 11 |
| Organización curso | 1 | 8 | 19 | 0 | 5 | 4 | 123 | 7 | 13 |
| Equipamento e instalac. | 1 | 8 | 18 | 1 | 8 | 2 | 112 | 7 | 12 |
| Coord. ciclos e seminar. | 1 | 10 | 11 | 0 | 7 | 4 | 130 | 5 | 10 |
| Memoria Anual | 2 | 15 | 23 | 0 | 11 | 5 | 217 | 13 | 20 |
| Relación con outros cent | 0 | 4 | 15 | 1 | 6 | 3 | 91 | 6 | 7 |
| Supresión de unidades | 1 | 6 | 3 | 0 | 5 | 0 | 56 | 1 | 3 |
| Programas de innovac. | 0 | 3 | 11 | 0 | 8 | 4 | 82 | 6 | 11 |
| Titorías | 1 | 8 | 16 | 0 | 10 | 2 | 35 | 9 | 13 |
| Horarios | 1 | 12 | 26 | 1 | 10 | 4 | 169 | 8 | 17 |
| Xornada Escolar | 1 | 13 | 17 | 0 | 12 | 4 | 148 | 9 | 13 |
| Actividades especiais | 1 | 6 | 10 | 0 | 8 | 3 | 76 | 8 | 11 |
| Actividades extraescolar. | 0 | 4 | 8 | 1 | 9 | 0 | 107 | 8 | 11 |
| Actividades complemen. | 0 | 3 | 8 | 0 | 8 | 3 | 92 | 8 | 9 |
| Avaliación alumnos/-as | 1 | 7 | 14 | 1 | 6 | 1 | 73 | 5 | 8 |
| Avaliación do centro | 2 | 7 | 8 | 0 | 5 | 2 | 104 | 10 | 7 |
| Comedor | 1 | 1 | 0 | 0 | 2 | 1 | 63 | 3 | 3 |
| Transporte | 1 | 7 | 1 | 0 | 8 | 4 | 74 | 3 | 6 |
| Conflictos de disciplina | 1 | 4 | 7 | 0 | 8 | 3 | 86 | 7 | 10 |
| Conflictos en xeral | 0 | 4 | 14 | 0 | 7 | 1 | 54 | 6 | 2 |
| Outros temas | 1 | 5 | 3 | 0 | 9 | 4 | 51 | 3 | 5 |
| Total Centros estudiados | 2 | 18 | 36 | 1 | 23 | 10 | 261 | 20 | 24 |
| % | 0,5 | 4,5 | 9,1 | 0,3 | 5,8 | 2,5 | 65,7 | 5,0 | 6,0 |

A= Infantil
B= Primaria- EXB
C= Bacharelato
D= ESO
E= FP
F= IESP
G= Infantil + Primaria + EXB
H= Infantil + Primaria+ Bacharelato
I= Outros

Analizando os temas tratados no Claustro tomando en consideración a titularidade dos Centros obtémo-lo seguinte cadro resume dos Centros que trataron os temas mencionados.

Cadro nº 157: Temas tratados no Claustro segundo a titularidade do centro

| | PÚBLICO | PRIVADO |
|---|---|---|
| Proxecto Curricular | 95 | 22 |
| Elección para o Consello | 257 | 47 |
| Regulamento de Réx. Interior | 155 | 34 |
| Presuposto do centro | 190 | 98 |
| Organización do curso | 148 | 31 |
| Equipamento e instalacións | 138 | 30 |
| Coord. ciclos e seminarios | 156 | 20 |
| Memoria Anual | 251 | 51 |
| Relación con outros Centros | 115 | 17 |
| Supresión de unidades | 70 | 6 |
| Programas de innovación | 102 | 21 |
| Titorías | 158 | 32 |
| Horarios | 204 | 41 |
| Xornada Escolar | 182 | 31 |
| Actividades especiais | 98 | 24 |
| Actividades extraescolares | 115 | 32 |
| Actividades complementarias | 101 | 31 |
| Avaliación de alumnos/-as | 102 | 12 |
| Avaliación do centro | 105 | 39 |
| Comedor | 60 | 11 |
| Transporte | 95 | 6 |
| Conflictos de disciplina | 102 | 23 |
| Conflictos en xeral | 75 | 13 |
| Outros temas | 71 | 9 |
| Total Centros estudiados | 322 | 69 |
| % | 81,1 | 17,4 |

H) Intervencións por sectores.

Un aspecto que pode clarexa-la dinámica de funcionamento interno dos Claustros é a forma en que estes se levan a cabo. Recolle-los aspectos máis cualitativos da dinámica de funcionamento dos Claustros esixiría a presencia de observadores durante as sesións, cousa fóra dos propósitos deste informe[2]. No noso caso recollémo-lo nivel de participación de cada un dos sectores, a duración das sesións e a forma en que son tomados os acordos.

Os datos sobre a participación dos diferentes sectores recóllense nos cadros seguintes, en base á totalidade dos 397 Centros educativos que configuran a mostra obxecto de estudio.

Cadro nº 158: Intervencións do director/-a durante as sesións do Claustro

| | N | % |
|---|---|---|
| Menos do 10 % | 10 | 2,5 |
| Do 11 ó 20 % | 33 | 8,3 |
| Do 21 ó 30 % | 90 | 22,7 |
| Do 31 ó 40 % | 68 | 17,1 |
| Do 41 ó 50 % | 72 | 18,1 |
| Do 51 ó 60 % | 35 | 8,8 |
| Do 61 ó 70 % | 13 | 3,3 |
| Do 71 ó 80 % | 9 | 2,3 |
| Máis do 81 % | 17 | 4,3 |
| Non consta | 50 | 12,6 |

2. Un traballo deste tipo foi desenvolvido por un equipo de investigación andaluz. As súas conclusións resultan de grande interese para ver cómo funcionan por dentro os diferentes Órganos de participación nas escolas: PÉREZ GÓMEZ, A. e GIMENO SACRISTÁN, J. (1994): *Evaluación de un proceso de innovaciónn educativa.*Junta de Andalucía: Instº Andaluz de Evaluación Educativa y Formación del Profesorado.
Pagaría a pena facer unha cousa similar en Galicia, ben como parte previa a outro Informe do Consello Educativo de Galicia, ben como parte dunha investigación independente.

O promedio[3] de intervencións de director/-a é de 4,34 o que vén significar que considerando a media do conxunto dos Centros estudiados chegaría a ocupar ó redor do 30-35% da duración dos Claustros.

Cadro nº 159: Intervencións doutros membros do equipo directivo durante as sesións do Claustro

| | N | % |
|---|---|---|
| Menos do 10 % | 74 | 18,6 |
| Do 11 ó 20 % | 126 | 31,7 |
| Do 21 ó 30 % | 103 | 25,9 |
| Do 31 ó 40 % | 11 | 2,8 |
| Do 41 ó 50 % | 6 | 1,5 |
| Do 51 ó 60 % | 1 | 0,3 |
| Do 61 ó 70 % | 2 | 0,5 |
| Do 71 ó 80 % | 3 | 0,8 |
| Máis do 81 % | 10 | 2,5 |
| Non consta | 61 | 15,4 |

O promedio de intervencións dos outros membros do equipo directivo é de 2,5 o que vén significar que considerando a media do conxunto dos Centros estudiados chegarían a ocupar ó redor do 15% da duración dos Claustros.

3. Para calcular este promedio outorgamos un valor correlativo a cada un dos intervalos das porcentaxes recollidas no cadro. Así menos de 10% valería 1, de 11 a 20% valería 2 e así sucesivamente ata o intervalo "máis de 81" que valería 9. A frecuencia existente en cada intervalo se multiplica polo valor do intervalo e a suma total se divide entre a suma das frecuencias. O resultado final é o promedio de intervencións, é dicir en que intervalo se situaría a media das intervencións recollidas no cadro.

Cadro nº 160: Intervencións dos coordinadores/-as ou xefes/-as de Seminario durante as sesións do Claustro

| | N | % |
|---|---|---|
| Menos do 10 % | 110 | 27,7 |
| Do 11 ó 20 % | 105 | 26,4 |
| Do 21 ó 30 % | 40 | 10,1 |
| Do 31 ó 40 % | 3 | 0,8 |
| Do 41 ó 50 % | 6 | 1,5 |
| Do 51 ó 60 % | 1 | 0,3 |
| Do 61 ó 70 % | 2 | 0,5 |
| Do 71 ó 80 % | 3 | 0,8 |
| Máis do 81 % | 8 | 2,0 |
| Non consta | 119 | 30,0 |

O promedio de intervencións dos coordinadores/-as, xefes/-as é de 2,15 o que vén significar que considerando a media do conxunto dos Centros estudiados chegarían a ocupar entre o 10 e o 15% do tempo dos Claustros.

Cadro nº 161: Intervencións dos profesores/-as durante as sesións do Claustro

| | N | % |
|---|---|---|
| Menos do 10 % | 38 | 9,6 |
| Do 11 ó 20 % | 85 | 21,4 |
| Do 21 ó 30 % | 96 | 24,2 |
| Do 31 ó 40 % | 54 | 13,6 |
| Do 41 ó 50 % | 36 | 9,1 |
| Do 51 ó 60 % | 19 | 4,8 |
| Do 61 ó 70 % | 8 | 2,0 |
| Do 71 ó 80 % | 4 | 1,0 |
| Máis do 81 % | 9 | 2,3 |
| Non consta | 48 | 12,1 |

As intervencións dos profesores/-as nos Claustros presentan unha situación moito máis variada que no que se refire ós outros membros do Claustro estudiados. Existe moita variación entre uns Centros e outros. A nivel xeral o promedio intervencións dos profesores/-as é de 3,36 o que vén significar que considerando a media do conxunto dos Centros estudiados chegarían a ocupar entre o 20 e o 25% da duración dos Claustros.

Se reunimos todos eses datos nun só cadro para compara-las intervencións duns e doutros teriámo-lo seguinte mapa de participación nos claustros:

Cadro nº 162: Intervencións dos compoñentes do Claustro nas xuntanzas

| | -10% | 11-20 | 21-30 | 31-40 | 41-50 | 51-60 | 61-70 | 71-80 | +80 % | N/C |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Directores/-as | 10 | 33 | 90 | 68 | 72 | 35 | 13 | 9 | 17 | 50 |
| Outros equipo directivo | 74 | 126 | 103 | 11 | 6 | 1 | 2 | 3 | 10 | 61 |
| Coordin./Xefes/-as seminario | 110 | 105 | 40 | 3 | 6 | 1 | 2 | 3 | 8 | 119 |
| Profesores/-as | 38 | 85 | 96 | 54 | 36 | 19 | 8 | 4 | 9 | 48 |

Os datos reflexan algunhas tendencias claras:

-A participación dos directores/-as é bastante variada duns Centros a outros. En xeral, tenden a ocupar unha franxa amplia das sesións do claustro: entre o 20 e o 50% do tempo.

-Os outros membros do equipo directivo teñen tamén unha participación notable nos claustros. En xeral, esa participación é maior ca dos coordinadores/-as e profesores/-as en xeral ocupando, preferentemente, a banda que vai entre o 10 e o 30% do tempo das sesións.

-Os coordinadores/-as e Xefes/-as de Seminario interveñen aínda que sen ocupar moito tempo: móvense na franxa que vai do 1 ata o 20% do tempo. En calquera caso, teñen unha participación ben diferenciada e maior ca dos profesores/-as .

-A participación dos profesores/-as é moi variada duns Centros a outros pero móvese preferentemente na banda do 10 ó 40%.

No seu conxunto, estes datos transmiten unha imaxe dos claustros como escenarios nos que realmente participan os seus compoñentes. Nótase unha máis forte presencia dos equipos directivos que dos coordinadores/-as (que é coherente co feito de que os temas con maior presencia no Claustro sexan aqueles que teñen que ver con aspectos formais máis que con aspectos estrictamente docentes). Pese a que o protagonismo non é da asemblea (os profesores/-as interveñen menos cós equipos directivos) os profesores/-as participan nun grao medio.

I) <u>Duración media das sesións.</u>

Outro aspecto que pode resultar de interese é a duración das sesións do Claustro. Reflexa dalgún xeito o nivel de discusión e participación existente no mesmo.

Os datos sobre este aspecto figuran no cadro seguinte.

Cadro nº 163: Duración media das sesións do claustro

| | N | % |
|---|---|---|
| Menos de unha hora | 33 | 8,3 |
| De unha a dúas horas | 320 | 80,6 |
| Máis de dúas horas | 34 | 8,6 |
| Non consta | 10 | 2,5 |
| Total | 397 | 100 |

Como pode observarse no cadro o promedio de duración das reunións do Claustro é de unha a dúas horas. Aínda correndo o risco de ir máis alá do que permiten os datos, podería valorarse a situación no senso de que certamente os Claustros non consitúen reunións puramente formais ás que se acode simplemente a cumprir coa formalidade e aproba-las cousas xa previstas (pódese entender que para iso non sería preciso tanto tempo); pero por outra banda, pódese tamén presenta-la hipótese de que o tempo dedicado ós claustros non dá para entrar en discusións organizativas ou pedagóxicas de fondo calado. Estes datos, en calquera caso serían bastante coherentes coa temática tratada nas sesións do Claustro e co nivel de participación dos diferentes sectores.

L) Modo de acada-los acordos.

Cadro nº 164: Modo de acada-los acordos en xeral nas reunións do claustro

| | N | % |
|---|---|---|
| Por unanimidade todos | 167 | 42,1 |
| Por maioría todos | 58 | 14,6 |
| Por unanimidade ou por maioría | 115 | 29,0 |
| Non consta | 57 | 14,4 |
| Total | 397 | 100 |

Como pode verse, unha boa parte dos Centros estudiados toman tódolos seus acordos de Claustro por unanimidade. Noutros casos unhas veces os acordos saen por unanimidade ou por maioría.

De calquera xeito a imaxe que podemos derivar destes datos é a duns colectivos que non presentan unhas posicións sistematicamente enfrontadas e que fagan difícil a toma de acordos. Ás veces ese é o estereotipo que se ten dos Centros escolares, que polo que se pode observar neste datos non se corresponde coa realidade, polo menos na maior parte dos Centros.

Se comparámo-lo modo de acada-los acordos no Claustro coa mesma característica dos Consellos Escolares atopámonos con que o nivel de discusión é maior no Claustro: existe un menor nivel de acordos acadados por unanimidade (42,1% fronte o 55,7%). Resulta unha constatación chocante pois cabería esperar que ó se-lo Consello Escolar un Órgano do que forman parte sectores máis diferenciados e con intereses máis contrapostos a discusión debería ser tamén maior e os acordos susceptibles de ser acadados por maioría máis que por unanimidade.

Cadro nº 165: Xeito de toma-los acordos segundo o nivel educativo

| | A | B | C | D | E | F | G | H | I |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Por unanimidade todos | 2 | 9 | 3 | 0 | 5 | 1 | 134 | 4 | 8 |
| Por maioría todos | 0 | 2 | 11 | 0 | 6 | 4 | 21 | 5 | 9 |
| Por unanim-maioría | 0 | 5 | 18 | 1 | 8 | 4 | 69 | 5 | 5 |
| Non consta | 0 | 2 | 4 | 0 | 4 | 1 | 37 | 6 | 2 |
| N Total | 2 | 18 | 36 | 1 | 23 | 10 | 261 | 20 | 24 |

A= Infantil
B= Primaria- EXB
C= Bacharelato
D= ESO
E= FP
F= IESP
G= Infantil + Primaria + EXB
H= Infantil + Primaria+ Bacharelato
I= Outros

Cunha ollada ó conxunto do cadro podemos comprobar que os Centros de Primaria son máis proclives a toma-las decisións por unanimidade mentres que os Centros de Secundaria teñen unha tendencia maior a tomalas por maioría ou maioría e unanimidade.

Se analizamos estes datos tomando en consideración o tamaño dos Centros obtémo-los seguintes datos.

Cadro nº 166: Acordos acadados en función do tamaño do centro

| | Ata 8 Unid. | 8 - 15 Unid. | 16 - 23 Unid. | Máis de 23 Uni. |
|---|---|---|---|---|
| Por unanimidade todos | 9 | 77 | 49 | 28 |
| Por maioría todos | 0 | 12 | 21 | 23 |
| Por unanimidade e maioría | 4 | 35 | 43 | 31 |
| Non consta | 4 | 22 | 14 | 17 |
| N Total | 17 | 146 | 127 | 99 |
| % | 4,3 | 36,8 | 32,0 | 24,9 |

O tipo de acordo distribuído polos Centros segundo a súa titularidade dáno-los seguintes datos.

Cadro nº 167: Tipo de acordo considerando a titularidade do centro

| | PUBLICO | PRIVADO |
|---|---|---|
| Por unanimidade todos | 129 | 33 |
| Por maioría todos | 48 | 10 |
| Por unanimidade e maioría | 99 | 15 |
| Non consta | 46 | 11 |
| N Total | 322 | 69 |

M) Comisións do Claustro

Cadro nº 168: ¿ Existen comisións no Claustro?

| | N | % |
|---|---|---|
| NON | 164 | 41,3 |
| Ocasionalmente | 12 | 3,0 |
| Unha comisión fixa | 34 | 8,6 |
| Varias comisións fixas | 52 | 13,1 |
| Non consta | 135 | 34,0 |
| Total | 397 | 100 |

Os claustros traballan polo xeral como entidades colectivas. Nalgúns casos teñen constituída unha ou varias Comisións fixas que polo xeral refírense ás seguintes: Comisión Pedagóxica, de Normalización Lingüística, de Bibliotecas, de Actos Festivos e Culturais, de Actividades Extraescolares, etc.

As máis importantes destas Comisións analízanse polo miúdo no apartado número 4 referido ós Órganos de Coordinación.

## CONCLUSIÓNS PRINCIPAIS

*a) Os Centros estudiados cumpren amplamente coa normativa en relación ás reunións do Claustro, cunha periodicidade media de mes e medio entre cada reunión, sendo algo máis frecuente en Primaria que en Secundaria.*

*As convocatorias son na súa meirande parte ordinarias salvo no caso das extraordinarias para a elección dos representantes no Consello Escolar.*

*b) As reunións realízanse nos diversos días da semana, coa excepción do vernes (preferentemente en martes o mércores), a hora preferida é pola tarde, mellor ó remata-las clases, salvo nos Centros rurais onde tamén se celebran ó comezo da tarde.*

*c) O nivel de asistencia ós Claustros é moi elevado (salvo excepcións, sempre por enriba do 95%). É maior na Primaria ca na Secundaria, e nos Centros pequenos ou medianos ca nos grandes. É tamén algo maior nas zonas rurais ca nas urbanas e nos Centros públicos ca nos privados.*

*Os temas tratados son moi variados, cubren tódolos ámbitos da vida dos Centros. Lévanse a Claustro máis os temas formais que afectan ás decisións puntuais, que corresponden a este Órgano colexiado: por exemplo eleccións, Memoria Anual, horarios, etc. Trátase de asuntos que deben ser obrigatoriamente aprobados polo Claustro e esa parece ser-la tónica xeral do seu funcionamento. Son de temas que se estudian unha vez por período, apróbanse (xeralmente por unanimidade), e xa non se volve máis a eles.*

*Abordánse menos no Claustro outros aspectos que precisan de maior debate , o que constitúen accións máis prolongadas no tempo: por exemplo programas de innovación, Proxecto Curricular, titorías, coordinación, avaliación do Centro, etc.*

*d) O nivel de participación é elevado. Nótase unha participación máis extensa das persoas do Equipo Directivo (en torno ó 50% do total do tempo se xuntámolas dos Directores e as do Equipo Directivo) e en xeral das persoas con responsabilidade na vida do Centro (incluíndo aquí ós Coordinadores, Xefes de seminario, etc): A participación dos profesores/-as é variada unha media que se sitúa ó redor do ó 25-30% do total das sesións.*

*Tanto os niveis de participación como a súa distribución por sectores parece coherente, tendo en conta o tipo de temas que se tratan (en xeral, máis vinculados á xestión que á docencia).*

*e) A duración media das sesións anda sobre a hora e media (entre unha e dúas horas están o 80% das reunións do Claustro) tempo que parece un bo reflexo de que os Claustros non son un mero trámite administrativo, pero que semella igualmente insuficiente para afondar no debate sobre os temas da xestión e seguimento da calidade do ensino.*

*A falta de debate confírmase novamente pola alta porcentaxe de acordos que se toman por unanimidade (prácticamente a metade dos Centros toman tódolos acordos dese xeito). A unanimidade é maior en Primaria ca en Secundaria, e maior, tamén, nos Centros pequenos e medianos ca nos máis grandes.*

# CAPÍTULO IV

## A PARTICIPACIÓN NOS EQUIPOS DIRECTIVOS E NAS ESTRUCTURAS DE COORDINACIÓN

# IV.- A PARTICIPACION NOS EQUIPOS DIRECTIVOS E NAS ESTRUCTURAS DE COORDINACIÓN.

## IV.1- O marco legal dos Equipos Directivos

A Lei Xeral de Educación (Lei 14/1970 do 4 de agosto, BOE 6-VIII-1970), deu o carpetazo ó Corpo de Directores como grupo diferenciado dos docentes. Incorporaba a función docente ó cargo do director, eliminaba o seu carácter vitalicio, pero mantiña un alto grao de poder decisorio, executivo e de control fronte ó claustro e consello asesor.

O Estatuto de Centros Escolares (Lei 5/1980 do 19 de xuño, BOE 27-VI-1980) busca democratiza-los centros potenciando a participación (Consello de Dirección) e definindo un perfil de director como coordinador e xestor.

A Lei Orgánica do Dereito á Educación (LODE : Lei 8/1985 do 3 de xullo, BOE 4-8-1985), crea o equipo directivo elixido polos membros da comunidade escolar, iniciando un modelo máis participativo na xestión do Centro.

A Lei Orgánica 1/1990 de Ordenación Xeral do Sistema Educativo do 3 de outubro de 1990, (LOGSE), BOE 4 de outubro, asume o modelo de director da LODE e introduce a figura do Administrador.

Fai referencia específica á función directiva ó sinalar no seu artigo 58:

" *As Administracións educativas favorecerán o exercicio da función directiva nos Centros docentes mediante a adopción de medidas que melloren a preparación e a actuación dos Equipos Directivos dos devanditos Centros*".

Os Regulamentos Orgánicos de Centro rematan por concreta-lo sistema de participación do modelo de director da LODE:

-Real Decreto 819/1993 do 28 de maio (BOE 19 de xuño): Regulamento Orgánico das Escolas de Educación Infantil e colexios de Educación Primaria.

-Real Decreto 929/1993 do 18 de xuño (BOE 13 de xullo): Regulamento Orgánico de Institutos de Educación Secundaria.

No documento ***Centros Educativos e Calidade de ensinanza*** (MEC,1994) abordanse 77 medidas para mellora-la calidade da educación e implantación da Reforma. Os ámbitos ou factores sobre os que se propoñen tomar medidas son: educación nos valores, igualdade de oportunidades e compensación das desigualdades, autonomía e organización dos centros, dirección e goberno dos centros, profesorado, avaliación e inspección.

No apartado sobre dirección e goberno de centros inclúe aspectos novidosos que se recollen fundamentalmente no actual Anteproxecto da Lei da Participación, a Avaliación e o Goberno dos Centros Educativos, que xa foi aprobado polo Consello Escolar do Estado. No seu capítulo II, referido á dirección dos centros públicos, entre os aspectos máis relevantes destacamos:

- Requisitos para ser candidato a Director: ser acreditado pola Administración para o exercicio da función directiva. Para o que se require:

- Experiencia e valoración positiva do traballo previo en órganos unipersonais de goberno.

- Valoración positiva do labor desenvolvido en tarefas de coordinación pedagóxica, organización, xestión e participación en órganos de goberno, así como no exercicio da función docente.

- Superación dos programas de formación que as Administracións educativas organicen ou as titulacións que se determinen.

- Duración do mandato ata de cinco anos

- Designación dos cargos directivos polo Director cunha duración de cinco anos.

- Os órganos colexiados de carácter electivo renovaranse cada tres anos.

- Os directores que exercesen o seu cargo, con valoración positiva, durante un período de tempo a determinar pola Administración educativa, manterán, mentres permanezan en activo, a percepción dunha parte do complemento retributivo correspondente, acorde co número de anos de exercicio do cargo.

- As Administracións organizarán programas de formación para mellora-la capacitación dos cargos directivos.

No caso de Galicia o Decreto 92/1988, do 28 de abril, xa citado, (DOG do 29 de abril de 1988) regula os órganos de goberno dos centros públicos de ensinanza non universitaria.

## IV.2.- Problemática en relación ós Equipos Directivos

A) A crise no propio modelo de dirección dos Centros Escolares.

A incorporación de España á Comunidade Europea supoxo poñerse en relación con outros países con sistemas de dirección de Centros Escolares moi diferentes ó noso. Neste momento moitos países están en proceso de transforma-las súas estructuras educacionais tanto no que se refire á organización e xestión das institucións educativas como no que se refire ó seu goberno (Pascual, Villa, 1991)[1].

Así pois, está en discusión, o propio modelo de dirección dos centros escolares. Cuestión esta básica pois dela vanse derivar consecuencias tan importantes como a modalidade de selección dos directores/as, a configuración dos equipos de dirección, o perfil profesional dos candidatos e as condiciones nas que desenvolveran as funcións inherentes ó cargo directivo (Antúnez y Gairín, 1990; Beltrán, 1993)[2].

Segundo Álvarez (1990,1993) e Bernal (1994)[3], podemos encontrar, tres modelos de dirección escolar en Europa. Estes modelos concrétanse en tres grandes situacións diferentes na súa relación coa Administración e diversos estamentos, as súas formas de elección dos directivos e os respectivos programas de formación.

1. PASCUAL, R. y VILLA, A (Coords.) (1991), *La Dirección de Centros Educativos. Informe sobre la Situación Actual en Diversos Países*, Servicio Central de Publicaciones del Gobierno Vasco, Vitoria.

2. ANTÚNEZ, S. y GAIRÍN, J. (1990), *El curriculum de formación de los directivos de centros docentes*, I Congreso Interuniversitario de Organización Escolar, Sep. 1990.
BELTRÁN LLAVADOR, F. (1993 ), *Dirección Escolar: culturas organizativas y estructuras de poder*. Ponencia de las IV Jornadas de Consejos Escolares Autonómicos y del Estado. La Toja.

3. ÁLVAREZ FERNÁNDEZ, M. (1993), *El perfil de la Dirección en el sistema educativo español. ( Relación entre: modelo organizativo, modo de acceso y estilo de la Dirección)*. Tesis doctoral. Inédita. Departamento de Didáctica y Organización Escolar. Universidad Complutense de Madrid.
ÁLVAREZ FERNÁNDEZ, M. (Coord.) (1990), *Informe sobre la investigación del perfil y la función directiva de los centros docentes*, Fundación para la renovación de la escuela, Madrid (Policopiado).
BERNAL, J.L. y otros (1994), " *Participación, gestión e ¿ ideología* ?" VI Jornadas Estatales del Forum Europeo de Administradores de la Educación. Zaragoza.

## 1-Modelo centralista funcionarial.

Sistema chamado tamén administrativo ou buroprofesional segundo Ball (1994)[4]. Propio de Francia, Bélxica, Italia e Grecia. O director é nomeado polo poder central, accedendo ó cargo a través dunhas oposicións. Superada a oposición, os novos directores pasan a formar parte dun Corpo distinto ó docente. O perfil é de tipo autoritario, administrativo e burocrático. O director é un funcionario, representante do Estado ou Rexión, que administra o centro a partir da normativa, circulares ou regulamentos. Na maior parte dos países o director imparte algunhas clases, excepto en Italia onde o director non ten dedicación docente.

Estes países non son especialmente sensibles á formación permanente dos seus funcionarios. Só Francia ten establecido un serio proceso de formación permanente dos directores.

## 2- Modelo centralista participativo.

Desenvólvese en Portugal e España. Os directores son funcionarios dependentes do Estado central ou autonómico. A lexislación pretende dotar ós centros de autonomía económica e en parte curricular por medio da xestión centrada no Consello Escolar, que elixe o director con plena autonomía e sen ser imprescindible un perfil profesional previo. No perfil deste director priman as funcións animadoras e integradoras sobre as administrativas e xestoras.

En Portugal en 1991, no marco da aplicación da reforma educativa, sustituiuse, en réxime experimental, a anterior estructura de xestión colexiada (o consello directivo constituído por profesores, representantes dos alumnos e represetante do persoal non docente) a quen se confiaba a dirección do centro, por un órgano unipersoal, o "director executivo", seleccionado e elixido polo consello escolar. O director é un profesor, que pode non pertencer ó centro, exerce o seu mandato durante catro anos, podendo ser reelixido unha soa vez. Conta con dous adxuntos propostos por el e nomeados polo consello escolar. Pode ser cesado, por motivos fundamentados, polo consello escolar. (Barroso, 1994)[5].

A formación dos directores escolares nestes países está sen institucionalizar, predominando os cursos para formación de equipos directivos una vez elixido para o cargo directivo.

## 3- Modelo descentralizado de mercado.

---

4. BALL, Stephen J. (1989), *La micropolítica de la escuela. Hacia una teoría de la organización escolar*, Paidós/MEC, Madrid.

5. BARROSO,J. (1994), "La dirección escolar en Portugal. Evolución y tendencias" en *Organización y Gestión Educativa*, 3, 30-35.

Pertencen a este modelo os países da área anglosaxona como Inglaterra, Dinamarca, Holanda, Suecia e Alemaña. O Reino Unido é o país máis representativo deste modelo, que a partir da "reforma Tatcher" (Acta 1988) douse en chamar de "xestión financeira de mercado" É un sistema fortemente descentralizado e dependente das Administracións locais. O modelo organizativo de escola resalta a xestión planificada e a avaliación ou rendición de contas á comunidade social, próximo á idea de escola eficaz. No tipo de acceso sempre interveñen as Administracións locais. O perfil directivo, condicionado polo modelo organizativo, resalta a preocupación pola imaxe da escola, capacidade de relación e negociación coas forzas sociais do seu contorno, conciencia da súa profesionalidade e responsabilidade presupostaria.

Inglaterra é dos países que máis tempo e diñeiro dedica á formación de directivos. En Suecia hai un programa obrigatorio de formación con oferta diversa. Nos Países Baixos a formación é competencia das Escolas Normais e orientadores.

Álvarez (1993)[6] fala dun novo **modelo de desenvolvemento organizativo**, en referencia ás correntes de calidade total. Modelo emerxente nos países con implantación de reformas educativas (Pascual, 1988; Borrel, 1994; Antúnez, 1991)[7]. Caracterízanse por estructuras participativas que integran a profesores, pais, alumnos e administracións locais nun proxecto pedagóxico común con certa autonomía do centro dende o punto de vista organizativo e curricular. Suecia, Holanda, España e Portugal poderían participar neste modelo emerxente.

A nivel xeral non se pode concluír sobre a bondade global dun modelo concreto sen contextualizalo

O informe da OCDE (1991)[8] advirte sobre o perigo de querer transplantar ó noso pais experiencias doutros:

"*Destas diferencias dedúcese que a posibilidade de aplicar a outros países os achédegos das investigacións nacionais concernientes a directores eficaces depende criticamente das tradicións educacionais, políticas e culturais existentes en cada lugar. Un director forte pode resultar moi eficaz nun sistema que esixa unha dirección clara se é que teñen que*

6. Fop. cit.

7. ANTÚNEZ, S. (1991), "Formación y capacitación de los directivos escolares", I Jornadas sobre Dirección Escolar, "La Dirección Escolar en la Encrucijada de la Reforma", Forum Europeo de Administradores de la Educación de Catalunya, Marzo, 1991, Barcelona, p. 59-71.
BORRELL, N. (1994), " Formación de directores para el cambio institucional" en GRUPO DE INVESTIGACIÓN DIDACTICA, *Cultura Escolar y Desarrollo Organizativo. II Congreso Interuniversitario de Organización Escolar*. Kronos. Sevilla.
PASCUAL, R. (Coord.) (1988), *La gestión educativa ante la innovación y el cambio*, II Congreso Mundial Vasco, Narcea, Madrid.

8. OCDE (1991): *Escuelas y calidad de la enseñanza. Informe internacional*, Paidos-MEC, Madrid.

*tomarse decisións. Non se deduce que onde isto non suceda vaia ser unha figura de autoridade unha condición 'sine qua non' dunha xestión eficaz* " (OCDE, 1991, p. 124).

Engade o informe que

" *O que resulta nembargantes sorprendente é que nos países onde predomina a idea do director poderoso estea gañando simultaneamente terreo a idea aparentemente contradictoria dunha participación na toma de decisións*" (OCDE, p. 125).

## B) AUSENCIA DE CANDIDATOS/AS A DIRECCIÓN

A situación actual da dirección escolar en España presenta aspectos preocupantes especialmente referidos á ausencia de candidatos/-as á dirección, o que se reflexa na preocupación do Consello Escolar do Estado[9] no seu "Informe sobre el estado y situación del sistema educativo. Curso 1.991-92" (1993, p.36):

*"O Consello Escolar do Estado volve a amosar preocupación pola notable ausencia de candidatos ó posto de Director de Centros: 50% dos casos. É evidente que a democratización desta elección non se ve respaldada polo compoñente de responsabilidade que debera ser inherente a quen ten que asumila. O Ministerio debería estudiar a fondo este fenómeno e propoñe-las medidas que considere oportunas para corrixilo, coas aportacións da Comunidade Educativa".*

As porcentaxes globais de Directores elixidos polo Consello Escolar de cada Centro nos últimos cursos foi o seguinte

9. CONSEJO ESCOLAR DEL ESTADO (1993), *IV Jornadas del Consejos Escolares Autonómicos y del Estado*. A Toxa.

(Consello Escolar do Estado, 1994, p.34)[10]:

| Nivel | Elección | CURSO | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | 1988/89 | 1989-90 | 1990/91 | 1991/92 | 1992/93 |
| E.X.B. | Consello Escolar | 53.00 | 25.97 | 24.33 | 45.71 | 32.17 |
| | Dirección Provincial | 47.00 | 74.03 | 75.67 | 54.29 | 67.83 |
| B.U.P. | Consello Escolar | 62.00 | 44.44 | 43.56 | 49.65 | 47.35 |
| | Dirección Provincial | 38.00 | 53.56 | 56.44 | 50.35 | 52.65 |
| F.P. | Consello Escolar | 68.00 | 42.75 | 38.01 | 67.31 | 52.00 |
| | Dirección Provincial | 32.00 | 57.25 | 61.99 | 32.69 | 48.00 |

TÁBOA 1. Elección de directores. Evolución dos resultados 1988/1993. Centros públicos. (Consello Escolar do Estado, 1994, p. 34).

Diante destes resultados, o Consello Escolar do Estado no seu informe do curso 1.992-93 di:

"*O Consello Escolar do Estado concedeu una importancia especial ó tema da Dirección dos Centros polo alarmante que resultaban os datos estatísticos, que poñían de manifesto a falta de candidatos á dirección dos centros*".

Analizada a situación, o Consello pronúnciase claramente sobre dous aspectos:

> "*a) Reitera a súa defensa do modelo de elección democrática das Direccións dos Centros que a LODE contempla e insta ás Administracións e a tódolos sectores educativos a analizar conxuntamente as causas da crise de participación e de presentación de candidaturas para adoptar medidas que contribúan a supera-la situación actual, mantendo o carácter da Dirección como representante da comunidade escolar e máximo dinamizador da xestión do Centro a través dunha participación responsable do conxunto de sectores.*

10. CONSEJO ESCOLAR DEL ESTADO (1994), *Informe sobre el estado y situación del sistema educativo. Curso 1.992-93.* Ministerio de Educación y Ciencia. Madrid.

*b) Urxe ó Ministerio para que modifique a normativa legal vixente, a fin de que se poida avanzar na solución deste problema, que pasa por unha decidida potenciación da figura do Director e da súa dimensión profesional " (p. 37-38).*

Do exposto, conclúese que as propostas para saír desta situación grave de ausencia de candidatos virán por camiños creativos que respecten a elección democrática do director pola comunidade educativa e que potencien unha profesionalización compatible coa participación.

O Seminario sobre Dirección de Centros Escolares, organizado polo Consello Escolar do Estado (1994), tiña como obxectivo analiza-la función directiva nos nosos centros e comparala con outros países europeos. Resumía os debates xurdidos sobre o tema nos siguientes puntos centrais:

- delicada situación da dirección nos centros, sendo a falta de candidatos un dos síntomas máis chamativos.

- escasa cultura participativa na sociedade.

- dilema xestión tecnocrática versus xestión democrática e participativa.

- a dirección en función da peculiaridade dos centros.

- liderato e perfil dos candidatos á dirección

- condicións de traballo da dirección

- recoñecemento e incentivo das tarefas de dirección.

Entre as conclusiones deste Seminario, citamos:

- a función directiva concíbese desde a colexialidade, comprometida co desenvolvemento da democracia interna dos centros.

- a dirección debe asumirse como un problema de tódolos membros da comunidade escolar, especialmente do profesorado. Os profesores deben recibir na súa formación inicial os fundamentos teóricos e prácticos da función directiva. Os directores elixidos, ademais recibirán a formación en exercicio.

- a función directiva ten que enmarcarse nun contexto de participación democrática da comunidade educativa, non só do profesorado, senón de pais, estudiantes, ...

- a dirección debe estar comprometida co desenvolvemento curricular proxectado en e desde o centro.

- a trama organizativa estará supeditada ós requerimentos da dirección en virtude dun proxecto de traballo negociado coa comunidade.

- a función directiva será máis atractiva ó profesorado, na medida en que estea máis apoiada con recursos lexislativos, humanos e materiais, para facer efectiva a autonomía dos centros no organizativo e curricular.

## A situación en Galicia.

En Galicia ata o momento non tiñamos datos oficiais sobre o nivel actual de participación nos equipos directivos. A información relevante sobre este aspecto podemos deducila dos dous únicos estudios empíricos realizados nos últimos anos no noso contexto: Armas e Sebastián (1992) e Armas (1994)[11].

No primeiro estudio realizado cunha mostra de 50 cargos directivos de Ensinanzas Medias (Armas y Sebastián, 1992), sinala que o Consello Escolar dos centros educativos elixiu para o cargo directivo que ocupan ó 52%, sendo nomeados provisionalmente pola Administración o 48%. Resalta tamén o reducido tempo que permanecen no cargo, non permitindo ós centros xerar historia, sinais de identidade e un estilo propio a través dun Proxecto Educativo cun mínimo de continuidade.

Ocupar un cargo directivo non é desexable para un 40% dos enquisados, que estarían dispostos a deixalo por desexo da comunidade educativa (28%), por desexo dos seus compañeiros (20%) ou por exceso de traballo e responsabilidade (14%).

Unha investigación máis recente no contexto galego (Armas, 1994), cunha mostra de 172 cargos directivos de Primaria e Secundaria, constata unha lixeira recuperación da porcentaxe de directores/-as elixidos polo Consello Escolar (66%) e un descenso da porcentaxe de elección por parte da Administración (32%), sendo un 2% elixido por outros sistemas como o turno rotatorio. Estes datos cunha mostra de directivos suficientemente representativa de Galicia, permítenos facer unha valoración moderadamente positiva da evolución do problema de ausencia de candidatos, polo menos en Galicia.

11. ARMAS CASTRO, M. y SEBASTIÁN JUNQUERA, A. (1992), " Necesidades Formativas de los Equipos Directivos Escolares en el contexto de la Reforma" en *La Dirección factor clave de la calidad educativa. Actas del Primer Congreso Internacional sobre Dirección de Centros Docentes.*. ICE Universidad de Deusto. Mensajero. Bilbao.
ARMAS CASTRO, M. (1994 ): "Equipos directivos escolares: perfil, liderazgo, satisfacción y estrés en el marco de la Reforma", en *Actas del III Congreso Interuniversitario de Organización Escolar*. Santiago.

| Cargo | Consello Escolar | Administración | Outras |
|---|---|---|---|
| Equipo Directivo | 66.0 | 26.4 | 7.5 |
| Director | 66.0 | 32.0 | 2.0 |
| Xefe Estudios | 71.7 | 21.7 | 6.5 |
| Secretario | 62.0 | 26.0 | 12.0 |
| Administrador | — | 50.0 | 50.0 |
| Vicedirector | 70.0 | 20.0 | 10.0 |
| Vicesecretario | 14.3 | — | 85.7 |

TÁBOA 2. Forma de acceso ó cargo directivo (Armas, 1994)

Confírmase tamén o reducido período de permanencia na dirección, o 68.4% dos directivos e o 60% dos directores son noveles, están no primeiro mandato como directivos. Tan só un 14% dos directores repite por segunda vez mandato, un 16% faino por terceira vez, un 6% chega á cuarta reelección e un 4% leva máis de 12 anos no cargo directivo.

| Cargo | 0-3 años | 4-6 años | 7-9 años | 10-12 años | +12 años |
|---|---|---|---|---|---|
| Equipo Directivo | 68.4 | 13.5 | 12.3 | 2.9 | 2.9 |
| Director | 60.0 | 14.0 | 16.0 | 6.0 | 4.0 |
| Xefe Estudios | 70.0 | 16.0 | 10.0 | 2.0 | 2.0 |
| Secretario | 61.2 | 16.3 | 16.3 | 2.0 | 4.1 |
| Administrador | 100.0 | — | — | — | — |
| Vicedirector | 100.0 | — | — | — | — |
| Vicesecretario | 100.0 | — | — | — | — |

TÁBOA 3. Experiencia directiva no cargo actual (Armas, 1994)

Á vista da apatía participativa que afecta a tódolos sectores da Comunidade Escolar, o Consello Escolar de Galicia suxire á Consellería de Educación que deben estudiarse procedementos que estimulen a participación. Singular consideración merece a escaseza de candidatos a desempeña-la dirección dos centros. Este feito esixe que se revise todo o relacionado coa función directiva de xeito negociado e non uniteralmente, por parte da Administración, e mesmo que se artellen con decisión mecanismos que, ademais de dignifica-lo labor docente entre o conxunto da sociedade, que estimulen esa participación coma vía de consenso e corresponsabilización e non de enfrontamento entre os diferentes sectores que conforman a Comunidade Educativa, contribúan a realza-la figura do Director, dotándoa de eficaces respaldos e, memo facendo do seu labor e prerrogativas, algo máis estimulante.

## IV.3.- Situación en Galicia

### 3.1.- A participación nos Equipos Directivos

O seguinte aspecto da participación que pretendemos analizar é o que se refire ós directores/as. A primeira cuestión que formulamos na enquisa refírese a natureza da elección dos directores/as: se foron elixidos polo Consello Escolar do centro ou nomeados pola Admón. ante a falta de candidatos/as para ocupa-lo posto.

A) ¿Directores elixidos ou nomeados?

Cadro nº 169: Tipo de director/a

| | N | % |
|---|---|---|
| Elixido/a | 226 | 56,9 |
| Designado/a | 117 | 29,5 |
| Nomeado/a polo titular | 47 | 11,8 |
| Non consta | 7 | 1,8 |
| Total | 397 | 100 |

Unha desas certezas colectivas existentes na educación, no que se refire ós directores/as, é que na actualidade ninguén quere ser director/a. Que a Administración ten que facer

vale-la Lei de funcionarios para obrigar ás persoas a acepta-lo cargo. Fálase de que a proporción entre directores/as elixidos/as polo Claustro fronte ós directores/as nomeados/as pola Administración e claramente favorable a esta segunda alternativa (ó redor dun 60% nomeados fronte a un 40% elixidos/as).

Os datos recollidos na nosa enquisa contradín esa impresión. A maior parte dos Centros escolares contan con directores/as elixidos/as polo Consello escolar.

Se analizamos estes datos tomando en consideración o nivel educativo dos Centros estudiados, o seu tamaño, a súa titularidade e mesmo a ubicación támo-la seguinte distribución.

Cadro nº 170: Tipo de director/a segundo o nivel educativo

| | A | B | C | D | E | F | G | H | I |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Elixido/a | 1 | 6 | 27 | 0 | 15 | 9 | 143 | 9 | 15 |
| Designado/a | 1 | 11 | 7 | 1 | 5 | 1 | 83 | 1 | 6 |
| Nomeado/a polo titular | 0 | 1 | 2 | 0 | 3 | 0 | 29 | 10 | 2 |
| Non consta | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 6 | 0 | 1 |
| N Total | 2 | 18 | 36 | 1 | 23 | 10 | 261 | 20 | 24 |
| % | 0,5 | 4,5 | 9,1 | 0,3 | 5,8 | 2,5 | 65,7 | 5,0 | 6,0 |

A= Infantil
B= Primaria- EXB
C= Bacharelato
D= ESO
E= FP
F= IESP
G= Infantil + Primaria + EXB
H= Infantil + Primaria+ Bacharelato
I= Outros

Cadro nº 171: Tipo de director/a segundo a titularidade dos Centros

| | PÚBLICO | PRIVADO |
|---|---|---|
| Elixido/a | 201 | 21 |
| Designado/a | 114 | 1 |
| Nomeado/a polo titular | 3 | 44 |
| Non consta | 4 | 3 |
| N Total | 322 | 69 |
| % | 81,1 | 17,4 |

Cadro nº 172: Tipo de director/a segundo o tamaño do centro

| | Ata 8 Unid. | 8 - 15 Unid. | 16 - 23 Unid. | Máis de 23 Uni. |
|---|---|---|---|---|
| Elixido/a | 8 | 75 | 74 | 66 |
| Nomeado/a | 8 | 50 | 36 | 21 |
| Designado/a polo titular | 1 | 19 | 14 | 11 |
| Non consta | 0 | 2 | 3 | 1 |
| N Total | 17 | 146 | 127 | 99 |
| % | 4,3 | 36,8 | 32,0 | 24,9 |

Cadro nº 173: Tipo de director/a segundo a ubicación xeográfica

| | RURAL | URBANO | VILAS |
|---|---|---|---|
| Elixido/a | 61 | 67 | 89 |
| Nomeado/a | 48 | 19 | 44 |
| Designado/a polo titular | 4 | 29 | 12 |
| Non consta | 1 | 2 | 3 |
| N Total | 114 | 117 | 148 |
| % | 28,7 | 29,5 | 37,3 |

Como pode verse no cadro a porcentaxe de directores/as nomeados pola Administración é maior nas zonas rurais (42,1% dos Centros rurais estudiados) que nas urbanas e vilas (16,2% e 29,7% respectivamente). Os nomeados polo titular correspóndense, como era lóxico, cos colexios privados e son máis frecuentes nas cidades que é o lugar onde este tipo de Centros está ubicado preferentemente.

B) Características persoais dos Directores/-as.

Cadro nº 174: Sexo do director/a

| | N | % |
|---|---|---|
| Home | 259 | 65,2 |
| Muller | 130 | 32,7 |
| Non consta | 8 | 2,1 |
| Total | 397 | 100 |

Pese a que o ensino aparece socioloxicamente como unha carreira preferentemente feminina, sobre todo no que se refire ós niveis básicos do ensino (Infantil e Primaria) que son, á súa vez, os máis presentes na nosa mostra, son ben máis os directores cás directoras.

Cadro nº 175: Sexo do director/a por nivel educativo

| | A | B | C | D | E | F | G | H | I |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Home | 2 | 10 | 30 | 1 | 20 | 7 | 159 | 13 | 17 |
| Muller | 0 | 8 | 6 | 0 | 3 | 3 | 96 | 6 | 6 |
| Non consta | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 6 | 0 | 0 |
| N Total | 2 | 18 | 36 | 1 | 23 | 10 | 261 | 20 | 24 |
| % | 0,5 | 4,5 | 9,1 | 0,3 | 5,8 | 2,5 | 65,7 | 5,0 | 6,0 |

A= Infantil
B= Primaria- EXB
C= Bacharelato
D= ESO
E= FP
F= IESP
G= Infantil + Primaria + EXB
H= Infantil + Primaria+ Bacharelato
I= Outros

O Consello Escolar de Galicia considera que se deberían estudia-las causas que determinan o feito de que nas zonas rurais, a porcentaxe de directores/-as nomeados pola Administración sexa máis grande ca nas zonas urbanas. Pensa tamén que se debería profundizar adecuadamente no feito de que, sendo o profesorado feminino incomparablemente máis abundamente có masculino, sucede sen embargo que o número de directores é moito máis grande có de directoras.

Cadro nº 176: Idade do director/a

| | N | % |
|---|---|---|
| Menos de 30 anos | 12 | 3,0 |
| De 30 a 39 anos | 99 | 24,9 |
| De 40 a 49 anos | 155 | 39,0 |
| 50 anos ou máis | 124 | 31,2 |
| Non consta | 7 | 1,8 |
| Total | 397 | 100 |

Polo xeral segue prevalecendo o peso da experiencia á hora de ser elixido/a ou nomeado/a director/a. A meirande parte dos directores/as contan cunha idade superior ós 40 anos, cunha forte porcentaxe de directores/as de máis de 50 anos.

Cando os directores/as son nomeados resulta bastante lóxico pois ás veces acúdese ó criterio de antigüidade á hora de designar ó novo director/a. Pero pasa a ser que esa mesma prevalencia segue funcionando cando os/as directores/as son elixidos/as polo Consello.

Por suposto, nin que dicir ten que este non é un dato nin positivo nin negativo: tan bos directores/as poden se-los profesores/as máis novos coma os de maior antigüidade no ensino. O que parece entreverse é que a experiencia é valorada positivamente á hora de elixir e/ou nomear director/a.

C) Duración no cargo.

Cadro nº 177: Anos que leva como director/a:

| | N | % |
|---|---|---|
| Un - Dous anos | 109 | 27,5 |
| Tres - Catro anos | 83 | 20,9 |
| Cinco - Seis anos | 39 | 9,8 |
| Sete - Oito anos | 17 | 4,3 |
| Nove -Dez anos | 40 | 10,1 |
| Máis de 10 anos | 39 | 10,1 |
| Non Consta | 70 | 18,0 |

Cadro nº 178: Veces que repetíu no cargo:

| | N | % |
|---|---|---|
| Unha vez | 54 | 13,6 |
| Dúas veces | 56 | 14,1 |
| Tres veces | 50 | 12,6 |
| Catro veces | 25 | 6,3 |
| Cinco veces | 6 | 1,5 |
| Máis de 5 veces | 16 | 4,0 |
| Non Consta | 190 | 47,9 |

Como pode verse nos datos recollidos só un director/a de cada catro están iniciando o seu percorrido profesional como tales. Máis da metade dos directores/as estudiados levan máis de dous anos no cargo. Nalgúns casos o número de anos que levan no posto é bastante elevado.

A metade, polo menos, dos directores/as estudiados repiten no seu posto. E unha cuarta parte deles/as repetiron varias veces (nalgúns casos ata catro e cinco veces). A outra metade deixa o cargo ó cumpri-lo primeiro dos seus mandatos, é dicir, non repite. Cabe supoñer que esa metade de directores/-as que non repiten figuran no apartado de "non consta", en tanto que eles certamente non repiten no cargo que é o que se formulaba na pregunta en cuestión.

Se analizamos estes datos tomando en consideración o nivel educativo dos Centros e maila súa ubicación xeográfica temo-los seguintes resultados.

Cadro nº 179: Anos que leva como director/a segundo o nivel educativo

| | A | B | C | D | E | F | G | H | I |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1-2 anos | 1 | 7 | 8 | 1 | 8 | 5 | 65 | 7 | 5 |
| 3-4 anos | 0 | 1 | 14 | 0 | 7 | 2 | 49 | 4 | 6 |
| 5-6 anos | 0 | 2 | 1 | 0 | 2 | 3 | 28 | 0 | 3 |
| 7-8 anos | 0 | 0 | 3 | 0 | 1 | 0 | 11 | 1 | 1 |
| 9-10 anos | 0 | 0 | 1 | 0 | 2 | 0 | 31 | 2 | 3 |
| Máis de 10 anos | 1 | 2 | 4 | 0 | 2 | 0 | 49 | 3 | 5 |
| Non consta | 0 | 5 | 5 | 0 | 1 | 0 | 28 | 3 | 1 |
| N Total | 2 | 18 | 36 | 1 | 23 | 10 | 261 | 20 | 24 |
| % | 0,5 | 4,5 | 9,1 | 0,3 | 5,8 | 2,5 | 65,7 | 5,0 | 6,0 |

A= Infantil
B= Primaria- EXB
C= Bacharelato
D= ESO
E= FP
F= IESP
G= Infantil + Primaria + EXB
H= Infantil + Primaria+ Bacharelato
I= Outros

Cadro nº 180: Anos que leva como director/a segundo a ubicación xeográfica

| | RURAL | URBANO | VILAS |
|---|---|---|---|
| 1-2 anos | 37 | 24 | 43 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| 3-4 anos | 19 | 28 | 34 |
| 5-6 anos | 14 | 10 | 14 |
| 7-8 anos | 1 | 6 | 7 |
| 9-10 anos | 13 | 13 | 13 |
| Máis de 10 anos | 14 | 22 | 26 |
| Non consta | 16 | 14 | 11 |
| N Total | 114 | 117 | 148 |
| % | 28,7 | 29,5 | 37,3 |

D) Presentación de candidaturas para a Dirección.

Cadro nº 181: Presentación con equipo

| | N | % |
|---|---|---|
| Individualmente | 77 | 19,4 |
| Con equipo | 133 | 33,5 |
| Non consta | 187 | 47,1 |
| Total | 397 | 100 |

Cadro nº 182: Presentación con programa

| | N | % |
|---|---|---|
| SI | 190 | 47,9 |
| NON | 17 | 4,3 |
| Non consta | 190 | 49,8 |
| Total | 397 | 100 |

Resulta interesante constatar que polo xeral os candidatos/as á dirección se presentan á elección acompañados/as polo equipo que compartirá con eles/as as tarefas directivas. E non soamente co equipo, senón tamén co programa. En bastantes casos de candidatos/as que se presentan individualmente para ocupa-lo cargo fano tamén presentando un programa.

Esto significa que a elección de director/a non é un puro acto protocolario onde se ratifica sen máis a unha persoa. Vemos, pola contra, que unha amplísima maioría dos directores/as elixidos/as (un 84% dos 226 elixidos/as) se presentaron co seu Programa á elección.

Cadro nº 183: Nº de candidatos/as en caso de elección

| | N | % |
|---|---|---|
| Un | 186 | 46,9 |
| Dous | 25 | 6,3 |
| Tres | 2 | 0,5 |
| Catro | 1 | 0,3 |
| Cinco | 2 | 0,5 |
| Seis | 1 | 0,3 |
| Nove | 2 | 0,5 |
| Non consta | 178 | 44,8 |
| Total | 397 | 100 |

En moi poucas ocasións a elección de director/a faise optando por unha das varias alternativas ou candidaturas existentes. Na meirande parte dos casos (84,9% dos Centros onde o director/a foi elexido/a) a elección do director/a non é senón a ratificación da única candidatura presentada. Iso implica que previamente mídense as forzas e posibilidades dos virtuais candidatos/-as ou ben que se chega a acordos nese senso. Só nuns pouquiños casos existen dúas candidaturas. A presencia de máis de dúas é practicamente inexistente.

E) Directores/-as nomeados e/ou designados.

Cadro nº 184: Criterios de designación do director/a

| | N | % |
|---|---|---|
| Antigüidade | 32 | 8,1 |
| Suxerencia da Inspección | 73 | 18,4 |
| Por turno | 14 | 3,5 |
| Por ofrecemento voluntario | 23 | 5,8 |
| Outros | 41 | 10,3 |
| Non consta | 214 | 53,9 |
| Total | 397 | 100 |

Como se pode observa-la figura dos inspectores resulta clave á hora da designación dos directores/as ante a falta de candidatos/as: o seu criterio constitúe a fonte principal de designación. Noutras ocasións, menos frecuentes cá anterior, funcionan os criterios obxectivos: antigüidade e turno.

O tema do ofrecemento voluntario merece unha consideración especial. Por un lado cabería pensar que se alguén se vai ofrecer voluntario para ocupa-lo posto de director/a ben podería presentarse como candidato/a e segui-lo trámite normal establecido pola normativa. Pero por outra banda, cabe entender que hai factores obxectivos e subxectivos que fan diferente a elección do nomeamento e que por iso nalgúns casos persoas dispostas a facerse cargo da dirección non están dispostas a segui-lo camiño habitual. Desde o punto de vista obxectivo o ofrecemento voluntario evita o trámite do paso polo Consello (e seguramente a presentación de programa, etc.). Evita tamén, certamente, o risco de non saír elixido. Subxectivamente, supón unha postura distinta fronte ó propio colectivo institucional, diante dos diferentes colectivos da institución: ó non estar elixido/a polos distintos sectores estase menos comprometido con eles ou, dito doutro xeito, depende menos deles (o que non significa, ou cando menos non se podería afirmar tal cousa desde os datos dispoñibles, que os vaia a atender menos ou que vaia a facer-las cousas dun xeito máis autoritario).

F) Estructura dos equipos directivos.

No seguinte apartado recollemos as informacións sobre a estructura dos equipos directivos nos Centros estudiados. Pedimos ós Centros que concretasen cales eran os compoñentes do equipo directivo. As respostas foron as seguintes:

Cadro nº 185: ¿Hai Secretario/a?

| | N | % |
|---|---|---|
| SI | 364 | 91,7 |
| NON | 13 | 3,3 |
| Non consta | 20 | 6,0 |
| Total | 397 | 100 |

Cadro nº 186: ¿ Hai Xefe/a de Estudios?

| | N | % |
|---|---|---|
| SI | 354 | 89,2 |
| NON | 23 | 5,8 |
| Non consta | 20 | 6,0 |
| Total | 397 | 100 |

Cadro nº 187: ¿Hai Administrador/a?

| | N | % |
|---|---|---|
| SI | 87 | 21,9 |
| NON | 227 | 57,2 |
| Non consta | 83 | 20,9 |
| Total | 397 | 100 |

Cadro nº 188: ¿Hai Vicedirector/a?

| | N | % |
|---|---|---|
| SI | 114 | 28,7 |
| NON | 189 | 47,6 |
| Non consta | 94 | 23,7 |
| Total | 397 | 100 |

Cadro nº 189: ¿ Hai Vicesecretario/a?

| | N | % |
|---|---|---|
| SI | 43 | 10,8 |
| NON | 242 | 61,0 |
| Non consta | 112 | 28,2 |
| Total | 397 | 100 |

Cadro nº 190: ¿Hai Administrativo/a?

| | N | % |
|---|---|---|
| SI | 9 | 2,3 |
| NON | 186 | 46,9 |
| Non consta | 202 | 50,9 |
| Total | 397 | 100 |

Cadro nº 191: ¿Outros membros no equipo directivo?

| | N | % |
|---|---|---|
| SI | 44 | 11,1 |
| NON | 202 | 50,9 |
| Non consta | 151 | 38,0 |
| Total | 397 | 100 |

A nivel xeral podemos dicir que o Equipo Directivo básico está composto por: Director/a, Secretario/a e Xefe/a de estudios. Os outros compoñentes dos equipos directivos dependen das características dos Centros.É previsible que a estructura e a presencia dos diferentes membros dos equipos directivos teña moito que ver co nivel educativo e máis co tamaño e a titularidade dos Centros escolares. Estes datos recóllense nos cadros seguintes:

Cadro nº 192: Centros nos que si existe en función do nivel educativo

| | A | B | C | D | E | F | G | H | I |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Secretario/a | 2 | 18 | 35 | 1 | 22 | 10 | 239 | 13 | 22 |
| Xefe/a de Estudios | 2 | 15 | 35 | 1 | 22 | 10 | 231 | 14 | 22 |
| Administrador/a | 0 | 2 | 3 | 0 | 14 | 5 | 40 | 10 | 12 |
| Vicedirector/a | 0 | 1 | 33 | 1 | 21 | 10 | 16 | 10 | 21 |
| Vicesecretario/a | 0 | 0 | 32 | 1 | 0 | 1 | 3 | 2 | 4 |
| Administrativo/a | 0 | 2 | 2 | 0 | 1 | 0 | 3 | 1 | 0 |
| Outros/as | 0 | 1 | 10 | 0 | 3 | 2 | 18 | 6 | 4 |
| Total Centros estudiados | 2 | 18 | 36 | 1 | 23 | 10 | 261 | 20 | 24 |
| % | 0,5 | 4,5 | 9,1 | 0,3 | 5,8 | 2,5 | 65,7 | 5,0 | 6,0 |

A= Infantil
B= Primaria- EXB
C= Bacharelato
D= ESO
E= FP
F= IESP
G= Infantil + Primaria + EXB
H= Infantil + Primaria+ Bacharelato
I= Outros

Como pode observarse son os Centros de Bacharelato os que presentan equipos máis completos. Chama a atención o elevado número de respostas afirmando a presencia de Administrador/-a nos Centros escolares, cousa que podería deberse ó peso dos Centros privados na mostra estudiada. Resulta tamén importante considera-la practicamente nula presencia da figura dos Administrativos en calquera dos niveis educativos.

Se analizamos estes mesmos datos tomando en consideración o tamaño dos Centros obtémo-los seguintes resultados:

Cadro nº 193: Centros nos que si existe en función do tamaño do centro

| | Ata 8 Unid. | 8 - 15 Unid. | 16 - 23 Unid. | Máis de 23 Uni. |
|---|---|---|---|---|
| Secretario/a | 16 | 133 | 120 | 89 |
| Xefe/a de Estudios | 11 | 127 | 119 | 90 |
| Administrador/a | 3 | 25 | 23 | 34 |
| Vicedirector /a | 2 | 22 | 35 | 50 |
| Vicesecretario/a | 0 | 8 | 14 | 21 |
| Administrativo/a | 0 | 2 | 1 | 6 |
| Outros/as | 0 | 12 | 14 | 17 |
| Total Centros estudiados | 17 | 146 | 127 | 99 |
| % | 4,3 | 36,8 | 32,0 | 24,9 |

O tamaño dos Centros vemos que inflúe sobre todo na ampliación dos compoñentes do equipo directivo: figuras como a do Vicedirector/-a e a do Vicesecretario/-a están vinculadas ó tamaño do Centro.

Analizando estes datos tendo en conta a titularidade dos Centros estudiados obtémo-los seguintes datos.

Cadro nº 194: Centros nos que si existe en función da titularidade do centro

| | PUBLICO | PRIVADO |
|---|---|---|
| Secretario/a | 311 | 47 |
| Xefe/a de Estudios | 305 | 43 |
| Administrador/a | 42 | 44 |
| Vicedirector/a | 96 | 16 |
| Vicesecretario/a | 41 | 2 |
| Administrativo/a | 7 | 1 |
| Outros/as | 22 | 22 |
| N Total | 322 | 69 |
| % | 81,1 | 17,4 |

A situación é moi diferente dos Centros públicos ós privados. A práctica totalidade dos Centros públicos contan coa figura de Secretario/-a e Xefe/-a de Estudios (máis do 90% dos Centros en ambos casos) mentres que pouco máis da metade dos Centros privados contan con

esas figuras do equipo. A situación invírtese en relación á presencia de Administrador/-a: o 63% dos Centros privados teñen Administrador mentres unicamente o 13% dos Centros públicos contan con esa figura, no que se refire ós outros posibles compoñentes do Equipo Directivo non hai diferencias en función da titularidade.

G) Número e periodicidade das reunións do equipo directivo.

Neste apartado imos escomezar a considerar algúns aspectos relacionados co xeito de funcionar no Equipo Directivo. O primeiro aspecto refírese ás reunións do Equipo.

Cadro nº 195: Reunións do equipo directivo

| | N | % |
|---|---|---|
| Diaria | 34 | 8,6 |
| Semanal | 125 | 31,5 |
| Quincenal | 20 | 5,0 |
| Mensual | 47 | 11,8 |
| Segundo necesidades | 27 | 6,8 |
| Outros | 57 | 14,4 |
| Non consta | 87 | 21,9 |
| Total | 397 | 100 |

Como pode verse no cadro boa parte dos equipos directivos manteñen reunións semanais. En calquera caso hai moita variabilidade duns Centros a outros.

Considerando esta variable en función do nivel educativo obtémo-los seguintes datos.

Cadro nº 196: Reunións do equipo directivo en función do nivel educativo

| | A | B | C | D | E | F | G | H | I |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Diaria | 0 | 1 | 2 | 0 | 0 | 0 | 25 | 1 | 5 |
| Semanal | 1 | 6 | 22 | 0 | 9 | 8 | 63 | 6 | 10 |
| Quincenal | 0 | 0 | 3 | 0 | 2 | 1 | 13 | 1 | 0 |
| Mensual | 1 | 3 | 0 | 0 | 3 | 1 | 35 | 3 | 1 |
| Segundo necesidades | 1 | 2 | 1 | 0 | 1 | 0 | 20 | 0 | 2 |
| Outros | 0 | 1 | 3 | 0 | 2 | 0 | 46 | 3 | 2 |
| Non consta | 0 | 5 | 4 | 1 | 6 | 0 | 58 | 6 | 4 |
| N Total | 2 | 18 | 36 | 1 | 23 | 10 | 261 | 20 | 24 |
| % | 0,5 | 4,5 | 9,1 | 0,3 | 5,8 | 2,5 | 65,7 | 5,0 | 6,0 |

A= Infantil
B= Primaria- EXB
C= Bacharelato
D= ESO
E= FP
F= IESP
G= Infantil + Primaria + EXB
H= Infantil + Primaria+ Bacharelato
I= Outros

Parece claro que na maior parte dos Centros, sexa cal sexa o seu nivel educativo, os equipos directivos manteñen as súas reunións cunha perioricidade semanal.

Se analizamos eses datos tomando en consideración o tamaño dos Centros atopámonos cos seguintes resultados.

Cadro nº 197: Reunións do equipo directivo en función do tamaño do centro

| | Ata 8 Unid. | 8 - 15 Unid. | 16 - 23 Unid. | Máis de 23 Uni. |
|---|---|---|---|---|
| Diaria | 0 | 7 | 16 | 11 |
| Semanal | 4 | 35 | 43 | 39 |
| Quincenal | 1 | 6 | 3 | 10 |
| Mensual | 1 | 22 | 12 | 12 |
| Segundo necesidades | 0 | 12 | 11 | 4 |
| Outros | 4 | 23 | 23 | 6 |
| Non consta | 7 | 40 | 19 | 16 |
| N Total | 17 | 146 | 127 | 99 |
| % | 4,3 | 36,8 | 32,0 | 24,9 |

Non se observan diferencias relevantes en función do tamaño dos Centros. O máis habitual en todos eles continúan sendo reunións semanais dos equipos directivos.

Se analizamos estes datos tomando en conta a titularidade dos Centros os resultados obtidos son os que se presentan a continuación.

Cadro nº 198: Reunións do equipo directivo segundo a titularidade do centro

| | PUBLICO | PRIVADO |
|---|---|---|
| Diaria | 32 | 1 |
| Semanal | 111 | 13 |
| Quincenal | 18 | 2 |
| Mensual | 25 | 2 |
| Segundo necesidades | 42 | 14 |
| Outros | 66 | 19 |
| N Total | 322 | 69 |
| % | 81,1 | 17,4 |

Do cadro despréndese unha lixeira tendencia dos Centros privados a dilata-las reunións dos seus equipos directivos máis aló do que o fan os colexios públicos. Naqueles predominan as reunións mensuais mentres que nos públicos a perioricidade é semanal.

### H) Temas tratados nas reunións do equipo directivo.

Continuámo-la análise do funcionamento dos Equipos Directivos co estudio dos temas tratados nas reunións dos 397 Centros estudiados.

Cadro nº 199: Temas tratados: **Asuntos de Organización**

| | N | % |
|---|---|---|
| SI | 246 | 62,0 |
| NON | 49 | 12,3 |
| Non consta | 102 | 25,8 |

Cadro nº 200: Temas tratados: **Asuntos económicos**

| | N | % |
|---|---|---|
| SI | 135 | 34,0 |
| NON | 121 | 30,5 |
| Non consta | 141 | 35,5 |

Cadro nº 201: Temas tratados: **Asuntos curriculares**

| | N | % |
|---|---|---|
| SI | 168 | 42,3 |
| NON | 91 | 22,9 |
| Non consta | 138 | 34,8 |

Cadro nº 202: Temas tratados: **Alumnos/-as**

| | N | % |
|---|---|---|
| SI | 132 | 33,2 |
| NON | 117 | 29,5 |
| Non consta | 148 | 37,3 |

Cadro nº 203: Temas tratados: **Profesores/-as**

| | N | % |
|---|---|---|
| SI | 136 | 34,3 |
| NON | 114 | 28,7 |
| Non consta | 147 | 37,0 |

Cadro nº 204: Temas tratados: **Recursos**

| | N | % |
|---|---|---|
| SI | 115 | 29,0 |
| NON | 131 | 33,0 |
| Non consta | 151 | 38,0 |

Cadro nº 205: **Disciplina**

| | N | % |
|---|---|---|
| SI | 139 | 35,0 |
| NON | 115 | 29,0 |
| Non consta | 143 | 36,0 |

Cadro nº 206: **Comedor e Transporte**

| | N | % |
|---|---|---|
| SI | 65 | 16,4 |
| NON | 147 | 37,0 |
| Non consta | 185 | 46,6 |

Cadro nº 207: Outros temas

| | N | % |
|---|---|---|
| SI | 137 | 34,5 |
| NON | 89 | 22,4 |
| Non consta | 171 | 43,1 |

Os temas tratados, non podía ser doutro xeito, cobren todo o abano de actuacións dentro do centro. Se reunimos nun mesmo cadro as puntuacións sinaladas por separado pódemonos dar conta dos aspectos que aparecen cunha maior frecuencia nos Centros:

Cadro nº 208: Temática tratada polos equipos directivos

| | SI (%) | NON(%) | Non consta |
|---|---|---|---|
| Asuntos de Organización | 62,0 | 12,3 | 25,8 |
| Asuntos Económicos | 34,0 | 30,5 | 35,5 |
| Asuntos Curriculares | 42,3 | 22,9 | 34,8 |
| Alumnos/as | 33,2 | 29,5 | 37,3 |
| Profesores/as | 34,3 | 28,7 | 37,0 |
| Recursos | 29,0 | 33,0 | 38,0 |
| Disciplina | 35,0 | 29,0 | 36,0 |
| Comedor e Transportes | 16,4 | 37,0 | 46,6 |
| Outros temas | 34,5 | 22,4 | 43,1 |

A preocupación maior dos equipos directivos está centrada nas cuestións organizativas e curriculares que son as que teñen unha incidencia máis clara no funcionamento dos Centros. Outros temas como a disciplina, os asuntos económicos ou a problemática dos profesores reciben tamén unha atención preferente.

Se analizamos estes datos polo nivel educativo témo-los seguintes resultados.

Cadro nº 209: Temática das reunións dos equipos directivos en función dos niveis educativos

| | A | B | C | D | E | F | G | H | I |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Asuntos de Organización | 1 | 12 | 26 | 0 | 16 | 8 | 156 | 12 | 15 |
| Asuntos Económicos | 1 | 5 | 13 | 0 | 11 | 3 | 79 | 10 | 13 |
| Asuntos curriculares | 1 | 6 | 18 | 0 | 12 | 7 | 98 | 9 | 17 |
| Alumnos/as | 1 | 5 | 14 | 0 | 9 | 5 | 72 | 11 | 15 |
| Profesores/as | 1 | 6 | 16 | 0 | 9 | 4 | 74 | 11 | 15 |
| Recursos | 1 | 5 | 11 | 0 | 9 | 4 | 61 | 9 | 15 |
| Disciplina | 2 | 5 | 15 | 0 | 11 | 5 | 75 | 13 | 13 |
| Comedor e Transporte | 0 | 1 | 6 | 0 | 6 | 3 | 37 | 7 | 5 |
| Outros temas | 2 | 4 | 16 | 0 | 10 | 4 | 96 | 3 | 2 |
| Total Centros estudiados | 2 | 18 | 36 | 1 | 23 | 10 | 261 | 20 | 24 |
| % | 0,5 | 4,5 | 9,1 | 0,3 | 5,8 | 2,5 | 65,7 | 5,0 | 6,0 |

A= Infantil
B= Primaria- EXB
C= Bacharelato
D= ESO
E= FP
F= IESP
G= Infantil + Primaria + EXB
H= Infantil + Primaria+ Bacharelato
I= Outros

O primeiro que cabe sinalar é que a temática preferente a tódolos niveis son os asuntos relacionados coa organización. Os temas referentes ó Curriculum e tamén á disciplina reciben unha maior atención nos niveis de Secundaria ca nos de Primaria.

Analizando estes datos agora tendo en conta a titularidade dos Centros estudiados obtémo-la seguinte distribución:

Cadro nº 210: Temática das reunións dos equipos directivos en función da titularidade do centro

| | PÚBLICO | PRIVADO |
|---|---|---|
| Asuntos de Organización | 201 | 43 |
| Asuntos Económicos | 106 | 28 |
| Asuntos curriculares | 134 | 34 |
| Alumnos/as | 100 | 32 |
| Profesores/as | 107 | 29 |
| Recursos | 90 | 25 |
| Disciplina | 105 | 31 |
| Comedor e Transporte | 52 | 13 |
| Outros temas | 113 | 21 |
| Total Centros estudiados | 322 | 69 |
| % | 81,1 | 17,4 |

A preocupación polos asuntos de organización e curriculares é idéntica en ámbolos dous tipos de Centros, nos Centros privados trátanse máis os temas relacionados con recursos, alumnos e profesores. Tamén a disciplina recibe maior atención nos Centros privados.

I) ¿Fanse Actas das reunións dos equipos directivos?.

Cadro nº 211: ¿Hai actas das reunións do equipo directivo?

| | N | % |
|---|---|---|
| SI | 53 | 13,4 |
| NON | 310 | 78,1 |
| Non consta | 34 | 8,6 |
| Total | 397 | 100 |

O nivel de formalización do traballo dos equipos directivos é baixo. Trabállase máis sobre o formato de "sesións abertas de traballo" que sobre outros formatos máis formalizados e estructurados: "reunións coa orde do día". Iso implica, por unha banda, maior riqueza e flexibilidade e, pola outra, menor fixeza dos acordos e menor constancia oficial dos mesmos.

## CONCLUSIÓNS PRINCIPAIS

*As conclusións, no que se refire ós Equipos Directivos, marcan certas tendencias que contradicen os datos acadados noutras investigacións e informes. É polo tanto, importante lembrar que os datos que nós presentamos correspóndense ós 397 Centros estudiados. En concreto, as principais conclusións que se derivan do noso estudio poden quedar resumidas nas seguintes:*

*a) En primeiro lugar, cabe destacar que o número de directores/-as elixidos supera amplamente ó de designados (56,9% frente 29,5%). Esa tendencia dase en tódolos niveis educativos (máis en Secundaria que en Primaria) e tanto nos Centros pequenos coma nos grandes (sendo a porcentaxe de directores/-as maior nos segundos que nos primeiros).*

*Nas zonas rurais existe máis problemas para cubrir por elección os postos de directores/-as.*

*b) Na súa meirande parte os que ocupan a Dirección son homes (65% homes fronte 32% mulleres) esa situación repítese en tódolos casos sexa cal sexa o nivel educativo dos Centros, o seu tamaño e a súa ubicación.*

*c) No que se refire á idade e permanencia no cargo dos directores/-as cómpre dicir que a maior parte deles/-as sitúase nunha banda de idade que vai dos 40 ós 60 anos. Moitos deles/-as repiten como directores/-as: aproximadamente a metade levan xa un o máis períodos como tales.*

*d) Dentro do grupo de directores/-as que foron elixidos, a meirande parte deles tíñanse presentado á elección con Programa (84% dos Directores/-as elixidos) e en moitos casos tamén con Equipo (58,8% dos Directores/-as elixidos) .*

*Estas cifras din moito do sentido institucional do proceso de elección de director/-a, non é un mero trámite ou unha aclamación sen máis, aínda que tamén hai que suliñar que na case totalidade dos casos (82% das eleccións) non se presenta máis que unha soa candidatura.*

*e) Cando os directores/-as son designados pola Admón. Educativa o criterio preponderante que se utiliza é a propia suxerencia do Inspector de zona (62% dos*

*casos). Noutros casos a designación faise tendo en conta a antigüidade (27% dos casos) e nalgunhas ocasións o ofrecemento voluntario (20%).*

*f) A estructura básica dos Equipos Directivos está composta polo Director/-a, Secretario/-a e Xefe/-a de Estudios. A medida que a xestión dos Centros vai facéndose máis complexa (por razón do nivel educativo ou o tamaño dos Centros) van aparecendo outras figuras como Vicedirector/-a, Vicesecretario/-a, Administrador/-a, etc.*

*Chama a atención a escasa presencia da figura do Administrativo que constrasta coa importancia que os Directores/-as entrevistados conceden a esa figura para alivia-las cargas da burocracia institucional.*

*g) A maior parte dos Equipos Directivos manteñen reunións semanais para tratar nelas temas vinculados sobre todo ó funcionamento do centro (temas de organización, temas curriculares e temas económicos sobre todo).*

*Polo xeral non se recolle constancia escrita formal destas reunións do equipo directivo (case no 80% dos casos non existen Libros de Actas).*

Dentro das medidas de apoio ás direccións dos Centros a Administración debería prestar atención e asesoramento xurídico áxil e eficaz ós equipos directivos en casos de accidentes, denuncias, etc.

Pénsase, por outro lado, que se debería fomenta-la investigación e as experiencias nos aspectos relativos á xestión e dirección dos Centros públicos, así como difundi-los traballos existentes neste ámbito.

Recórdase, por último, que resulta imprescindible a presencia de persoal administrativo en tódolos Centros, para descargar ó profesorado e directivos das tarefas de tipo burocrático.

## 3.2.- A participación dos Órganos de Coordinación dos Centros

Neste apartado queremos recolle-la presencia ou non doutros Órganos de participación nos Centros escolares. Legalmente non poden ser considerados como membros dos equipos directivos aínda que nunha perspectiva institucional constitúen unha ampliación dos propios equipos directivos. Con frecuencia son os propios equipos directivos os que propoñen a formación de Comisións que serán presididas por algún membro do equipo. Os diferentes Órganos de coordinación desenvolven tarefas que ás veces implican unha acción directa

(nunha especie de "xestión descentralizada"), por exemplo, os coordinadores de ciclos ou áreas, e outras veces teñen unha incidencia indirecta na vida dos Centros a través de suxerencias para a toma de decisións (por exemplo nas diferentes comisións para tratar temas específicos).

### A) Órganos de acción directa

Cadro nº 212: ¿Hai Coordinadores/as de Ciclo?

| | N | % |
|---|---|---|
| SI | 278 | 70,0 |
| NON | 69 | 17,4 |
| Non consta | 50 | 12,6 |
| Total | 397 | 100 |

Cadro nº 213: ¿Hai Coordinadores/as de área?

| | N | % |
|---|---|---|
| SI | 190 | 47,9 |
| NON | 119 | 30,0 |
| Non consta | 88 | 22,2 |
| Total | 397 | 100 |

Cadro nº 214: ¿Hai Departamentos e / ou Seminarios?

| | N | % |
|---|---|---|
| SI | 334 | 84,1 |
| NON | 28 | 7,1 |
| Non consta | 35 | 8,8 |
| Total | 397 | 100 |

Podemos observar que a idea da coordinación está notablemente extendida nos Centros que teñen establecidos sistemas específicos para levala a cabo. Están moi amplamente incorporados os coordinadores/as de ciclo (obviamente, sobre todo nos Centros de Infantil e Primaria que é onde existen os ciclos) e algo menos os coordenadores/as de área (seguramente por ser este un concepto que se solapa con outros como Dptos. ou Seminarios).

A práctica totalidade dos Centros contan con Departamentos e/ou Seminarios.

Cadro nº 215: Centros que SI POSÚEN órganos de coordinación segundo o nivel educativo

| | A | B | C | D | E | F | G | H | I |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Coordinad. ciclo | 2<br>100% | 17<br>94,4% | 0<br>0,0% | 0<br>0,0% | 1<br>4,3% | 0<br>0,0% | 240<br>92% | 15<br>75% | 2<br>8,3% |
| Coordinad. área | 2<br>100% | 7<br>38,9% | 3<br>8,3% | 0<br>0,0% | 0<br>0,0% | 1<br>10,0% | 164<br>62,8% | 10<br>50,0% | 3<br>12,5% |
| Dpto./Seminar. | 2<br>100% | 13<br>72,2% | 35<br>97,2% | 1<br>100% | 19<br>82,6% | 7<br>70% | 218<br>83,5% | 17<br>85% | 22<br>91,7% |
| N Total | 2 | 18 | 36 | 1 | 23 | 10 | 261 | 20 | 24 |

A= Infantil
B= Primaria- EXB
C= Bacharelato
D= ESO
E= FP
F= IESP
G= Infantil + Primaria + EXB
H= Infantil + Primaria+ Bacharelato
I= Outros

Cadro nº 216: Centros que NON POSÚEN órganos de coordinación segundo o nivel educativo

| | A | B | C | D | E | F | G | H | I |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Coordinad. ciclo | 0<br>0,0% | 1<br>5,6% | 24<br>66,7% | 0<br>0,0% | 12<br>52,2% | 9<br>90% | 8<br>3,1% | 3<br>15% | 12<br>50% |
| Coordinad. área | 0<br>0,0% | 6<br>33,36% | 23<br>63,9% | 0<br>0,0% | 12<br>52,2% | 7<br>70,0% | 55<br>21,1% | 3<br>15,0% | 13<br>54,2% |
| Dpto./Seminar. | 0<br>0,0% | 3<br>16,7% | 0<br>0,0% | 0<br>0,0% | 2<br>8,7% | 1<br>10,0% | 22<br>8,4% | 0<br>0,0% | 0<br>0,0% |
| N Total | 2 | 18 | 36 | 1 | 23 | 10 | 261 | 20 | 24 |

A= Infantil
B= Primaria- EXB
C= Bacharelato
D= ESO
E= FP
F= IESP
G= Infantil + Primaria + EXB
H= Infantil + Primaria+ Bacharelato
I= Outros

Se analizamos estes mesmos datos segundo a titularidade dos Centros atopamónos coa seguinte distribución:

Cadro nº 217: Centros que SI POSÚEN órganos de coordinación en función da titularidade do centro

| | PUBLICO | PRIVADO |
|---|---|---|
| Coordinad. ciclo | 220<br>68,3% | 54<br>79% |
| Coordinad. área | 145<br>45% | 42<br>60,8% |
| Dpto./Seminar. | 275<br>85,4% | 56<br>81,1% |
| N Total | 322 | 69 |

Cadro nº 218: Centros que NON POSÚEN órganos de coordinación en función da titularidade do centro

| | PÚBLICO | PRIVADO |
|---|---|---|
| Coord. ciclo | 64<br>19,9% | 5<br>7,2% |
| Coordinad. área | 108<br>33,5% | 10<br>14,4% |
| Dpto./Seminar. | 24<br>7,5% | 3<br>4,3% |
| N Total | 322 | 69 |

Sendo como é a coordinación un dos maiores retos que deben afronta-las institucións educativas no futuro resulta interesante constatar que na meirande parte dos Centros se conta cos recursos e instancias institucionais necesarios para progresar nese camiño. A cousa pode estar agora en facer que funcionen axeitadamente.

B) Órganos de acción indirecta

Cadro nº 219: ¿ Hai Comisión de Coordinación Pedagóxica?

| | N | % |
|---|---|---|
| SI | 192 | 48,4 |
| NON | 117 | 29,5 |
| Non consta | 88 | 22,2 |
| Total | 397 | 100 |

Cadro nº 220: ¿Hai Equipo de Normalización Lingüística?

| | N | % |
|---|---|---|
| SI | 337 | 84,9 |
| NON | 30 | 7,6 |
| Non consta | 30 | 7,6 |
| Total | 397 | 100 |

Cadro nº 221: ¿Hai Comisión de Pastoral?

| | N | % |
|---|---|---|
| SI | 26 | 6,5 |
| NON | 190 | 47,9 |
| Non consta | 181 | 45,6 |
| Total | 397 | 100 |

Cadro nº 222: ¿ Hai outros Órganos de Coordinación?

| | N | % |
|---|---|---|
| SI | 115 | 29,0 |
| NON | 97 | 24,4 |
| Non consta | 185 | 46,6 |
| Total | 397 | 100 |

A Comisión máis estendida nos Centros é a de Normalización Linguística. Tamén está bastante estendida a Comisión de Coordinación Pedagóxica encargada, polo xeral, de articula-lo Proxecto Educativo e o Proxecto Curricular de Centro. Só nalgúns casos, previsiblemente en Centros privados de titularidade relixiosa, existe a Comisión de pastoral.

Se analizamos estes datos en relación ó nivel educativo dos Centros témo-la seguinte distribución:

Cadro nº 223: Nivel educativo dos Centros nos que SI EXISTEN comisións de ...

| | A | B | C | D | E | F | G | H | I |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Coordinación pedagóxica. | 0 | 11<br>61,1% | 5<br>13,9% | 0 | 5<br>21,7% | 2<br>20% | 151<br>57,9% | 8<br>40% | 9<br>37,5% |
| Normalización linguística | 2<br>100% | 16<br>88,9% | 31<br>86,1% | 1<br>100% | 18<br>78,3% | 3<br>30,0% | 236<br>90,4% | 13<br>65,0% | 16<br>66,7% |
| Pastoral | 0 | 1<br>5,6% | 1<br>2,8% | 0 | 1<br>4,3% | 0 | 20<br>7,7% | 2<br>10% | 1<br>4,2% |
| Outras comisións | 0 | 8<br>44,4% | 9<br>25% | 0 | 8<br>34,8% | 3<br>30% | 72<br>27,6% | 5<br>25% | 10<br>41,7% |
| N Total | 2 | 18 | 36 | 1 | 23 | 10 | 261 | 20 | 24 |

A= Infantil D= ESO G= Infantil + Primaria + EXB
B= Primaria- EXB E= FP H= Infantil + Primaria+ Bacharelato
C= Bacharelato F= IESP I= Outros

Cadro nº 224: Nivel educativo dos Centros nos que NON EXISTEN comisións de...

| | A | B | C | D | E | F | G | H | I |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Coordinación pedagóxica. | 1<br>50% | 5<br>27,8% | 22<br>61,1% | 0 | 11<br>47,8% | 6<br>60% | 58<br>22,2% | 4<br>20% | 10<br>41,7% |
| Normalización linguística | 0 | 1<br>5,6% | 3<br>8,3% | 0 | 2<br>8,7% | 5<br>50% | 9<br>3,4% | 4<br>20% | 6<br>25% |
| Pastoral | 1<br>50% | 7<br>38,9% | 18<br>50% | 0 | 6<br>26,1% | 4<br>40% | 139<br>53,3% | 9<br>45% | 6<br>25% |
| Outras comisións | 0 | 3<br>16,7% | 12<br>33,3% | 0 | 3<br>13% | 2<br>20% | 70<br>26,8% | 3<br>15% | 4<br>16,7% |
| N Total | 2 | 18 | 36 | 1 | 23 | 10 | 261 | 20 | 24 |

A= Infantil D= ESO G= Infantil + Primaria + EXB
B= Primaria- EXB E= FP H= Infantil + Primaria+ Bacharelato
C= Bacharelato F= IESP I= Outros

Se analizamos estes mismos datos segundo a titularidade dos Centros atopamónos coa seguiente distribución:

Cadro nº 225: Titularidade dos Centros nos que SI EXISTEN comisións de ...

| | PUBLICO | PRIVADO |
|---|---|---|
| Coordinación pedagóxica | 160<br>49,7% | 30<br>43,4% |
| Normalización linguística | 277<br>86,0% | 55<br>79,7% |
| Pastoral | 9<br>2,8% | 16<br>23,1% |
| Outras comisións | 95<br>29,5% | 18<br>26% |
| N Total | 322 | 69 |

Cadro nº 226: Titularidade dos Centros nos que NON EXISTEN comisións de ...

| | PUBLICO | PRIVADO |
|---|---|---|
| Coordinación pedagóxica | 100<br>31,1% | 15<br>21,7% |
| Normalización linguística | 25<br>7,8% | 5<br>7,2% |
| Pastoral | 171<br>53,1% | 16<br>23,1% |
| Outras comisións | 84<br>26,1% | 12<br>17,3% |
| N Total | 322 | 69 |

Como podemos ver nos cadros a Comisión de Coordinación Pedagóxica está moito máis estendida nos Centros de Primaria que nos de Secundaria. Sen que se poidan detectar diferencias entre Centros públicos e privados. A Comisión de Normalización Lingüística está moi estendida por tódolos niveis, e tanto nos Centros públicos como nos privados. A Comisión Pastoral corresponde ós Centros privados de titularidade relixiosa.

## CONCLUSIÓNS PRINCIPAIS

*As estructuras de coordinación están notablemente estendidas nos Centros estudiados correspondéndose coas características organizativas dos Centros segundo o nivel educativo ó que pertenzan: ciclo, área, departamentos, seminarios.*

*En canto ás comisións as máis estendidas son a de Normalización Lingüística e a de Coordinación Pedagóxica. Bastantes Centros privados, é de supoñer que sobre todo os de titularidade relixiosa teñen establecida tamén a Comisión de Pastoral.*

O Consello Escolar de Galicia manifesta a súa preocupación pola falta de regulamentación nos centros galegos das estructruras de coordinación. Insta a Consellería de Educación para que publique, logo de negociación cos sindicatos, os Regulamentos Orgánicos cos centros de Educación Infantil, Primaria, Secundaria e Bacharelato, así coma dos restos das ensinanzas reguladas pola LOGSE, para que, o igual que sucede no resto de España, se poña fin a anarquía organizativa e o voluntarismo participativo que se constata nos centros galegos. Esta Regulamentación deberá ir acompañada das medidas administrativas que a fagan realizable, cadros de persoal, dispoñibilidade horaria, etc.

# CAPÍTULO V

## AS APAs COMO ESTRUCTURA DE PARTICIPACIÓN DOS PAIS/NAIS

# V.- AS APAs COMO ESTRUCTURA DE PARTICIPACION DOS PAIS/NAIS

## V.1.- Marco legal da Participación por parte das APAs.

A Lei Orgánica do Dereito a Educación no seu artigo 5º garante os pais no ambito educativo a liberdade de asociación no ámbito educativo establecendo as seguintes finalidades:

- asistir ós pais ou titores

- colaborar nas actividades educativas

- promove-la participación dos pais na xestión do centro.

Sinálase na Lei que é obriga dos directores/-as integra-las actividades das APAs na vida escolar.

Tamén a LOGSE recolle a existencia das APAs. Descríbense como organizacións creadas para que ó través dos Consellos Escolares e dentro do Proxecto Educativo de Centro pasen a formar parte coas súas propostas dos obxectivos e metas do ensino dos seus fillos.

As APAs toman corpo ó través do Real Decreto 1533/86 do 11 de xullo (BOE 29-7-86) cun texto de 16 artigos que poderíamos estructurar do seguinte xeito:

a) os seis primeiros falan da súa constitución, ámbito e finalidades. Estas coinciden co recollido no artigo 5º da LODE.

b) os artigos 7 e 8 falan do réxime estatutario e da normativa legal para a constitución dunha APA.

c) os artigos 9 e 10 establecen as condicións para o desenvolvemento das APAs na vida escolar dos respectivos centros.

d) a partir do artigo 11 fálase da posibilidade de federarse e confederarse. Sinálase tamén o procedemento para facer efectiva a representación das APAs nos distintos Consellos Escolares (estatal, autonómico, territorial e local).

e) último artigo, o 16, recóllese a posibilidade de solicitar axudas para o desenvolvemento das actividade. Axudas que figurarían nos presupostos xerais do Estado.

O mencinado Real Decreto inclúe dúas disposicións adicionais e unha disposición transitoria. A primeira adicional refírese ás outras ensinanzas, e a segunda, establece o carácter de obrigado cumprimento para as normas dictadas en todo o territorio, mentres non as regulen as CCAA. A disposición transitoria regula a adecuación das APAs que existan á nova normativa da LODE.

A Consellería de Educación, regula a actividade das APAs coa Orde do 16 de xaneiro de 1987 ( DOG 22-1-87). Menciónase nela a mesma Lei Orgánica no seu artigo 5º, así como o Real Decreto 1763/82 do 24 de xullo sobre o traspaso de funcións á Comunidade Autónoma.

A mencionada Orde da Consellería de Educación inclúe doce artigos que son traducción literal, do Real Decreto 1533/86 comentado nun parágrafo anterior. Inclúe ademais unha variación sobre a composición dos Consellos Escolares do territorio da Comunidade Autónoma (isto é, o autonómico, os territoriais e os locais) que virán regulados por unha normativa propia..

Así no Decreto 44/88 do 11 de febreiro, regúlase o Consello Escolar de Galicia do que formarán parte 5 pais (3 do ensino público e 2 do ensino privado). Regúlanse tamén os Consellos Territoriais dos que formarán parte 2 pais (un de EXB e outro de ensino medio), e os Consellos Municipais nos que a presencia de pais depende da categoría do concello.

Para finalizar cómpre dicir que as APAs dos Centros Escolares agrúpanse en federacións. Nas provincias da Coruña e Pontevedra, existen federacións provinciais e territoriais. En Lugo e Ourense existen federacións provinciais. Todas elas están á súa vez agrupadas na Confederación Galega de APAs de centros públicos (CONFAPA Galicia) e na Confederación Cristiá de APAs de Galicia (CONCAPAG).

## V.2.- Problemática principal.

As asociacións de pais de alumnos (APAs) xorden ó abeiro da Lei de Asociacións e a teor das necesidades educativas xeradas nos últimos anos da Lei Xeral de Educación.Naceron e foron potenciadas como entidades colaboradoras dos docentes nas tarefas educativas pero sempre vinculadas ás actividades coñecidas como extraescolares. Isto significa que a propia normativa orienta a súa actuación cara a actividades complementarias que non entran no seo do que se coñece como "xornada escolar". Non teñen, pois, unha misión concreta, aínda que un dos fins que se lles encomenda sexa: " a mellora para a educación integral dos fillos".

Esta falta de concreción nos obxectivos e a case total dependencia do Director dos Centros Escolares, lévaos moitas veces a marcar unhas metas que disfrazan obxectivos propios dos claustros e tarefas propias do profesorado (clases correctivas de idioma -fundamentalmente inglés- clases de recuperación de calquera materia que se recoñeza "froxa" dentro dos programas determinados pola Administración Educativa como, por exemplo clases de plástica e debuxo etc). En realidade, as APAs acabaron cubrindo todo aquel tipo de actividades académicas que non tiñan cabida de maneira oficial nos "curricula" .

No I CONGRESO PROVINCIAL DE APAs DA CORUÑA celebrado en 1993 dicíase: *"Instar á Administración Educativa para que o profesorado que ten que asumi-lo traballo de desenvolver nos alumnos hábitos de participación e convivencia democráticos, sexan preparados para iso, ben nas Escolas do Profesorado ou ben en cursos de reciclaxe e que non se deixe ó albur da pura vontade e improvisación".*

No primeiro Congreso de APAs de Centros Estatais, celebrado en Lugo no ano 1984, dicíase: *"... Non é moi antergo o Dereito á Educación, como moito podémolo poñer en 20 ou 25 anos atrás, e se nos fixamos na lexislación española, este dereito consagrado na Constitución, vén de hai 5 ou 6 anos; neste estado de cousas enmárcase a entrada dos pais na educación institucional dos seus fillos. Agora xa non se fala da autoridade única e exclusiva do mestre. A idea de que o mestre é TODO na educación, quedou obsoleta. Remataron os tempos en que os pais tiñan que calar diante da 'OPINIÓN AUTORIZADA' que o mestre daba dos seus fillos. Os pais non tiñan dereito a opinar. Todo quedaba tal e como o mestre dicía e, ó mesmo tempo, a súa opinión era irrevocable".*

Esta cita está collida da ponencia titulada: "Actividades extraulares na escola" e parece que marca a liña que as APAs deben levar segundo di máis adiante por razón de pura "ideoloxía constitucional".

Coa LODE as APAs aparecen como colaboradoras nas actividades educativas e facilitadoras da participación e representación dos pais/nais nos Consellos Escolares e na xestión dos Centros. A medida que as reivindicacións laborais do profesorado, vía sindical, víñanse facendo máis patentes, as APAs foron aumentando a súa importancia na vida escolar, xa que non só se farían cargo das actividades consideradas como extraescolares, senón tamén

como xestores directos dos servicios complementarios: comedor e transporte escolar. As APAs convértense en case que en imprescindibles nos centros onde funcionan estes servicios ó depender delas a súa continuación.Como tales servicios son obrigatorios por lei, a participación das APAs soluciónalle á Administración Educativa problemas que serían insolubles sen o concurso dos pais. Tanto é así, que moitas veces faise difícil coñecer se as asociacións nacen só para facerse cargo deses servicios e actividades.

De calquera xeito é evidente que as APAs seguen sen ter cauce, forza ou valor real na vida educativa dos Centros Escolares; serven, como moito para "canalizar reivindicacións" e, en ocasións, para "suavizar protestas" relativas a comportamentos atípicos ou distintos por parte de alumnos, profesores, e Administración Educativa.

Un papel especialmente importante xogan as APAs en relación ós alumnos nos distintos consellos de disciplina dos centros. Os alumnos séntense máis protexidos cos pais escoitando os seus problemas que se estivesen só os profesores. Resulta ocioso lembrar aquí que esa é, xustamente, unha das razóns máis frecuentes para as reunións de pais, alumnos e profesores.

Con relación ós profesores, estes ás veces utilizan a APA como arma arroxadiza contra a Administración, en revindicacións que teñen que ver case sempre con aspectos referidos á calidade do ensino. Nembargantes cando as intervencións das APAs se aproximan a aspectos referentes á vida docente, ou cando as APAs toman decisións autónomas referidas á organización do centro ou ó mellor aproveitamento dos horarios dos funcionarios docentes, xorde de cotío unha especie de loita de competencias coma se se tratase dunha inxerencia pola súa parte no ámbito da liberdade de cátedra dos profesores. Resulta sumamente difícil para as APAs converterse en interlocutores e colaboradores en aspectos como metodoloxía didáctica, avaliación do funcionamento do Centro (en aspectos como a coordinación, o desenvolvemento real do Proxecto Educativo, a avaliación do propio Centro, etc.).

Con relación á Administración, podería pensarse que as APAs resultan atractivas para apuntarse tantos electorais, pero cando presentan temas de complexa solución ou urxente realización comezan a resultar molestas e a recibir menos atención. Como resultado desta difícil relación coa Admón. Educativa as APAs acaban sendo conducidas a espacios de intervención puramente formais e notablemente marxinais en relación á vida do Centro (actividades extraescolares, participación con escasa capacidade de influencia, Órganos colegiados, etc.)

Vistas así as cousas é ben doado recoñecer que a vida das APAs transcorre por vieiros de difícil tránsito. Son moitas as cousas a ter en conta, e ben escasos a cultura participativa e mesmo os recursos para levar adiante as encomendas que a lexislación atribúe ós pais.

Coa chamada Reforma Educativa abriuse un novo camiño na interpretación do que é unha Asociación de Pais. Parece, incluso, que hai vontade política de reforzar xuridicamente a presencia dos pais/nais na escolarización dos seus fillos.

Nas derradeiras eleccións a Consellos Escolares (Novembro do 94) a idea que se primou desde as Confederación e Federacións de APAs foi a de potencia-la súa presencia nos Consellos Escolares. O eslogan na campaña electoral foi : "Participa coa túa APA".

Esta participación segue a ser hoxe en día o cabalo de batalla na relación educativa. Séguese a pensar, ás veces, que as APAs teñen moi pouco que dicir ós ensinantes sobre escolarización dos fillos dado que eles son os profesionais. Séguense a confundir ou a mesturar (¿intencionadamente?...) os aspectos e elementos educativos cos curriculares. Na única instancia onde se escoita ós pais, o Consello Escolar, é moi difícil en moitos Centros rompe-lo bloque formado polos representates do profesorado (que son maioría) que van ás reunións como representantes do claustro e non modifican en nada as ordes emanadas do mesmo. Os Equipos Directivos, que constitúen a parte fundamental dos Consellos (son os que teñen máis forza representativa) sóense reunir cos profesores para prepara-los plenos do Consello. Tales reunións preparatorias non se fan cos representantes de pais/nais que acoden ás mesmas baleiros de información e alleos ás negociacións previas entre profesores.

Esta situación é motivo de queixas para as Asociacións de pais: non se senten nin ben informados, nin suficientemente asesorados (polo Secretario do Centro, por exemplo) para participar ó mesmo nivel que os outros colectivos na toma de decisións do Consello Escolar.

En definitiva, pois, as APAs, como organizacións dos pais nos Centros Escolares, non só non están en condicións de exercer unha influencia efectiva na toma de decisións escolares, senón que poderiamos dicir que seguen marxinadas nos aspectos substantivos do proceso educativo.

Nalgúns casos son consideradas como algo que hai que ter e aguantar, máis que como un activo real e enriquecedor da comunidade educativa. En moitas ocasións a única colaboración que se lles solicita vén sendo a de sufragar economicamente algunhas actividades, ou ben a de facerse cargo das actividades que por non estar dentro do horario escolar, o profesorado non quere atender. Veñen quedando reducidas, na práctica, a unha especie de sistemas de "*catering*" ou de "*tour operators"* especializadas en soluciona-lo problema do comedor e das excursións.

Esta situación vén sendo a mesma cando, nun nivel máis xeral, os interlocutores son as Federacións ou Confederacións: chámaselles a consulta cando o esixe a lexislación, pero non existen cauces de diálogo permanentes e eficaces entre as Administracións Educativas (autonómica, local, de zona, etc.) e as APAs. A vía de relación está reducida estrictamente ós mínimos que marca a lexislación. E incluso esa relación puramente formal prodúcese só no caso do Consello Escolar de Galicia e no que se refire ós Consellos de Centro. Os Consellos territoriais e municipais, aínda que están contemplados na Lei, salvo honrosas excepcións, apenas si existen e, desde logo, non funcionan.

Neste marco xeral, resultan pouco sorprendentes os datos que falan da escasa participación dos pais : poucos candidatos a ocupa-los postos de representación sectorial nos

Consellos, moi poucos votantes nas eleccións, escaso nivel de asociacionismo, poucos afiliados ás APAs, etc. No fondo é a pescada que se morde a cola: resulta pouco estimulante participar en procesos nos que a capacidade de influencia é ben escasa.

## V.3.- Situación en Galicia

Un aspecto fundamental na vida dos centros escolares é a participaciós dos pais/nais no desenvolvimento das actuacións educativas. Os pais/nais exercen a súa participación a dous niveis : a) nun nivel máis institucional a través da súa incorporación ós Organos de Goberno dos centros escolares, no caso español, os Consellos Escolares; b) nun nivel máis sectorial a través da constitución de Asociacións de Pais de alumnos (APAs) para colaborar naquelas tarefas educativas complementarias que se determinen en cada caso e tamén para defende-los intereses que como sector específico e diferenciado da comunidade escolar poidan presentar.

Xa analizamos nun apartado anterior a participación dos pais no Consello Escolar.

Neste apartado imos recoller outros aspectos relacionados coa súa participación a través das APAs.

*NOTA : É importante suliñar que neste apartado contamos con aproximadamente a metade de respostas que nos apartados anteriores. Os non consta son moi elevados: moitos centros enviaron os seus cuestionarios sen cubrir no que se refire ás APAs. O número total de respostas segue a ser, con todo, importante e xustamente por iso, podemos establecer algúns datos relevantes.*

A) Existencia das Apas.

Cadro nº 227: Número de APAs existentes no centro

| | N | % |
|---|---|---|
| Unha | 288 | 72,5 |
| Dúas | 8 | 2,0 |
| Tres | 1 | 0,3 |
| Non consta | 100 | 25,2 |
| Total | 397 | 100 |

Parece claro que na meirande parte dos centros escolares existe só unha APA que representa ós pais/nais dese centro.

Cadro nº 228: Tanto por cento de asociados respecto ó censo

| | N | % |
|---|---|---|
| Do 1 ó 10 % | 20 | 5,0 |
| Do 11 ó 25 % | 29 | 7,3 |
| Do 25 ó 50 % | 52 | 13,1 |
| Do 50 ó 75 % | 41 | 10,3 |
| Do 75 ó 95 % | 46 | 11,6 |
| Do 95 ó 100% | 45 | 11,3 |
| Non consta | 164 | 41,3 |
| Total | 397 | 100 |

O nivel de afiliación ás APAs é variable segundo os centros. De tódolos xeitos parece claro que a pertenza á APA non actúa como un mecanismo automático que viría significar que polo feito de ser pai/nai dun alumno/a xa se pasa a formar parte da APA correspondente.

As APAs están constituídas só por unha parte dos pais/nais. Cabe supor que é polo tanto unha opción libremente tomada por eles/as. Case nun 50% dos centros estudiados nos que hai APA esta non chega a ter como asociados a metade do censo de pais/nais.

B) Sistema de financiación.

Cadro nº 229: ¿Posúen cota?

| | N | % |
|---|---|---|
| SI | 262 | 66,0 |
| NON | 14 | 3,5 |
| Non consta | 121 | 30,5 |
| Total | 397 | 100 |

Cadro nº 230: Cantidade que aportan na cota

| | N | % |
|---|---|---|
| Menos de 1000 pesetas | 93 | 23,4 |
| De 1000 a 1500 pesetas | 109 | 27,5 |
| De 1500 a 2000 pesetas | 41 | 10,3 |
| Máis de 2000 pesetas | 32 | 8,1 |
| Non consta | 122 | 30,7 |
| Total | 397 | 100 |

A maior parte das APAs cobran cota ós seus asociados. Unha cota variable que pode ir das 1000 ás 2000 pts. anuais.

Con estes cartos financian as APAs os seus gastos de mantenemento e máis algunhas das actividades que desenvolven.

C) <u>Estructura interna da APAs</u>

Cadro nº 231: ¿Posúe Estatutos?

| | N | % |
|---|---|---|
| SI | 271 | 68,3 |
| NON | 8 | 2,0 |
| Non consta | 118 | 29,7 |
| Total | 397 | 100 |

Prácticamente tódalas APAs que teñen contestado o cuestionario posúen estatutos.

Cadro nº 232: ¿Posúen Xunta Directiva?

| | N | % |
|---|---|---|
| SI | 286 | 72,0 |
| NON | 4 | 1,0 |
| Non consta | 107 | 27,0 |
| Total | 397 | 100 |

Cadro nº 233: ¿A Xunta directiva ten Presidente/a?

| | N | % |
|---|---|---|
| SI | 242 | 61,0 |
| NON | 5 | 1,3 |
| Non consta | 150 | 37,7 |
| Total | 397 | 100 |

Cadro nº 234: ¿A Xunta directiva ten Vicepresidente/a?

| | N | % |
|---|---|---|
| SI | 146 | 36,8 |
| NON | 76 | 19,1 |
| Non consta | 175 | 44,1 |
| Total | 397 | 100 |

Cadro nº 235: ¿A Xunta directiva ten Secretario/a?

| | N | % |
|---|---|---|
| SI | 218 | 54,9 |
| NON | 20 | 5,0 |
| Non consta | 159 | 40,1 |
| Total | 397 | 100 |

Cadro nº 236: ¿A Xunta Directiva ten Tesoureiro/a?

| | N | % |
|---|---|---|
| SI | 215 | 54,2 |
| NON | 19 | 4,8 |
| Non consta | 163 | 41,0 |
| Total | 397 | 100 |

Cadro nº 237: ¿A Xunta Directiva ten Vocais?

| | N | % |
|---|---|---|
| Non hai | 167 | 42,0 |
| Cinco ou menos de cinco | 65 | 16,4 |
| De seis a dez | 27 | 6,8 |
| Máis de dez | 11 | 2,8 |
| Non consta | 127 | 32,0 |
| Total | 397 | 100 |

Cadro nº 238: ¿Outros membros na Xunta Directiva?

| | N | % |
|---|---|---|
| SI | 46 | 11,6 |
| NON | 142 | 35,8 |
| Non consta | 209 | 52,6 |
| Total | 397 | 100 |

A estructura básica das APAs existentes nos centros estudiados conta cunha Xunta Directiva con tres figuras constantes: o/a presidente/a, o/a secretario/a e o/a tesoureiro/a. Só nalgúns casos esas figuras se completan coas do vicepresidente/a e vocais (cando existen son polo xeral menos de 5).

D) Reunións da Xunta directiva.

Cadro nº 239: Reunións da Xunta directiva

| | N | % |
|---|---|---|
| Semanal (+ - 60) | 27 | 6,8 |
| Mensual (+- 20) | 74 | 18,6 |
| Bimensual (+- 10) | 57 | 14,4 |
| Trimestral (+- 6) | 33 | 8,3 |
| Semestral (+- 4) | 14 | 3,5 |
| Anual (+- 2) | 13 | 3,3 |
| Non consta | 179 | 45,1 |
| Total | 397 | 100 |

A periodicidade habitual das reunións varía duns centros a outros pero sitúase no promedio nunha reunión cada mes e medio.

Cadro nº 240: Reunións da Xunta Directiva segundo o nivel educativo do centro

| | A | B | C | D | E | F | G | H | I |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Semanal | 1 | 1 | 2 | 0 | 0 | 0 | 19 | 1 | 3 |
| Mensual | 0 | 5 | 8 | 0 | 2 | 3 | 47 | 6 | 3 |
| Bimensual | 0 | 3 | 7 | 0 | 3 | 1 | 35 | 7 | 1 |
| Trimestral | 0 | 0 | 3 | 0 | 1 | 0 | 24 | 2 | 2 |
| Semestral | 0 | 0 | 2 | 2 | 0 | 0 | 10 | 0 | 2 |
| Anual | 0 | 0 | 2 | 0 | 0 | 0 | 11 | 0 | 0 |
| Non Consta | 1 | 9 | 12 | 1 | 17 | 6 | 115 | 4 | 13 |
| N Total | 2 | 18 | 36 | 1 | 23 | 10 | 261 | 20 | 24 |
| % | 0,5 | 4,5 | 9,1 | 0,3 | 5,8 | 2,5 | 65,7 | 5,0 | 6,0 |

A= Infantil
B= Primaria- EXB
C= Bacharelato
D= ESO
E= FP
F= IESP
G= Infantil + Primaria + EXB
H= Infantil + Primaria+ Bacharelato
I= Outros

Como podemos ver no cadro na maior parte dos diferentes tipos de centros predominan as reunións mensuais sobre as bimensuais, quizais coa excepción dos centros de F.P.

## E) Comisións da APA.

Cadro nº 241: Comisións na APA

| | N | % |
|---|---|---|
| SI | 74 | 18,6 |
| NON | 82 | 20,7 |
| Non consta | 241 | 60,7 |
| Total | 397 | 100 |

Non parece práctica habitual nas APAs estudiadas a constitución de Comisións para tratar ou desenvolver tarefas específicas. Só unhas pequenas porcentaxes de APAs contan con Comisións que xeralmente se dedican a :.....

F) Funcionamento das ASEMBLEAS das APAs

Cadro nº 242: Nº de reunións das Asembleas

| | N | % |
|---|---|---|
| Trimestral (+- 6) | 55 | 13,9 |
| Semestral (+- 4) | 54 | 13,6 |
| Anual (+- 2) | 100 | 25,2 |
| Non consta | 188 | 47,3 |
| Total | 397 | 100 |

Unha boa parte das APAs reúnen ó conxunto dos seus afiliados unha vez ó ano, seguramente porque así o establecen os seus Estatutos.

Cadro nº 243: Temas tratados nas Asembleas: **Asuntos económicos**

| | N | % |
|---|---|---|
| SI | 120 | 30,2 |
| Non consta | 277 | 69,8 |
| Total | 397 | 100 |

Cadro nº 244: Temas tratados nas Asembleas: **Actividades extraescolares**

| | N | % |
|---|---|---|
| SI | 194 | 48,9 |
| Non consta | 203 | 51,1 |
| Total | 397 | 100 |

Cadro nº 245: Temas tratados nas Asembleas: **Infraestructura e obras**

| | N | % |
|---|---|---|
| SI | 63 | 15,9 |
| Non consta | 334 | 84,1 |
| Total | 397 | 100 |

Cadro nº 246: Temas tratados nas Asembleas: **Organización e funcionamento do centro**

| | N | % |
|---|---|---|
| SI | 113 | 28,5 |
| Non consta | 284 | 71,5 |
| Total | 397 | 100 |

Cadro nº 247: Temas tratados nas Asembleas: **Xestión da APA**

| | N | % |
|---|---|---|
| SI | 76 | 19,1 |
| Non consta | 321 | 80,9 |
| Total | 397 | 100 |

Cadro nº 248: Temas tratados nas Asembleas: **Alumnos/-as**

| | N | % |
|---|---|---|
| SI | 71 | 17,9 |
| Non consta | 326 | 82,1 |
| Total | 397 | 100 |

Cadro nº 249: Temas tratados nas Asembleas: **Conflictos**

| | N | % |
|---|---|---|
| SI | 36 | 9,1 |
| Non consta | 361 | 90,9 |
| Total | 397 | 100 |

Cadro nº 250: Temas tratados nas Asembleas: **Comedor e /ou Transporte**

| | N | % |
|---|---|---|
| SI | 63 | 15,9 |
| Non consta | 334 | 84,1 |
| Total | 397 | 100 |

Cadro nº 251: Outros temas tratados nas Asembleas

| | N | % |
|---|---|---|
| SI | 147 | 37,0 |
| Non consta | 250 | 63,0 |
| Total | 397 | 100 |

Dentro dos temas tratados nas Asambleas, os máis frecuentes, son os que teñen que ver coas "actividades extraescolares", con "asuntos económicos" e co "funcionamento xeral do centro". No seu conxunto forma un cadro coherente coas funcións que habitualmente desenvolven as APAs nos centros escolares.

G) Actividades das APAs

As Asociacións de pais/nais colaboran na acción formativa dos centros escolares a través, sobre todo, de actividades complementarias ás que desenvolven os profesores/as. Normalmente este tipo de actuacións das APAs abranguen un amplo espectro de iniciativas en eidos denominados "paracurriculares". Son actividades que cubren polo xeral aspectos menos desenvolvidos polos currícula oficiais. No caso das APAs estudiadas nesta investigación están a desenvolve-las actividades seguintes:

Cadro nº 252: Actividades escolares

| | N | % |
|---|---|---|
| SI | 132 | 33,2 |
| Non consta | 265 | 66,8 |
| Total | 397 | 100 |

Cadro nº 253: Actividades deportivas

| | N | % |
|---|---|---|
| SI | 148 | 37,3 |
| Non consta | 249 | 62,7 |
| Total | 397 | 100 |

Cadro nº 254: Actividades de Manualidades

| | N | % |
|---|---|---|
| SI | 60 | 15,1 |
| Non consta | 337 | 84,9 |
| Total | 397 | 100 |

Cadro nº 255: Actividades culturais

| | N | % |
|---|---|---|
| SI | 136 | 34,3 |
| Non consta | 261 | 65,7 |
| Total | 397 | 100 |

Cadro nº 256: Actividades de informática, mecanografía...

| | N | % |
|---|---|---|
| SI | 33 | 8,3 |
| Non consta | 364 | 91,7 |
| Total | 397 | 100 |

Cadro nº 257: Actividades de idiomas

| | N | % |
|---|---|---|
| SI | 22 | 5,5 |
| Non consta | 375 | 94,5 |
| Total | 397 | 100 |

Cadro nº 258: Planea excursións

| | N | % |
|---|---|---|
| SI | 72 | 18,1 |
| Non consta | 325 | 81,9 |
| Total | 397 | 100 |

Cadro nº 259: Realiza unha revista

| | N | % |
|---|---|---|
| SI | 18 | 4,5 |
| Non consta | 379 | 95,5 |
| Total | 397 | 100 |

Cadro nº 260: Outras actividades extraescolares

| | N | % |
|---|---|---|
| SI | 110 | 27,7 |
| Non consta | 287 | 72,3 |
| Total | 397 | 100 |

Como pode verse as actividades desenvolvidas son ben diferenciadas. Os capítulos máis importantes son os que se refiren ás actividades "deportivas", "culturais" e actividades "extraescolares" sen concretar. Resulta chamativo tamén que un grande número de APAs colabora cos profesores nas actividades escolares.

Cabe destacar dos datos obtidos que as APAs van desvinculándose de actividades que noutro tempo constituían un dos ámbitos fortes de complementación formativa: idiomas, informática, etc. Na medida en que esas actividades se van incorporando ó currículum oficial das escolas e que son as propias familias as que xestionan directamente esta complementación (a través de academias e pasantías particulares) as APAs van reorientando a súa intervención noutra dirección.

## H) Sistemas alternativos ás APAs.

A cuestión que se recolle neste apartado é que acontece cando nun centro escolar non existe APA. ¿Cal é nese caso o sistema de representación dos Pais/nais?

Cadro nº 261: ¿ Outro sistema de organización dos pais/nais diferente da APA?

| | N | % |
|---|---|---|
| SI | 26 | 6,5 |
| NON | 88 | 22,2 |
| Non consta | 283 | 71,3 |
| Total | 397 | 100 |

Parece que, hoxendía, non existe un sistema de representación alternativo ás APAS. Nos poucos casos nos que responderon que se fai mención a unha relación directa entre os pais e a Dirección do centro, tamén a unha representación de pais por curso. Noutro caso sinálase a existencia dun Consello Pedagòxico de Pais e nun caso fálase de Asamblea de Pais.

## Outras asociacions no centro

A parte da existencia das APAs nos centros, intéresanos saber se existe algún outro tipo de Asociacións que complemente o traballo desenvolvido por aquelas.

No conxunto dos centros estudiados atopámonos co seguinte catálogo de Asociacións:

Cadro nº 262: Asociacións deportivas

| | N | % |
|---|---|---|
| SI | 39 | 9,8 |
| NON | 109 | 27,5 |
| Non consta | 249 | 62,7 |
| Total | 397 | 100 |

Cadro nº 263: Asociacións culturais

| | N | % |
|---|---|---|
| SI | 17 | 4,3 |
| NON | 115 | 29,0 |
| Non consta | 265 | 66,7 |
| Total | 397 | 100 |

Cadro nº 264: Antigos/as alumnos/as

| | N | % |
|---|---|---|
| SI | 11 | 2,8 |
| NON | 119 | 30,0 |
| Non consta | 267 | 67,3 |
| Total | 397 | 100 |

Cadro nº 265: Outras asociacións no centro diferentes das anteriores

| | N | % |
|---|---|---|
| SI | 36 | 9,1 |
| NON | 80 | 20,2 |
| Non consta | 281 | 70,8 |
| Total | 397 | 100 |

Como pode observarse o número de Asociacións, fóra das APAs, é moi reducido.

Cadro nº 266: Centros que posúen outras asociacións en función do seu nivel educativo

| | A | B | C | D | E | F | G | H | I |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Deportivas | 1 | 2 | 6 | 0 | 5 | 0 | 20 | 1 | 4 |
| Culturais | 0 | 0 | 2 | 0 | 3 | 0 | 7 | 1 | 4 |
| Antigos/as alumnos/as | 0 | 0 | 1 | 0 | 0 | 0 | 7 | 1 | 2 |
| Outras | 0 | 3 | 6 | 0 | 3 | 0 | 16 | 2 | 6 |
| N Total | 2 | 18 | 36 | 1 | 23 | 10 | 261 | 20 | 24 |
| % | 0,5 | 4,5 | 9,1 | 0,3 | 5,8 | 2,5 | 65,7 | 5,0 | 6,0 |

A= Infantil
B= Primaria- EXB
C= Bacharelato
D= ESO
E= FP
F= IESP
G= Infantil + Primaria + EXB
H= Infantil + Primaria+ Bacharelato
I= Outros

Cadro nº 267: Centros que posúen outras asociacións en función da súa titularidade

| | PUBLICO | PRIVADO |
|---|---|---|
| Deportivas | 33 | 6 |
| Culturais | 12 | 5 |
| Antigos/as Alumnos/as | 5 | 6 |
| Outras | 30 | 6 |

Como pode observarse a presencia de Asociacións específicas de tipo deportivo, cultural, etc, é puramente testimonial sen que existan diferencias nin polo nivel educativo nin pola titularidade do centro. No fondo trátase de actividades que veñen potenciadas desde outras estructuras regulares existentes nos centros escolares.

## CONCLUSIÓNS PRINCIPAIS

*Aínda que os datos dispoñibles neste estudio en relación coa participación dos pais a través das APAs son máis escasos que con respecto ós outros apartados (só 297 centros dos 397 estudiados incluiron datos sobre as APAs) podemos establecer validamente algunhas conclusións xerais:*

*a) Que existe APA na práctica totalidade dos centros (sempre por riba do 80% dos mesmos). Nos casos estudiados sempre hai unha soa APA só en 8 casos se informa da existencia de dúas APAs .*

*b) Que a afiliación ás APAs non é automática senón froito da libre opción dos pais/nais. O nivel de afiliación non é moi alto e en todo caso resulta moi variable: nun 20% dos Centros con APA a afiliación non chega ó 20% dos pais, e case na metade de Centros esta non chega á metade do censo de pais/nais.*

*c) As APAs fináncianse polas cotas dos seus asociados que veñen pagar de promedio entre 1000 e 2000 pts. por ano .*

*d) As APAs posúen unha estructura formalizada (baseada sempre nos propios Estatutos) que conta como mínimo coas figuras de Presidente/-a, Secretario/-a e Tesoureiro/-a.*

*e) A cultura participativa actual e os hábitos de funcionamento dos Centros fan que os temas que reciben maior atención das APAs (tanto nas súas discusións nas Asembleas como nas actividades que habitualmente desenvolven os centros) sexan sobre todo as Actividades Extraescolares (de tipo deportivo, cultural, etc.), e en moita menor medida os Asuntos Económicos, outras cuestións relacionadas coa actividade educativa e o funcionamento do centro reciben menor atención.*

*f) Salvo casos excepcionais nos Centros non existen outras asociación diferentes ás APAs. Só casos moi reducidos aparecen algunhas asociacións constituídas con fins específicos de tipo deportivo, cultural, etc.*

O Consello Escolar de Galicia pensa que deberían arbitrarse máis canles de comunicación entre as administración e as APAs.

Pénsase, igualmente, que habería que propiciar que as APAs interveñan en ámbitos competenciais que non sexan exclusivamente o referente a actividades extraescolares (deportivas, culturais, etc.), mesmo urxindo, neste senso, o cumprimento estricto da legalidade vixente.

Debería, por último arbitrarse procedementos tendentes a facer máis efectiva a participación dos pais nas APAs, quizais pola vía darlle a estas asociacións maior operatividade e máis competencias en relación coa marcha dos Centros.

# CAPÍTULO VI

## AS ASOCIACIÓNS DE ALUMNOS/-AS COMO ESTRUCTURA DE PARTICIPACIÓN

# VI.- AS ASOCIACIÓNS DE ALUMNOS/AS COMO ESTRUCTURA DE PARTICIPACIÓN

## VI.1.- Marco legal da participación dos alumnos/as.

Os alumnos/as teñen recoñecido o seu dereito á participación na Lei Orgánica 8/1985 do 3 xullo (LODE) como un dereito fundamental. O antedito dereito aplícase a tódolos estudiantes de centros escolares financiados por fondos públicos (é dicir, centros públicos e privados concertados) e afecta unicamente ós alumnos da secundaria.

Nun apartado anterior analizámo-lo dereito á participación a través dos Consellos Escolares dos Centros. Neste capítulo queremos recolle-las outras modalidades de participación que a lexislación recoñece ó sector do alumnado.

Deixando aparte, pois, a participación nos Consellos Escolares, dúas formas diferenciadas de participación nos Centros ábrense ós alumnos/as (sempre referidas ó ensino secundario):

a) A participación a través das Xuntas de Delegados/as.

b) a participación a través de Asociacións.

## As Xuntas de Delegados/as

As Xuntas de Delegados constitúen un recurso institucional ó servicio da representación dos alumnos/as na xestión dos Centros. Están reguladas polo R.D. 1543/1988 do 28 de outubro.

Forman parte das Xuntas de delegados/as un representante por cada curso ou grupo (cando existan máis de un grupo por curso), elixidos por votación directa e secreta dos seus compañeiros/as de clase. Poderán ser revocados por maioría absoluta do mesmo grupo que os elixiu.

A organización e vixilancia do proceso de elección está encomendada ó Xefe de Estudios de cada Centro apoiado polos titores dos respectivos grupos.

As Xuntas de delegados teñen recoñecidas as seguintes atribucións:

*- Elevar ó Equipo Directivo propostas para a elaboración do Proxecto Educativo do Centro.*

*- Informar ós conselleiros escolares estudiantís da problemática de cada grupo de alumno/-as ou curso.*

*- Ser informada polos representantes de alumnos no Consello Escolar sobre os temas tratados no mesmo, así como do tratado por confederacións, federacións estudiantís e por organizacións xuvenís legalmente contituídas.*

*- Elaborar informes para o Consello Escolar a iniciatuva propia da Xunta ou por encargo daquel.*

*- Elaborar propostas de modificación do Regulamento de Réxime Interior do Centro no ámbito das súas competencias.*

*- Propoñer criterios para a confección de horarios das actividades docentes e extraescolares.*

*- Debater asuntos da súa competencia para levalos ó Consello Escolar e elevar propostas ós seus representantes no mesmo.*

Recoñéceselle á Xunta de Delegados a capacidade de ser escoitada polos Órganos de Goberno do Centro cando o solicite e especialmente nos asuntos que afectan de maneira directa ós estudiantes, por exemplo: datas de exames, desenvolvemento de actividades culturais ou deportivas, reclamacións sobre todo tipo de cuetións docentes (avaliación, deberes, incumprimentos por parte dos profesores/-as, material didáctico obrigatorio, etc), revisión de sancións, etc.

Teñen tamén dereito os membros da Xunta de Delegados/-as a coñece-las Actas de sesións do Consello Escolar e todos aqueles documentos oficiais que poidan axudar ó desenvolvemento da súas competencias (exclúense os documentos que pertenzan á esfera dos dereitos privados das persoas).

Pola parte das obrigas correspondentes ós Delegados/-as cabe sinalar que deben:

- asistir ás reunións da Xunta de Delegados/-as.

- expoñer ás autoridades académicas as suxerencias ou reclamacións dos seus compañeiros/-as.

- ser elementos de facilitación da convivencia e non do conflicto no seu grupo

- colaborar con profesores/-as e directivos do Centro escolar nas tarefas comúns.

- colaborar na vixilancia en favor dunha adecuada utilización das instalacións e materiais do Centro.

Recoñecese á Xunta de Delegados a posibilidade de reunirse no propio Centro e nun horario lectivo (dentro da xornada escolar) aínda que se lles recomenda que alteren o menos posible a actividade académica. Para desenvolve-las reunións os responsables (no caso dos alumnos, principalmente o Xefe/a de Estudios) deberán face-las xestións oportunas para proporcionarlles un local de reunións e os medios e facilidades adecuadas para o cumprimento das súas funcións.

## As Asociacións de Alumnos

Mentres as Xuntas de Delegados/-as teñen carácter institucional e forman parte da estructura formal dos Centros Escolares, as Asociacións de Alumnos/-as teñen un carácter voluntario e a súa constitución depende da dinámica e tradición asociativa de cada Centro.

Non cumpren unha función institucional en sentido pleno aínda que a súa existencia e sentido está vinculada habitualmente á actuación en pro da mellora das condicións de vida dos alumnos/as nos Centros Escolares.

O marco legal das Asociacións vén recollido tanto na LODE (art. 7.2) como nos Reais Decretos 1532/1986 do 11 de xullo e 929/1993 do 18 de xuño.

Na Comunidade Autónoma de Galicia, este apartado da LODE desenvólvese no Decreto 466/1987 do 17 de decembro (DOG 4 do xaneiro de 1988).

Tódolos alumnos/as de Secundaria (incluindo os do Ciclo Superior de EXB) teñen o dereito a asociarse para exercer dunha maneira colexiada as actividades vinculadas á súa propia condición e mesmo para reforza-la súa representación e participación nas instancias institucionais de toma de decisións.

Para estar constituídos validamente como Asociación os alumnos/as deberán aterse ás condicións xerais establecidas para este tipo de agrupacións : Elaborar uns ESTATUTOS, realizar unha ASEMBLEA DE CONSTITUCIÓN da que sairá unha ACTA de constitución que se presentará na Secretaría do Centro asinada por un mínimo de 5 alumnos/as (que deberán constituír un mínimo do 5% do estudiantado con dereito a asociarse). A Secretaría do Centro remitirá unha copia da mesma á Delegación Provincial de Educación quen tras comprobar que se atén á normativa vixente a inscribirá no Censo de Asociacións.

Se as Asociacións reciben fondos económicos dos asociados (en forma de cotas ou ingresos doutra índole) debe contar con xestores designados pola Xunta Directiva da Asociación. Se os Asociados fosen menores de idade, eses xestores poderán ser profesores/-as ou ben pais/nais do Centro.

As funcións que as Asociacións de Estudiantes poden desenvolver nos Centros Escolares son as seguintes :

- expresa-la opinión dos alumos/-as en todo aquilo que afecte á súa situación nos Centros.

- colaborar no labor educativo dos Centros e na súas actividades complementarias e extraescolares, así como propoñer actividades complementarias que, unha vez aceptadas, se incorporarán á Programación Xeral Anual.

- promove-la participación dos alumnos/-as nos Órganos colexiados do Centro.

- realizar actividades culturais, deportivas e de fomento da acción cooperativa e de traballo en equipo.

- promover federacións e confederacións.

- facilita-lo exercicio dos dereitos recoñecidos ós alumnos/-as na normativa correspondente.

- asistir ós alumnos/-as no exercicio do seu dereito a intervir na programación, control e xestión dos Centros sostidos con fondos públicos.

- elevar ó Consello Escolar propostas para a elaboración do Proxecto Educativo e a Programación Xeral Anual.

- recibir información do Consello Escolar sobre os temas tratados no mesmo, así como recibi-la orde do día do mencionado Consello antes da súa celebración co obxeto de poder elevar propostas.

- elaborar informes para o Consello Escolar por petición deste ou a iniciativa propia.

- elevar propostas de modificación do Regulamento de Réxime Interior.

- coñece-los resultados académicos e a valoración que dos mesmos realice o Consello Escolar.

- informar a tódolos membros da comunidade educativa da actividade da Asociación.

- recibir un exemplar do Proxecto Educativo e dos Proxectos Curriculares, e estar informados das modificacións que se poidesen producir neles.

- recibir información sobre os libros de texto e o material didáctico que se vai utilizar no Centro.

- fomenta-la colaboración entre tódolos membros da Comunidade Educativa.

## VI.2.- Problemática principal.

Practicamente todo o sinalado no apartado correspondente ós dilemas da participación dos alumnos no capítulo primeiro deste Informe ten aplicación aquí.

Tres problemas principais cumpriría sinalar neste apartado:

1) A escasa capacidade de influencia real dos representantes de alumnos nas diferentes instancias de toma de decisións.

Tanto desde o punto de vista obxectivo (o poder dos votos) como desde o punto de vista subxectivo (a "capacidade moral" de defende-los propios intereses) o alumnado vese moi limitado na súa participación: "convidados de pedra", di deles un analista.

Esa situación crea unha forte desmotivación e certas prevencións á hora de valora-lo sentido e posibilidades da participación que a lexislación lles recoñece.

2) En segundo lugar, un aspecto importante á hora de valora-las deficiencias da participación dos alumnos/as é considerar a propia participación como un dos resultados ou consecuencias da actividade formativa que levamos a cabo nos Centros Escolares.

Se os alumnos non participan o suficiente ou se non esgotan as posibilidades que se lles ofrece para incorporarse e comprometerse na vida dos centros teriamos que pensar non só que iso acontece debido ó pasotismo da xuventude actual senón tamén que tal cousa ben poidera ser non ser outra cousa que a consecuencia do tipo de educación que lles ofrecemos.

Sen dúbida ningunha o estilo ou modelo educativo vai xogar un importante papel no perfil actitudinal dos estudiantes e na súa dispoñibilidade á cooperación nas tarefas e compromisos colectivos. Unha educación que potencie máis a sumisión cá autonomía persoal, que estea organizada dando un protagonismo fundamental ó profesor fronte ós estudiantes, que trate de inculca-lo respecto incondicionado fronte ó dereito a defender e reivindica-los propios intereses e puntos de vista, vai ter como consecuencia necesaria a falta de expectativas e motivación en relación á participación nos foros públicos establecidos no Centro Escolar.

Non digamos nada se ó anterior engadimo-lo enorme impacto que a avaliación ten sobre a vida dos estudiantes. Sendo así que a discrecionalidade individual dos profesores constitúe un elemento básico da avaliación, é evidente que a posibilidade (real ou meramente figurada) de "ser avaliado negativamente" se se mantén unha postura crítica actúa, nalgunhas ocasións, como cortapisa da participación aberta por parte do alumnado.

3) Pero máis importante que os puntos anteriores, polo menos no que se refire ás modalidades de participación analizadas neste apartado, resulta o propio fenómeno do asociacionismo, ou a falta dunha tradición asociativa nos Centros Escolares.

Tamén neste caso convén recordar que o modelo educativo proponderantes nos nosos Centros escolares peca dun forte individualismo (polo que se refire ó estilo de traballo dos profesores e tamén polo que afecta ó traballo que realizan os alumnos).

O asociacionismo xuvenil non xorde por si mesmo, precisa dunha política explícita de formación nese ámbito que non sempre ten lugar como un dos obxectivos formativos dos centros Escolares.

Seguramente, este é o principal problema con que se atopan os xoves estudiantes: non están formados nun estilo educativo que potencie o traballo colectivo e o asociacionismo. Quizais por iso poidamos entender que, dentro da penuria asociativa xeral, os Centros privados aparezan no informe cun maior desenvolvemento asociativo o que se debe, sen dúbida a unha maior tradición entre eles na potenciación de Asociacións (unhas veces paralelas ó espírito relixioso do titular, outras veces referidas ós antigos alumnos/-as, etc.).

Como xa se recolle nas conclusións deste apartado conviría moito insistir (se se cre nas virtualidades mesmo educativas do asociacionismo) na importancia de que os Centros e as Administración Educativas fagan un maior esforzo en potencia-lo asociacionismo nos Centros Escolares.

Os Centros deben impulsar unha cultura de participación en base á formación e información, así como facilitando infraestructura (espacios, materiais, etc) que eviten o reducionimso exclusivo ó académico.

Con vistas a facilitar e potenciar máis unha dinámica asociativa entre o alumndado, poderían organizarse cursiños nos que se forme ós alumnos/-as nas técnicas de participación (modos de suscitar, preparar, expoñer, defender e aínda de vota-los temas dentro dos Órganos colexiados)

## VI.3.- Situación en Galicia

Os alumnos/as constitúen outro dos eixos importantes da participación dentro dos Centros escolares. Do mesmo xeito que sucedía cos pais/nais, no caso dos alumnos/as podemos sinalar dúas vertentes da súa participación:

- a participación nos Órganos colectivos da institución escolar. Xa analizamos esta modalidade de participación no dedicado ó Consello Escolar.

- a participación en relación ó propio sector a través da elección de representantes ou Delegados/as e, sobre todo, a través da constitución de Asociacións de diverso tipo que sirvan para aglutinar esforzos e intereses do sector estudiantil e para propoñer e levar a cabo iniciativas culturais e lúdicas.

Esta segunda dimensión da participación estudiantil constitúe non só un recurso institucional para a mellora do funcionamento dos Centros escolares, senón tamén un importante obxectivo educativo de todas e cada unha das etapas escolares, aínda que obviamente resultan máis relevantes na Educación Secundaria.

### A) ¿Existen Delegados/-as?

En primeiro lugar imos explora-la existencia ou non de representantes dos alumnos/as, tradicionalmente denominados "Delegados/-as de clase".

Cadro nº 268: ¿ Hai Delegados/-as de curso?

| | N | % |
|---|---|---|
| SI | 279 | 70,3 |
| NON | 28 | 7,1 |
| Non consta | 90 | 22,6 |
| Total | 397 | 100 |

Cadro nº 269: ¿ Hai Delegados/-as en tódolos cursos?

| | N | % |
|---|---|---|
| SI | 204 | 51,4 |
| NON | 77 | 19,4 |
| Non consta | 116 | 29,2 |
| Total | 397 | 100 |

Podemos constatar que, a nivel xeral, a figura dos Delegados/-as está universalizada. A meirande parte dos Centros escolares contan con esa figura de representación estudiantil.

Cadro nº 270: Participación dos/as Alumnos/-as segundo o nivel educativo do centro

| | A | B | C | D | E | F | G | H | I |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Existe delegados/as | 1 | 12 | 30 | 1 | 21 | 10 | 164 | 17 | 9 |
| Non existen delegados/-as | 0 | 1 | 2 | 0 | 0 | 0 | 22 | 1 | 2 |
| Non consta | 1 | 5 | 4 | 0 | 2 | 0 | 75 | 2 | 1 |
| N Total | 2 | 18 | 36 | 1 | 23 | 10 | 261 | 20 | 24 |
| % | 0,5 | 4,5 | 9,1 | 0,3 | 5,8 | 2,5 | 65,7 | 5,0 | 6,0 |

A= Infantil
B= Primaria- EXB
C= Bacharelato
D= ESO
E= FP
F= IESP
G= Infantil + Primaria + EXB
H= Infantil + Primaria+ Bacharelato
I= Outros

Como se pode constatar no cadro, practicamente tódolos Centros de secundaria (FP, Bacharelato, ESO) teñen delegados/as. Unicamente algúns Centros de Infantil-Primaria carecen desta figura.

Cadro nº 271: Participación dos/as Alumnos/as segundo a titularidade do centro

| | PÚBLICO | PRIVADO |
|---|---|---|
| Existe | 225 | 51 |
| Non | 23 | 4 |
| Non Consta | 70 | 14 |
| N Total | 322 | 69 |
| % | 82,3 | 17,4 |

Aínda que as cifras poidan ser diferentes non existe moita diferencia en relación á figura dos delegados/as de curso entre os Centros públicos e privados. O 69,9 do total de Centros públicos estudiados posúen a figura dos delegados/as de curso. Esa porcentaxe elévase ó 75% dos Centros privados estudiados.

Cadro nº 272: Os Delegados/as son elixidos por...

| | N | % |
|---|---|---|
| Votación | 267 | 67,3 |
| Designación | 7 | 1,8 |
| Outras | 3 | 0,8 |
| Non consta | 120 | 30,2 |
| Total | 397 | 100 |

Na práctica totalidade dos Centros os Delegados/as son elixidos por votación dos seus compañeiros/as de clase. Os sete Centros onde non acontece así resultan puramente anecdóticos.

B) ¿Existen Asociacións de Estudiantes?

Cadro nº 273: ¿Existe algún tipo de asociacións de alumnos no centro?

| | N | % |
|---|---|---|
| SI | 48 | 12,1 |
| NON | 87 | 21,9 |
| Non consta | 262 | 66,0 |
| Total | 397 | 100 |

O número é moi reducido. Cabería sinalar que a nivel xeral non está moi estendido o asociacionismo xuvenil nos Centros escolares. De tódolos xeitos hai que entender que o asociacionismo xuvenil tende a concretarse sobre todo no ensino secundario, mentres que na mostra de Centros escolares estudiada por nós existe moito maior presencia dos Centros de Ensino Primario.

Cadro nº 274: Existencia de asociacións de alumnos/-as segundo o nivel educativo do centro

| | A | B | C | D | E | F | G | H | I |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Existen asociac. | 0 | 1 | 8 | 0 | 7 | 4 | 18 | 4 | 6 |
| Non existen | 1 | 3 | 6 | 0 | 5 | 4 | 61 | 2 | 4 |
| Non consta | 1 | 14 | 22 | 1 | 11 | 2 | 180 | 14 | 14 |
| N Total | 2 | 18 | 36 | 1 | 23 | 10 | 261 | 20 | 24 |
| % | 0,5 | 4,5 | 9,1 | 0,3 | 5,8 | 2,5 | 65,7 | 5,0 | 6,0 |

A= Infantil
B= Primaria- EXB
C= Bacharelato
D= ESO
E= FP
F= IESP
G= Infantil + Primaria + EXB
H= Infantil + Primaria+ Bacharelato
I= Outros

Como se pode ve-los Centros onde existe algún tipo de asociacionismo xuvenil son fundamentalmente Centros que inclúen ensino secundario. Así o 22,2 % dos Centros de Bacharelato estudiados, o 30,4% dos Centros de FP e o 40% de IESP posúen asociacións estudiantís, soamente o 6,9% dos Centros de Infantil e Primaria teñen algún tipo de asociación.

# CONCLUSIÓNS PRINCIPAIS

*A principal conclusión que cabería establecer neste apartado é que efectivamente existen Delegados/-as na maior parte dos Centros. O desenvolvemento da participación do alumnado a través da figura dos Delegados parece máis consolidada nos Centros de Secundaria ca nos Centros de Primaria, e tamén máis nos Centros privados ca nos públicos.*

*Por outra banda, se atendemos ós datos recollidos no estudio non parecen existir formas de asociacionismo xuvenil que resulten relevantes para o funcionamento do Centro. Como era de espera-lo nivel de asociacionismo é maior nos Centros de Secundaria que nos de Primaria pero resulta, en calquera caso, escaso. Conviría facer unha recomendación á Administración e mesmo ós Centros escolares para que facilitasen e potenciasen unha dinámica máis asociativa entre ó alumnado.*

# CAPÍTULO VII

## RECOMENDACIÓNS FINAIS

# VII.- RECOMENDACIÓNS FINAIS

Chegados ó final do Informe previo cómpre recoller, de xeito sumarial, algunha das consideracións suxeridas ó longo do texto. Neste caso querémolas converter en recomendacións finais ó Consello Escolar de Galicia para que proceda ó respecto segundo considere oportuno.

1- Unha conclusión xenérica e global do estudio podería ser que a situación do Sistema Educativo de Galicia no que se refire á participación é moi alentadora.

Dos diferentes datos acadados pódese extrae-la idea xeral de que están ben cubertas as condicións materiais da participación. Que cumpriría por tanto centra-lo esforzo dos próximos anos na mellora da dinámica participativa, é dicir, da cualidade e efectividade da participación.

Cualidade en canto ós temas abordados nos diferentes órganos (incluíndo a propia "cualidade do ensino" como un deses temas merecedores de atención prioritaria), o nivel de participación dos diferentes sectores na discusión dos mesmos e o compromiso final de tódalas partes no desenvolvemento dos acordos acadados.

Como pode constatarse nos apartados relativos á problemática da participación de cada un dos órganos e sectores estudiados, as queixas e insatisfaccións non están referidas ós procesos formais de constitución dos Órganos (a súa constitución, a presencia dos diferentes sectores, o cumprimento da normativa aplicable, etc.) senón á capacidade real de intervir neles e de facer efectiva a presencia dos diferentes sectores (especialmente dos sectores minoritarios) na toma de decisións.

É dicir, o proceso de mellora da participación vincúlase máis á natureza da representación (existencia ou non dun movemento asociativo que dea forza á xestión dos repre-

sentantes) e ó funcionamento real dos diferentes Órganos que a todo o que se refire ós compoñentes formais e burocráticos da súa constitución e convocatoria.

Ese é, xustamente, o grande reto para os próximos anos se se desexa que a participación acabe cumprindo os seus obxectivos.

2.- E para finalizar cómpre suliñar unha vez máis que os datos que aquí se presentaron corresponden, sobre todo, ós aspectos máis formais e externos da participación.

Son datos importantes e que iluminan moito as características políticas e sociolóxicas da situación dos diferentes Órganos de participación nos Centros Escolares de Galicia.

Pero é importante non esquecer que a participación xógase, tamén, no ámbito máis interno da vida deses órganos. Os datos do presente informe chegaron só a rozar ese ámbito interno con informacións sobre a presencia e o nivel de participación dos diferentes sectores, os temas tratados, etc.

Conviría manter unha liña aberta de traballo neste ámbito tan importante para estudiar máis en profundidade como é a vida interna dos diferentes Órganos de participación.

Resultaría moi conveniente, desde este punto de vista, ampliar este traballo en anos sucesivos orientándoo á recollida e análise de datos máis cualitativos sobre como se desenvolven na práctica os procesos de participación nos Centros escolares.

Como xa se destacaba no punto primeiro destas recomendacións finais, dos datos do presente informe podemos extraer unha visión notablemente positiva no que se refire ós aspectos formais da participación. Cumpriría, xa que logo, seguir un pouco máis adiante e atreverse a analizar como funcionan de feito eses órganos, cales son os seus puntos fortes e débiles e que tipo de estratexias poderían arbitra-la Administración Educativa e as propias institucións para incrementa-la súa funcionalidade e eficacia institucional.

Resultaría moi importante, en concreto, analizar en que medida os órganos de participación contribúen á mellora cualitativa do ensino, como o seu funcionamento (temas tratados, acordos acadados, compromiso dos diferentes sectores, etc.) chega a afectar á práctica docente e á dinámica institucional no seu conxunto, e se chegan a modificalas cando resulta preciso. E se non sucede así, a que se debe e que se podería facer para mellora-la situación.

Podería ser un interesante reto para outro Informe anual do Consello.

Propoñémo-lo intercambio de información como práctica habitual, os pais, nais e alumnos non teñen, en moitos casos, un coñecemento profundo do funcionamento dos centros de ensino. Cremos que beneficiaría ó Centro que si o teñan, que coñezan o seus obxectivos, os seus problemas, as razóns polas que é preferible adoptar unhas solucións e non outras, igualmente posibles, pero tal vez menos oportunas. Tamén cremos que o Centro beneficiaríase se os pais, nais e alumnos poden expresa-los seus puntos de vista a través do Consello Escolar ou das súas respectivas asociacións, co garante de que non soamentes serán escoitados, senón que existirán procedementos que permitan a súa incorporación ás decisións.

Por iso facemos consta-la necesidade da entrega habitual ós representantes dos pais, nais e alumnos da documentación necesaria para o estudio de calquera decisión: Plan de Centro, Memoria Anual, Regulamento de Réxime Interno, Presupostos, etc. Con frecuencia existen dúbidas ou reticencias ante o uso que se pode facer deses documentos. Case é obvio lembrar que non existe ningunha norma que impida a súa difusión, que tódolos citados, como en xeral case tódolos temas obxecto de discusión nos Consellos Escolares, son idénticos en tódolos centros de España, que a súa vixencia é anual, que do seu descoñecemento derívase o mantemento de tópicos que non se responden á realidade educativa.

Preferimos insistir na postura positiva: nos países nos que a participación da comunidade educativa é maior, o nivel de educación é superior.

A educación ten lugar na casa e na escola e debería ser unha empresa de cooperación entre pais e profesores.

Incrementa-la colaboración entre pais e profesores debería se-la característica esencial da planificación educativa en beneficio do alumnado. Profesores e pais deberían tratarse uns a outros como iguais neste proceso, aínda que sexan diferentes as funcións.

# ANEXOS

# ANEXO 0: Desenvolvemento e metodoloxía da investigación realizada

# ANEXO 0.-Desenvolvemento e metodoloxía da investigación realizada

## I. Orixe e xustificación do estudio.

O estudio sobre "A participación nas escolas galegas" nace ó abeiro do convenio de colaboración suscrito entre a Universidade de Santiago e o Consello Escolar de Galicia para a realización dun estudio previo ó informe que o propio Consello debe emitir anualmente sobre a situación do Sistema Educativo en Galicia.

No convenio, suscrito polo Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria e o Rector da Universidade de Santiago, establecíanse, entre outras, as seguintes cláusulas que definen o obxecto da investigación que aquí se presenta:

1a. "O presente convenio ten por obxecto establecer un marco de colaboración entre a Universidade de Santiago de Compostela, a través do seu Instituto de Ciencias da Educación, e a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria de cara á elaboración do Informe sobre a situación do Sistema Educativo en Galicia que ten encomendado o Consello Escolar de Galicia.

2a. A Universidade de Santiago de Compostela, por medio do seu Instituto de Ciencias da Educación, aportará o seu equipo técnico de investigadores e bolseiros, para a realización dos estudios técnicos precisos que posibiliten a elaboración do informe por parte do Consello Escolar de Galicia. Os devanditos estudios técnicos desenvolveranse de acordo co esquema que se especifica no anexo 1 deste convenio.

A documentación e fontes a empregar serán fundamentalmente, e con independencia do que poida proceder do traballo de campo do equipo investigador, as provenientes da Adminis-

tración Pública Autonómica e, en particular, da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

5a. A Universidade de Santiago de Compostela asume as obrigas seguintes:

-Facilitar á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria a información dispoñible que solicite en cuentións de orde técnico que, dentro da finalidade do presente convenio, teñan relevancia e interese na actuación administrativa que levan a cabo.

-Entregar, á finalización do contrato, un informe final no que se especifiquen as actividades realizadas e os resultados acadados.

-Uso correcto dos datos e informacións oficiais ós que poidan ter acceso os membros do equipo investigador para a realización do seu traballo.

6a. A Consellería de E. e O.U. asume as obrigas seguintes:

-Aportar, para a finalidade do presente convenio, as cantidades estipuladas na cláusula terceira.

-Cooperar na actuación de referencia, tanto no seu aspecto científico como en calquera outra actividade relacionada coa finalidade do presente convenio. En particular, aportará todo tipo de datos oficiais estatísticos, documentais, legais elaborados e arquivados, que se lle demanden por parte do director do estudio.

7a. Para o seguimento do presente Convenio constituirase unha Comisión Paritaria composta por dous membros do ICE e polo Vicepresidente e Secretario do Consello Escolar de Galicia.

9a. A propiedade intelectual do traballo realizado será do Consello Escolar de Galicia, que o utilizará para o cumprimento das funcións que ós seus órganos lles atribúe a Lei 3/1986 do 18 de decembro, e os Decretos 44/1988 do 11 de febreiro e 87/1992 do 26 de marzo.

En virtude destes mesmos preceptos, o Consello Escolar publicará o Informe Final, coa incorporación das enmendas aprobadas en Comisión ou Pleno, así como cos votos particulares regulamentariamente presentados.

As relacións cos medios de comunicación en que se poidan dar a coñecer elementos, partes ou aspectos do Informe serán competencia do Consello Escolar de Galicia".

# II. Características do traballo.

## II.1 Concreción da temática a estudiar.

O estudio sobre *A participación nas escolas galegas* enfocouse desde unha perspectiva eminentemente comprensiva: queríamos trata-lo tema desde as múltiples perspectivas que caracterizan e condicionan a participación no Sistema Educativo e tomando en consideración a implicación nas tarefas educativas dos diferentes sectores que constitúen a comunidade educativa: profesores, pais, alumnos, persoal da Admón. e Servicios, representantes dos Concellos, etc.

Identificáronse 5 ámbitos principais de participación:

a) a participación nos **Consellos Escolares**

b) a participación nos **Claustros**

c) a participación nos **Equipos Directivos e Órganos de Coordinación.**

d) a participación a través das **APAs** e **outras Asociacións de pais/nais**

e) a participación a través dos **Delegados** e **Asociacións de alumnos**

E do mesmos xeito adoptouse unha perspectiva ampla no senso da participación recollendo a súa dobre dimensión:

a) a *dimensión formal* da participación, é dicir, todo o que se refire á estructura dos Órganos de participación, ós censos, á realización dos procesos de elección, etc.

b) a *dimensión de contido* da participación. Pareceunos de grande interese non limita-lo estudio da participación ós seus aspectos máis externos e superficiais. Foron incorporados ó estudio aqueles outros aspectos da participación que teñen máis que ver co desenvolvemento real da mesma: reunións que se fan, temas que se tratan nelas, nivel de participación dos diversos sectores implicados, etc.

## II.2 O periodo de tempo estudiado

No que se refire ó periodo temporal estudiado a concreción foi feita tomando en consideración os periodos naturais de funcionamento dos Órganos Institucionais estudiados e tamén os contidos concretos sobre os que se requería información. Así pois:

a) no que se refire ós procesos formais de elección dos Consellos Escolares estudiáronse as dúas últimas eleccións: a que tivo lugar no primeiro trimestre do curso 92-93 e a que acaba de ter lugar no mes de decembro de 1994.

A diferenciación deses dous procesos de constitución dos Consellos Escolares permitiunos compara-las circunstancias e o nivel de participación en ámbalas dúas ocasións así como identifica-la evolución producida dunha elección á outra.

b) no que se refire ó funcionamento dos Consellos o periodo estudiado é o que corresponde ós Consellos elixidos no ano 92. Parece obvio que non podíamos estudia-los Consellos de 1994 pois estando recentemente constituídos, e ó estar xustamente iniciando as súas actividades non hai datos dispoñíbles sobre o seu funcionamento.

c) no que se refire ó estudio dos claustro (foron estudiadas a súa estructura e o seu funcionamento) o periodo do estudio recolle os dous últimos cursos (1992-1994): é coincidente, polo tanto, co periodo estudiado do funcionamento dos Consellos.

d) no que se refire á elección dos directores/as estudiámo-las circunstancias dos actuais directores. No que se refire ós equipos directivos recóllense os datos referidos ó periodo 92-94 (igual que nos casos anteriores).

e) en relación ós órganos de coordinación estudiouse tamén o periodo 92-94.

f) polo que se refire ás APAs e Asociacións de alumnos/as analizouse o tema en xeral sen concretar límites temporais.

Os datos anteriores podémolos observar no seguinte cadro:

| | Curso 1992-93 | Curso 1993-94 | Curso 1994-95 |
|---|---|---|---|
| Consellos Elección | **SI** | — | SI |
| Consellos Funcionam. | **SI** | SI | NON |
| Claustros | **SI** | SI | NON |
| Director/a | — | — | **SI** |
| Equipo directivo | **SI** | SI | NON |
| Órganos coordinación | **SI** | SI | NON |
| APAs | — | — | **SI** |
| Asociación Alumnos/as | — | — | **SI** |

Como pode observarse no cadro o periodo estudiado coincide cos cursos anteriores ó actual salvo na elección dos Consellos Escolares acontecida no mes de decembro de 1994 e que tamén se recolleu nos datos.

A temática relacionada coas características dos directores/as e coas APAs e Asociacións de alumnos/as foron estudiadas en xeral, sen tomar como referencia un periodo de tempo concreto.

### II.3 Instrumentos de recollida de información

A realización do traballo tiña como propósito acadar datos e informacións tanto de tipo obxectivo como subxectivo.

En coherencia co devandito obxectivo os instrumentos utilizados na enquisa foron fundamentalmente dous:

-O **cuestionario**

-A **entrevista**

O CUESTIONARIO (vide Anexo 2) consta de 8 apartados que se corresponden cos ámbitos de participación incluídos no estudio:

A) PRESENTACIÓN do cuestionario e datos de identificación dos Centros.

B) O CONSELLO ESCOLAR.

Neste apartado intentábase recoller datos sobre composición, elección e funcionamento dos Consellos Escolares de Centro. Con ese obxectivo o apartado estaba constituído, á súa vez, por outros catro subapartados:

**b.1 Composición por sectores**

**b.2 Datos sobre a elección de Dec. 92**

**b.3 Datos sobre a elección de Dec. 94**

**b.4 Datos sobre o funcionamento**[1] **dos Consellos Escolares durante os cursos 92-93 e 93-94.**

C) O CLAUSTRO

Con respecto ó Claustro non cabe analiza-los procesos de elección nin prestar especial atención ós seus compoñentes pois tódolos profesores/-as forman parte deste

1. No funcionamento deste Órgano colexiado inclúense os seguintes aspectos: reunións convocadas, tipo de convocatoria, días de celebración, lugar e momento da celebración. nº de asistentes, temas tratados, nivel de intervención por sectores, duración das reunións, acordos máis importantes, asistencia por sectores e Comisións do Consello.

órgano colexiado. Así pois as cuestións céntranse no funcionamento do Claustro. No apartado recóllese información sobre os seguintes puntos:

**c.1 Reunións do Claustro: nº de reunións, periodicidade, tipo de convocatoria, día e hora, lugar, nº de asistentes, temas tratados.**

**c.2 Nivel de intervención por sectores[2].**

**c.3 Duración media das sesións do Claustro.**

**c.4 Acordos máis importantes.**

**c.5 Comisións do Claustro.**

D) OS EQUIPOS DIRECTIVOS

Dos equipos directivos interesábanos recoller informacións sobre dous apectos ben diferenciados: a figura do Director/-a e a forma como chegou a selo (se por elección ou nomeamento directo) e o Equipo Directivo. Así pois o apartado está dividido en dúas partes:

**d.1 Elección do Director/a: tipo de elección, sexo, idade e anos no cargo.**

**-No caso de Elección: nº de candidaturas, tipo de presentación (equipo, programa), contidos do programa.**

**-No caso de designación: criterios da designación.**

**d.2 Equipos Directivos:**

**-compoñentes**

**-distribución de responsabilidades**

**-nº de reunións e temas tratados**

**-constancia formal dos acordos acadados nas reunións.**

E) ÓRGANOS DE COORDINACION

Neste apartado incluímos todo aquel conxunto de instancias (unipersonais ou colexiadas) que participan na coordinación das actividades formativas dos Centros escolares: coordinadores, Comisións, Estructuras Organizativas tipo Seminario ou Departamento. Todas elas constitúen escenarios de participación.

Recóllense informacións referidas a:

2. Diferéncianse as intervención dos seguintes catro sectores: 1) Director/a, 2) Outros/as membros do equipo directivo, 3)Coordinadores/as e Xefes/as de Seminario, 4) Profesores/as en xeral.

**-Órganos existentes.**

**-Tipo de estructuras de coordinación: coordinador/a; Comisións, Departamento, etc.**

F) ASOCIACIÓNS DE PAIS/NAIS

A participación dos pais/nais no Consello Escolar vén recollida noutra parte do cuestionario. Neste apartado o obxectivo a estudiar son as modalidades de asociación dos pais/nais sexa cal sexa o nivel e o ámbito no que se proxecte a participación.

Con respecto ás Asociacións de pais/nais parecía claro que a atención principal debía dirixirse ás APAs aínda que complementado esa perspectiva cos datos dos outros sistemas de participación dos pais/nais.

Así pois o cuestionario inclúe neste apartado dous tipos de contidos:

**f.1 As APAs: nº, censo de afiliados, cotas, Estatutos, Compoñentes Xunta Directiva, distribución de funcións, Comisións, nº de reunións da directiva e da Asemblea, temas tratados, acordos.**

**f.2 Outro tipo de Asociaciacións ou sistemas de representación dos pais.**

G) OUTRAS ASOCIACIÓNS

Neste apartado pretendíase recoller información sobre calquera outro tipo de Asociación ou grupo formalmente constituído existente no Centro Escolar ou ben vinculado ó mesmo.

**O nome e as actividades desenvolvidas por cada unha desas Asociacións era o que se recollía no apartado.**

H) ASOCIACIÓNS DE ALUMNOS

A participación dos alumnos/-as nos Consellos Escolares ven reseñada no punto correspondente a aquel Órgano colexialo.

Neste apartado o que se pretende recoller son as outras modalidades e ámbitos de participación dos alumnos. Fundamentalmente a enquisa céntrase en dous aspectos:

**h.1 A figura dos delegados de clase: se existe e como son elixidos.**

**h.2 As asociacións de estudiantes existentes no Centro Escolar: características, funcións, tipo de vinculación ó Centro, actividades que desenvolven.**

No seu conxunto o cuestionario inclúe ó redor de 250 preguntas, algunhas delas abertas. A cantidade de información suministrada é, pois, moi abundante.

A ENTREVISTA foi programada para ser levada a cabo nuns poucos Centros seleccionados (véxase o apartado dedicado a mostra). Con ela pretendíase chegar a penetrar máis en profundidade na dinámica na que se desenvolve en cada Centro Escolar a participación, os problemas que se afrontan, a percepción que teñen os responsables (fundamentalmente os equipos directivos) sobre o actual sistema de participación e os seus puntos fortes e débiles.

Metodoloxicamente a entrevista utilizada posúe as características das entrevistas *semiestructuradas* e *abertas* (Patton 1980[3]). Este tipo de entrevistas desenvólvense cun guión construído sobre tópicos máis que sobre preguntas específicas. Cada tópico reflexa un punto informativo clave. Sen importar-la orde nin a forma de presentación das preguntas, o importante é obter información clara e analizable de cada un dos puntos recollidos no guión.

A estructura da entrevista utilizada (véase anexo nº 3) é similar á do cuestionario. No fondo coa entrevista perseguíase ter unha dimensión máis cualitativa dos datos obxectivos que se recollían no cuestionario.

A entrevista constaba de cinco apartados:

1- CONSELLO ESCOLAR: onde se preguntaba polas convocatorias do Consello, o nivel de asistencia ó mesmo, o nivel de intervencións dos diferentes sectores, etc. Todos estes datos figuraban tamén no Cuestionario.

Á parte da versión subxectiva deses datos obxectivos, a entrevista recolle neste apartado outras dimensións máis cualitativas do Consello: nivel de *conflictividade* , *estilo de funcionamento* (directividade, formalización, intereses enfrontados, pasotismos, etc.), *forma de chegar ós acordos*, etc.

2- CLAUSTRO DE PROFESORES/-AS.

Tamén no apartado do Claustro se entra en cuestións parellas ás recollidas no cuestionario: tipo de convocatorias, frecuencia das mesmas, nivel de asistencia, acordos acadados, etc.

No que se refire ós aspectos cualitativos, pregúntase sobre o nivel de *planificación* das reunións, *conflictividade* , *estilo* de funcionamento, etc.

3- EQUIPO DIRECTIVO

Neste caso os datos son maioritariamente cualitativos: cómo se constituíron como equipo, se presentaron un programa, cal é o estilo de traballo entre eles, se están satisfeitos de como funcionan como equipo e de como funciona o Centro, etc.

E ademais algunhas preguntas complementarias das do cuestionario: nº de reunións, temas que tratan nelas, forma de acada-los acordos, etc.

4- ASOCIACIÓNS DE PAIS/NAIS

3. Patton, Q. (1980) : *Qualitative Evaluation Methods.* Sage. Beverly Hills, Cal.

As cuestións que entran neste apartado teñen que ver coa dinámica de funcionamento habitual das APAs nos Centros nos que están ubicadas: nivel de participación real dos pais/nais, implicación das APAs na vida do Centro, estilo de funcionamento interno, relacións co equipo directivo, etc.

5- ASOCIACIÓNS DE ALUMNOS/-AS

En relación ós alumnos/-as séguese unha estructura similar á do cuestionario con dous temas base: Delegados de curso (se existen, se hai moitos cadidatos/as, se presentan programa, que tipo de competencias teñen encomendadas e como as exercen de feito) e Asociacionismo en xeral dos alumnos/-as (se existen outras asociacións, que estructura teñen, que nº de alumnos/-as forman parte delas, qué aportan á vida dos Centros).

A grande hipertrofia habida nos datos do cuestionario impidiu que nesta ocasión puideramos entrar a analizar detidamente os datos das entrevistas realizadas. Nas conclusións e comentarios feitos en relación ós resultados recollidos nos cuestionarios figura algo da información obtida nas entrevistas.

Pero, en realidade non podemos dicir, que lles tiraramos todo o partido que metodoloxicamente permiten. Por un lado, a información suministrada polas entrevistas era, na súa maior parte, redundante coa obtida polos cuestionarios. Por outra banda, os informantes nas entrevistas foron sempre os directores/as dos Centros estudiados o que esixiría unha ampliación dos informantes que permitise equilibrar un pouco máis as perspectivas da información a utilizar. Por esas razóns, unidas á falta de tempo, preferimos non entrar, polo de agora, na análise pormenorizada das entrevistas.

O enorme caudal de información acadada por ese medio queda a expensas de que a investigación sobre a participación poida continuar noutros anos e que se tome a decisión de entrar a facer un tipo de análise máis cualitativo da mesma.

## II.4 Características da mostra

No proxecto do estudio entregado no seu día ó Consello Escolar de Galicia e aprobado por este dicise explicitamente que o obxecto de estudio é o seguinte:

*"Preténdese facer un estudio dos niveis de participación institucional por* ***sectores*** *(profesores/as, pais/nais e alumnos/as) e por* ***ámbitos*** *de participación (Consello Escolar, Claustro e Equipos Directivos) nos diferentes* ***segmentos*** *do Sistema Educativo de Galicia (Centros públicos e privados non universitarios".*

Sobre a base desta proposta inicial tense deseñado a mostra tal como se recolle tamén no mencionado proxecto:

*"A estimación inicial é traballar cun promedio de 150 Centros Educativos de máis de tres Unidades cunha representación proporcional de* ***provincias*** *(as 4),* ***niveis educativos*** *(Infantil, Primaria-EXB, Bacharalato - ESO, e Formación Profesional),* ***sectores*** *(público e privado, concertado e non concertado) e* ***ubicación*** *dos Centros (cidades, vilas e zonas rurais).*

Sobre esta base determinouse, nun primeiro momento da investigación, a mostra de Centros a estudiar. O equipo de investigación considerou interesante engadir, a maiores, as categorías de "tamaño" dos Centros, "distrito escolar" e "ubicación 2" (costa, interior). Desta forma o cadro de variables independentes consideradas foi o seguinte:

1- PROVINCIAS (4): Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra.

2- DISTRITOS EDUCATIVOS (47): seguindo a comarcalización oficial e tomando en consideración tanto a densidade demográfica como a densidade educativa.

3- NIVEIS EDUCATIVOS (9): introducindo as diversas combinacións que se producen na actualidade.

| | | |
|---|---|---|
| A= Infantil | D= ESO | G= Infantil + Primaria + EXB |
| B= Primaria- EXB | E= FP | H= Infantil + Primaria+ Bacharelato |
| C= Bacharelato | F= IESP | I= Outros |

4- TITULARIDADE (2): Centros Públicos e Centros Privados.

Inicialmente traballouse con tres alternativas: considerando tamén a de Centros Privados Concertados. Pero a "concertación" dificultaba enormemente a claridade dos datos pois moitos Centros teñen concertada unha parte da súa actividade pero non teñen concertadas outras.

Finalmente decidímonos por considera-los Centros en dous grupos segundo fosen públicos ou privados.

5- TAMAÑO DOS CENTROS (4) segundo as unidades existentes no Centro:

a)- menos de 8 (centro pequeno)

b)- entre 8 e 16 unidades (centro mediano baixo)

c) entre 17 e 23 unidades (centro mediano alto)

d) máis de 23 unidades (centro grande)

6- UBICACIÓN XEOGRÁFICA 1 (3) segundo o tamaño do asentamento poblacional:

a) Rural (Centros ubicados en aldeas ou pobos pequenos)

b) Urbano (Centros ubicados nas sete grandes cidades galegas)

c) Semiurbano (Centros ubicados nas vilas)

7- UBICACIÓN XEOGRÁFICA 2 (2) segundo as características do eido sociocultural:

a) Costa (Centros escolares ubicados na costa)

b) Interior (Centros fóra do litoral)

Estas sete variables serviron para facer de analizadores dos datos recollidos nos cuestionarios e entrevistas. De todos eles, os que utilizamos dun xeito máis constante, xa que representan aspectos que hipoteticamente modifican as condicións da participación, foron os de NIVEL EDUCATIVO, TAMAÑO DE CENTRO, TITULARIDADE e UBICACIÓN XEOGRÁFICA 1.

As outras variables aparecerán de vez en cando nas análises pero aportan menos información cós mencionados anteriormente e por iso mesmo quedou restrinxido o seu uso neste informe previo[4].

## Mostra teórica

Do cruce de todos estes aspectos saíu a *mostra teórica* do estudio que estaba composta por 193 Centros escolares seleccionados ó azar. A distribución destes Centros foi a seguinte:

| Nivel educativo | A CORUÑA | | LUGO | | OURENSE | | PONTEVEDRA | | TOTAIS | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | públ. | priv. | públ | priv. | públ | priv. | públ | priv. | públ | priv. |
| Inf./EXB | 28 | 12 | 14 | 5 | 28 | 12 | 25 | 10 | 79 | 32 |
| BUP-COU | 11 | 4 | 4 | 1 | 11 | 4 | 10 | 3 | 29 | 9 |
| FP | 8 | 3 | 5 | 0 | 8 | 3 | 7 | 4 | 24 | 8 |
| IESP | 4 | — | 2 | — | 4 | — | 4 | — | 12 | — |
| Totais | 51 | 19 | 25 | 6 | 51 | 19 | 46 | 17 | 144 | 49 |

Número de Centros a estudiar..........................................: 193

## Mostra real

A recollida de información planificouse cunha dobre metodoloxía:

4. En calquera caso, se algún membro do Consello Escolar de Galicia estivese interesado en datos específicos dalgún dos aspectos analizados en función dalgunha das variables non analizadas (distrito educativo, provincia, ou ubicación) estaremos encantados de proporcionarllo. Todos eses datos están no noso poder. As 250 cuestións presentadas ós Centros témo-las cruzadas por todas estas 7 variables de entrada. Se non se presentan os datos é xustamente por facilita-la lectura do informe e por reduci-los datos a unha cantidade e extensión manexable por todos.

-*resposta supervisada:* a intervención directa dos membros do equipo investigador (para garantir que se atendía a nosa solicitude e se respondían os cuestionarios). Esa intervención podería ser telefónica ou persoal, se fose preciso. Tódolos Centros da mostra recibirían o cuestionario pedíndoselles que o respondesen o máis rápido posible.

-*visita:* unha pequena parte dos Centros da mostra (60 Centros) recibirían, a maiores, a visita dun membro do equipo investigador para entrevistar ó equipo directivo e recoller in situ os datos do cuestionario e a entrevista.

Ademais dos cuestionarios enviados ós Centros escolares da mostra, enviouse o cuestionario a TÓDOLOS Centros Educativos de Galicia.

Desta forma, garantindo a presencia dos Centros da mostra, abrimos ademais a posibilidade de que respondesen tódolos Centros Escolares fose cal fose a súa ubicación, nivel educativo, tamaño ou titularidade.

En tódolos casos o cuestionario ía acompañado dunha carta da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e outra do ICE animando ós Centros a contestar á enquisa e significando o interese do traballo de cara ó mellor coñecemento do funcionamento da participación en Galicia.

A resposta dos Centros sen chegar a ser masiva foi moi estimulante. Recibíronse 397 respostas no tempo habilitado para tal efecto (de xaneiro a finais de febreiro). E unha vez pechado o periodo de recepción, por mor de analiza-los datos e elabora-lo informe, aínda continuaron chegando novas respostas ata facer un total de 511 Centros**.**

Os Centros estudiados son 397[5]. As respostas recibidas con posterioridade 114 quedan a expensas dunha segunda volta de análise da participación. O listado total de Centros figura no anexo nº 4.

A distribución dos Centros estudiados, en función dos criterios establecidos para o estudio foi a seguinte:

## <u>CARACTERÍSTICAS XERAIS DOS CENTROS ESTUDIADOS</u>

### PROVINCIA

5. Nas táboas poden aparecer números totais inferiores a 397 (número total de Centros estudiados) pois non tódolos centros contestaron a tódalas cuestións, e mesmo algunhas respostas foron anuladas por erróneas.
As porcentaxes que figuran nas táboas están calculadas sobre o número de respostas a esa cuestión e non sobre o total de Centros da mostra.

O reparto dos Centros da mostra entre as provincias resulta coherente co peso de cada unha delas no conxunto das institucións educativas galegas.

Cadro nº 275: Centros estudiados na mostra segundo a provincia á que pertencen

| | N | % |
|---|---|---|
| A Coruña | 141 | 35.5 |
| Lugo | 77 | 19.4 |
| Ourense | 64 | 16.1 |
| Pontevedra | 115 | 29.0 |
| Total | 397 | 100 |

Na selección inicial dos Centros para o estudio da participación tívose en conta o criterio do **distrito educativo**, de xeito tal que houbese Centros dos 47 distritos educativos de Galicia. No conxunto total das respostas recibidas tódolos distritos educativos de Galicia teñen presencia neste estudio.

Nese senso a provincia da Coruña é a que adquire un maior peso, en segundo lugar Pontevedra, seguidas de Lugo e Ourense.

## NIVEL EDUCATIVO

A distribución dos Centros estudiados segundo o nivel educativo reflexa a grande variedade de situacións existentes na actualidade.

A maior porcentaxe correspóndese cos Centros de Infantil, Primaria, EXB, cun valor absoluto (299 Centros) que resulta representativo do conxunto dos Centros galegos. En segundo lugar podemos considera-los Centros de Secundaria cun menor número de respostas. Sumadas as diferentes situacións institucionais posibles nese tramo escolar (Bacharelato, ESO, FP, IESP e Centros privados que inclúen tódalas etapas) temos un total de 90 Centros de Secundaria.

O número de Centros estudiados en cada provincia, distribuidos segundo o seu nivel educativo, refléxase no cadro seguinte.

Cadro nº 276: Distribución por provincias e nivel educativo dos Centros estudiados

| | A | B | C | D | E | F | G | H | I |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| A Coruña | 1 | 6 | 14 | 1 | 11 | 4 | 87 | 10 | 9 |
| Lugo | 0 | 4 | 6 | 0 | 2 | 4 | 53 | 3 | 5 |

| | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Ourense | 0 | 1 | 8 | 0 | 5 | 2 | 42 | 2 | 3 |
| Pontevedra | 1 | 7 | 8 | 0 | 5 | 0 | 79 | 5 | 9 |
| Total | 2 | 18 | 36 | 1 | 23 | 10 | 261 | 20 | 24 |
| % | 0,5 | 4,6 | 9,1 | 0,3 | 5,8 | 2,5 | 66,1 | 5,1 | 66,1 |

A= Infantil
B= Primaria- EXB
C= Bacharelato
D= ESO
E= FP
F= IESP
G= Infantil + Primaria + EXB
H= Infantil + Primaria+ Bacharelato
I= Outros

Á vista do cadro podemos observar que están mellor representados na mostra estudiada os Centros de Primaria que os Centros de Secundaria, aspecto este que será importante ter en consideración á hora de analiza-los datos globais de participación.

## TITULARIDADE

A maior presencia dos Centros públicos neste estudio é coherente coa importancia que a participación ten nas institucións desta titularidade, non obstante, é tamén considerable o número de Centros privados (no que se inclúen tanto os privados coma os privados concertados) presentes nos resultados.

Cadro nº 277: Distribución por provincias dos Centros estudiados tendo en conta a súa titularidade

| | A CORUÑA | | LUGO | | OURENSE | | PONTEVEDRA | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | N Total | % | N Total | % | N Total | % | N Total | % | N Total | % |
| Público | 116 | 29,6 | 67 | 17,1 | 54 | 13,8 | 85 | 21,7 | 322 | 82,3 |
| Privado | 23 | 5,8 | 10 | 2,5 | 9 | 2,3 | 27 | 6,9 | 69 | 17,6 |

Vemos que están mellor representados os Centros públicos cós privados Dentro destes últimos non se fixo unha diferenciación expresa entre Centros concertados e non concentrados pola dificultade que supón o feito de que moitos deles son en parte concertados (nos niveis que se corresponden co ensino obrigatorio: EXB ou primaria) e non o son nos niveis da secundaria por ese motivo decidiúse agrupar conxuntamente a tódolos Centros privados e manter como únicas categorías as de Centros públicos versus Centros privados.

Cadro nº 278: Distribución dos Centros segundo a súa titularidade e nivel educativo

| | A | B | C | D | E | F | G | H | I |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Público | 1 | 16 | 34 | 1 | 20 | 10 | 217 | 4 | 18 |
| Privado | 0 | 2 | 2 | 0 | 3 | 0 | 41 | 16 | 5 |
| Total | 1 | 18 | 36 | 1 | 23 | 10 | 258 | 20 | 23 |
| % | 0,3 | 4,6 | 9,2 | 0,3 | 5,9 | 2,6 | 66 | 5,1 | 5,9 |

A= Infantil
B= Primaria- EXB
C= Bacharelato
D= ESO
E= FP
F= IESP
G= Infantil + Primaria + EXB
H= Infantil + Primaria+ Bacharelato
I= Outros

## TAMAÑO

A consideración do tamaño dos Centros constitúe un aspecto moi relevante á hora de estudia-la participación. Tanto as características estructurais dos órganos e ámbitos de participación, como a dinámica de funcionamento dos mesmos varía notablemente segundo se trate de Centros pequenos, medianos ou grandes.

A clasificación dos Centros estudiados polo seu tamaño está feita seguindo o criterio das unidades existentes no centro. Consideramos Centros pequenos aqueles con menos de oito unidades (un ou menos de un grupo por curso), Centros medianos aqueles que teñen entre oito e vintetrés unidades (entre un e dous grupos por curso). O grupo dos Centros medianos está dividido en dous segundo vaian de oito a quince unidades (menos de dous grupos por curso) ou de dezaseis a vintetrés unidades (menos de tres grupos por curso). Consideramos Centros grandes a aqueles que teñen máis de vintetrés unidades (tres ou máis grupos por curso).

Cadro nº 279: Tamaño dos Centros estudiados

| | Nº de CENTROS | % |
|---|---|---|
| Ata 8 Unidades | 17 | 4,4 |
| De 8 a 15 Unidades | 146 | 37,5 |
| De 16 a 23 Unidades | 127 | 32,6 |
| Máis de 23 Unidades | 99 | 25,4 |

Como pode observarse no cadro predominan obviamente os Centros, medianos pois son os máis numerosos en Galicia.

Non se consideraron os Centros con menos de oito unidades (unitarias, escolas infantís, colexios rurais agrupados, etc.) polas súas especiais características organizativas (non existe Consello Escolar, non hai equipos directivos, etc. que fan varia-las modalidades de participación).

UBICACIÓN XEOGRÁFICA 1

A clasificación dos Centros segundo a súa ubicación xeográfica foi feita seguindo o criterio de distinción entre o *rural* (Centros situados en aldeas e pobos pequenos), *urbano* (Centros ubicados nas sete grandes cidades galegas), e *semirural-semiurbano* (Centros ubicados nas vilas e pobos grandes).

Cadro nº 280: Ubicación xeográfica dos Centros da mostra

| | A CORUÑA | LUGO | OURENSE | PONTEVEDRA | TOTAIS |
|---|---|---|---|---|---|
| Rural | 37<br>(10%) | 28<br>(7,5%) | 19<br>(5%) | 30<br>(8%) | 114<br>(30%) |
| Urbano | 52<br>(13,5%) | 14<br>(3,7%) | 20<br>(5,3%) | 31<br>(8,2%) | 117<br>(30,8%) |
| Semi-rural-urbano<br>(vilas) | 52<br>(13,5) | 22<br>(5,6%) | 25<br>(6,5) | 49<br>(13%) | 148<br>(39%) |
| Total | 141 | 64 | 64 | 110 | 379 |
| % | 37 | 17 | 17 | 29 | |

Como se pode ve-la distribución entre os tres escenarios é bastante equilibrada. Obviamente, a meirande parte dos Centros rurais estudiados pertencen á rede pública: 106 Centros públicos fronte a só 5 da rede privada. Outro tanto acontece cos Centros situados en vilas e pobos grandes. A proporción de Centros públicos presentes na mostra é moi superior á dos Centros privados e privados concertados. No contexto urbano a proporción está máis equilibrada: 79 Centros da rede pública o carón de 38 da privada.

Cadro nº 281: Titularidade e ubicación dos Centros estudiados

| | RURAL | URBANO | SEMI-RURAL- URBANO |
|---|---|---|---|
| Público | 106 | 79 | 123 |
| Privado | 5 | 38 | 22 |
| N Total | 111 | 117 | 145 |
| % | 29,9 | 31,3 | 38,8 |

Cadro nº 282: Distribución dos Centros estudiados tomando en conta as provincias e a ubicación costa / interior.

| | CORUÑA | LUGO | OURENSE | PONTEVEDRA | TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|
| Costa | 90 | 11 | 0 | 79 | 180<br>47,8% |
| Interior | 49 | 53 | 64 | 30 | 196<br>52,1% |
| N Total | 139 | 64 | 64 | 109 | 376 |
| % | 37 | 17 | 17 | 29 | |

## II.5 Análise dos datos

O bloque de datos solicitados nos cuestionarios quedou organizado en 220 variables coa seguinte distribución:

1-8: variables descriptivas.

9-104: variables referidas ós Consellos Escolares

105-144: variables referidas ó Claustro

145-171: variables referidas ós Equipos Directivos

172-178: variables referidas ós Órganos de Coordinación

179-216: variables referidas ás APAs e outras asociacións

217-220: variables referidas á participación dos Alumnos/-as

Unha vez recollidos os cuestionarios (unha parte deles proviñan da actuación directa do equipo investigador mentres que a meirande parte foron chegando por correo) un equipo de colaboradores do proxecto dedicouse a face-la transcripción dos datos dos cuestionarios e preparalos para o seu tratamento informático.

Estes datos foron procesados informaticamente no Centro de Cálculo da Universidade de Santiago. O tratamente realizado foi simple, sendo o noso obxectivo chegar ó establecemento dunha panorámica xeral e descriptiva da situación máis que entrar en complicadas análises da relación entre as variables estudiadas.

Nese senso foron establecidas as seguintes saídas de datos:

A- Distribución xeral dos datos acadados: frecuencias, medias, desviación e porcentaxes dos datos.

B- Cruce de tódalas variables estudiadas polas variables descriptivas sinaladas anteriormente (Provincia, Distrito Escolar, Nivel Educativo, Tamaño dos Centros, Titularidade, Ubicación Xeográfica 1 e Unicación Xeográfica 2).

C- Estudio da relación entre variables paralelas correspondentes ás eleccións habidas en 1992 e 1994 (en relación ó Consello Escolar).

D- Cruce dos resultados obtidos no punto anterior (C) polas variables descrpitivas.

Como pode entenderse a acumulación de información foi enorme[6]. Son moitas variables a analizar e moita cantidade de datos a cruzar. Obviamente, os datos obtidos do tratamento informático foron novamente reestructurados e, nalgúns casos, recalculados, polo equipo de investigación de cara á configuración dos cadros que se inclúen no informe.

Deste xeito estivemos en condicións de poder face-las análises seguintes:

1- En base ós datos da saída A pódese establece-la situación xeral dos Centros Escolares galegos en relación a cada un dos aspectos analizados: que nº e porcentaxe de Centros está en cada unha das situacións recollidas no cuestionario.

2- En base ós datos da saída B pódese establece-la situación diferencial dos Centros Galegos en funcións da súa pertenza a unha ou outra das categorías descriptivas utilizadas (Provincia, Distrito Escolar, Nivel Educativo, Tamaño dos Centros, Titularidade, Ubicación Xeográfica 1 e Ubicación Xeográfica 2).

3-En base ós datos da saída C poidemos establece-la relación existente entre as eleccións de 1994 e as anteriores de 1992: cómo evolucionaron as situacións no que se refire á elección dos Consellos Escolares.

4- En base ós datos da saída D puidemos completa-la análise sinalada no punto anterior (punto 3) establecendo a antedita evolución de 1992 a 1994 en función das características dos Centros escolares estudiados (Provincia, Distrito Escolar, Nivel Educativo, Tamaño dos Centros, Titularidade, Ubicación Xeográfica 1 e Ubicación Xeográfica 2).

Eses datos están presentados en cadros de fácil comprensión. A análise obxectiva dos datos fíxose sempre sobre a base dos cadros nos que se recollen os datos dos cuestionarios. Nos comentarios finais de cada capítulo incorpóranse tamén algunhas consideracións extraídas das entrevistas.

**Resulta importante suliñar aquí que a unidade de análise é sempre o Centro Escolar. Os cadros están construídos sobre esa base: fálese do tema que se fale os**

6. As saídas de ordenador chegaron a pesar máis de 60 quilos de papel con varios millóns de datos.

**números que recollen os cadros refírense sempre ós Centros.** Os datos veñen tanto en números reais como en porcentaxes para facilita-la súa lectura. Sempre que non se di o contrario ou que non se especifica co correspondente signo (%) os números son reais.

En resumo, o presente informe aporta unha análise sinxela dos datos acadados. Fixemos prevalece-lo obxectivo social do informe sobre outros enfoques de investigación que poderían levarnos á busca dun estudio máis sofisticado da situación (pero por iso mesmo menos comprensible e máis reservados a especialistas).

## II.6 A estructura do informe

O presente informe esta concebido como unha resposta á pregunta xeral enunciada polo Consello Escolar de Galicia: *¿Como funciona a participación nas escolas galegas?*.

Como xa se sinalaba no proxecto presentado no seu día a mencionada pregunta esixe una resposta a varios niveis:

- de forma que se sitúe a participación nos diversos ámbitos nos que está previsto que se produza: Consellos, Claustros, etc...

- de forma que se tome en consideración tanto o marco legal no que basea a participicación (o *deber ser* ) como a situación real na que produce de feito (*cómo son as cousas*).

- de forma que se atenda ó que é a problemática xeral da participación en cada un dos ámbitos estudiados e ó que se refire á situación concreta en Galicia.

- de forma que se integre ó que é unha visión máis neutra e obxectiva da situación (baseada nos datos exactos dispoñibles) unha perspectiva máis cualitativa (baseada nas estimacións ou lecturas que o equipo investigador fai dos datos presentados).

Esa condición de polivalencia é a que está presente na estructura e nos contidos do Informe que presentamos ó Consello Escolar de Galicia.

No Informe recóllese unha primeira sección que trata de dar unha visión xeral da *participación nas escolas***.** Nesa sección inclúense tres apartados. O primeiro é máis conceptual e analiza o sentido da participación. No segundo faise un percorrido pola problemática xeral que presenta a participación en cada un dos sectores implicados nela: profesores/-as, pais/nais, alumnos/-as, persoal da Admón. e Servicios e Concellos. E finalmente inclúese un apartado referido á situación en Europa: analízase o enfoque que se ten dado á participación en catro países emblemáticos: Alemaña, Inglaterra, Francia e Italia.

Nos capítulos centrais do Informe vanse presentando os datos relativos a cada un dos ámbitos de participación estudiados: Consellos Escolares, Claustros, Equipos Directivos,

Órganos de coordinación, Asociacións de pais/nais, e Asociacións de Alumnos/as. En cada un deses capítulos seguimos unha estructura similar:

a) preséntase primeiro o marco legal que define a participación nese ámbito e establece as condicións formais nas que se debe desenvolver.

b) faise a continuación unha sucinta enumeración da problemática principal que afecta á participación nese ámbito. Estas consideracións están baseadas principalmente na literatura especializada sobre o tema e en estudios feitos ó respecto.

c) tras esa revisión máis xenérica do tema da participación en cada ámbito, preséntanse os datos sobre a situación en Galicia. **Parece xusto lembrar aquí que os datos presentados refírense sempre ós 397 Centros escolares estudiados**. Cada un dos cadros (ou cada grupo deles cando están referidos ó mesmo asunto) é comentado para destaca-los aspectos máis salientables dos datos.

d) finalmente faise unha consideración final, a modo de conclusión, que tenta de facer unha valoración xeral dos datos obtidos en cada un dos capítulos.

Tanto nos comentarios ós cadros como nas consideracións finais que seguen a cada capítulo introdúcense algunhas consideracións estimativas do equipo investigador. Pareceunos máis interesante incorporar certos comentarios que deixa-los datos fríos e pelados. Os comentarios non son conclusións no sentido estricto do termo e non se derivan de xeito directo e indiscutible dos datos. Trátase máis ben de interpretacións e poden, xa que logo, ser discutidas por quen non concorde coa letura feita dos datos.

O Consello Escolar de Galicia saberá entende-la diferente natureza dos datos e diferenciar adecuadamente entre os **datos en si** (que son os que son, aínda que como dixemos noutro punto, poderían variar lixeiramente de varia-los Centros participantes) tal como aparecen nos cadros e as **interpretacións** que fai o equipo investigador que se xustifican neses datos pero que non son as únicas posibles (outras interpretacións, sempre que estivesen igualmente xustificadas nos datos dispoñibles, serían tamén válidas).

# ANEXO 1: Índice de Cadros

# ÍNDICE DE CADROS

## A participación nos Consellos Escolares

Cadro nº 1: Porcentaxe da participación por sector e nivel educativo nas dúas últimas eleccións do Territorio MEC.

Cadro nº 2: Censo de profesores/-as en función do tamaño dos Centros estudiados

Cadro nº 3: Profesores/-as candidatos/-as para a elección ó Consello Escolar

Cadro nº 4: Número de candidatos/-as segundo o nivel educativo do Centro

Cadro nº 5: Número de profesores/-as candidatos/-as segundo o tamaño dos Centros

Cadro nº 6: Número de profesores/-as candidatos/-as segundo a ubicación xeográfica dos Centros

Cadro nº 7: Número de profesores/-as elixidos de entre os candidatos/-as presentados

Cadro nº 8: Número de profesores/-as votantes nas eleccións para o Consello Escolar en 1992 e 1994

Cadro nº 9: Número de profesores/-as votantes segundo o nivel educativo do Centro

Cadro nº 10: Cupo de profesores/-as no Consello Escolar segundo o nivel educativo do Centro

Cadro nº 11: Cupo de profesores/-as candidatos/-as segundo a titularidade do Centro

Cadro nº 12: Censo de pais/nais en función do tamaño dos Centros estudiados

Cadro nº 13: Número de pais/nais candidatos/-as segundo o tamaño do Centro

Cadro nº 14: Proporción de candidatos/-as dos pais/nais nas dúas convocatorias

Cadro nº 15: Número de pais/nais votados/-as para representantes no Consello Escolar

Cadro nº 16: Número de pais/nais elixidos/-as nas dúas convocatorias

Cadro nº 17: Número de pais/nais votantes para a elección dos seus representantes no Consello Escolar

Cadro nº 18: Porcentaxe de pais/nais votantes para a elección dos seus representantes no Consello Escolar

Cadro nº 19: Cupo de pais/nais no Consello Escolar

Cadro nº 20: Cupo de pais/nais segundo o nivel educativo do Centro

Cadro nº 21: Cupo de pais/nais en función do tamaño do Centro

Cadro nº 22: Cupo de pais/nais en función da titularidade do Centro

Cadro nº 23: Cupo de pais/nais en función da ubicación xeográfica do Centro

Cadro nº 24: Pais/nais pertencentes á APA

Cadro nº 25: Censo de alumnos/-as nos Centros estudiados

Cadro nº 26: Número de alumnos/-as candidatos/-as para o Consello Escolar

Cadro nº 27: Alumnos/-as candidatos/-as en relación cos niveis educativos

Cadro nº 28: Alumnos/-as candidatos/-as en relación co tamaño do Centro

Cadro nº 29: Alumnos/-as candidatos/-as en relación coa titularidade do Centro educativo

Cadro nº 30: Alumnos/-as elixidos/-as en relación ós candidatos presentados

Cadro nº 31: Porcentaxe de alumnos/-as votantes

Cadro nº 32: Cupo de alumnos/-as no Consello Escolar

Cadro nº 33: Cupo de alumnos/-as no Consello Escolar en función da ubicación xeográfica

Cadro nº 34: Alumnos/-as representantes no Consello Escolar que pertencen a asociacións

Cadro nº 35: Alumnos/-as que pertencen a asociacións en función do nivel educativo do Centro

Cadro nº 36: Alumnos/-as que pertencen a asociacións en función da titularidade do Centro

Cadro nº 37: Censo do persoal de Admón.. e Servicios nos Centros estudiados

Cadro nº 38: Censo do persoal de Admón.. e Servicios en función do tamaño dos Centros

Cadro nª 39: Censo do persoal de Admón.. e Servicios en función da titularidade dos Centros

Cadro nº 40: Candidatos/-as do persoal de Admón.. e Servicios nos Centros estudiados

Cadro nº 41: Votantes do Admón.. e Servicios nos Centros estudiados

Cadro nº 42: Cupo do persoal de Admón.. e Servicios nos Centros estudiados

Cadro nº 43: Cupo incompleto do persoal da Admón. e Servicios segundo os niveis educativos

Cadro nº 44: Cupo incompleto do persoal da Admón. e Servicios segundo a titularidade do Centro

Cadro nº 45: Cupo incompleto do persoal da Admón. e Servicios en canto ó tamaño do Centro

Cadro nº 46: Cupo incompleto do persoal da Admón. e Servicios respecto á ubicación xeográfica:

Cadro nº 47: Existe representante do Concello

Cadro nº 48: Existencia do representante do Concello considerando o nivel educativo do Centro

Cadro nº 49: Existencia do representante do Concello segundo a ubicación xeográfica

Cadro nº 50: Nivel de asistencia dos representantes do Concello ás reunións do Consello Escolar

Cadro nº 51: Número de reunións do Consello Escolar

Cadro nº 52: Periodicidade con que teñen lugar as reunións

Cadro nº 53: Periodicidade das reunións segundo os niveis educativos que posúe o Centro

Cadro nº 54: Periodicidade de reunións segundo a titularidade

Cadro nº 55: Número de convocatorias ordinarias e extraordinarias do Consello Escolar

Cadro nº 56: Motivo das convocatorias extraordinarias

Cadro nº 57: Motivo das convocatorias extraordinarias en función da titularidade do Centro

Cadro nº 58: Día de reunión do Consello Escolar

Cadro nº 59: Día de reunión do Consello Escolar segundo a titularidade dos Centros educativos

Cadro nº 60: Momento habitual de reunión

Cadro nº 61: Momento da reunión segundo os niveis educativos que posúe o Centro

Cadro nº 62: Momento da reunión segundo a ubicación xeográfica

Cadro nº 63: Lugar habitual de reunión

Cadro nº 64: Nº de asistentes ás reunións do Consello Escolar

Cadro nº 65: Asistencia ás reunións do Consello Escolar

Cadro nº 66: Asistencia ás reunións en función do tamaño do Centro:

Cadro nº 67: Asistencia ás reunións segundo a ubicación xeográfica

Cadro nº 68: Asistencia ás reunións do Consello segundo a titularidade do Centro

Cadro nº 69: Asistencia do director/-a ás sesións do Consello Escolar

Cadro nº 70: Asistencia doutros membros do equipo directivo ás sesións do Consello Escolar

Cadro nº 71: Asistencia dos profesores/-as ás sesións do Consello Escolar

Cadro nº 72: Asistencia dos pais/nais ás sesións do Consello Escolar

Cadro nº 73: Asistencia dos alumnos ás sesións do Consello Escolar

Cadro nº 74: Asistencia do representante da Admón. e Servicios ás sesións do Consello escolar

Cadro nº 75: Asistencia do representante do Concello ás sesións do Consello escolar

Cadro nº 76: Temática abordada nas reunións: O Proxecto Educativo

Cadro nº 77: Temática abordada nas reunións: A Programación Xeral Anual

Cadro nº 78: Temática abordada nas reunións: O Regulamento de Réxime Interior

Cadro nº 79: Temática abordada nas reunións: O Presuposto do Centro

Cadro nº 80: Temática abordada nas reunións: A Elección do director

Cadro nº 81: Temática abordada nas reunións: O Equipamento e as instalacións

Cadro nº 82: Temática abordada nas reunións: O Seguemento da actividade do Centro

Cadro nº 83: Temática abordada nas reunións: A Memoria Anual

Cadro nº 84: Temática abordada nas reunións: Relacións con outros Centros

Cadro nº 85: Temática abordada nas reunións: Proxectos de Innovación

Cadro nº 86: Temática abordada nas reunións: Admisión de alumnos

Cadro nº 87: Temática abordada nas reunións: Horarios

Cadro nº 88: Temática abordada nas reunións: Xornada Escolar

Cadro nº 89: Temática abordada nas reunións: Actividades Especiais

Cadro nº 90: Temática abordada nas reunións: Actividades Extraescolares

Cadro nº 91: Temática abordada nas reunións: Transporte

Cadro nº 92: Temática abordada nas reunións: Comedor

Cadro nº 93: Temática abordada nas reunións: Conflictos de disciplina

Cadro nº 94: Temática abordada nas reunións: Conflictos en xeral

Cadro nº 95: Temática abordada nas reunións: Selección de profesorado

Cadro nº 96: Temática abordada nas reunións: Baixas do profesorado

Cadro nº 97: Outros temas abordados nas reunións do Consello Escolar

Cadro nº 98: Resumo da temática abordada nas reunións do Consello Escolar

Cadro nº 99: Temas máis tratados nos Consellos Escolares estudiados

Cadro nº 100: Temas menos tratados no Consellos Escolares estudiados

Cadro nº 101: Intervencións do director/-a durante as sesións do Consello Escolar

Cadro nº 102: Intervencións doutros membros do equipo directivo durante as sesións do Consello Escolar

Cadro nº 103: Intervencións dos profesores/-as durante as sesións do Consello Escolar

Cadro nº 104: Intervencións dos pais/nais durante as sesións do Consello Escolar

Cadro nº 105: Intervencións dos alumnos/-as durante as sesións do Consello Escolar

Cadro nº 106: Intervencións do representante da Admón. e Servicios durante as sesións do Consello Escolar

Cadro nº 107: Intervencións do representante do Concello durante as sesións do Consello Escolar

Cadro nº 108: Duración media das sesións do Consello Escolar

Cadro nº 109: Acordos acadados en xeral

Cadro nº 110: Existen comisións no Consello Escolar

## A participación nos Claustros

Cadro nº 111: Nº de reunións do Claustro

Cadro nº 112: Periodicidade das reunións do Claustro

Cadro nº 113: Periodicidade das reunións do Claustro segundo os niveis educativos que posúe o Centro

Cadro nº 114: Periodicidade das reunións do Claustro segundo a titularidade do Centro

Cadro nº 115: Número de convocatorias ordinarias e extraordinarias do Claustro

Cadro nº 116: Motivo das convocatorias extraordinarias

Cadro nº 117: Motivo das convocatorias extraordinarias segundo a titularidade do Centro

Cadro nº 118: Día de reunión do Claustro

Cadro nº 119: Día de reunión do Claustro en función da titularidade do Centro

Cadro nº 120: Hora habitual de reunión do Claustro

Cadro nº 121: Momento de reunión do Claustro segundo os niveis educativos que posúen os Centros

Cadro nº 122: Momento de reunión do Claustro segundo a ubicación xeográfica

